
Informe sobre os impactos da Covid-19 na economía galega

Autores:

Juan José Ares Fernández

Alberto Meixide Vecino

20 de decembro de 2022



INSTITUTO DE ESTUDOS
E DESENVOLVEMENTO DE GALICIA
(IDEGA)

ÍNDICE

Resumo executivo e conclusións do Informe	5
<i>Mercado de traballo</i>	6
<i>A industria.....</i>	9
<i>Os servizos.....</i>	16
<i>O comercio externo galego na pandemia.....</i>	22
<i>Investimento Estranxeiro Directo (IED) recibido e emitido na pandemia</i>	26
<i>O Igape e Gain ante a pandemia</i>	27
Capítulo 1. Introducción.....	29
1.1. Perspectiva xeral	29
1.2. A economía galega durante a pandemia	34
Capítulo 2. Mercado de traballo	38
2.1. Trazos básicos.....	38
2.2. Poboación activa	40
2.3. Emprego	42
2.4. O emprego e os ERTES	48
2.5. Paro	50
2.6. Salarios e custos laborais	53
Capítulo 3. A industria en Galicia ante a crise da Covid-19.....	61
3.1. A produción.....	61
3.2. Cambios na demografía empresarial	64
3.3. Os prezos	65
3.4. Emprego, salarios e custos laborais	66
3.5. A percepción dos empresarios sobre o impacto da crise segundo a Enquisa de Conxuntura Industrial.....	68
3.6. A cifra de negocios e o emprego por divisións industriais (CNAE-2009)	69
3.7. Análise sectorial	72
3.7.1. O sector enerxético	72
3.7.2. Sector de alimentos e bebidas	73
3.7.2.1. A dimensión do sector en Galicia.....	73
3.7.2.2. O impacto da pandemia no sector alimentario español segundo os Informes da Federación Española de Industrias de Alimentación y Bebidas (FIAB) de 2020 e 2021 .	73
3.7.2.3. A evolución do sector transformador en Galicia.....	74
3.7.2.4. Reunión co Clúster Alimentario de Galicia celebrada o 18 de outubro de 2022	78

3.7.3. Sector da madeira e do moble	82
3.7.3.1. O seu comportamento nos últimos anos	82
3.7.3.2. Reunión co Clúster da Madeira e o Deseño de Galicia celebrada o 5 de outubro de 2022	85
3.7.4. Sector das Industrias do Metal e Tecnoloxías Asociadas	88
3.7.4.1. O sector da automoción	88
3.7.4.2. O sector metalúrxico	91
3.7.4.3. O sector de produtos metálicos	93
3.7.4.4. O sector doutro material de transporte (naval, aeronáutico e ferroviario)	95
3.7.4.5. Reunión mantida coa Asociación de Industrias do Metal e Tecnoloxías Asociadas de Galicia (Asime) o 10 de novembro de 2022	98
3.7.5. O sector da confección de pezas de vestir	102
3.7.5.1. O sector en cifras	102
3.7.5.2. Reunión mantida co Clúster Gallego Téxtil-Moda (Cointega) o 10 de novembro de 2022	104
3.7.6. Sector de Artes Gráficas	108
3.7.6.1. A traxectoria do sector	108
3.7.6.2. Reunión mantida co responsable da empresa Tórculo e membro da Asociación de la Comunicación Gráfica (Neobis) o 9 de decembro de 2022	109

Capítulo 4. Os servizos en Galicia ante a crise da Covid-19..... 113

4.1. Evolución do sector nos últimos anos	113
4.2. Análise sectorial	118
4.2.1. Sector TIC	118
4.2.1.1. A dimensión do sector en Galicia	118
4.2.1.2. O impacto da pandemia no TIC segundo o Informe elaborado polo Observatorio da Sociedade de Información e a Modernización de Galicia (Osimga) - Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega)	119
4.2.1.3. Reunión mantida co Clúster TIC o 11 de novembro de 2022	120
4.2.2. Comercio polo miúdo	124
4.2.2.1. Trazos xerais	124
4.2.2.2. O comercio polo miúdo na pandemia segundo o Observatorio de Abanca	125
4.2.2.3. Reunión mantida coa Federación Galega de Comercio o 22 de novembro de 2022	127
4.2.3. O turismo en Galicia	130
4.2.3.1. A evolución do sector	130
4.2.3.2. Reunión mantida co Clúster de Turismo de Galicia	134
4.2.4. Sector Audiovisual	138

4.2.4.1. Trazos xerais.....	138
4.2.4.2 Reunión mantida co Clúster do Audiovisual Galego o 13 de outubro de 2022	138
Capítulo 5 . O comercio externo galego na pandemia	141
5.1. Que variou nos trazos xerais do comercio?	141
5.2. Que pasou coa estrutura de prezos?	143
5.3. Como se modificou a estrutura do comercio por sectores?	144
5.4. Variou a distribución territorial?	148
5.5. En que provincias observáronse os cambios máis significativos no comercio exterior?	150
5.6. Que pasou co número de empresas galegas internacionalizadas?	153
5.7. Descrición do comercio de Ucraína e Rusia con Galicia.....	154
Capítulo 6. Investimento Estranxeiro Directo (IED) recibido e emitido na pandemia	156
6.1. IED recibido	156
6.1.2. A súa evolución	156
6.2. IED emitido	159
6.2.1. A súa evolución	159
Capítulo 7. As actuacións da administración central e autonómica ante a pandemia	163
7.1. As medidas adoptadas pola administración central ante a crise sanitaria	163
7.2. As actuacións da administración autonómica.....	166
7.2.1. O Igape	166
7.2.1.1. As actuacións específicas do Igape ante a Covid-19 en cifras.....	166
7.2.2. Reunións mantidas coa Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos da Consellería de Facenda e Administración Pública da Xunta de Galicia e co Igape.	167
7.2.2.1. Os principais problemas detectados e a actuación do Igape.....	167
7.2.3. As medidas excepcionais que se tomaron desde Gain ante a pandemia	171
Bibliografía	173
URLs:	174

Resumo executivo e conclusións do Informe

Introdución

Perspectiva xeral

- Os impactos da pandemia, foron moi diferentes por países. Europa foi unha das zonas máis afectadas inicialmente, sendo España un dos países da UE, xunto con Italia, que sufriu una maior contracción na actividade económica.
- Co obxectivo de mitigar os fortes impactos provocados pola Covid-19, a maioría dos países adoptaron importantes medidas de política económica, tanto no plano monetario como no fiscal, financeiro ou laboral. En claro contraste co acontecido na crise de 2007, a Unión Europea, puxo en marcha un amplo abano de medidas no curto prazo que complementou con outros instrumentos destinados á recuperación da actividade económica no medio prazo
- A política fiscal marcou un punto de inflexión, cun orzamento que, máis alá da súa importante contía, asumiu por primeira vez que a financiación do mesmo se realizase a través da emisión de débeda conxunta.
- As medidas de mais calado foron as establecidas pola Comisión Europea coa creación dun instrumento, os Fondos Next Generation EU, por un importe de 750 mil millóns de euros, para financiar os gastos da recuperación.
- Os Expedientes Temporais de Regulación do Emprego (Ertes), foron o principal instrumento para suavizar o incremento do desemprego, protexer as rendas laborais e preservar o capital humano e, polo tanto, a produtividade de cara á recuperación económica
- A través do ICO, o Goberno creou unha liña de avais para empresas e autónomos de 100.000 millóns de euros, para facer fronte as súas necesidades de liquidez.
- Os efectos económicos da Covid-19 en España xa aparecen reflexados no comportamento do PIB no primeiro trimestre de 2020, aínda que a maior caída interanual vaise a dar no segundo trimestre, cando se produce o confinamento, -21,9%, unha das maiores observadas nas economías avanzadas e 7 puntos porcentuais máis que a media da zona euro
- En 2020, o PIB de España reduciuse un 11,3%, mostrando un dos resultados máis desfavorables das economías avanzadas.
- O proceso de recuperación da actividades en 2021 recóllese nun aumento do PIB do 5,5%, debido basicamente ao tirón da demanda interna
- No primeiro trimestre de 2022 vanse solapar os efectos derivados da vaga asociada á variante do omicrón, xa en clara desaceleración, co inicio da invasión de Ucraína por parte de Rusia.
- En relación co comportamento dos prezos, o impacto da Covid-19 foi deflacionista no ano 2020, se ben, a confluencia de diversos factores, vai a explicar como se pasa desde xaneiro de 2021 dun IPC do 0,5% ao 6,5% en decembro. No ano seguinte, estas tensión nos prezos agudizaranse

A economía galega durante a pandemia

- En 2019 a economía galega xa atravesaba unha fase de desaceleración na actividade, materializada nun crecemento do PIB do 1,1%. Este crecemento foi seguido por unha

fortísima contracción en 2020, -8,9%, que se manifestou con especial intensidade no segundo trimestre. A recuperación do ano 2021 vaise traducir nun incremento do PIB galego lixeiramente inferior ao de España e ao da Eurozona. Nos tres trimestres que levan transcorridos de 2022, o crecemento do PIB galego sitúase tamén por debaixo do observado no conxunto do Estado. Tanto no caso galego como no español, aínda non se ten recuperado o PIB de 2019.

- En 2020, desde a perspectiva da demanda, a formación bruta de capital e o gasto dos fogares, lideraron a caída do PIB, mentres que a fredda sufrida polas exportacións superou á das importacións. Soamente os gastos das administracións públicas experimentaron un crecemento substancial, consoante coas medidas adoptadas fronte a crise.
- Polo lado da oferta, a paralización da actividade en 2020 impactou en todos os macrosectores, aínda que con desigual intensidade. A industria manufactureira foi a máis afectada (-10,4%) e o sector primario foi o que mostrou unha menor caída (-3,9%). Tanto a construción como os servizos mostraron taxas negativas próximas á da industria.
- En 2021 cambia o panorama, a pesar das sucesivas vagas da pandemia. O PIB subiu un 5,2% e todos os compoñentes da demanda volveron a mostrar taxas de crecemento positivas. Tamén o comercio co exterior recuperouse con forza. A intensidade da recuperación foi máis desigual desde a óptica sectorial. Os servizos e a industria manufactureira lideraron o crecemento da actividade, mentres que a construción e o sector primario continuaron en taxas negativas.
- No primeiro trimestre de 2022 produciuse unha forte caída dos contaxios e a volta progresiva a normalidade pero iniciouse a guerra de Ucraína (24 febreiro). Nos dous primeiros trimestres o crecemento do PIB experimentou taxas practicamente iguais a do cuarto trimestre de 2021 (5,1%), pero no terceiro xa se observa un crecemento sensiblemente inferior (2,5%).
- O mercado de traballo alterou radicalmente o seu funcionamento. Ademais dos efectos dos Ertes, en xaneiro de 2022 púxose en marcha a Reforma Laboral que tamén terá consecuencias inmediatas no mercado de traballo.

Mercado de traballo

Aspectos xerais. Actividade e inactividade

- Co inicio da pandemia e o confinamento, vaise producir un incremento da poboación inactiva, en detrimento do número de parados debido a que os métodos tradicionais de busca de emprego, quedaron temporalmente interrompidos ante o confinamento da poboación e a paralización de moitas actividades e o peche de empresas. Este fenómeno foi perdendo forza paulatinamente coa desescalada e a recuperación das condicións previas á crise.
- A utilización dos Ertes amortiguou os impactos da pandemia no mercado laboral. Os traballadores afectados por Ertes, clasifícanse como ocupados. O desemprego apenas creceu en 2020. O comportamento da poboación activa, así como os Ertes por un lado, e a clasificación dalgúns parados como inactivos por outro, explican a estabilidade, que tamén se observa en 2021; unicamente en 2022, parece iniciarse unha certa redución do paro en Galicia.
- A evolución da taxa de actividade neste período, tamén reflexa un comportamento relativamente regular, coa excepción do período de confinamento. A caída da taxa de

actividade xuvenil (16 a 29 anos) durante o confinamento foi bastante mais intensa (5,4 puntos) que a taxa total, acadando o valor mínimo no primeiro trimestre de 2021. A partir de aí o proceso de recuperación levou a que no terceiro trimestre de 2022 practicamente se acadasen os valores previos á pandemia. Subliñar que o diferencial existente entre as taxas masculina e feminina é sensiblemente inferior no caso do colectivo xuvenil en comparación coas taxas do conxunto da poboación en idade de traballar.

O emprego

- 2019 rematou cun total de 1.096.000 empregos en Galicia. No segundo trimestre de 2021 a cifra reduciuse en 45.000 postos de traballo, ata acadar un total de 1.050.400. A pesar das flutuacións exhibidas nas sucesivas ondas da pandemia, no terceiro trimestre de 2022 acadouse unha cifra de ocupación que superou a do ano 2019. Concretamente 1.113.800 ocupados.
- Por sexos, tanto o emprego masculino como o emprego feminino remataron 2021 recuperando o emprego perdido nos dous anos de pandemia. Pero nos tres primeiros trimestres de 2022, o emprego das mulleres mostra un mellor comportamento co dos homes.
- A taxa de ocupación, tamén experimentou suaves flutuacións en todo o período. A taxa masculina mantivo o seu diferencial positivo respecto da feminina.
- As diferencias do comportamento do emprego foron moi importantes no ámbito sectorial. Mentres que a taxa de variación do emprego total no período da pandemia foi do -0,9%, apreciase unha heteroxeneidade moi elevada nas taxas de crecemento por ramas, oscilando entre o -40% da industria do téxtil, coiro e calzado, e o 19,6% na rama de actividades inmobiliarias, financeiras e de seguros. No que leva transcorrido de 2022, cun crecemento medio da ocupación do 1,7%, as diferencias continúan sendo importantes, aínda que non tan acusadas.
- A perda de emprego asociada ao confinamento está concentrada no sector servizos. Segundo a EPA, entre o cuarto trimestre de 2019 e o segundo trimestre de 2020 a ocupación total reduciuse en 46.000 persoas, das cales, a gran maioría foron no sector servizos. E dos 43.000 empregos perdidos neste sector, unha boa parte corresponderon as ramas de hostalería, comercio, transportes, actividades profesionais e actividades artísticas, recreativas e de entretemento.
- O axuste no emprego afectou con moita máis forza ao colectivo dos traballadores máis novos.
- Por nivel de estudos, xa antes da pandemia destacaba a forte diferenza xa existente entre as taxas de ocupación que, en liñas xerais, sufriron poucas modificacións. Ao longo do período o colectivo que mostrou unha taxa de ocupación máis estable foi o correspondente ao emprego con estudos primarios. Nos segmentos con niveis educativos máis elevados, no trimestre do confinamento producíronse caídas de 3-4 puntos porcentuais nas taxas de ocupación respecto do cuarto trimestre de 2019. Na fase posterior de recuperación, tanto aqueles con educación superior, como educación secundaria de segunda etapa foron aproximando as taxas de ocupación ás que tiñan antes do inicio da pandemia.
- Por situación profesional as maiores caídas no trimestre do confinamento, corresponderon aos empresarios con asalariados, os asalariados do sector privado e aos autónomos. Soamente os asalariados do sector público exhibiran una taxa de crecemento positiva.
- Por tipo de contrato, emerxen unhas tendencias claras que mostran como o axuste do emprego recaeu nos traballadores con contrato temporal. Iso tivo o seu reflexo na taxa de temporalidade que, en todo o período estudado, pasou do 25,9% ao 18,3%, una

importante caída que mostrou unha especial intensidade a partir da posta en marcha da Reforma Laboral en xaneiro de 2022.

- Por tipo de xornada, produciuse unha leve caída do peso relativo dos contratos a tempo parcial, que pasaron de representar o 15% do total do emprego asalariado a finais de 2019 ao 14% no terceiro trimestre de 2022. Se tense en conta as catro modalidades de contratación, o axuste mais forte produciuse no segmento máis precario do emprego, os asalariados con contrato temporal a tempo parcial, seguido dos temporais a tempo completo.
- A utilización dos Ertes foi un elemento clave no mantemento e na recuperación do emprego, sobre todo con respecto a súa evolución das crises anteriores. O recurso ao Erte foi maior nas mulleres que dos homes, pero en ambos casos, despois do elevado número de traballadores en Erte nos meses iniciais de confinamento, a traxectoria vai a ser claramente descendente, consoante co proceso de vacinación e de volta progresiva á normalidade.
- Se aos afiliados a Seguridade Social se restan aqueles afiliados acollidos a Ertes, teríamos unha visión alternativa da evolución do emprego efectivo, que se situaría claramente por debaixo do que se proporciona orixinalmente. En calquera caso, unha parte dos empregos en Erte teríanse conservado en caso de non existir este instrumento.

O desemprego

- Ao longo de 2020 a taxa de desemprego galega apenas variou, a diferenza do que se observa en España.
- Unha maior destrución de emprego xunto cunha menor caída dos activos a nivel estatal dan conta do aumento no diferencial observado na taxa de paro con respecto á taxa galega ao longo de 2020, diferencial que irase reducindo en 2021 e 2022 nun contexto no que a taxa de paro española mostrará unha caída máis intensa ca galega.
- A evolución da taxa de paro por sexos mostra unha relativa estabilidade.
- Por nivel de estudos, durante a pandemia, un dos colectivos que experimentou unha maior subida na taxa de paro foi o daqueles con educación superior (pasou dunha taxa do 7,7% en 2019 a 9,4% en 2020 e 9% en 2021). A forte caída da mobilidade neste período apuntase como un dos factores explicativos.
- Un colectivo especialmente afectado pola crise da Covid-19 foi o dos traballadores novos. A taxa de paro en todos os tramos de poboación máis nova a taxa creceu no 2020 e mantívose relativamente estabilizada no 2021. Soamente a partir de 2022 apreciase unha caída que afecta ao tramo de idade de 25-29 anos.
- Nos traballadores que levan máis de dous anos en paro, a taxa de paro diminuíu en 2020 con respecto ao ano anterior, e a caída afectou tanto a homes como a mulleres. En 2021 prodúcese un novo aumento destas taxas que, nos tres primeiros trimestres de 2022, nun contexto de mellora do mercado laboral, volven a caer. Apréciase unha saída cara a poboación inactiva nos momentos máis críticos da crise e de retorno a poboación activa cando se inicia a recuperación.

Salarios e custos laborais

- Aínda que en 2019 e 2020 os salarios pactados en convenio creceron por riba da inflación, estamos a falar de crecementos no entorno do 1% que non tiveron repercusión importantes no comportamento dos custos laborais; no contexto inflacionista de 2021 os salarios pactados crecen menos cos prezos e a subida dos custos laborais volveu a ser moi pequena. Pero nos nove meses transcorridos de 2022 ese diferencial incrementase substancialmente, condicionando de maneira importante a negociación salarial a necesidade de pactar unha política de rendas.

- Nos custes laborais a partida destinada a indemnización por despidos, xunto coa de prestacións sociais directas das empresas son a que tiveron un crecemento notable en 2020. No caso das indemnizacións por despidos a taxa de crecemento en 2021 se dispara pero, a pesar diso, a repercusión no custo laboral total foi relativamente pequena.
- En 2020, o numero de fogares por tramos de ingresos perdidos representan o 27% do total de fogares en Galicia. Os intervalos con máis fogares son aqueles que perderon entre 1000 e 5000 euros.

Desigualdade

- En España, a distancia social imposta durante o confinamento tivo un efecto asimétrico sobre o mercado laboral. Mentres que algunhas actividades se mantiveron ou incluso se reforzaron durante a pandemia, outras sufriron un cese total ou parcial mentres que un terceiro grupo mantívose grazas ao teletraballo.
- En 2020 o índice de desigualdade aumentou en Galicia quebrando a traxectoria descendente dos anos previos. O impacto diferencial que tivo a pandemia nos diferentes colectivos (especialmente nos asalariados máis novos con contratos temporais), explica en boa medida o aumento observado.
- Con información de 2021, a desigualdade salarial foi menor en Galicia que en España. Esta menor desigualdade é un feito diferencial que se ven mantendo ao longo dos últimos anos, sendo compatible co feito de que os salarios medios en Galicia sexan inferiores aos do conxunto do Estado.
- A desigualdade salarial en Galicia é maior no caso das mulleres e nas provincias de A Coruña e Pontevedra, se ben o diferencial no grado de desigualdade entre homes e mulleres é maior en Lugo.
- Se se toma como variable de referencia os ingresos netos dos fogares e non os salarios individuais, o grado de desigualdade en Galicia tamén resulta inferior ao da media española. A ratio S20/S80, mostra resultados similares

A industria

O sector industrial no seu conxunto

- Coa abrupta chegada da crise sanitaria o freo na actividade industrial foi moi drástico, até o extremo que no segundo trimestre de 2020 a xeración de VEB no sector manufactureiro foi máis dunha cuarta parte inferior á do mesmo período de 2019.
- A expectativa de que se atravesaba unha situación temporal e excepcional non se confirmou plenamente cos resultados de 2021, ano no que o VEB industrial creceu un 3,9% e o sector manufactureiro un 6,3%, o que non é de estrañar ante o abrupto freo da produción no segundo trimestre de 2020. A volta á normalidade non se produce na industria galega xa que os resultados reflicten a un sector moi estancado. A actividade no primeiro trimestre de 2022 empeora, sobre todo polo comportamento do sector enerxético. Os resultados do segundo trimestre dese ano son máis positivos (a industria manufacturera creceu un 4,2%), pero o dato avanzado do terceiro trimestre reflicte unha caída dun 0,9% indica que os problemas persisten.
- Índice de produción industrial xeral mostra o retroceso de 9 puntos en 2020 con respecto ao ano anterior. En 2021 recuperáronse 8 puntos, polo que produción

mantense por baixo da de 2019. Tampouco se recupera no primeiro semestre de 2022, xa que ese IPI foi case un punto inferior ao do mesmo período de 2021.

- A finais de 2020 contabilizábanse en Galicia un 2,2% menos de empresas que en 2019, porcentaxe superior ao do conxunto da economía e ao da industria española, ambos o -1,6%. A perda neta de empresas afecta a todos os sectores industriais, con dúas únicas excepcións: a industria química e as sociedades que fornecen electricidade.
- Sectores teoricamente favorecidos coa pandemia tamén perderon sociedades. Un caso especial é o do principal sector por facturación, as industrias alimentarias, que ao longo de 2020 viron como o número de empresas descendía un 1,8%.
- Os factores que inciden na espectacular escalada dos prezos industriais a partir de 2021 son moitos e moi diversos. En 2019 obsérvase unha caída xeneralizada dos prezos en todos os sectores, situación que se estabilizou en 2020. A partir de aí e coa progresiva saída da pandemia os prezos industriais aceleráronse até extremos non vistos nas últimas décadas. En 2021 o prezo dos bens enerxéticos creceu un 121,7% con respecto ao ano anterior, mentres os restantes sectores mantiveron crecementos máis moderados salvo no grupo de bens intermedios que presentou un incremento do 16,7%. A situación de aceleración dos prezos agrávase en 2022.
- A contención nos custos laborais en 2020 produciuse nun contexto no que o emprego industrial galego creceu ao redor de 3.000 persoas, cifra moito mellor do que a priori podería intuírse ante as peculiaridades dese período e aínda resulta máis sorprendente cando en 2021 rexistrouse unha perda de 11.700 ocupados, deixando ao emprego do sector moi por baixo do existente en 2019. Cabe pensar que en 2021 producíronse despedimentos que non se puideron realizar en 2020 o que provocou un estancamento nos custos salariais medios por traballador e ano.
- En opinión dos empresarios industriais o principal factor limitativo da produción foi a caída de demanda en todo o período, se ben, como cabería agardar, os factores esóxenos afectaron a produción e en especial no 2021.
- A facturación da industria galega concéntrase en só cinco divisións, das que destacan a alimentación e a fabricación de vehículos de motor. Entre as dúas absorberon en 2020 o 42,9% da cifra de negocios da industria o que é, practicamente, a metade da facturación do sector manufactureiro. En 2020 obsérvase que tanto alimentación como vehículos automóbiles tiveron unha evolución positiva, o que contrasta coa caída na facturación na maior parte das restantes actividades.

Os subsectores industriais

O sector enerxético

- Segundo o balance enerxético, en 2020 a xeración de electricidade en Galicia tan só diminuíu nun 1,1%, debido a baixada do 30,3% da produción das centrais con combustibles convencionais que compensou o incremento en renovábeis nun 14,2%. O consumo final caeu un 11,2%, porcentaxe que cabería agardar ante as restricións do momento as actividades produtivas, coa peculiaridade de que o uso de enerxías renovábeis incrementouse un 3,4%. Inega cuantifica a caída do consumo de enerxía final ante a Covid-19 nun 11,2%.
- O papel das enerxías renovábeis esta a ser moi importante en Galicia ao contribuír cun 75,7% á xeración eléctrica e experimentar un crecemento nese ano do 14,2%.

- O avance na transición enerxética tras a pandemia parece ineludible. A dinámica galega na actualidade reflicte unha potencialidade na produción de enerxías verdes vital para a sociedade e para a industria da Comunidade nas vindeiras décadas. Así, os anuncios sobre novas instalacións son constantes.

O sector de alimentos e bebidas

- Segundo o Plan Estratéxico do Clúster Alimentario de Galicia (2021-2025), este sector xeraba en Galicia en 2018 un VEB que supuña o 7,2% do PIB e o 10% do emprego total galego. Estes valores representan o 7,1% do PIB e o 8,6% do emprego do total do sector alimentario de España. A inicios de 2020, o sector configurábase en Galicia cun total de case 2.500 empresas.
- A produción en 2020 practicamente mantívose en niveis similares aos de 2019. Rexistrouse unha caída no IPI dun 0,9% e, a pesar dos problemas que foron xurdindo en 2021 e das restricións que se seguiron mantendo por mor da pandemia no segmento Horeca, nese ano rexistrouse un incremento do IPI dun 6,6%, porcentaxe inferior ao crecemento apreciado no conxunto da industria manufacturera galega. A información xa dispoñible do primeiro semestre de 2022 só mostra unha lixeira desaceleración na actividade.
- En 2020 os prezos da industria da alimentación mantivéronse estables. Na escalada xeneralizada dos prezos iniciada en 2021, este sector non quedou á marxe. Xa a finais de 2021, aumentaron un 6,7% e alcanzaron a taxa do 15,4% nos oito primeiros meses de 2022.
- O sector transformador de produtos do mar, no que predominan empresas de mediano e gran tamaño, lograron na pandemia un balance positivo. É significativo o incremento observado na fabricación de conservas de peixe.
- As cárnicas e os produtos gourmets experimentaron un retroceso na súa actividade ante o efecto Horeca.
- O sector lácteo, en especial a produción de queixos atopouse con dificultades, que se incrementaron unha vez que se foron superando os peores momentos da pandemia, debido ao pequeno tamaño da maioría das empresas e os problemas derivados das subministracións das materias primas.
- Unha parte do sector produtor de viño sufriu bastante, xa que existen moitas adegas de pequeno e mediano tamaño que non comercializan os seus produtos nos super e hipermercados. Aínda que nun primeiro momento pasárono moi mal, tamén hai que indicar que a súa recuperación foi moi rápida. Actualmente, moitas adegas non teñen produto para cubrir a demanda existente.
- O emprego coa Covid-19 apenas se resentiu no sector e practicamente non houbo Ertes.
- Ante a situación actual e a guerra de Ucraína, a subida dos prezos das materias primas causou serios problemas loxísticos que tensionaron moito a cadea de valor desde a produción primaria á transformación. Dous sectores que nestes momentos están a pasar un momento complicado son o cárnico e o lácteo.
- Actualmente en Galicia está a tentarse que se consolide algunha proposta para o Perte do sector, en todo caso difícil de armar xa que se trata de proxectos de contía moi elevada e con varios socios. Ademais, a incerteza actual non facilita a realización de grandes investimentos.

O sector da madeira e do moble

- A pesar do efecto hábitat e das vantaxes que o confinamento podería dotar a algún dos subsectores, as caídas, en termos relativos, na actividade e a ocupación foron en 2020 máis elevadas que no conxunto da industria e tamén que no sector manufactureiro. Os efectos foron moi fortes pero transitorios xa que, tanto en 2021 como no primeiro semestre de 2022, a recuperación na produción foi moi notable.
- A variación dos prezos no segmento da industria da madeira foi moi elevada tanto en 2021 como no primeiro semestre de 2022, o que está a ser un serio problema para a competitividade e para a súa carteira de pedidos.
- O segmento da serradura veuse beneficiado coa pandemia. Incrementouse notablemente a produción para a embalaxe, actividade que absorbe a maior parte do produto final deste subsector.
- Na actividade de maior facturación, a pesar do freo na produción que supuxo unha situación de confinamento, apreciouse durante os primeiros meses da pandemia un incremento da demanda, debido ao efecto hábitat (arranxos domésticos para cubrir tanto tempo de lecer). Sen embargo, nos últimos meses, a subida do prezo da enerxía e das materias primas, minguo o desenvolvemento do sector.
- Os sectores especializados en mobiliario contract (empresas como Cándido Hermida ou Ramón García) e no retail foron os que máis sufriron coa crise sanitaria. De feito, gran número de propostas que estaban en curso non se puideron realizar. Aos peches obrigados dos establecementos comerciais uniuse, ante a aposta pola venda a través das canles en liña, a decisión do peche de tendas de grandes comercializadoras, sendo o caso máis emblemático o de Inditex.
- O sector do moble, no seu conxunto, tivo un comportamento similar ao contract e o retail. A actividade, en todos os produtores que venden produtos de consumo, quedou bloqueada.
- Coa pandemia aceleráronse no sector os procesos de dixitalización. Desde o clúster xunto coa administración promoveuse o cheque dixital e facilitouse a tecnoloxía para facilitar o teletraballo.
- A reflexión sobre a estrutura loxística nas cadeas de valor, que xa viña facendo desde anos atrás, agudizouse ante a pandemia ao comprobar o problema que supón a falta de stocks e subministracións para ir incorporando nos procesos produtivos.
- A excesiva dependencia cara aos mercados asiáticos veuse nitidamente coa pandemia. Tomáronse decisións para a produción nas proximidades da fabricación de ben final ou dos consumidores, circunstancia que suporá un cambio significativo ante o proceso de globalización seguido nas últimas décadas.
- O sector é moi dependente da construción. Tras a pandemia as perspectivas eran moi favorables, pero actualmente, as consecuencias da guerra de Ucraína, a subida dos tipos de interese e a posible recesión económica, lastran ao sector o que repercute na industria da madeira.
- No futuro, cabe agardar un notable desenvolvemento en todo aquilo relacionado coa bioeconomía. As fibras téxtiles son un primeiro paso, pero hai moitas posibilidades. Un exemplo son os cristais confeccionados en base de madeira. Son moitos os elementos que xa actualmente se están desenvolvendo.

O sector da automoción

- A tendencia ascendente de 2020 mantívose en 2021, ano no que a facturación alcanzou os 11.200 millóns de euros grazas a outra subida de tamén o 7,3%. Sen embargo, a traxectoria de 2021 e no primeiro semestre de 2022 reflectida no IPI mostra unha desaceleración nun período nos que xorden varios problemas que afectan a demanda e a loxística que fan que o sector non teña o pulo de momentos anteriores.
- Os resultados de Stellantis en Vigo poderían ser mellores xa que segundo a propia empresa en 2021 deixaron de fabricar sobre 100.000 vehículos pola carencia nas subministracións de microchips.
- Con cifras récords de produción, a pesar das carencias, os automóviles amontóanse nos almacéns de Vigo e a súa área metropolitana pola saturación dos portos de destino, a caída do tráfico marítimo internacional e os problemas na loxística
- O futuro da automoción é o vehículo eléctrico. O cambio climático e, consecuentemente, a redución das emisións de CO₂ obrigan á substitución dos coches diésel e de gasolina que teñen data de caducidade. A factoría de Vigo de Stellantis xa se está preparando para esta situación como tamén están a traballar neste asunto os fabricantes de compoñentes. Varias empresas da área metropolitana de Vigo xa se foron adaptando a esta nova etapa.
- No contexto actual a planta de automoción de Stellantis en Vigo non parece correr ningún risco de viabilidade. É unha das máis punteiras da compañía e hai programadas investimentos millonarios para adaptar á nova situación. O ideal sería que se aprobase un segundo Perte do vehículo eléctrico para que coa axuda de fondos europeos pódanse realizar os investimentos necesarios.
- Os cambios nas estruturas do sector afectaron seriamente ao emprego e á súa distribución. Stellantis, entón Grupo PSA, chegou a dispor en Vigo de 11.500 empregos directos. Hoxe esta cifra non alcanza os 5.500. Moitos empregos amortizáronse e son varios os factores que influíron niso.
- É posible que a robotización diminúa nun 25% a ocupación. En todo caso, a industria auxiliar non parou en todo este tempo e diversificouse incrementando a ocupación.
- Certamente, a fabricación de compoñentes, tras a crise sanitaria mantivo unha traxectoria moi positiva en todos os niveis. Cada vez son menos dependentes de Stellantis. A cifra de negocio coa factoría viguesa pode representar o 30% da facturación total.

O sector metalúrxico e de produtos metálicos

- O sector metalúrxico en Galicia ante un sector industrial moi potente na súa facturación e que, con todo, xera pouco emprego.
- O sector metalúrxico experimentou unha brusca desaceleración na produción, motivada polos altos prezos das tarifas eléctricas e dos combustibles e, tamén, por unha menor demanda ante a carestía destes produtos. O impacto do consumo eléctrico neste sector é moi elevado
- O sector de produtos metálicos confórmano un gran número de pemes, que, tras a pandemia teñen unha altísima carga de traballo. As perspectivas son boas e hai confianza en que xurdan novos proxectos. Entre as dificultades que lastran o desenvolvemento deste sector destacan catro: falta de persoal cualificado; carestía das

materias primas; a non chegada de fondos europeos que cofinancien investimentos; e un maior desenvolvemento da loxística.

- No segmento do aluminio, en Galicia localízanse grupos industriais de importancia. Céntranse no mundo da construción privada e da obra civil cara ao que, aproximadamente, destinan o 70% da súa produción. Tamén foron penetrado na industria, en xeral, cun peso importante en sectores como o naval. As perspectivas actuais, tras a pandemia, son esperanzadoras a pesar de que os custos enerxéticos, input determinante nesta industria, multiplicáronse por catro.
- As carpintarías do aluminio, no que traballan en Galicia ao redor de 1.700 empresas, tamén teñen boas perspectivas ante a carga de traballo existente. Igualmente o consumo de enerxía é determinante e de seguir esta escalada hai riscos de peches. Pérdese competitividade e pódense perder contratos pola diferenza de custos cos países europeos da nosa contorna. As achegas das administracións ás empresas para o pago de esta importante factura en Alemaña ou Francia non teñen nada que ver coa posición española.

O sector naval

- A evolución do IPI nos últimos anos amosa un dos peores resultados xa que, segundo este indicador, a produción no primeiro semestre de 2022 era case a metade da rexistrada en 2019. Isto reflicte un sector moi volátil e cunha demanda moi oscilante ante a evolución das carteiras de pedidos e a situación económico financeira que estaban a atravesar algúns dos estaleiros máis importantes da ría de Vigo.
- Coa crise sanitaria houbo un golpe á confianza nos estaleiros do sur de Galicia. Freáronse os investimentos xa que os armadores deixaron de encargar buques. Neste momento, en 2022, o sector comeza a dinamizarse e pódese dicir que xa está mellor do que estaba fai dous ou tres anos.
- Débese indicar que, en tempo da Covid-19, o sector sufriu dous golpes graves. O primeiro foi o peche de Vulcano e a pesar da súa adquisición por Astillero San Enrique está aínda na práctica pechado, O segundo golpe foi o de Barreiras. Trátase do estaleiro de maior dimensión da ría de Vigo e, recentemente, adquirido polo maior grupo naval de España, Armón.
- Os estaleiros do norte de Galicia, a situación actual de Navantia, tanto na súa factoría de Ferrol como na de Fene, é a mellor dos últimos tempos. Co inicio o pasado mes de abril de 2022 do corte da chapa da primeira das cinco fragatas F-110 que se prevén fabricar nos próximos 10 anos e xunto con outros pedidos supón que a carga de traballo nesta década da histórica factoría ferrolá sexa moi elevada. Doutra banda, en Navantia-Fene conseguiuase unha especialización na eólica mariña e na factoría estase a traballar con éxito.
- Unha preocupación recorrente no sector naval é o papel das industrias auxiliares tradicionais. A adaptación cara aos novos produtos é inevitable e neste novo proceso desapareceron auxiliares importantes.
- O Perte do sector naval, que aínda foi presentado a finais de outubro de 2022, indícase que o obxectivo é o de investir un total de 1.460 millóns de euros que contribúan a crear 3.200 postos de traballo. O obxectivo é o de impulsar proxectos transformadores da cadea de valor do sector. Tense aínda que desenvolver.

O sector da confección de prendas de vestir

- O negocio non está no sector industrial si non en todo o referente á loxística e a distribución dun produto que procede de lugares moi dispersos no mundo. De feito, o valor do importado nese ano de inicio da pandemia alcanzou os 5.442,68 millóns de euros, catro veces máis que a facturación do sector. As grandes empresas de deseño e comercializadoras case non contan cunha estrutura produtiva en Galicia.
- Segundo a Enquisa estrutural de Empresas (sector industrial) no sector de confección de pezas de vestir tan só traballaban 7.012 persoas en 2020 (ao que habería que engadir 2.610 persoas que traballan no téxtil de cabeceira) cunha facturación de 1.346 millóns de millóns de euros (154,3 millóns no téxtil).
- Como podería agardar ante a natureza dos bens que se producen e comercializan, a confección de pezas de vestir en 2020 tivo un peor comportamento que o que se observou no conxunto da industria.
- O incremento dos prezos no sector da confección de pezas de vestir non foi tan elevado como no doutros sectores craves na economía de Galicia.
- Como sucede noutros sectores cada vez é menor o número de traballadores cunha mínima cualificación en Galicia nun sector que, en principio, é intensivo en man de obra.
- Portugal segue sendo para Galicia un produtor moi importante aínda que non queda alleo aos problemas de man de obra que se observan en Galicia. O resto dos principais países provedores pódense situar en dous niveis. Por unha banda, estarían Marrocos, Turquía e Túnez e polo outro, o conxunto de países de Asia no que o prezo é o factor competitivo determinante. Nos últimos anos trocou a situación de China.
- As empresas galegas dominan bastante ben a xestión do problema de aprovisionamento. A relación cos provedores experimentou un cambio radical nos últimos anos e esta situación non se viu alterada coa pandemia. Hoxe en día a interacción das fábricas é continua.
- Na estrutura organizativa, a loxística complicouse co comercio en liña e a utilización de varias canles.
- No comezo da crise sanitaria o sector paralizouse e os establecementos reabríronse con moito medo nos demandantes para acudir a eles. Iso mesturouse cos problemas de loxística. Os gastos disparáronse nun contexto no que os produtos que se compraban fóra escaseaban. Actualmente, estes custos van baixando, pero xa nunca serán os que eran. En tempos, os custos loxísticos foron extraordinariamente baixos. Esta situación favorece a diversificación.
- Xa a finais de 2021 e 2022, a situación volveu á normalidade. Sen embargo, ante as moitas noticias negativas, os clientes volvéronse máis precavidos.
- Nos últimos anos detectouse unha cooperación moi intensa do sector coas empresas TIC.
- O desabastecemento nos tecidos non foi moi acusado tanto en 2020 como en 2021. Nos últimos anos avanzouse moito no deseño dos tecidos técnicos.
- Na pandemia intensificouse o problema da sustentabilidade. Socialmente, cada vez vese peor o usar e tirar. Cada vez a sensibilidade social é maior, aínda que o prezo segue sendo a variable máis relevante na demanda no sector.

O sector de artes gráficas

- Segundo o Directorio de Empresas do INE o sector contaba en Galicia con un total de 719 empresas antes do inicio da Covid-19 e un ano despois tiña 701, ou sexa 18 menos. A súa traxectoria, a tenor da información oficial publicada, resentiuse moito no primeiro ano da Covid-19.
- *packaging*, que debe entenderse como a actividade de embalaxe, viuse beneficiado pola situación creada pola crise sanitaria debido, sobre todo, ao incremento do comercio electrónico.
- A etiquetaxe é un segmento en crecemento e veuse favorecido pola evolución das grandes marcas.
- O sector comercial no que se engloba a xeración de libros, revistas ou pósteres, viuse moi prexudicado coa Covid-19 ante a caída na súa demanda.
- Na actualidade, e a pesar dunha certa recuperación trala pandemia, estímase que no sector segue existindo sobrecapacidade, na que está a influír a redución do uso do papel pola sociedade.
- O libro de papel lonxe de desaparecer é un produto que, desde a perspectiva do sector, mantense e foise transformando grazas á flexibilidade na súa produción. Sublíñase que o mercado do libro electrónico esta por baixo do 20% do total e as vendas en papel vólvense a consolidar.
- Varias ameazas inciden nun menor emprego. Compre destacar dous factores, a comercialización en liña, un mercado en expansión pero cada vez máis dominado por multinacionais, e a dificultade para incorporar novas tecnoloxías ante o pequeno tamaño das empresas.
- A política de Ertes na pandemia foi extraordinariamente beneficiosa para o sector. Acudíuse masivamente a eles aínda que xa en 2020, realmente a partir de xuño, non foron tan necesarios. A demanda foise recuperando a partir dos meses de verán.
- teletraballo utilizouse moderadamente e só durou uns meses. En artes gráficas se ben o teletraballo foi transitorio, trátase realmente dun fenómeno moi pendular.
- Coa Covid-19 intensificouse a aposta pola impresión dixital, a pesar do uso moi maioritario do offset. Con iso atopáronse novos nichos no traballo coas editoriais. O papel das administracións públicas.
- Na Covid-19, a política estrela a xuízo do sector foi, xunto cos Ertes, a levada a cabo polo ICO coas súas medidas sobre os préstamos. A situación financeira tras o estado de alarma foi, polo xeral, moi difícil.
- Constátase que a crisis da Covid-19 pouco tivo que ver coa de 2008. O seu efecto foi conxuntural e, nas artes gráficas, pode decirse que a súa duración non superou un ano.

Os servizos

O sector servizos no seu conxunto

- A actividade terciaria non foi onde máis caeu o VEB no peor ano da crise sanitaria, 2020. Sen embargo, un descenso dun 7,5% en termos constantes é un impacto serio para a

economía galega, a cal, aínda que se recuperou en 2021, non o fixo co suficiente empuxe como para alcanzar a actividade de 2019.

- Un elemento determinante no mellor comportamento dos servizos galegos foi a posición dos servizos facilitados polas administracións públicas. Observando a súa traxectoria xeral non parece que existise unha situación de emerxencia sanitaria. En todo o período mostrou un incremento no seu VEB real, máis elevado en 2021 (3,7%) que en 2020 (1,4%).
- Nos restantes subsectores a traxectoria non foi homoxénea. A volatilidade foi moi elevada, de tal modo que fronte aos descensos en 2020 dun 19,4% do VEB xerado polo comercio, hostalaría e transporte ou dun 16,1% de actividades artísticas, recreativas e outros servizos, en información e comunicación ou en actividades financeiras e seguros rexistráronse variacións positivas.
- Tres grupos do sector terciario absorben ao redor da metade do VEB galego. Este elevado peso relativo mantívose moi estable no tres últimos anos.
- En canto os sectores máis prexudicados pola pandemia, a hostalaría viuse máis afectada no conxunto de España que en Galicia, no comercio apreciouse unha caída na actividade máis intensa en Galicia. Noutra band destaca o bo comportamento da actividade de información e comunicacións, moito máis dinámica en Galicia que no resto de España.
- En 2020 perdéronse en termos netos nos servizos galegos sobre 2.300 sociedades de tamaño moi diverso, o que obviamente freou o progresivo incremento dos últimos anos nos que non se alcanzaron os valores de antes da crise financeira de 2008.

Os subsectores dos servizos

O sector TIC

- Este megasector que aglutina tanto empresas de servizos como industriais, en 2019 agrupaba en Galicia a un total de 3.665 empresas e 24.338 traballadores. Esta última cifra é menor si tómanse as afiliacións á Seguridade Social (18.984 persoas).
- Unha segmentación habitual das empresas que configuran este sector é a seguinte: Informática, Telecomunicacións, Industrias Comerciais TIC, Reparación TIC, Manufacturas TIC, Servizos Web e Publicacións TIC. Cada unha destas áreas mostra características propias e a problemática que xorde en cada unha é diferente.
- Coa pandemia incrementáronse as necesidades dixitais das empresas e familias. Moitas empresas tiveron que modificar a súa relación con provedores e clientes obrigados a interaccionar a distancia, polo que resulta esencial para conseguir esta interacción o emprego de ferramentas telemáticas.
- O aumento na demanda motivou un incremento na produción do sector TIC galego. Ademais, nas necesidades inherentes á situación sanitaria destacan as do sector de telecomunicacións debido ao auxe do teletraballo e á necesidade de mellorar a calidade das comunicacións.
- Os incrementos máis significativos da actividade apreciáronse nos acondicionamentos necesarios para o teletraballo (solucións na nube) e para o comercio electrónico que non só consiste en crear tendas en liña. Certamente, fixéronse moitos portais novos de venda.
- Un efecto da pandemia foi tamén o incremento no uso do comercio electrónico como medio de venda das empresas TIC galegas. Segundo Osimga, en 2020, o 31,7% das

empresas realizaron vendas por internet, un 7,1% máis que en 2019 e destas empresas un 31,4% tiveron un incremento na súa facturación motivado pola situación sanitaria sobrevinda.

- Nos períodos de estado de alarma e de confinamento evitáronse as reunións presenciais e fíxose un uso intensivo das ferramentas en liña co fin de manter unha relación fluída entre provedores e clientes.
- No estado de alarma calcúlase que sete de cada dez empresas evitaron reunións presenciais cos seus clientes e que unha de cada tres implantou ou modificou as súas ferramentas dixitais ou plataformas para facilitar as compras en liña.
- Coa crise sanitaria intensificouse o teletraballo que alcanzou ao 92% das empresas con máis de 10 asalariados e ao 61% das microempresas. O incremento desta fórmula foi particularmente intenso nas industrias comerciais TIC e nas informáticas.
- En 2021, tras o inicio do fin da crise sanitaria determinadas empresas do clúster enfrontáronse a problemas novos e de difícil solución. É o caso da crise dos microchips nas empresas que fabrican hardware. Non son moitas en Galicia, pero algunha compite a nivel mundial.
- Ao sector actualmente en Galicia ten carencias nos perfís laborais. Non se atopan traballadores en moitos ámbitos e iso cortocircuita o crecemento e a creación de emprego.
- A inflación e o aumento nos custos, por agora, non se contemplan como un gran problema no sector. Tampouco a evolución dos custos enerxéticos. Aínda que o saldo de variación no número de empresas é positivo, houbo peches importantes.
- Un reto de futuro é lograr a integridade do provedor xa que ao vender solucións tecnolóxicas o cliente non sabe ben o que realmente está a comprar.
- Un fito importante para o sector foi a creación da Cidade das TIC na antiga fábrica de armas da Coruña co apoio das administracións e cun peso especial da Universidade da Coruña. En base a iso solicitouse a Axencia de Intelixencia Artificial que finalmente funcionará na Coruña.

Comercio polo miúdo

- A evolución da cifra de negocio do comercio polo miúdo, tras o obvio e forte impacto da pandemia nos meses de confinamento, non se recuperou plenamente nos períodos posteriores. A facturación foise desacelerando até o extremo de que os resultados obtidos desde o verán de 2021 móstrannos unha sistemática caída na facturación, situación contraria ao observado noutras actividades do sector terciario.
- Pola súa natureza, nas vendas de alimentación obtivéronse, salvo nalgún período, mellores resultados que nas das restantes actividades comerciais polo miúdo.
- Afortunadamente, esta evolución nas transaccións non tivo un comportamento simétrico no emprego. Sen embargo, a pesar dos Ertes, a elevada temporalidade no comercio motivou unha caída na ocupación do 6,4% no tres primeiros trimestres de 2020. Tamén neste período descendeu significativamente o número de contratos iniciais asinados, un 26,6%.
- Os resultados do período de confinamento e ante o peche dos establecementos mostran o total descenso na actividade. As transaccións reducíronse en máis dun 80% de tal modo que a segunda quincena de marzo de 2020, todo o mes de abril e inicios de maio a actividade paralizouse. Non é até a segunda semana de maio co inicio da

desescalada cando comeza a recuperarse a actividade que aproximadamente é o 77% da existente antes da crise.

- En 2022 o comercio polo miúdo permaneceu moi estancado sen apenas cambiar o gasto alcanzado en 2021.
- No momento do inicio da pandemia veu, para moitos sectores, no peor momento. Así, en moda e complementos o confinamento do 14 de marzo supuña o inicio da tempada primavera-verán. Toda a mercadoría xa estaba comprada e, desgraciadamente, non se podía vender.
- Houbo dous factores que aliviaron o problema. As axudas públicas a través dos créditos ICO avalados polo goberno central e os Ertes por forza maior que contribuíron a aliviar os custos laborais.
- A situación de peche da actividade reforzou a tendencia que xa viña observando anos atrás nas principais estratexias de expansión das empresas. O pequeno comercio ten que tentar aproveitar as plataformas para así poder crear unha boa rede de vendas en liña. A situación actual tende, por tanto, a unha tenda física en cada cidade e participar na web en todo o mercado mundial.
- O papel das administracións no desenvolvemento do comercio polo miúdo galego é moi importante. Ademais da importancia que teñen as axudas á dixitalización, valóranse moi positivamente, as iniciativas das administracións na compra de bonos polos que se asume unha parte dos gastos en determinados sectores do comercio polo miúdo.
- Os Ertes foron decisivos para evitar unha maior crise en sector. Actualmente hai problemas para atopar persoal nas tendas. Son varios os factores que inflúen niso. Os salarios vixentes están por baixo da media.
- O aforro enerxético e a normativa obrigatoria que deben seguir os establecementos tamén está a crear problemas. En liñas xerais está a cumprirse o preceptuado, aínda que a configuración de moitos establecementos dificulta o cumprimento.

O turismo

- Os resultados obtidos mostran como o turismo foi unha das actividades máis afectadas pola crise da Covid. En marzo de 2020 paralizouse de forma radical e só se volveu a alcanzar unha certa normalidade no terceiro trimestre de 2021. As restricións á mobilidade vixentes desde o inicio da crise (confinamento, peches municipais, etc.) impediron o normal funcionamento deste servizo. O progresivo retorno á normalidade, produciuse nunha contorna económica diferente.
- A recuperación conseguiuase grazas aos turistas residentes en España. O fin das restricións á mobilidade e a necesidade de viaxar, xunto coa incentivación do uso dos establecementos hoteleiros por parte das administracións públicas, motivou un impulso que se amplificou en 2022, ano en que os resultados en canto ao número de viaxeiros residentes en España xa superan claramente aos de 2019.
- Hai unha asimetría na evolución das visitas do turismo español fronte ao turismo estranxeiro. As restricións nos lugares de orixe e destino dos posibles pasaxeiros xunto coa situación económica internacional foron factores que, entre outros, permiten explicar a ausencia destes turistas en 2021. Sen embargo, esta tendencia modifícase drasticamente en 2022, no que a presenza de viaxeiros non residentes en España xa alcanzaba os niveis de 2019 no primeiro semestre do ano.

- A pesar da positiva evolución en 2022 da actividade, o emprego non se recuperou. Nas gráficas tamén suxiren que tras os peores momentos de pandemia e coa recuperación, a situación estrutural do sector mantívose practicamente inalterada.
- A estacionalidade, co retorno á normalidade, volve ser moi alta e o tempo de estancia media segue sendo baixo. Ademais, desde o sector indican que o gasto do turista é menor ao que se realizaba antes da pandemia, nun contexto dun sensible incremento dos custos.
- A evolución negativa do sector motivada pola pandemia afectou a todo tipo de establecementos hoteleiros.
- A evolución das tarifas medias diarias non estivo acorde cos bruscos cambios observados na demanda. Os prezos en agosto de 2020 (a pesar da caída na actividade) foron similares aos de 2019 (só caeron un 1,1%), mentres que no mesmo mes de 2021, momento no que xa había unha certa relaxación coas restricións, o incremento foi dun 12,7%. En agosto de 2022, os prezos incrementáronse un 5,7%, case a metade que a taxa de variación interanual do IPC en Galicia nese mes.
- O sector non estaba preparado para afrontar un impacto desa dimensión. Foi, sen dúbida, dos que máis sufriu coa pandemia xa que a parálise na actividade foi total.
- O nivel de resistencia do sector en Galicia foi superior ao doutras comunidades autónomas españolas. Débese ter en conta que en torno ao 90% das empresas turísticas están en mans de familias, polo xeral, galegas. É un sector con predominio dos autónomos que fixo un esforzo singular para poder seguir na actividade nunhas circunstancias moi adversas. Pola contra, a experiencia dos grandes grupos empresariais foi distinta xa que se atopaban con máis recursos para afrontar esta situación.
- Un dos principais problemas foi a xestión da man de obra, moi numerosa neste sector. Unha boa parte tivo que estar nos Ertres por forza maior, pero o abandono e a carencia de traballo no sector turístico, motivou que un gran número de traballadores buscasen emprego noutros sectores.
- O sector está moi atomizado e adáptase con certa facilidade ás novas situacións. Esta rápida aceptación produciuse cando, nalgúns casos, houbo que acudir á fórmula do teletraballo.
- Durante os peores meses da pandemia víronse con claridade as carencias das infraestruturas existentes e, en especial, o funcionamento da rede nas casas de turismo rural. A dixitalización, nos últimos anos acelerouse a pasos axigantados. Revolucionou ao sector e hoxe en día os negocios non son rendibles senón contan coas vantaxes da dixitalización.
- No momento actual de dixitalización do sector bótase de menos que non haxa máis información (ás veces carécese dela) sobre os clientes desde o momento no que entran a unha páxina, tales como o seu lugar de procedencia, canto tardan en facer unha reserva, a estancia media, etc.
- Nos últimos meses a evolución dos prezos das subministracións e dos produtos que compra a restauración afectou excesivamente ao sector. A factura da electricidade subiu de tal modo que a estrutura de custos modificouse substancialmente. Este incremento non se trasladou, por agora, aos prezos.
- Tras a pandemia e a pesar das consecuencias da guerra de Ucraína o turismo en Galicia é un negocio rendible. Ao se tratar no seu maior parte de empresas familiares, a substitución xeracional está a converterse nun problema. Un gran reto de futuro para vencer a temporalidade é apostar polo turismo de eventos e de congresos.

- A implantación do bono turístico por parte da Xunta de Galicia tamén foi unha acción altamente positiva para o sector como un apoio desde a administración autonómica para saír da crise provocada pola pandemia.

O sector do audiovisual

- A traxectoria do sector antes da pandemia era positiva, aínda que aínda non se alcanzaron os resultados previos á crise de 2008.
- Iniciada a pandemia, os primeiros efectos da crise foron demoledores. Entre febreiro e marzo de 2020 pecharon ao redor de 50 empresas en Galicia.
- Estes resultados negativos suxiren un atraso nunha boa parte dos proxectos que xa se estaban realizando e un freo para o inicio doutros novos. Afortunadamente, os empresarios do sector indicaban que non se estaban producindo perdas significativas de clientes, nin tampouco se estaba observando un especial incremento na morosidade
- Co inicio da pandemia cambiaron os modos de traballo. Tres de cada catro empresas recorreron ao teletraballo. No 29% reestruturáronse as xornadas laborais flexibilizando os horarios. Unha de cada catro empresas presentou un Erte.
- As expectativas empresariais con respecto ao final da pandemia eran moi positivas, xa que unha boa parte dos empresarios esperaban que os proxectos suspendidos non se cancelasen definitivamente e que fosen xurdindo novas iniciativas.
- A pandemia foi un acicate para buscar novos modelos de negocio, no sentido que, maioritariamente, búscase a diversificación a outros ámbitos do audiovisual.
- As pautas no trinomio: Producción - Distribución - Emisión cambiaron radicalmente ante o desenvolvemento das plataformas e o seu papel no mercado.
- Actualmente, as distribuidoras xa non son o que eran e os circuítos de emisión tampouco. Aínda así, aquí en Galicia, a TVG segue sendo un dos motores do sector, tanto nos contidos de series, películas ou nos programas de entretemento.
- O negocio está cada vez máis vinculado ás plataformas. Estas mesmas están na actualidade reconsiderando o contido da súa actividade.
- En Galicia séguese facendo todo tipo de contidos. Con todo, algúns decaeron, como é o caso da animación, que no seu día foi moi importante.
- Polos retornos que se xeran, as administracións públicas apoian a realización de rodaxes no seu territorio, así, como hai unha promoción do sector en canto o fomento e divulgación da cultura. En Galicia, desempeña un papel moi relevante a Axencia Galega das Industrias Culturais.
- Coa Covid incrementouse o apoio público ao audiovisual ao incluír dentro do financiamento nun novo eixo os fondos React, procedentes dos fondos europeos para a recuperación. Dentro destes fondos cabe destacar en Galicia o deseño do Hub Audiovisual da Industria Cultural que se traduce nun investimento de 9,6 millóns de euros no período 2021-2023.

O comercio externo galego na pandemia

Que variou nos trazos xerais do comercio?

- En 2020 as exportacións caeron, en termos monetarios, un 5,9 %, mentres que as importacións o fixeron nun 15,8%. Nun contexto de estabilidade de prezos, esta evolución suxire que a pesar dunha situación mundial de emerxencia Galicia, o fluxo exportador galego logrou manterse e os seus resultados foron mellores aos alcanzados polo conxunto do Estado.
- O saldo comercial incrementouse notablemente, un 78,8%. Este saldo tradicionalmente é positivo, o que contrasta co habitual elevado déficit do comercio español.
- Os resultados galegos en 2021 son os mellores dos últimos anos, xa que non só recuperan o perdido en 2020, senón que superan en termos monetarios, en especial nas exportacións, o alcanzado en 2019.
- A intensa aceleración dos prezos elevou sensiblemente o valor monetario do comercio galego no primeiro semestre de 2022, aínda que os resultados en termos reais seguen mostrando a vitalidade desta actividade na que as importacións crecen máis que as exportacións, o que supón unha deterioración no saldo da balanza comercial.
- En 2021, o grao de apertura, peso da suma das exportacións máis as importacións no PIB, era do 72%, seis puntos máis que en 2019. As exportacións xa representaban o 40% do PIB galego, cifra obxectivo nos plans estratéxicos da administración autonómica para 2020 e que antes da pandemia antollábase como inalcanzable.
- No período 2020-2022 persiste o elevado grao de concentración en determinados sectores e capítulos arancelarios.
- Sen embargo, nas importacións acentuouse o proceso de diversificación, mesmo en 2020. A pesar do espectacular incremento dos prezos dos combustibles (partida importante no fluxo importador) os valores dos índices móstrannos unha estrutura máis diversificada froito, seguramente, da evolución da automoción e da confección de pezas de vestir.
- Mentres en 2020 e 2021 o peso do comercio intraindustrial caeu lixeiramente (o que significa un aumento no comercio interindustrial), cos datos dispoñibles de 2022 obsérvase un incremento que podería obedecer a factores conxunturais.

Que pasou coa estrutura de prezos?

- Tras un longo período de estabilidade nos prezos, as tensións inflacionistas existentes a partir de 2021 alteraron significativamente calquera estudo de comercio externo que se realice en termos monetarios. Os resultados en volume móstrannos, en todo caso, unha traxectoria similar á que se obtén cos valores monetarios.
- A apatía no comercio mundial observada en 2020 levou un descenso nos índices de prezos dos dous fluxos e no referente a Galicia no valor do importado. Tanto en 2021, como sobre todo en 2022, a escalada dos prezos foi bastante xeneralizada aínda que as excepcións sectoriais son en Galicia relevantes. Apréciase a estabilización dos prezos nun dos sectores do comercio máis importante, a automoción. A subida no prezo dos combustibles minerais, tanto no petróleo en bruto (predominante en importacións) como no refino son espectaculares.

- O cambio na estrutura de prezos con variacións desiguais nos diferentes sectores modificou a estrutura de prezos relativos e complicou as relacións comerciais ante unha inflación moi xeneralizada e que, por tanto, expórtase dun territorio a outro.

Como se modificou a estrutura do comercio por sectores?

- No primeiro ano de pandemia, os dous cambios máis relevantes no fluxo exportador prodúcense na confección de pezas de vestir e na venda de automóbiles. En canto a este último, certamente e a pesar dos problemas que puidesen ocasionar a falta de subministracións e os peches puntuais da factoría de Stellantis en Vigo, apréciase un incremento do 32,2% no valor do comercializado. Pola contra, a traxectoria da división de confección de pezas de vestir foi a contraria. O freo no comercio apréciase nas operacións realizadas en Galicia (o groso son as de Inditex) que nese ano dirixíronse maioritariamente a Polonia.
- En 2021, xa nunha dinámica diferente dos prezos, a estrutura das exportacións por divisións aseméllase máis á de 2019. Tras o brusco incremento das vendas en automoción, o sector ese ano estabilízase nos valores de 2020 mentres que se recuperou o comercio na confección de pezas de vestir. A evolución dos prezos en combustibles e materias primas, ao elevar o peso relativo do petróleo e da metalurxia, motiva unha redución no doutros sectores relevantes como é o caso da alimentación, que crescendo un 11,1% reduce nun punto o seu peso relativo.
- O máis significativo do fluxo exportador no primeiro semestre de 2022 foi a evolución de refino de petróleo que ante o espectacular crecemento do seu valor xa duplica o peso relativo alcanzado en 2021, e un notable descenso na venda de automóbiles.
- Os cambios observados no inicio da pandemia na estrutura das importacións non foron tan marcados como nas exportacións. O máis significativo foi o freo nas compras de petróleo e no sector da confección. Iso motivou que o liderado de vehículos de motor e alimentación sexa aínda máis notorio.
- En 2021, a estrutura das importacións cambia significativamente con respecto a 2020, situación que se fai máis patente nos resultados do primeiro semestre de 2022 ante o brusco incremento do valor dos combustibles. De entre os sectores significativos tamén foi moi inflacionista a importación de alimentos.
- A análise por capítulos arancelarios amosa que 10 capítulos absorben, antes e despois da pandemia, máis do 70% do total do comercio, tanto en exportacións como importacións. Destes 10 capítulos, 9 son os mesmos en ambos os fluxos de comercio.

Variou a distribución territorial?

- O comercio galego segue concentrado na súa contorna máis próxima. Dous de cada tres euros exportados diríxense á zona euro e iso permaneceu practicamente inalterado nos últimos anos.
- A única novidade importante foi a recuperación do comercio cos continentes non europeos en 2021 e 2022 en niveis similares aos de 2019, aínda que o seu peso relativo é moi baixo si compárase co comercio que se mantén con Europa.
- As exportacións galegas á Europa e África teñen un peso superior ao do conxunto de España aos doutras variables económicas como o PIB ou VEB. Esta situación persiste no tempo.

- Desde hai décadas o peso da Unión Europea nas importacións galegas é moi inferior ao das exportacións. Esta asimetría suxire que mentres os nosos clientes localízanse na contorna máis próxima e iso ocorría tanto en 2019 como en 2021, os nosos provedores están máis dispersos polo cinco continentes.
- O peso das importacións procedentes da Zona Euro non alcanza o 50% e caeu notablemente no primeiro semestre de 2022. Pola contra, tras a pandemia apréciase un substancial aumento de provisións provenientes do continente americano, debido sobre todo a un maior comercio cos Estados Unidos.
- Francia e Portugal séguense mantendo, do mesmo xeito que na década anterior, como os principais lugares de orixe e destino das exportacións e importacións.
- O freo na automoción reduciu o comercio co mercado francés, mentres que a partir de 2020 intensificouse con China, pero sobre todo cos Estados Unidos. Este país pasa a ocupar o terceiro lugar no primeiro semestre de 2022 no ranking galego desprazando ao país asiático.
- Non obstante, a dependencia das importacións galegas co mercado chinés segue sendo importante como tamén o é o comercio con Marrocos, país co que, a diferenza de China, mantense tamén un intenso fluxo exportador.
- Nas importacións, México e Libia ocupaban un lugar preeminente no ranking galego en 2019 e a contía do comercio cae espectacularmente a partir de 2020. O continuo cambio nos provedores de combustibles minerais explica as variacións tan elevadas.

En que provincias observáronse os cambios máis significativos no comercio exterior?

- No fluxo exportador apréciase unha traxectoria diferente entre A Coruña e Pontevedra en 2020. Pontevedra recupera o liderado en Galicia cun 52% do valor total exportado. Iso debeuse aos incrementos en dous dos capítulos de maior peso nesta provincia, vehículos automóbiles e conservas de peixe.
- Os dous sectores nos que está especializada a provincia da Coruña, confección de pezas de vestir e combustibles minerais, tiveron un significativo retroceso debido a unha demanda mundial moi débil en ambos.
- O fluxo exportador de Lugo e Ourense en 2020 tamén se viu afectado pola crise sanitaria, especialmente en Lugo no sector do aluminio e os seus produtos químicos, sector tamén afectado polos anuncios de Alcoa sobre o peche da factoría e as dificultades na venda cara un novo propietario.
- A recuperación do fluxo comercial en 2021 foi asimétrica nas dúas provincias da fachada atlántica. Mentres en A Coruña recuperouse o comercio de confección e acelerouse a venda de combustibles minerais ante a reactivación da demanda o que provocou o seu encarecemento, en Pontevedra mantívose no sector do automóbil unha dinámica similar á de 2020, aceleráronse a venda de produtos da pesca, pero descendendo as compras das conservas de peixe.
- En canto ao fluxo importador, o tradicional predominio de Pontevedra faise máis patente en 2020 debido a que as importacións de compoñentes da automoción manteñen, en liñas xerais, o seu ritmo habitual. Pola contra, na Coruña o valor das importacións reduciuse considerablemente, debido, sobre todo, ao freo no comercio de combustibles minerais (o principal produto).
- En 2020 en Lugo tamén diminuíu o valor do importado aínda que, a compra de minerais relacionados coa industria de aluminio foi moi similar á do ano precedente. En Ourense

tamén se observou unha caída no valor das compras dos produtos que predominan nas súas importacións.

- En 2021 recuperábase o comercio da maior parte dos produtos máis relevantes comercializados desde a provincia da Coruña e en especial, das importacións de combustibles minerais (que, sen embargo, non alcanzan o valor de 2019). En Pontevedra aumenta en menor grao debido ao leve ascenso no valor dos compoñentes de automoción cuxas cifras quedan lonxe das de 2019.
- As cifras de Lugo en 2021 non son positivas ante a evolución negativa das materias primas do sector do aluminio. O incremento observado en Ourense explícase pola duplicación do valor das compras de aceites de xirasol.
- A aceleración dos prezos dos combustibles, materias primas e alimentos reflíctense nos resultados provinciais de 2022. No primeiro semestre, a importación de combustibles desde A Coruña xa é moi similar á realizada en todo 2021. Iso eleva o peso relativo desta provincia que pasa a ocupar o primeiro lugar no ranking galego superando a Pontevedra.
- Lugo e Ourense mantéñense as pautas de 2021 e ante a carestía dos produtos, o valor das importacións, en ambos os casos, superará ás do ano anterior.

Que pasou coa contía de empresas galegas internacionalizadas?

- En 2020, a pesar dunha menor facturación no exportado, mantívose relativamente estable o número de sociedades que comercializaban no estranxeiro. Pola contra, en 2021, rexístrase un inusitado aumento no número de empresas na práctica totalidade de sectores destacando as manufacturas do consumo. Este empuxe non se freou no primeiro semestre de 2022.
- En 2020 aumentou o número de sociedades que importaban bens nos sectores fabricantes de bens de equipo e de manufacturas de consumo. En 2021 o salto de 13.696 empresas a 19.482, con crecementos espectaculares en todos os sectores, reflicte un aprovisionamento externo inusitado.
- A pandemia axudou á internacionalización do aparello produtivo galego. As circunstancias de 2022 parecen suxerir un retroceso neste impulso de buscar mercadorías de todo tipo nos mercados internacionais.

O comercio de Ucraína e Rusia con Galicia

- O peso relativo das exportacións galegas con Ucraína e Rusia roldaron en 2019 o 0,35% e o 0,53% respectivamente do total mentres que as importacións o fixeron nun 0,61% e un 1,33%. Estas porcentaxes, que variaron pouco en 2021, suxiren que o impacto directo do brusco freo no comercio en 2022 ha de ser moi baixo.
- As transaccións de maior contía son as importacións procedentes de Rusia debido, sobre todo, ás compras de combustibles minerais. Estas alcanzaron o seu máximo en 2011 e 2012 e logo estabilizáronse en cifras sensiblemente máis baixas.
- As exportacións galegas a ambos os países son en valor, salvo no caso de Ucraína en 2020, menores que as importacións e están menos concentradas. Este fluxo de comercio tamén practicamente desapareceu a partir de febreiro de 2022 e no caso de Ucraína centrábase en vehículos automóbiles, pesca e produtos químicos, mentres que desde Rusia se adquiría insecticidas e funxicidas, pezas de vestir de punto e máquinas e aparellos eléctricos.

Investimento Estranxeiro Directo (IED) recibido e emitido na pandemia

IED recibido

- A cifra de 2020 de 89,9 millóns de IED non supuxo unha caída descoñecida nesta variable, xa que resultados menores se obtiveron en 2014, 2015 ou 2018. Esta contía reflicte que Galicia, do mesmo xeito que o doutras comunidades autónomas non ten un excesivo tirón se se compara co atractivo de Madrid, que en 2020 alcanzou un IED de 18.496,5 millóns de euros, ou sexa, multiplica por 206 a que recibiu Galicia.
- A cifra tan raquítica de 2020 é o froito dun conxunto de pequenas operacións das que, en conxunto, só dous países achegaron máis de 30 millóns de euros, Reino Unido e México.
- Ao igual ao sucedido no conxunto da economía española, en 2021 o IED recibido por Galicia máis que duplicou o logrado en 2020. Persistiu a tradicional volatilidade motivada por investimentos puntuais.
- A orixe deste IED está en multinacionais xa instaladas en España que reinvesten os seus beneficios no propio país. Así, aproximadamente a metade do IED recibido en 2021 procede do territorio español do sector do comercio e da intermediación do peixe.
- En canto a 2022, os datos do primeiro semestre apuntan a unha forte desaceleración no fluxo investidor, o que podería cambiar si frutifican algunhas das operacións anunciadas ao amparo dos recursos achegados polas administracións públicas e, en particular, os fluxos procedentes dos fondos de resiliencia da Unión Europea.

IED emitido

- Na pandemia a traxectoria do IED emitido segue moi condicionada por as operacións do Grupo Pontegadea e por Inditex.
- O volume de investimento en 2020 non foi moi diferente ao dos anos precedentes debido a un investimento singular no sector do comercio polo miúdo de pezas de vestir, mentres que en 2021 houbo un descenso espectacular (os peores resultados dos últimos anos) máis debido a factores conxunturais sobre os investimentos inmobiliarios e comercio polo miúdo nun momento de pandemia. O fluxo recupérase plenamente no primeiro semestre de 2022.
- En 2020 o investimento estrela correspondente ao sector do comercio polo miúdo canalizouse a través dun clásico país intermediario, os Países Baixos. De non existir esa operación a cifra de IED reduciríase a algo máis de 300.000 euros, correspondendo a actividades inmobiliarias (aluguer de edificios) a maioría dos investimentos dirixidos a Reino Unido e a Luxemburgo (neste caso como país intermediario).
- Os parques resultados de 2021 susténtanse en operacións dirixidas cara a América do Norte, en concreto cara a Estados Unidos e Canadá na construción de edificios e actividades inmobiliarias.
- O fluxo desinvestidor nestes últimos anos en Galicia foi relativamente baixo comparándoo co investimento realizado.

O Igape e Gain ante a pandemia

O Igape

- O problema fundamental ao comezo da Covid foi a liquidez empresarial. Por iso incidíuse nas políticas de financiamento dirixidas cara á carteira de préstamos das sociedades galegas.
- Sendo a política de préstamos e avais a que mobilizou o maior apoio ao investimento, o Igape tamén realizou no primeiro momento da pandemia unha serie de actuacións específicas para que, dentro das posibilidades de cada empresa, conseguísese reestruturar a actividade produtiva para conseguir en Galicia a fabricación do equipamento necesario nese momento.
- O apoio ao investimento empresarial motivado pola pandemia estendeuse a dous sectores específicos, comercio e turismo (máis en concreto a hostalaría e a restauración), debido á urxente necesidade de ter que realizar un gasto extraordinario para a adaptación dos locais de negocio ás esixencias sanitarias. A maiores, a Administración Xeral do Estado articulaba no conxunto do Estado e, por tanto, con incidencia en Galicia as súas actuacións de urxencia para conseguir obxectivos similares.
- Tras o apoio ao acceso ao crédito das pemes, a segunda medida de maior impacto foi as axudas a proxectos de dixitalización para facer fronte á situación creada pola Covid-19. Estes últimos apoios dirixíanse á adquisición de equipos informáticos e outros equipamentos electrónicos, licenzas de software e os dispositivos de conectividade necesarios si traballábase na zona rural.
- O Igape neste período de pandemia mantivo o conxunto de liñas programadas e vixentes en exercicios anteriores ao amparo do marco de financiamento comunitario para 2014-2020, período que en realidade pode alcanzar até o 31 de decembro de 2023.
- A excepcionalidade na pandemia, en canto á disposición de fondos europeos, foi a creación dos fondos Next Generation EU, efectivos no período 2021-2024 pero que en realidade perdurarán até 2026.
- Nun contexto de incerteza, a Xunta deseñou unha oficina especial a través do Igape para a tramitación destes fondos e presentou un conxunto de 354 proxectos de cooperación público-privada, por unha contía de 19.698 millóns de euros, susceptibles de conseguir este financiamento. Actualmente, a totalidade destes fondos está xestionada pola administración central. A carteira existente de proxectos é elevada e o risco existente é que non se atope para moitos deles un acordo axeitado.
- Na articulación dos proxectos teñen unha especial relevancia os denominados Perte (Proxectos Estratéxicos para a Recuperación e Transformación Económica), actuacións de gran calado e cun especial arrastre. Son 11 os PErtes aprobados en España até finais de maio de 2022.
- A percepción xeral que se ten sobre os resultados dos Perte é dunha certa frustración, xa que o alcanzado até agora dista moito das expectativas anunciadas. A participación é moi baixa.
- Unha crítica que se pode formular aos Perte é que o seu deseño non se corresponde coa realidade do tecido produtivo.
- A sociedade Impulsa Galicia foi creada en 2021 pola administración autonómica, na que tamén participan Abanca, Reganosa e Sogama, coa finalidade, como xa se indicou

anteriormente, de canalizar os investimentos que se poderían realizar cos fondos europeos de recuperación.

- Xestionadas a través do Igape, en canto as actuacións da administración autonómica, son moi relevantes as iniciativas empresariais prioritarias declaradas ata mediados de decembro de 2022 polo Consello da Xunta de Galicia.
- O outro instrumento nos fondos Next Generation EU, xunto co Mecanismo para a Recuperación e a Resiliencia, é o React-EU. Estaba dotado na súa totalidade con 50.600 millóns de euros cos que se pretenden dar continuidade ás respostas iniciais adoptadas polos diferentes países ante a crise motivada pola pandemia.
- Neste período o Igape potenciou as axudas á internacionalización. Apréciase un significativo incremento nas mesmas ante o feito evidente de que nunca houbo tantas empresas importadoras e exportadoras en Galicia como neste último exercicio.

O Gain

- En 2020 Gain contaba cunhas liñas de axuda programadas previamente que se dirixían, por unha banda, ao apoio á investigación tanto de base como aplicada dirixida á captación de talentos, aos grupos de investigación das universidades galegas ou aos centros de coñecemento tanto públicos como privados e, polo outro, a facilitar a innovación tecnolóxica do tecido produtivo.
- Ante a pandemia e sobre a marcha deseñáronse un conxunto de actuacións tendentes a tentar axudar a resolver as novas situacións xurdidas coa crise sanitaria. Destacan o apoio aos proxectos de investigación galegos, a comercialización de solucións innovadoras para reducir o impacto da pandemia, e involucrar a empresas tecnolóxicas, universidades e a innovadores nun “hackathon para atopar solucións aos problemas derivados da crise da Covid-19”.
- Tamén en 2020, proporcionáronse axudas para poder participar nas diversas convocatorias abertas por outras entidades públicas ou privadas, modificáronse condicións dos programas vixentes e interrompéronse prazos de presentación.
- En 2021, xa con máis tempo para planificar as medidas necesarias para abordar a situación sanitaria, prestouse unha especial atención aos proxectos de I+D+i relacionados coa Covid e que contribuísen á transición dixital do sector produtivo galego.
- Os programas de 2022, Gain presenta un amplo abanico de axudas nun contexto no que se valora a I+D+i doutro xeito ao que se fixo na crise financeira de 2008, cando á hora de buscar onde se podía recortar o gasto público, a política tecnolóxica foi unha das principais candidatas.

Capítulo 1. Introducción

1.1. Perspectiva xeral

Cando en marzo de 2020 xurde a pandemia provocada pola Covid-19, a economía mundial estaba atravesando unha fase de desaceleración da actividade. Nese contexto, a rápida propagación dos contaxios por todo o mundo, provocou unha caída da actividade global sen precedentes nos últimos tempos. As medidas de confinamento, as restricións da mobilidade e da actividade xunto co incremento do desemprego e a caída do consumo, provocaron unha dupla perturbación de oferta e de demanda, cun impacto fortísimo na economía, manifestada nun afundimento do PIB mundial (-4,3%), que supuxo a maior contracción desde que existen rexistros.

Desde o inicio da pandemia, se sucederon varias vagas, de diferente intensidade. Concretamente, as seis vagas que se produciron dende marzo de 2020 ata marzo de 2022, supuxeron 10 millóns de contaxios en España e máis de 100.000 mortos. Este escenario cambiante, obrigou a modular as medidas adoptadas, tanto no ámbito sanitario, como as referentes á mobilidade ou ás políticas postas en marcha para mitigar os impactos das sucesivas vagas. Iso supuxo que a senda de recuperación posterior mostrara un perfil bastante volátil, condicionado polos devanditos factores.

Ademais da volatilidade que acompañou ao proceso de recuperación, os impactos da pandemia, foron moi diferentes por países. Por exemplo, Europa foi unha das zonas mais afectadas inicialmente, sendo España un dos países da UE, xunto con Italia, que sufriu una maior contracción na actividade económica. Ademais, no caso español, a heteroxeneidade dos impactos da Covid

-19 manifestouse claramente no ámbito sectorial e no rexional. As importantes diferencias existentes entre os efectos da pandemia nos sectores produtivos trasladouse ao ámbito das CC.AA., en función da súa especialización produtiva. Así, aquelas nas que as actividades cunha maior interacción social pesaban mais no *mix* sectorial, víronse, loxicamente, mais afectadas.

Como veremos ao longo deste traballo, a diferente intensidade dos impactos da pandemia, manifestouse tamén noutros ámbitos. Concretamente, as diferencias entre distintos colectivos do mercado laboral (traballadores autónomos vs. asalariados, traballadores con contrato temporal, traballadores mais novos, etc.) foron algunhas das mais relevantes.

Á hora de analizar os efectos que as diferentes perturbacións están tendo na economía, e oportuno separar os shocks provocados pola Covid-19, no período que, aproximadamente, transcorre entre o primeiro trimestre de 2020 e o primeiro de 2022, dos posteriores, asociados ao conflito bélico provocado pola invasión rusa de Ucraína en febreiro de 2022, no que aínda estamos inmersos.

Co obxectivo de mitigar os fortes impactos provocados pola Covid-19, a maioría dos países adoptaron importantes medidas de política económica, tanto no plano monetario como no fiscal, financeiro ou laboral. En claro contraste co acontecido na crise de 2007, a Unión Europea, puxo en marcha un amplo abano de medidas no curto prazo que complementou con outros instrumentos destinados á recuperación da actividade económica no medio prazo que fose coherente cun modelo de crecemento mais sostible.

Por unha banda, aprobouse un paquete de emerxencia extraordinario por valor de 750 mil millóns de euros (Programa de Compra de Emerxencia Pandémica ou PEPP), ata finais do 2020. No ano 2021 o importe do Programa do BCE acadaba 1.850 mil millóns de euros.

Complementariamente, a política fiscal marcou un punto de inflexión, cun orzamento que, máis alá da súa importante contía, asumiu por primeira vez que a financiación do mesmo se realizase a través da emisión de débeda conxunta. Esta decisión vai supoñer de xeito inequívoco un claro apoio ao proxecto europeo, nun momento moi crítico que viña precedido pola incerteza ocasionada polo Brexit, pouco antes de que se iniciara a pandemia. Consoante coas medidas fiscais, o BCE vai a dar prioridade tamén ao crecemento e á recuperación da actividade económica e do emprego, deixando nun segundo plano o tradicional obxectivo do control dos prezos.

No curto prazo, definíronse tres iniciativas, destinadas a: facer fronte aos gastos provocados pola crise (unha liña de préstamos do MEDE por un total de 250 mil millón de euros); financiar o desemprego (préstamos do SURE por 100.000 millóns de euros; e un fondo de garantías empresariais financiado polo Banco Europeo de Investimentos (BEI).

Poren, as medidas de mais calado foron as establecidas pola Comisión Europea coa creación dun novo instrumento, os Fondos Next Generation EU, por un importe de 750 mil millóns de euros, para financiar os gastos da recuperación. Deste fondo, 360 mil millóns serán préstamos reembolsables e os restantes 390 mil millóns serán transferencias non reembolsables. Dos programas que abarca, o máis relevante é o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (MRR), con recursos que non só se destinarán a apoiar a recuperación económica, máis tamén para executar reformas de calado que permitan consolidar un modelo de crecemento sostible que faga fincapé na descarbonización e na dixitalización da economía. Para recibir os fondos os países deberán presentar un programa nacional de investimentos e reformas.

No caso español, co obxectivo último de que un shock intenso, pero transitorio, como o provocado pola pandemia, non tivera efectos permanentes na economía española, o Goberno articulou un importante paquete de medidas de política económica dirixidas a paliar fundamentalmente os impactos sobre o emprego e as rendas dos fogares máis vulnerables, por unha banda, e a actividade das empresas, pola outra.

Respecto dos primeiros, os Expedientes Temporais de Regulación do Emprego (ERTES), foron o principal instrumento para suavizar o incremento do desemprego, protexer as rendas laborais e preservar o capital humano e, polo tanto, a produtividade de cara á recuperación económica. Esta medida, ou similares, tivo un papel determinante na crise da Covid-19, e foi posta en marcha pola maioría dos países europeos. Adicionalmente, se estableceron axudas para os autónomos, que foi un colectivo especialmente golpeado pola crise.


Por outra banda, a través do ICO, o Goberno creou unha liña de avais para empresas e autónomos de 100.000 millóns de euros, para facer fronte as súas necesidades de liquidez. Ademais, estableceu o aprazamento do pago de impostos para as pemes e a bonificación das cotas á Seguridade Social dos traballadores afectados polos ERTE.

Neste contexto, o impacto das medidas fiscais nas contas públicas foi importante, cun crecemento substancial do endebedamento. A ratio débeda pública/PIB, que acadaba o 98% en 2019, subiu ata o 120% en 2020, para descender ao 118% en 2021, porcentaxe similar ao observado en setembro de 2022.

Os efectos económicos da Covid-19 en España xa aparecen reflectidos no comportamento do PIB no primeiro trimestre de 2020, aínda que a maior caída interanual vaise a dar no segundo trimestre, cando se produce o confinamento, -21,9%, unha das maiores observadas nas economías avanzadas e 7 pp máis que a media da zona euro. Nos trimestres sucesivos se suavizan as caídas ata que no segundo trimestre de 2021 o PIB español rebota cun incremento do 17,8%, superando en 3 pp á eurozona. A partir dese momento, o crecemento do PIB suaviza o seu perfil, ata acadar o 3,8% no terceiro trimestre de 2022, o que representa unha clara desaceleración respecto dos trimestres precedentes e no que os impactos derivados da guerra de Ucraína empezan a manifestarse con claridade.

Tanto na forte contracción sufrida polo PIB ao longo de 2020, como na posterior recuperación en 2021, o protagonismo vai a corresponder a demanda nacional fronte a demanda externa. Poren, no ano 2022 será a demanda externa a que faga unha maior contribución ao crecemento do PIB.


Gráfico 1



Fonte: IGE, INE e Eurostat

Nunha perspectiva temporal mais ampla, o gráfico 2, permite visualizar a diferente duración e intensidade da crise de 2008, asociada a burbulla inmobiliaria, e a da crise provocada pola Covid-19. Tanto a diferente orixe das mesmas, como as distintas políticas implementadas en cada caso, explican os perfís temporais e as consecuencias que tiveron, en termos de destrución de tecido produtivo, desemprego e perda de benestar.

Gráfico 2



Fonte: IGE, INE e Eurostat

En 2020, o PIB de España reduciuse un 11,3%, mostrando un dos resultados máis desfavorables das economías avanzadas. Coa excepción do consumo público, que creceu un 3,5% os restantes compoñentes da demanda interna sufriron fortes caídas (-13,2% a formación bruta de capital e -12,2% o consumo das familias). Tamén a demanda externa contribuíu con case 2 pp a contracción do PIB.

O proceso de recuperación da actividades en 2021 recóllese nun aumento do PIB do 5,5%, debido basicamente ao tirón da demanda interna. Poren, o crecemento de todos os seus compoñente xunto co da demanda externa, non compensa a forte contracción do exercicio anterior.

De feito, entre os países europeos, soamente España xunto con Eslovaquia e a República Checa, aínda non acadaron o nivel do PIB previo a pandemia. E no caso español, as previsións apuntan a que o recupere no segundo semestre de 2023.

No primeiro trimestre de 2022 vanse solapar os efectos derivados da vaga asociada á variante do omicrón, xa en clara desaceleración, co inicio da invasión de Ucraína por parte de Rusia. Esta última vai ter graves consecuencias de diferente natureza entre as cales, as de tipo económico e enerxético, alterarán radicalmente o escenario de recuperación previsto para ese exercicio. Neste período, o comportamento das economías, a española e a galega entre elas, virá condicionado polos efectos derivados dunha pandemia en claro retroceso e normalización progresiva da actividade, xunto coas perturbacións e a incerteza asociadas á guerra de Ucraína.

Así, no terceiro trimestre de 2022, xa se observa unha certa desaceleración do PIB español. En termos interanuais, crece un 3,8% fronte ao 6,7% de primeiro trimestre. Tanto o gasto dos fogares, como a formación bruta de capital mostran unha importante ralentización e as exportacións de bens e servizos, aínda que crecen un 18%, representan 5pp menos que no

trimestre precedente. Desde a óptica da oferta, todos os macrosectores reducen o seu crecemento, sendo as ramas de Servizos, e concretamente, as de Comercio, transporte e hostalería, as que exhiben, en termos relativos, un mellor comportamento. Non obstante, cos datos provisionais do cuarto trimestre, na maioría das previsións estase a producir unha revisión a alza e o crecemento do PIB en 2022 pode situarse no entorno do 4,6-5%, un crecemento moi superior a media da UE. E esas mesmas previsións indican unha forte desaceleración da actividade en 2023.


Coa guerra de Ucraína, as dificultades para o abastecemento dalgúns inputs e as distorsión das cadeas de valor aumentaron o que, xunto co incremento dos costes enerxéticos, vai a provocar importantes tensións inflacionistas que gañarán protagonismo respecto do escenario previo, asociado á pandemia. Entre outro efectos, os cambios na política monetaria e nas condicións financeiras acentuaron o seu ritmo ao longo de 2022.

En relación co comportamento dos prezos, o impacto da Covid-19 foi deflacionista en 2020, cunha taxa de inflación media anual do -0,3%. A pesar dos problemas nas cadeas de produción que podían xerar tensións nos prezos, a forte caída da actividade e a dos prezos dos produtos enerxéticos, foron a causa fundamental que explica a evolución do IPC nese exercicio.

Porén, a confluencia de diversos factores en 2021, vai a explicar como se pasa desde xaneiro, cun IPC do 0,5% ao 6,5% en decembro. A recuperación económica en 2021, xunto cunha política monetaria laxa iniciada no exercicio anterior, con baixos tipos de xuros e grandes compras de activos por parte dos bancos centrais, a subida dos prezos dos produtos enerxéticos e as disrupcións nas cadeas de valor cos conseguíntes impactos nos prezos industriais e nos dos alimentos, explican e boa medida as tensións inflacionistas de ano 2021. No ano seguinte, estas tensións nos prezos agudizaranse como consecuencia do encarecemento adicional da enerxía e novas distorsións nas cadeas globais de valor derivadas da guerra de Ucraína.

O gráfico 3 recolle ese aumento das tensións inflacionistas que, desde o seu inicio, mostran incrementos no IPC lixeiramente maiores en Galicia que no conxunto do Estado. Con todo, nos derradeiros meses estase observando unha desaceleración importante no crecemento dos prezos en ambos territorios.

Gráfico 3



Fonte: INE

A crise da Covid-19 tivo, ademais, importantes efectos en ámbitos tan relevantes, como o mercado de traballo ou o comercio exterior. No primeiro caso, os impactos asociados aos confinamentos, a redución da mobilidade ou a utilización xeneralizada dos ERTES, tiveron consecuencias inmediatas no normal funcionamento dos mercados laborais que se analizan en detalle no seguinte capítulo. O mesmo sucede cos fluxos de mercadorías, que tamén se abordan noutro capítulo específico deste traballo.

1.2. A economía galega durante a pandemia

A intensidade dos shocks provocados pola Covid-19 na economía galega a partir de marzo de 2020, reflexase en primeira instancia, na forte caída do PIB sufrida nese exercicio. En 2019 a economía galega xa atravesaba unha fase de desaceleración na actividade, materializada nun crecemento do PIB do 1,1% que foi seguido por unha fortísima contracción en 2020, -8,9%. Esta caída produciuse a partir do confinamento de marzo e manifestouse con especial intensidade no segundo trimestre do ano (-17,9%), no que todos os compoñentes da demanda (excepto os gastos das AA.PP.) e todos os macrosectores sufriron importantes contraccións, de máis de dous díxitos.


Como reflexa o gráfico 1, o comportamento do PIB de Galicia no ano 2020 caracterizouse por sufrir unha redución claramente superior á da Eurozona (-8,9% fronte a -5,7%) pero inferior á media española (-11,3%). Non obstante, a recuperación do ano 2021 vaise traducir nun incremento do PIB galego lixeiramente inferior ao de España e ao da Eurozona. Nos tres trimestres que levan transcorridos de 2022, o crecemento do PIB galego sitúase tamén por debaixo do observado no conxunto do Estado. Tanto no caso galego como no español, aínda non se ten recuperado o PIB de 2019. Como xa comentamos, as previsións sitúan no segundo semestre do 2023 a consecución dese obxectivo no caso de España, mentres que o goberno galego espera acadalo na primeira metade dese ano.

En termos de converxencia, os últimos datos da Contabilidade Rexional do INE, indican que o PIB per capita de Galicia representa en 2021 o 92% do español e o 75% do da UE-27. Como ven sendo habitual, debido ao papel xogado polas transferencias e o papel requilibrador do Estado de Benestar, a Renta bruta dos fogares per cápita de Galicia no 2020 (último dato dispoñible), supoñía o 95,8% da media estatal, reducindo o diferencial existente en termos de PIB per cápita.

Como xa comentamos, o impacto da pandemia foi tamén desigual por CC. AA., xogando un papel fundamental na explicación destas diferenzas o *mix* sectorial de cada una delas, dado que os ceses de actividade e as caídas da demanda foron moi distintas por ramas produtivas. O exemplo máis inmediato é o relativo ao impacto que tivo a Covid-19 naquelas zonas nas que o turismo e a hostalería concentraban unha boa parte da actividade económica.

Así, como se pode observar no gráfico 4 (Funcas), no ano 2020 foron as Illas Baleares e Canarias as comunidades autónomas que rexistraron caídas máis fortes do PIB. Entre as dezasete, seis tiveron un comportamento menos negativo que Galicia e outras dez mostraron caídas máis fortes do PIB. Nos dous exercicios seguintes, como xa comentamos, o crecemento da economía galega foi menor, confirmando o que ten acontecido en ciclos anteriores: caemos menos nas fases recesivas, pero crecemos menos nos períodos expansivos.

Gráfico 4



Fonte: Funcas

No ano 2020, se analizamos o comportamento do PIB desde a perspectiva da demanda, a formación bruta de capital e o gasto dos fogares, lideraron esa caída, mentres que a freada sufrida polas exportacións superou á das importacións. Soamente os gastos das administracións públicas experimentaron un crecemento substancial, consoante coas medidas adoptadas fronte a crise. Por trimestres, o segundo foi, por razóns obvias, o que mostrou un balance máis negativo, se ben tanto o terceiro como o cuarto seguiron mostrando un saldo moi desfavorable (coa excepción do sector exterior, que mostrou unha lixeira recuperación).

Cadro 1

Evolución dos compoñentes do PIB en Galicia
Taxa de variación interanual (en %)

	2019	2019-1T	2019-2T	2019-3T	2019-4T	2020	2020-1T	2020-2T	2020-3T	2020-4T	2021	2021-1T	2021-2T	2021-3T	2021-4T	2022	2022-1T	2022-2T
Demanda																		
Gasto en consumo final	-1,4	-1,8	-1,0	-1,6	-1,4	-7,2	-5,0	-16,6	-3,8	-3,4	3,7	-0,4	15,1	0,5	0,5	1,0	0,0	
Gasto dds fogares e ISFLSF	-2,5	-2,2	-2,3	-3,1	-2,3	-11,4	-8,2	-22,6	-6,3	-8,2	4,2	-1,8	19,0	-0,4	1,9	2,5	1,8	
Gastos das AA.PP.	1,8	-0,5	3,1	3,3	1,2	4,8	4,7	0,9	3,0	10,4	2,7	3,4	6,5	3,0	-2,9	-2,5	-4,4	
Formación bruta de capital	3,7	7,9	5,0	2,7	-0,7	-11,8	-8,2	-23,9	-8,5	-6,3	1,1	-2,5	15,6	-3,5	-3,1	-2,6	0,4	
Exportación de bens e servizos	0,6	1,8	-4,6	1,7	3,7	-5,8	-0,8	-23,7	2,3	-1,7	9,9	4,7	38,0	-0,7	4,7	4,0	7,3	
Importación de bens e servizos	-2,5	-3,0	-6,6	-1,1	0,8	-4,0	-3,2	-23,7	-6,0	4,5	6,5	8,3	36,8	-6,9	-4,3	-4,1	-0,3	
Oferta (VAB)																		
VEB. Agricultura, gandería, silvicultura e pesca	0,2	1,6	-0,4	0,0	-0,6	-3,9	-2,7	-3,1	-3,7	-5,9	-0,5	-3,3	-0,9	0,1	2,7	1,3	-0,7	
VEB. Industria	-6,9	-4,6	-8,3	-8,5	-6,2	-9,2	-6,3	-20,9	-4,6	-5,1	4,1	0,5	17,7	0,8	-0,3	-4,3	1,2	
VEB. Industria manufacturera	0,0	-1,5	-1,2	2,0	0,8	-10,4	-4,1	-27,8	-5,4	-4,5	6,1	-0,5	26,5	-0,3	1,8	1,4	4,7	
VEB. Construción	5,8	7,8	6,9	5,7	2,8	-9,4	-3,2	-19,3	-7,2	-7,7	-2,4	-7,0	8,3	-4,9	-4,3	-1,7	0,0	
VEB. Servizos	2,9	3,8	3,0	2,7	2,0	-8,8	-3,7	-17,8	-6,5	-7,3	6,6	-2,5	17,5	4,9	7,8	8,6	6,5	
PIBgm	1,1	2,4	1,1	0,7	0,3	-8,9	-4,3	-17,9	-6,4	-7,0	5,2	-2,4	16,0	3,5	5,1	5,1	4,4	

Fonte: IGE

Polo lado da oferta, a paralización da actividade impactou en todos os macrosectores, aínda que con desigual intensidade. A industria manufacturera foi a máis afectada (-10,4%) e o sector primario o que mostrou unha menor caída (-3,9%). Tanto a construción como os servizos

mostraron taxas negativas próximas á da industria. Despois das importantes caídas observadas no segundo trimestre, nos seguintes se ralentizaron, especialmente no terceiro.

O panorama cambiou sensiblemente ao longo do 2021, a pesar das sucesivas vagas da pandemia. O PIB subiu un 5,2% e todos os compoñentes da demanda volveron a mostrar taxas de crecemento positivas. O consumo dos fogares mostrou un notable aumento (4,2%) fronte a débil recuperación mostrada pola formación bruta de capital (1,1%). Tamén o comercio co exterior recuperouse con forza, cun importante incremento das exportacións (9,9%) e das importación (6,5%).


A intensidade da recuperación foi máis desigual desde a óptica sectorial. Os servizos e a industria manufacturera lideraron o crecemento da actividade, mentres que a construción e o sector primario continuaron en taxas negativas, se ben con valores moi inferiores aos do exercicio anterior. Desde unha perspectiva temporal, destacar o forte crecemento interanual do PIB no segundo trimestre (16%), froito en boa medida da intensa contracción sufrida polo mesmo un ano antes.

No primeiro trimestre do ano 2022 produciuse unha forte caída dos contaxios e a volta progresiva a normalidade pero iniciouse a guerra de Ucraína (24 febreiro), o que vai a supoñer un factor adicional de forte inestabilidade, cuxas consecuencias estamos a vivir na actualidade e que obrigou a revisar á baixa todas as previsións de crecemento feitas anteriormente. Así, nos dous primeiros trimestres o crecemento do PIB experimentou taxas practicamente iguais a do IV trimestre de 2021 (5,1%), pero no terceiro xa se observa un crecemento sensiblemente inferior (2,5%). Con todo, como xa comentamos para a economía española, o comportamento da actividade no conxunto do ano foi mellor do que apuntaban esas previsións revisadas como consecuencia da guerra en Ucraína.

No mercado de traballo, a pandemia tivo importantes efectos de diferente natureza. A Covid-19, co confinamento e as restricións a mobilidade por unha banda, e coas medidas postas en marcha, pola outra, alterou radicalmente o funcionamento do mercado laboral, especialmente en 2020. Ademais dos efectos derivados desas medidas, especialmente dos ERTES, en xaneiro de 2022 ponse en marcha a Reforma Laboral que tamén terá consecuencias inmediatas no mercado de traballo. O capítulo seguinte aborda todas esas transformacións en detalle. Sinalar unicamente que, tanto en termos de poboación activa, como de emprego e paro, os impactos iniciais da Covid-19 foron superados e o balance global, con todas as matizacións que require este novo escenario, mostra en 2022 uns resultados que melloran lixeiramente a situación previa á pandemia. Concretamente, si falamos de emprego, dito balance e certo sempre que o fagamos en termos de número de traballadores. Non obstante, cando medimos o emprego en número total de horas traballadas, aínda non recuperamos o nivel previo á pandemia.

En relación co comercio exterior de Galicia, a importante caída en 2020 dos fluxos de exportacións (-5,9%) e importacións (-15,8%), foi seguida dunha clara recuperación ao longo de 2021, no que as exportacións crecen un 20,6% e as importacións un 19,9% (Gráfico 5). O estudo desagregado que se recolle no capítulo de comercio exterior, analiza os cambios producidos na estrutura do comercio por países e por produtos durante a pandemia. A guerra de Ucraína vai a alterar de novo a normalización do comercio que se estaba a producir, especialmente no comercio de produtos enerxéticos.

Gráfico 5



Fonte: DataComex. Ministerio de Industria, Comercio e Turismo.

Ao longo dos capítulos seguintes, levase a cabo unha análise pormenorizada dos efectos máis relevantes da Covid-19 na economía galega. Ademais do mercado laboral e do comercio exterior, abordase o estudo dos principais sectores produtivos nos que a información estatística máis relevante se complementa coa información que se obtivo nas entrevistas realizadas a clústeres e empresas.

Capítulo 2. Mercado de traballo

2.1. Trazos básicos

Os impactos provocados pola pandemia na actividade económica e no tecido produtivo tiveron un reflexo inmediato no mercado laboral. Porén, á hora de analízalo é inevitable ter en conta, tanto as medidas adoptadas para facer fronte aos efectos derivados do confinamento e a paralización dunha boa parte das actividades, como as repercusións de ambos no funcionamento normal do mercado laboral e da mobilidade asociada ao mesmo.

Por un lado, como ten subliñado o INE, os métodos tradicionais de busca de emprego, quedaron temporalmente interrompidos debido ao confinamento da poboación e a paralización de moitas actividades e o peche de empresas. En termos dos criterios estatísticos que se utilizan, isto supuxo que moitos parados se clasificaran como inactivos, por non cumprir algunha das condicións requiridas pola definición de parado (busca activa de emprego e dispoñibilidade para traballar). Polo tanto, co inicio da pandemia e o confinamento, vaise producir un incremento da poboación inactiva, en detrimento do número de parados. Este fenómeno de enmascaramento “estatístico” do desemprego provocado pola Covid-19, foi especialmente importante na fase inicial da pandemia, e foi perdendo forza paulatinamente coa desescalada e a recuperación das condicións previas á crise.


Por outro lado, outro factor importante que amortiguou os impactos da pandemia no mercado laboral, foi a utilización dos ERTES como mecanismo de protección do emprego. A suspensión temporal dos contratos ou a redución do tempo de traballo de parte ou da totalidade dos cadros de persoal das empresas, impediu un incremento masivo do desemprego, ao tempo que permitía manter as rendas dos traballadores afectados. Os traballadores afectados por ERTES, clasifícanse como ocupados (OIT, EUROSTAT), co conseguinte efecto nas series estatísticas de emprego que mostraron unhas fluctuacións moi suavizadas debido ao recurso masivo aos ERTES nos peores momentos da pandemia.

En consecuencia, o estudo do comportamento do mercado laboral durante este período ten que ter en conta, na medida en que a información dispoñible o permite, os efectos mencionados. De non ser así, ofreceríamos unha visión distorsionada do mesmo, que non se correspondería coa evolución mostrada polo resto das macromagnitudes básicas, que reflexan a intensidade dos impactos derivados da pandemia.

No gráfico 6, pódese apreciar como o perfil do emprego, medido pola Enquisa de Poboación Activa (EPA) é moito máis suave co mostrado polo emprego medido polos postos de traballo equivalentes a tempo completo. Concretamente, no peor momento da pandemia, existe unha forte diferenza entre a caída do PIB e a do emprego EPA, algo que non aconteceu na crise anterior, na que as fluctuacións de ambas variables están moito máis acompañadas. O mesmo se observa nas fases de recuperación anteriores a crise da Covid-19.

En contraposición, o emprego medido polas postos de traballo equivalentes a tempo completo, na medida en que ten en conta o número de horas traballadas, mostra un perfil moi similar ao do PIB, tanto na forte contracción de 2020, como na posterior fase de reactivación económica.

Gráfico 6



Fonte: INE, IGE

Cadro 2

Indicadores básicos do mercado de traballo en Galicia (miles de persoas)

	2019	2020	2021	2022*
Poboación inactiva	1.094,2	1.118,1	1.112,7	1.099,7
Poboación activa	1.241,1	1.220,9	1.228,2	1.241,9
Ocupados	1.095,2	1.074,2	1.085,1	1.103,4
Parados	145,9	146,7	143,1	138,4

* Media dos tres primeiros trimestres

Fonte: IGE-INE. Enquisa de poboación activa.

Os indicadores básicos do mercado de traballo da EPA, recollidos no Cadro 2, ofrecen unha visión preliminar do acontecido no período obxecto de estudo.

Por unha banda, mentres que a poboación inactiva na crise de 2008 experimentou unha caída (sen chegar a recuperar o nivel dese exercicio nos doce anos seguintes), no ano 2020 prodúcese un crecemento que, en boa medida, ven explicado polas distorsións que as características específicas da crise da Covid-19, asociadas ao confinamento e ao peche da actividade, provocan á hora de computar os parados e os inactivos. Como se pode observar no Cadro 2, a medida que a situación se vai normalizando en 2021 e 2022, o número de inactivos diminúe.

Por outra banda, o comportamento da poboación activa mostra caídas nos anos da pandemia e recupera o nivel pre-Covid en 2022. Ese perfil relativamente estable non fai máis que reflexar o comportamento mostrado polo emprego e o paro.

Así, o emprego medido pola EPA mostra unha estabilidade que contrasta fortemente coa evolución do PIB, como xa comentamos, Este último sufriu unha forte caída en 2020 (-8,9%) mentres que o emprego o fixo soamente nun 1,9%. O recurso aos ERTES, que analizamos en detalle máis adiante, explica en boa medida, esta discrepancia e a evolución posterior.


Neste contexto, o desemprego a penas creceu en 2020. O comportamento da poboación activa, así como os ERTES por un lado, e a clasificación dalgúns parados como inactivos por outro, explican a estabilidade, que tamén se observa en 2021; unicamente en 2022, parece iniciarse unha certa redución do paro en Galicia.

Nos epígrafes seguintes afondamos, desde unha perspectiva máis desagregado, nos efectos provocados no mercado laboral pola pandemia.

2.2. Poboación activa

A poboación activa sufriu unha caída considerable no segundo trimestre de 2020, o do confinamento, que foi seguida por unha paulatina recuperación que, no terceiro trimestre de 2022, xa permite superar a cifra do ano previo ao Covid. Por sexos, aínda que a caída ao longo de 2020 foi máis intensa no caso das mulleres, a recuperación posterior fixo que no terceiro trimestre de 2022 o balance en termos relativos fose lixeiramente mellor co dos homes.

Gráfico 7




Fonte: EPA-INE.

A evolución da taxa de actividade neste período, tamén reflexa ese comportamento relativamente regular, coa excepción do período de confinamento. Así, en 2019 a taxa acadaba o 53,1% (5 puntos por debaixo da media estatal), superando a dos homes en 8,5 puntos á das

mulleres. No segundo trimestre de 2020 a taxa caeu dous puntos pero a recuperación posterior permite superar lixeiramente no terceiro trimestre de 2022 a taxa de actividade de 2019, reducíndose levemente neste período o diferencial por sexos.


Gráfico 8



Fonte: EPA-INE.

A caída da taxa de actividade xuvenil (16 a 29 anos) durante o confinamento foi bastante mais intensa (5,4 puntos), acadando o valor mínimo no primeiro trimestre de 2021 (41,7%). A partir de aí o proceso de recuperación levou a que no terceiro trimestre de 2022 practicamente se acadasen os valores previos á pandemia. Subliñar que o diferencial existente entre as taxas masculina e feminina é sensiblemente inferior no caso do colectivo xuvenil en comparación coas taxas do conxunto da poboación en idade de traballar.

Gráfico 9




Fonte: EPA-INE.

2.3. Emprego

O ano 2019 rematou cun total de 1.096.000 empregos en Galicia. No segundo trimestre de 2020 a cifra reduciuse en 45.000 postos de traballo, ata acadar un total de 1.050.400. A pesar das flutuacións exhibidas nas sucesivas ondas da pandemia, no terceiro trimestre de 2022 acadouse unha cifra de ocupación que superou a do ano 2019. Concretamente, os 1.113.800 ocupados superan en 8.000 aos correspondentes ao mesmo trimestre de 2019.

Por sexos, tanto o emprego masculino como o emprego feminino remataron 2021 recuperando o emprego perdido nos dous anos de pandemia. Pero nos últimos trimestres de 2022, o emprego das mulleres mostra un mellor comportamento co dos homes.

Gráfico 10




Fonte: Elaboración propia a partir de EPA-INE.

A taxa de ocupación, tamén experimentou suaves flutuacións en todo o período. A taxa galega, 46,9% no cuarto trimestre de 2019 (51,4% a española), baixou 2pp no trimestre do confinamento para iniciar a recuperación posteriormente ata situarse no terceiro trimestre de 2022 lixeiramente por riba da taxa pre-Covid. En todo este período situouse entre 3 e 4pp por debaixo da taxa de emprego do conxunto do Estado.

Como se pode observar no gráfico 11, a taxa de ocupación masculina mantivo o seu diferencial positivo respecto da feminina. Si no cuarto trimestre de 2019 dito diferencial ascendía a 9 pp, o mesmo mantívose ata finais de 2021, reducíndose lixeiramente en 2022, debido ao mellor comportamento relativo do emprego feminino neste exercicio.


Gráfico 11



Fonte: EPA-INE.

Un ámbito no que as diferencias en relación co comportamento do emprego si foron moi importantes foi no sectorial. Moitas ramas de actividade, ben por estar sometidas a unha maior interacción social, ben porque sufriron en maior medida os problemas de abastecemento de inputs e materias primas ou ben porque non estaban relacionadas coa provisión de bens e servizos esenciais, experimentaron perdas de emprego máis importantes. A desagregación por ramas de actividade recollida no cadro 3, en comparación coa estabilidade do emprego a nivel agregado, mostra diferencias acusadas por ramas, tanto no bienio 2019-2021, como no ano 2022. Así, mentres que a taxa de variación do emprego total no período da pandemia foi do -0,9%, apreciase unha heteroxeneidade moi elevada nas taxas de crecemento por ramas, oscilando entre o -40% da industria do téxtil, coiro e calzado, e o 19,6% na rama de actividades inmobiliarias, financeiras e de seguros. No que leva transcorrido de 2022, cun crecemento medio da ocupación do 1,7% as diferencias continúan sendo importantes, aínda que non tan acusadas.

Gráfico 12



Fonte: EPA-INE.

Se poñemos o foco no período inicial, a perda de emprego asociada ao confinamento está concentrada no sector servizos. Segundo a EPA, entre o cuarto trimestre de 2019 e o segundo trimestre de 2020 a ocupación total reduciuse en 46.000 persoas, das cales, a gran maioría foron no sector servizos. E dos 43.000 empregos perdidos neste sector, unha boa parte corresponderon as ramas de hostalaría, comercio, transportes, actividades profesionais e actividades artísticas, recreativas e de entretemento. A nivel agregado, no conxunto do ano, as perdas de emprego se concentran nos servizos mentres que os restantes macrosectores mostraron taxas positivas.

Ademais das variacións sectoriais do emprego, tamén foi moi relevante a variación das horas traballadas. Así, por exemplo, no segundo trimestre de 2020, practicamente o 25% dos ocupados en España traballou menos horas das habituais por estar baixo algún tipo de ERTE, mentres que a cifra caeu ao 4,2% no último trimestre. Por ramas, como sucedeu no conxunto do Estado, a hostalaría foi a rama máis afectada en Galicia pola redución das horas en 2020, cunha caída do 31,2% nas horas semanais traballadas, fronte a unha caída media do 9,8%, segundo a EPA. Outras ramas cunha redución das horas traballadas por riba da media foron a industria manufacturera, a construción e o comercio.

Cadro 3

Evolución do emprego por ramas de actividade

	Miles			TVI (%)	
	2019	2021	2022*	2021/2019	2022*/2021
Agricultura e pesca	66,7	67,3	65,1	0,9	-3,3
Agricultura, gandería, caza e silvicultura (01, 02)	49,9	47,1	46,3	-5,6	-1,7
Pesca e acuicultura (03)	16,8	20,3	18,8	20,8	-7,6
Industria	179,4	170,7	169,0	-4,8	-1,0
Industrias extractivas (05-09)	4,4	4,1	3,4	-6,8	-17,1
Industria manufacturera (10-33)	164,8	155,3	157,6	-5,8	1,5
Industria da alimentación, bebidas e tabaco (10-12)	41,8	41	43,0	-1,9	5,0
Industria téxtil do coiro e do calzado (13-15)	12,5	7,5	8,6	-40,0	14,2
Industria da madeira, papel e mobles (16, 17, 31)	17,1	15	14,1	-12,3	-5,8
Metalurxia e produtos metálicos, electrónicos, eléctricos e maquinaria (24-28)	32,4	30,2	32,2	-6,8	6,7
Fabricación de material de transporte e grandes reparacións industriais (29, 30, 33)	39,1	38,2	35,1	-2,3	-8,0
Resto da industria manufacturera (18-23,32)	21,9	23,2	24,5	5,9	5,6
Energía, subministro de auga e xestión de residuos (35-39)	10,1	11,3	8,0	11,9	-29,5
Construción	70,1	72,7	74,8	3,7	2,9
Servizos	778,9	774,4	794,6	-0,6	2,6
Comercio por xunto e ao retalho; reparación de vehículos de motor e motocicletas (45-47)	170,4	169	176,6	-0,8	4,5
Transporte e almacenamento (49-53)	47,9	52,3	54,0	9,2	3,3
Hostalaría (55, 56)	81,9	64	69,9	-21,9	9,2
Actividades de información, financeiras, inmobiliarias e profesionais (58-82)	152,4	158,2	165,9	3,8	4,9
Información e comunicacións (58-63)	28	29	34,6	3,6	19,3
Actividades inmobiliarias, financeiras e de seguros (64-68)	22,4	26,8	26,4	19,6	-1,6
Actividades profesionais, científicas e técnicas (69-75)	55,9	57,8	57,0	3,4	-1,3
Actividades administrativas e servizos auxiliares (77-82)	46	44,6	47,9	-3,0	7,4
Administración pública e defensa; seguranza social obrigatoria (84)	69,9	71,2	68,6	1,9	-3,7
Educación (85)	69,3	71,8	71,4	3,6	-0,6
Actividades sanitarias e de servizos sociais (86-88)	105,3	109,3	109,9	3,8	0,5
Resto de servizos (90-99)	81,8	78,6	78,4	-3,9	-0,3
Actividades artísticas, recreativas e de entretemento (90-93)	23,3	19,5	19,1	-16,3	-2,2
Resto de servizos (94-99)	58,6	59,2	59,3	1,0	0,1
Total	1095,2	1085,1	1103,5	-0,9	1,7


* Media dos tres primeiros trimestres

Fonte: IGE-INE. Enquisa de poboación activa.

Cando comparamos a taxa de ocupación dos traballadores mais novos coa taxa total, observamos como o colectivo de 16-29 anos foi especialmente castigado pola pandemia. Así, mentres que a taxa de emprego total, no segundo trimestre de 2020 descendía 2 pp respecto do cuarto de 2019, no caso do emprego xuvenil a perda ascendía a 6,4 pp, situándose 12 pp por

debaixo da taxa de emprego total. E mentres esta última recuperaba o valor previo á pandemia xa no terceiro trimestre de 2021, un ano máis tarde, a taxa de emprego xuvenil aínda se situaba por debaixo do seu valor previo á crise da Covid-19. Noutras palabras, o axuste no emprego afectou con moita máis forza ao colectivo dos traballadores máis novos.


Gráfico 13



Fonte: EPA-INE-IGE.

Si desagregamos por nivel de estudos, o primeiro a destacar é a forte diferenca existente entre as taxas de ocupación, diferencias que xa existían antes da pandemia e que, en liñas xerais, sufriron poucas modificacións. Ao longo do período o colectivo que mostrou unha taxa de ocupación máis estable foi o correspondente ao emprego con estudos primarios que é o que ten unha menor taxa de ocupación. Nos segmentos con niveis educativos máis elevados, no trimestre do confinamento producíronse caídas de 3-4 pp nas taxas de ocupación respecto do cuarto trimestres de 2019. Na fase posterior de recuperación, tanto aqueles con educación superior, como con educación secundaria de segunda etapa foron aproximándose as taxas de ocupación que tiñan antes do inicio da pandemia, se ben non acadaron aínda eses valores. Isto non aconteceu co colectivo con estudos de educación secundaria de primeira etapa que no terceiro trimestre de 2022 mantiña un diferencial de 5 pp respecto da taxa de ocupación pre-Covid.

Gráfico 14



Fonte: EPA-INE-IGE.

Cando temos en conta a evolución do emprego por situación profesional, en termos relativos, as maiores caídas no trimestre do confinamento, corresponderon aos empresarios con asalariados, aos asalariados do sector privado e aos autónomos. Soamente os asalariados do sector público exhibiran una taxa de crecemento positiva. Nos dous anos que transcorren entre o cuarto trimestre de 2019 e o de 2021, todos os colectivos melloran a situación excepto os autónomos, escenario que se consolida no terceiro trimestre de 2022, no que todos os segmentos igualan ou melloran o emprego previo á pandemia, salvo os autónomos que ven reforzada a súa caída respecto do cuarto trimestre de 2019 (-7,9%). Esta caída concentrábase exclusivamente nos homes.

Cadro 4

Emprego por situación profesional				
	2019	2020	2021	2022 *
Empresario con asalariados	65,7	63,4	68,4	67,8
Autónomos	143,6	135,9	133,0	128,9
Asalariado do sector público	187,4	195,2	199,3	193,4
Asalariado do sector privado	691,0	673,4	677,1	707,7
Outros	7,5	6,3	7,3	5,7
Total	1.095,2	1.074,2	1.085,1	1.103,5


* Media dos tres primeiros trimestres

Fonte: EPA.

Na análise da evolución do emprego por tipo de contrato, emerxen unhas tendencias claras que mostran como o axuste do emprego recaeu nos traballadores con contrato temporal. Así, entre o último trimestre do 2019 e o segundo de 2020. Os contratos temporais caeron un 18% mentres que os indefinidos aumentaron un 1%. Se a comparación a establecemos para os dous anos de pandemia, o crecemento dos indefinidos foi do 2,2% e a caída dos temporais do 6%. A nova

Reforma Laboral, vixente xa en 2021 acentuou fortemente as tendencias previas. Así, o crecemento do emprego indefinido no intervalo que transcorre entre o cuarto trimestre de 2019 e o terceiro de 2022 foi do 13,9%, suba que contrasta coa caída do 27,2% do emprego temporal.

Gráfico 15



Fonte: EPA-INE-IGE.

Estas tendencias, loxicamente, tiveron o seu reflexo na evolución da taxa de temporalidade que, no intervalo mencionado, pasou do 25,9% ao 18,3%, una importante caída que mostrou unha especial intensidade a partir da posta en marcha da Reforma Laboral en xaneiro de 2022.

Gráfico 16



Fonte: EPA-INE-IGE.


A evolución do emprego por tipo de xornada, complementa á anterior e mostra unha leve caída do peso relativo dos contratos a tempo parcial, que pasaron de representar o 15% do total do emprego asalariado a finais de 2019 ao 14% no terceiro trimestre de 2022. Este resultado é consecuencia dunha forte perda de emprego temporal a tempo parcial (-36%) que se ve parcialmente compensada polo crecemento do emprego indefinido a tempo parcial (+23%). En resumidas contas, se consideramos as catro modalidades de contratación, o axuste mais forte produciuse no segmento máis precario do emprego, os asalariados con contrato temporal a tempo parcial, seguido dos temporais a tempo completo.

2.4. O emprego e os ERTES

Como xa comentamos na Introducción, a dinámica exhibida polo emprego durante a pandemia, recolle parcialmente o impacto real que a crise da Covid-19 tivo no mercado laboral, posto que os traballadores acollidos aos ERTES continuaron computando como ocupados nas estatísticas de emprego, como a EPA. Dada a importancia que tivo a utilización deste instrumento, especialmente nos meses máis críticos da pandemia, e oportuno facer unha aproximación á a evolución do emprego cando computamos por separado aos traballadores en ERTE. Facer esa distinción esixe que, ao mesmo tempo teñamos en conta que este tipo de medidas producen efectos colaterais. Por unha banda, algúns postos de traballo acollidos a un ERTE se houberan mantido en caso de que non existir este tipo de axuda; pola outra, os ERTES permiten manter empregos que xa nos serían viables cando se inicia a recuperación; en terceiro lugar, os ERTES poden dificultar a mobilidade de traballadores entre sectores e empresas, necesaria para facer fronte a reestruturación provocada pola crise.

Ter en conta estes efectos no significa que a utilización dos ERTES non haxa sido un elemento clave no mantemento e na recuperación do emprego, sobre todo si comparamos a súa evolución coa de crises anteriores. Pero é necesario telos en conta (aínda que non podamos medilos), para unha correcta interpretación do que está acontecendo coa evolución do emprego e do paro.


Gráfico 17



Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións

Feitas estas consideración, o gráfico 18 mostra a evolución en Galicia do número de traballadores acollidos a ERTES por sexo. Subliñar, en primeiro lugar, o feito de que o recurso aos mesmos foi maior no caso das mulleres que dos homes. Pero en ambos casos, despois do elevado número de traballadores en ERTE nos meses iniciais de confinamento, a traxectoria vai a ser claramente descendente, consoante co proceso de vacinación e de volta progresiva á “normalidade”, en termos da mobilidade e de recuperación da actividade económica e social.

Gráfico 18



Fonte: Ministerio de Traballo e Economía Social e Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións

No gráfico 18 recóllese unha aproximación ao impacto dos ERTES no emprego. Si medimos este polos afiliados a Seguridade Social e restamos aqueles afiliados acollidos a ERTES, teriamos unha visión alternativa da evolución do emprego efectivo, que se situaría claramente por debaixo do que proporciona orixinal. En calquer caso, unha parte dos empregos en ERTE teríanse conservado en caso de non existir este instrumento, así que o diferencial non representa desemprego necesariamente, en ausencia dos ERTE. Pero o que pon de manifesto é cos indicadores convencionais para avaliar o comportamento do mercado laboral (emprego e paro EPA, afiliados á Seguridade Social, paro rexistrado) infravaloran o impacto ca pandemia está tendo no mesmo.


Se analizamos conxuntamente a evolución dos ERTES e do emprego por tipos de contrato, podemos comprobar como o axuste a través das horas e das suspensións de emprego se concentrou preferentemente nos traballadores con contrato indefinido. En contraposición, o axuste vía persoas (despidos e finalización de contratos), afectou maioritariamente aos traballadores con contrato temporal. Polo tanto, aínda que durante a pandemia xurde un novo mecanismo de axuste baseado nos ERTES, a evidencia parece indicar que a dualidade do

mercado de traballo, vixente desde a década dos 80, perdurou neste período, no que os traballadores con menor estabilidade laboral sufriron un importante axuste vía emprego.

2.5. Paro

A evolución do desemprego en Galicia mostrou no ano 2020 un comportamento no que os fluxos dos activos e ocupados en boa medida axudan a explicar un comportamento lixeiramente mellor ao observado no conxunto do Estado. Como se pode apreciar no gráfico 19, ao longo dese ano a taxa de desemprego galega apenas variou, a diferenza do que se observa en España. Unha maior destrución de emprego, xunto cunha menor caída dos activos a nivel estatal dan conta do aumento no diferencial observado na taxa de paro con respecto á taxa galega ao longo de 2020, diferencial que irase reducindo en 2021 e 2022 nun contexto no que a taxa de paro española mostrará unha caída máis intensa ca galega.


Gráfico 19



Fonte: EPA-INE-IGE.

Cando analizamos a evolución da taxa de paro por sexos, a evolución mostra unha relativa estabilidade. Mais alá das flutuacións trimestrais do mesmo, o certo é que nos últimos exercicios, o diferencial por sexos a penas variou: en 2019 a taxa feminina superaba á masculina en 2,1pp, subiu a 2,3pp en 2019, en 2021 foi de 2,2pp e, no terceiro trimestre de 2022, se reducía a 2pp. A pequena redución observada nos dous últimos anos está relacionada cun comportamento do emprego feminino lixeiramente mellor co dos homes.


Gráfico 20



Fonte: EPA - INE-IGE.

Por nivel de estudos, durante a pandemia, un dos colectivos que experimentou unha maior subida na taxa de paro foi o daqueles con educación superior (pasou dunha taxa do 7,7% en 2019 ao 9,4% en 2020 e o 9% en 2021). A forte caída da mobilidade neste período apuntase como un dos factores explicativos, xa que estamos falando dun colectivo cuxo mercado laboral de referencia supera claramente o marco da comunidade autónoma. O tramo de educación secundaria de primeira etapa reduce lixeiramente a taxa de paro durante a pandemia e o de segunda etapa a penas varía. Curiosamente o colectivo que reduciu máis a taxa de paro é o daqueles con estudos primarios, a pesar do cal continúa mantendo unha taxa por riba do 20%.


Gráfico 21



Fonte: EPA - INE-IGE.

Un colectivo especialmente afectado pola crise da Covid-19 foi o dos traballadores novos. O desemprego deste grupo sempre mostrou taxas moito máis elevada co resto pero ademais, fronte a relativa estabilidade mostrada pola taxa de paro agregada ao longo da pandemia (polas razóns xa comentadas), como mostra o gráfico 22, a taxa de paro en todos os tramos de poboación máis nova creceu no 2020 e mantívose relativamente estabilizada no 2021. Soamente a partir de 2022 apreciase unha caída que afecta ao tramo de idade de 25-29 anos. Este comportamento está directamente relacionado coa evolución do emprego por tipos de contrato. O emprego temporal, a tempo completo e a tempo parcial, foi especialmente castigado pola crise da Covid-19 e nos segmentos de idade máis novos hai una elevada concentración destas modalidades contractuais.


Gráfico 22



Fonte: EPA - INE-IGE.

En relación cos traballadores que levan máis de dous anos en paro (paro de longa duración), a taxa de desemprego diminuíu en 2020 con respecto ao ano anterior, e a caída afectou tanto a homes como a mulleres. Porén, no ano 2021 se produce de novo un aumento destas taxas que, nos tres primeiros trimestres de 2022, nun contexto de mellora do mercado laboral, volven a caer. Nunha situación como a dos anos da pandemia, estes movementos están relacionados en boa medida cos fluxos de saída cara a poboación inactiva nos momento máis críticos da crise e de retorno a poboación activa cando se inicia a recuperación.

Gráfico 23




Fonte: EPA - INE-IGE.

2.6. Salarios e custos laborais

Xa comentamos nun epígrafe anterior que a Covid-19 tivo un impacto deflacionista en 2020 (IPC= -0,3%), pero que a coincidencia de diversos factores provocaron importantes tensións inflacionistas no 2021, especialmente na segunda metade. Neste contexto, a guerra de Ucraína engadeu problemas adicionais en 2022 que incrementaron as presións sobre os prezos, e que, no caso galego se reflexan na senda descrita polo IPC no gráfico 24.

Aínda que en 2019 e 2020 os salarios pactados en convenio creceron por riba da inflación, estamos a falar de crecementos no entorno do 1% que non tiveron repercusión importantes no comportamento dos custos laborais. De feito o custo laboral bruto en 2019 a penas creceu e no 2020 caeu levemente. No contexto inflacionista de 2021 os salarios pactados crecen menos cos prezos e a subida dos custes laborais volve a ser moi pequena. Pero nos nove meses transcorridos de 2022 ese diferencial se incrementa substancialmente, condicionando de maneira importante a negociación salarial e, a necesidade de pactar unha política de rendas, constitúe na actualidade un tema central na axenda dos axentes económicos e sociais.


Gráfico 24



Fonte: INE.

Na análise desagregada dos custes laborais a partida destinada a indemnización por despidos, xunto coa de prestacións sociais directas das empresas son a que tiveron un crecemento notable en 2020. No caso das indemnizacións por despidos a taxa de crecemento en 2021 se dispara pero, a pesar diso, a penas repercutiu no custo laboral total xa que o seu peso relativo no mesmo foi moi pequeno (representou o 0,7% do custo laboral total).

Gráfico 25



Fonte: INE

Por outra banda, a última **Enquisa estrutural a fogares** do IGE, ten un módulo específico dedicado a analizar, entre outros efectos, o impacto da Covid-19 nos ingresos dos fogares en 2020. No cadro 5 figuran o número de fogares por tramos de ingresos perdidos, que representan o 27% do total de fogares en Galicia. Os intervalos con máis fogares son aqueles que perderon entre 1000 e 5000 euros no ano de inicio da pandemia.

Cadro 5

Fogares que tiveron menores ingresos a causa da pandemia. Galicia		
	Porcentaxe	Número
Ata 500,00 euros	6,9	19.915
De 500,01 a 1.000,00 euros	13,6	39.251
De 1.000,01 a 2.500,00 euros	31,34	90.474
De 2.500,01 a 5.000,00 euros	23,13	66.776
De 5.000,01 a 7.500,00 euros	12,33	35.602
De 7.500,01 a 10.000,00 euros	5,24	15.132
De 10.000,01 a 15.000,00 euros	4,55	13.149
Máis de 15.000,00 euros	2,91	8.396
Total	100	288.696
IGE. Enquisa estrutural a fogares		

Outra información relevante da enquisa é a que fai referencia ao número de traballadores asalariados afectados de diversas maneiras pola pandemia, na súa relación laboral. Os traballadores afectados polos expedientes de regulación de emprego e os que teletraballaron foron os grupos máis numerosos, representando o 36% do total de asalariados en Galicia. Xa a moita distancia están aqueles que se viron obrigados a cambios de quenda ou horario e variacións na xornada laboral.

Cadro 6

Poboación asalariada afectada por determinadas situacións a causa da pandemia		
	Incidencia	Número
Expediente de regulación de emprego (ERTE ou ERE)	18,19	177.426
Vacacións forzadas	3,29	32.055
Redución da xornada laboral	2,96	28.873
Diminución de soldo	2,55	24.834
Aumento da xornada laboral	3,25	31.706
Teletraballo	17,88	174.393
Cambio de quendas ou horario	5,96	58.136
Cambio nas tarefas que realizaba	2,85	27.808
IGE. Enquisa estrutural a fogares		

2.7. Desigualdade

A crise económica xerada pola Covid-19, ademais de pola súa intensidade, tamén caracterizouse pola heteroxeneidade dos seus impactos nas CC.AA. Como xa analizamos anteriormente, diferentes colectivos sufriron con distinta intensidade os seus efectos, con consecuencias directas sobre o grado de desigualdade. A nivel global, existe un consenso sobre o aumento observado na desigualdade como consecuencia da pandemia, se ben a súa duración e intensidade foi diferente entre países e rexións.


No caso español, diversos estudos analizaron aqueles factores que, en boa medida, explican a heteroxeneidade observada nas variacións no grado de desigualdade entre CC.AA. Nomeadamente, as diferencias entre as estruturas produtivas de cada comunidade autónoma, as restricións a mobilidades ao longo da pandemia e o papel das políticas públicas.

A distancia social imposta durante o confinamento, e xa de forma menos restritiva nos meses seguintes, tivo un efecto asimétrico sobre o mercado laboral. Mentres que algunhas actividades (e ocupacións), denominadas esenciais, se mantiveron ou incluso se reforzaron durante a pandemia, outras sufriron un cese total ou parcial e un terceiro grupo se mantivo grazas ao teletraballo. Loxicamente, a distribución destas actividades por CC.AA. e moi heteroxénea e o impacto no emprego, nas horas traballadas e nos ingresos foi diferente, o cal se traduciu en cambios nos niveis de desigualdade das CC.AA. respecto dos existentes antes da pandemia. No caso galego, os indicadores que miden a desigualdade arrojan diferentes resultados, en función das variables utilizadas, os salarios ou os ingresos dos fogares.

Por unha banda, o IGE publicou recentemente o traballo *Estudo Salarios. Salarios nas fontes tributarias*, baseado na información proporcionada pola Axencia Tributaria ata o ano 2021. A partir da mesma, faise unha análise comparada da evolución dos salarios en Galicia e España e da evolución da desigualdade salarial.

O primeiro resultado a destacar, corroborado noutros estudos, é que a desigualdade salarial é menor en Galicia que en España, como se recolle nas curvas de Lorenz no gráfico adxunto. A curva relaciona as porcentaxes acumuladas da poboación asalariada coas porcentaxes acumuladas dos ingresos salariais de dita poboación. Canto máis próxima este a curva á bisectriz mais igualitaria é a distribución dos salarios. No límite, si a curva se solapa coa recta falaríamos de igualdade salarial absoluta, na que todos os traballadores percibirían o mesmo ingreso. Como se pode observar, tanto a curva, como o Índice de Gini asociado, mostran a menor desigualdade salarial de Galicia. Esta menor desigualdade, referida a 2021 é un feito diferencial que se ven mantendo ao longo dos últimos anos, sendo compatible co feito de que os salarios medios en Galicia son inferiores aos do conxunto do Estado.


Gráfico 26



Fonte: IGE

Gráfico 27

Evolución do índice de Gini en Galicia




Fonte: IGE

Complementariamente, o índice de Gini proporciónanos unha medida desa desigualdade e o gráfico 27 recolle a evolución do mesmo en Galicia desde 1999 ata 2021. Como se pode comprobar, nas fases expansivas a desigualdade se reduce (cae o valor do índice) e sube nas recesións. Concretamente, no ano 2020, no que a pandemia tivo o maior impacto económico, o índice aumentou, quebrando a traxectoria descendente dos anos previos. Como xa comentamos nun epígrafe anterior, o impacto diferencial que tivo a pandemia nos diferentes colectivos (especialmente nos asalariados máis novos con contratos temporais), explica en boa medida o aumento observado da desigualdade salarial.

Por último, outro resultado a subliñar do estudio do IGE é o relativo á desigualdade salarial por sexo e provincias. En todas elas a desigualdade salarial é maior no caso das mulleres e nas provincias de A Coruña e Pontevedra, se ben o diferencial no grado de desigualdade entre homes e mulleres é maior en Lugo. De novo, estes resultados relativos á desigualdade son compatibles co feito de que as mulleres perciben en media salarios inferiores aos dos homes.

Gráfico 28

Índice de Gini segundo o sexo. Provincias. Ano 2021




Fonte: IGE

Outra información relevante é a recollida no *Informe sobre el Estado de la Pobreza*, que realiza un seguimento e unha avaliación detallada dos indicadores de pobreza e desigualdade en España e nas CC.AA. baseado na Encuesta de Condiciones de Vida (ECV). Na parte do estudo relativa a desigualdade nas CC.AA. calcúlanse os indicadores convencionais (índice de Gini, ratio

S20/S80), pero tomando como variable de referencia os ingresos netos dos fogares, non os salarios individuais.

O gráfico 29, sitúa a Galicia entre as CC.AA. cun grado de desigualdade inferior a media española. Este resultado é similar ao comentado anteriormente, obtido no estudio do IGE con datos salariais. Loxicamente os valores do índice difiren nun e noutro caso, dado que a variable de referencia é diferente. Neste informe tamén se analiza a evolución do índice nos últimos anos por CC.AA., evolución que pon de manifesto que Galicia sitúase sistematicamente entre as CC.AA. cun grado de desigualdade dos ingresos inferior a media do Estado.

Gráfico 29




Fonte: Encuesta de Condiciones de Vida - INE

Un indicador alternativo, como a ratio S20/S80, mostra resultados similares. Así, a evolución do mesmo (que mide a relación existente entre os ingresos percibidos polo 20% da poboación con maiores ingresos e os percibidos polo 20% con menores ingresos) mostra que en todo o período considerado, dende o inicio da crise inmobiliaria, a ratio é menor en Galicia que en España. Ademais, o índice sube nas fase recesiva e cae na de recuperación. Nos anos 2018-2020 a ratio

practicamente non variou en Galicia mentres que no conxunto de España experimentou un lixeiro crecemento.

Gráfico 30



Fonte: Encuesta de Condiciones de Vida, INE

Capítulo 3. A industria en Galicia ante a crise da Covid-19


3.1. A produción

O VEB da industria galega, aínda que paulatinamente se foi recuperando da crise financeira de 2008, non alcanzaba en 2019 o nivel daquel ano. O valor do índice de volume encadeado deste sector era de 111,08 (2015=100) en 2008 e no 2019 quedaba en 110,51. A brecha aínda era maior si consideramos exclusivamente a industria manufactureira (118,71 en 2008 e 112,77 en 2019). Con respecto a 2018, 2019 non fora un bo ano para o sector industrial, en especial a produción de enerxía. A industria transformadora tivo un VEB lixeiramente inferior ao de 2018. Por aquel entón, entendíase que estes malos resultados eran meramente conxunturais, debidos principalmente á evolución da produción eléctrica, de tal modo que se tiña a expectativa dunha pronta recuperación ante unha realidade económica que aínda que mostraba certos elementos de preocupación, ante a crise no comercio mundial ou a evolución das políticas monetarias internacionais, non parecía que frease significativamente o período expansivo iniciado a mediados desa década.

Tras este escenario e coa abrupta chegada da crise sanitaria o freo na actividade industrial foi moi drástico, até o extremo que no segundo trimestre de 2020 a xeración de VEB no sector manufactureiro foi máis dunha cuarta parte inferior á do mesmo período de 2019. As restricións ante a pandemia levan así ao sector a unha situación impensable nos inicios do ano, aínda que, en todo momento, mantívose a expectativa dunha pronta volta á normalidade unha vez se foran superando as distintas ondas de contaxios. Ademais, varios dos sectores claves na industria de Galicia non estaban tan afectados pola pandemia debido ao tipo de produto que fabricaban e mesmo, a produción na automoción rexistrou en 2020 uns resultados moi positivos a pesar dos sucesivos freos na produción. Esta expectativa de que se atravesaba unha situación temporal e excepcional non se confirmou plenamente cos resultados de 2021, ano no que o VEB industrial creceu un 3,9% e o sector manufactureiro un 6,3%, o que non é de estrañar ante o abrupto freo da produción no segundo trimestre de 2020. Dese modo, o índice de volume encadeado alcanzou nese ano os valores de 100,91 e 105,96 respectivamente, ambos inferiores aos do mesmo período de 2019. Por tanto, a volta á normalidade non se produce na industria galega xa que os resultados reflicten a un sector estancado. A actividade no primeiro trimestre de 2022 empeora, sobre todo polo comportamento do sector enerxético. A pesar da aceleración da inflación e a crise orixinada pola guerra en Ucraína, os resultados do segundo trimestre dese ano son máis positivos (a industria manufactureira creceu un 4,2%), situación que parecía convidar a afrontar con máis optimismo a segunda parte de 2022. Sen embargo o avance do terceiro trimestre cunha caída dun 0,9% indica que os problemas persisten.

Esta evolución xeral é o reflexo dun comportamento desigual nos principais sectores industriais galegos. Nos gráficos 31 a 34 reflíctese a evolución do PIB (trimestral e anual) considerando os valores monetarios e reais.


Gráficos 31, 32, 33 e 34



Fonte: IGE.

A información que proporciona o Índice de Producción Industrial (IPI) permite complementar a caracterización da produción realizada coa Contabilidade Rexional. Como cabería agardar, os resultados son moi semellantes. O índice xeral mostra o retroceso de 9 puntos en 2020 con respecto ao ano anterior ante unha produción afectada pola crise sanitaria. Este índice tamén era 3,9 puntos inferior á o valor de 2015. Dos 9 puntos perdidos en 2020, en 2021 recuperáronse 8, polo tanto a produción mantense por baixo da de 2019. Tampouco se recupera no primeiro semestre de 2022, xa que ese IPI foi case un punto inferior ao do mesmo período de 2021.


Gráfico 35



Fonte: IGE

Por divisións industriais pódense visualizar os sectores máis afectados negativamente pola pandemia, os que se viron máis favorecidos e cales son os que lograron mellores resultados nos últimos anos. Xunto co gráfico 36, o cadro 7 amósanos as traxectorias de cada un dos sectores manufactureiros e enerxéticos de Galicia.

Gráfico 36



Fonte: IGE

Cadro 7

A traxectoria dos sectores produtivos

	2020	2021	2022 1S
Aumentou a produción en 2000 e 2021 e caeu no 1 semestre de 2022			
08 Outras industrias extractivas	↑	↑	↓
Aumentou a produción en 2000 e caeu en 2021 e no 1 semestre de 2022			
29 Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques	↑	↓	↓
Caeu a produción en 2000 e aumentou en 2021 e no 1 semestre de 2022			
11 Fabricación de bebidas	↓	↑	↑
13 Industria téxtil	↓	↑	↑
14 Confección de roupa de vestir	↓	↑	↑
16 Industria da madeira e da cortiza, agás mobles; cestería e espartaría	↓	↑	↑
23 Fabricación doutros produtos minerais non metálicos	↓	↑	↑
25 Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipamento	↓	↑	↑
28 Fabricación de maquinaria e equipamento n.c.n.	↓	↑	↑
31 Fabricación de mobles	↓	↑	↑
32 Outras industrias manufactureiras	↓	↑	↑
Caeu a produción en 2000, aumentou en 2021 e caeu no 1 semestre de 2022			
10 Industria da alimentación	↓	↑	↓
17 Industria do papel	↓	↑	↓
22 Fabricación de produtos de caucho e plásticos	↓	↑	↓
24 Metalurxia; fabricación de produtos de ferro, aceiro e ferroalixaxes	↓	↑	↓
Caeu a produción en 2000 e 2021 e aumentou no 1 semestre de 2022			
20 Industria química	↓	↓	↑
33 Reparación e instalación de maquinaria e equipamento	↓	↓	↑
Caeu a produción en 2000, 2021 e no 1 semestre de 2022			
27 Fabricación de material e equipamento eléctrico	↓	↓	↓
30 Fabricación doutro material de transporte	↓	↓	↓
35 Fomecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	↓	↓	↓

Fonte: Elaboración propia.

3.2. Cambios na demografía empresarial

As últimas estatísticas dispoñibles do Directorio Central de Empresas elaborado polo INE refírense ao 1 de xaneiro de 2021. Elo so permítenos coñecer a traxectoria en canto a creación ou destrución de empresas no ano máis duro da crise sanitaria, 2020. A finais de ese ano contabilizábanse en Galicia un 2,2% menos de empresas que en 2019, porcentaxe superior ao do conxunto da economía e ao da industria española, ambos o -1,6%. No cadro 8 amósase como a perda neta de empresas afecta a todos os sectores industriais, con dúas únicas excepcións: a industria química e as sociedades que fornecen electricidade.

Compre subliñar que incluso sectores teoricamente favorecidos pola pandemia tamén perderon sociedades. Un caso especial é o do principal sector por facturación, as industrias alimentarias, que ao longo de 2020 viron como o número de empresas descendía un 1,8%, unha décima máis que en España. En todo caso, os peches distribuíronse dun xeito relativamente uniforme e ningún sector chegou a unha situación de colapso na súa actividade.

Cadro 8

Distribución das empresa industriais en Galicia por divisións industriais

	Empresas				TVI	
	España		Galicia		España	Galicia
	2020	2021	2020	2021		
05 Extracción de antracita, hulla e lignito	58	55	2	1	-5,2	-50,0
06 Extracción de cru de petróleo e gas natural	8	6	0	0	-25,0	
07 Extracción de minerais metálicos	68	65	9	10	-4,4	11,1
08 Outras industrias extractivas	1.768	1.691	205	182	-4,4	-11,2
09 Actividades de apoio ás industrias extractivas	72	66	2	2	-8,3	0,0
10 Industria da alimentación	25.309	25.108	1.954	1.918	-0,8	-1,8
11 Fabricación de bebidas	5.264	5.152	517	503	-2,1	-2,7
12 Industria do tabaco	50	54	0	0	8,0	
13 Industria téxtil	6.434	6.435	420	397	0,0	-5,5
14 Confección de roupa de vestir	9.221	9.089	708	700	-1,4	-1,1
15 Industria do coiro e do calzado	4.451	4.205	50	48	-5,5	-4,0
16 Industria da madeira e da cortiza, agás mobles; cestería e espartaria	9.961	9.735	958	941	-2,3	-1,8
17 Industria do papel	1.606	1.535	39	36	-4,4	-7,7
18 Artes gráficas e reprodución de soportes gravados	14.071	13.806	719	701	-1,9	-2,5
19 Coquerías e refinación de petróleo	20	17	0	0	-15,0	
20 Industria química	3.612	3.641	119	124	0,8	4,2
21 Fabricación de produtos farmacéuticos	356	369	12	11	3,7	-8,3
22 Fabricación de produtos de caucho e plásticos	4.215	4.133	162	151	-1,9	-6,8
23 Fabricación doutros produtos minerais non metálicos	7.923	7.664	680	644	-3,3	-5,3
24 Metalurxia; fabricación de produtos de ferro, aceiro e ferroalixaxes	1.415	1.374	78	74	-2,9	-5,1
25 Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipamento	32.570	32.077	2.014	1.986	-1,5	-1,4
26 Fabricación de produtos informáticos, electrónicos e ópticos	2.328	2.299	90	88	-1,2	-2,2
27 Fabricación de material e equipamento eléctrico	1.923	1.882	59	58	-2,1	-1,7
28 Fabricación de maquinaria e equipamento n.c.n.	5.996	5.851	266	258	-2,4	-3,0
29 Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques	1.615	1.636	100	96	1,3	-4,0
30 Fabricación doutro material de transporte	911	890	145	144	-2,3	-0,7
31 Fabricación de mobles	11.427	11.156	756	716	-2,4	-5,3
32 Outras industrias manufactureiras	10.134	9.898	532	526	-2,3	-1,1
33 Reparación e instalación de maquinaria e equipamento	14.227	14.113	901	890	-0,8	-1,2
35 Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	11.592	11.558	387	423	-0,3	9,3
36 Captación, depuración e distribución de auga	3.194	3.173	38	35	-0,7	-7,9
Total industria	191.799	188.733	11.922	11.663	-1,6	-2,2
Total CNAE	3.404.428	3.366.570	197.813	194.657	-1,1	-1,6

Fonte: Dirce - INE

En termos absolutos, en 2020 con respecto a 2019, Galicia contaba con 259 sociedades industriais menos. A maioría corresponden a empresas de persoas físicas sen asalariados (116). No cadro 9 as diferenzas entre 2021 e 2020 poden producirse por dous motivos: ou por cambios no tamaño (medido polo número de traballadores) das empresas ou por peche das mesmas. Neste senso chama atención que neste período se conte con 36 empresas máis de 10 a 19

asalariados pero con 61 menos de 20 a 49. Con este resultado é plausible considerar a posibilidade de que a pesar das vantaxes dos Ertes houbo pemes que reduciron o emprego pasando a estratos inferiores.

Cadro 9

Empresas industriais en Galicia por tamaño

	2020	2021	Diferenza
Total	11.922	11.663	-259
Sen asalariados	4.233	4.117	-116
De 1 a 2	3.408	3.373	-35
De 3 a 5	1.624	1.599	-25
De 6 a 9	907	883	-24
De 10 a 19	763	799	36
De 20 a 49	614	553	-61
De 50 a 99	208	191	-17
De 100 a 199	87	78	-9
De 200 a 249	19	16	-3
De 250 a 999	45	40	-5
De 1000 a 4999	13	13	0
De 5000 ou máis	1	1	0

Fonte: Dirce – INE

3.3. Os prezos

Os factores que inciden na espectacular escalada dos prezos industriais a partir de 2021 son moitos e moi diversos. Entre outros, compre destacar: o incremento nos custos das materias primas e dos bens intermedios; as grandes carencias na distribución; a subida dos combustibles minerais; a situación económica e as novas estratexias produtivas e comerciais de China, país que non acaba de saír da pandemia e principal provedor mundial de bens manufacturados; e, o aumento na demanda mundial tras o efecto de estancamento provocado pola crise sanitaria. A esta situación de escalada dos prezos, preocupante para a economía mundial e que repercute en todos os sectores económicos, non permaneceu allea a industria galega, que pasou nun breve período de tempo da estabilidade a unha notable aceleración, o que afectou a súa actividade e diminuíu a súa competitividade.

Cadro 10

Variación do IPRI en Galicia no que vai de ano

	2019/Decembro	2020/Decembro	2021/Decembro	2022/Agosto
Índice xeral	-3,0	-1,0	40,3	19,9
Bens de consumo	-0,3	0,2	4,0	10,6
Bens de consumo duradeiros	-0,7	1,0	3,1	6,1
Bens de consumo non duradeiros	-0,3	0,2	4,0	10,7
Bens de equipo	0,7	0,5	2,5	3,6
Bens intermedios	-0,9	0,0	16,7	16,3
Enerxía	-8,9	-3,9	121,7	39,3

Fonte: Índice de Prezos Industriais - IGE – INE.

No cadro 10 preséntanse a evolución dos prezos industriais en Galicia a final de cada ano. O mes de decembro en 2019, 2020 e 2021 e o de agosto en 2022. A clasificación que se segue é a de tomar os bens industriais segundo o seu destino económico. Neste cadro obsérvase en 2019 unha caída xeneralizada dos prezos en todos os sectores, situación que se estabilizou en 2020. A partir de aí e coa progresiva saída da pandemia os prezos industriais aceleráronse até extremos non vistos nas últimas décadas. En 2021 o prezo dos bens enerxéticos creceu un 121,7% con respecto ao ano anterior, por tanto, aumentou máis do dobre, mentres os restantes sectores mantiveron crecementos máis moderados salvo no grupo de bens intermedios que presentou un incremento do 16,7%. A situación de aceleración dos prezos agrávase en 2022. Cos resultados até o mes de agosto obsérvanse variacións moi elevadas en todos os sectores. Por agora, o sector menos inflacionista esta sendo o fabricante de bens de equipo, pero nos restantes grupos (consumo, bens intermedios e enerxía) as taxas de variación xa se sitúan nos dous díxitos. Máis adiante analizarase máis en concreto a variación do índice de prezos industriais nos sectores máis determinantes da industria galega.

En suma, a aceleración dos prezos industriais é un feito preocupante. Xera por si mesmo un problema para a economía co agravante de que as receitas habituais de política económica para corrixir esta difícil situación adoitan xerar recesións nas actividades.

3.4. Emprego, salarios e custos laborais

Cadro 11

Custo laboral por traballador e ano en euros

	Total			Industria		
	2019	2020	2021	2019	2020	2021
España						
Custo laboral	31.834,62	31.150,20	32.906,63	37.998,86	36.934,03	38.541,49
Soldos e salarios	23.450,25	22.837,59	24.248,78	27.782,75	26.753,24	27.949,16
Cotizacións obrigatorias	7.462,08	7.335,87	7.711,98	9.048,18	8.863,23	9.254,16
Resto	922,29	976,74	945,87	1.167,93	1.317,56	1.338,17
Taxa de variación						
Custo laboral		-2,15	5,64		-2,80	4,35
Soldos e salarios		-2,61	6,18		-3,71	4,47
Cotizacións obrigatorias		-1,69	5,13		-2,04	4,41
Resto		5,90	-3,16		12,81	1,56
Galicia						
Custo laboral	29.041,12	28.650,78	29.854,16	35.267,32	34.616,66	35.108,70
Soldos e salarios	21.173,42	20.875,63	21.856,41	25.871,64	25.219,85	25.397,50
Cotizacións obrigatorias	7.010,55	6.884,46	7.185,69	8.475,39	8.282,01	8.475,21
Resto	922,29	976,74	945,87	1.167,93	1.317,56	1.338,17
Taxa de variación						
Custo laboral		-1,34	4,20		-1,84	1,42
Soldos e salarios		-1,41	4,70		-2,52	0,70
Cotizacións obrigatorias		-1,80	4,38		-2,28	2,33
Resto		5,90	-3,16		12,81	1,56

Fonte: Enquisa de custo laboral - IGE- INE.

Os custos laborais en Galicia, na economía no seu conxunto ou no sector industrial, habitualmente adoitan ser inferiores aos do total de España. Tamén, normalmente, estes custos son máis elevados na industria que nos outros grandes sectores. Segundo a Enquisa de Custo Laboral,, en 2020 e coa pandemia caeron, máis en España que en Galicia, tanto os custos laborais industriais por traballador, como a parte destes custos que corresponden a soldos e salarios. Unha posible explicación podería atoparse no efecto que tivo nestas variables a figura dos Ertes por forza maior. Deste xeito, as achegas do SEPE supuxeron unha redución na contía total das remuneracións realmente abonadas anualmente polas empresas.

En 2021, coa a recuperación e a progresiva saída da crise, a contía destas variables no conxunto da economía galega e española incrementouse sensiblemente non só con respecto a 2020 mais tamén con relación a 2019. Estas subidas quedan, sen embargo, moi lonxe da evolución dos prezos. Entre outras circunstancias, co retorno a unha certa normalidade e coa recuperación da economía, os prezos do consumo aceleráronse o que necesariamente debeu repercutir na renovación das táboas salariais dos convenios. Tamén a evolución do salario mínimo (aínda que ese sector non se viu tan afectado como os servizos), incidiu neste cambio que, con todo, para o sector industrial galego tivo un comportamento diferencial con respecto ao de España. No cadro 11 obsérvase que, en termos monetarios, os custos laborais e salariais industriais de 2021 superaban en España aos valores monetarios de 2019 e, pola contra, o crecemento galego foi tan pequeno que aínda seguían sendo inferiores aos de 2019.

Cadro 12

La ocupación industrial en Galicia (miles de persoas)

	Industria		
	2019	2020	2021
España	2.763,1	2.698,2	2.700,1
Galicia	179,4	182,4	170,7

Fonte: EPA – INE.

A contención nos custos laborais en 2020 produciuse nun contexto no que o emprego industrial galego, segundo a EPA, creceu ao redor de 3.000 persoas, cifra moito mellor do que a priori podería intuírse ante as peculiaridades dese período e aínda resulta máis sorprendente cando en 2021 rexistrouse unha perda de 11.700 ocupados, deixando ao emprego do sector moi por baixo do existente en 2019.

3.5. A percepción dos empresarios sobre o impacto da crise segundo a Enquisa de Conxuntura Industrial

Cadro 13

Resultados da Enquisa de Conxuntura Industrial

		FACTORES LIMITATIVOS DA PRODUCCIÓN						
	Sector	Utilización da capacidade produtiva %						Outros
			Ningún	Demanda débil	Falta de man de obra	Insuficiencia equipos ou materias primas	Problemas financeiros ou de tesourería	
2019 - Xullo	CONSUMO	56,09	0,00	36,52	0,00	20,18	0,00	43,30
	INTERMEDIOS	98,69	93,44	6,56	0,00	0,00	6,56	0,00
	INVESTIMENTO	75,00	0,00	100,00	0,00	0,00	0,00	0,00
	TOTAL	76,51	41,57	28,14	0,00	9,63	2,92	20,67
2020 - Xullo	CONSUMO	59,30	1,35	98,65	0,00	0,00	0,00	0,00
	INTERMEDIOS	98,58	92,92	7,08	0,00	0,00	7,08	0,00
	INVESTIMENTO	80,00	0,00	100,00	0,00	0,00	0,00	0,00
	TOTAL	78,96	43,21	56,79	0,00	0,00	3,25	0,00
2021 - Xullo	CONSUMO	60,04	0,00	0,41	0,00	0,00	0,00	99,59
	INTERMEDIOS	90,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	100,00
	INVESTIMENTO	80,00						
	TOTAL	64,52	13,97	0,33	0,00	0,00	0,00	85,70
2022 - Xullo	CONSUMO	65,42	41,17	58,83	0,00	0,00	0,00	0,00
	INTERMEDIOS	97,17	92,92	7,08	0,00	0,00	0,00	0,00
	INVESTIMENTO	80,00						
	TOTAL	80,65	68,72	31,28	0,00	0,00	0,00	0,00

Fonte: Enquisa de Conxuntura Industrial. Ministerio de Industria, Comercio e Turismo

O Ministerio de Industria, Comercio e Turismo publica con carácter mensual unha enquisa de conxuntura da industria que contén información, por comunidades autónomas, sobre as percepcións da traxectoria de diversas variables: carteira de pedidos, stocks, produción, prezos e emprego. Esta información amplíase cada tres meses con datos sobre o grao de utilización das plantas, os factores limitativos da produción, o período asegurado de carga de traballo e a competitividade.

Dos datos facilitados polo Ministerio no cadro 13 preséntanse os resultados do mes de xullo por varios motivos: en especial, que nese mes recóllese a información ampliada referida aos tres meses anteriores, que coincide coa percepción dos empresarios nos momentos de maiores restricións en 2020, e ademais pódese presentar a información de 2022, cos últimos resultados dispoñibles no momento da redacción de este informe.

Do cadro 13 no que se reflicten os resultados desta Enquisa, consideramos que máis dun dato en concreto pode ser discutible ante as limitacións da mostra que elabora o Ministerio cando se baixa a un análise sectorial por comunidades autónomas. Non obstante, esta estatística permítenos observar os trazos xenéricos da traxectoria das diferentes variables. Así, o uso da capacidade produtiva das plantas, no que o resultado de 2020 non é moi diferente ao de 2019,

cun uso, en ambos anos, moi baixo na produción de bens destinados ao consumo, parece suxerir que o impacto da pandemia non foi moi forte. Esta situación muda radicalmente na enquisa do segundo trimestre de 2021. O uso das plantas caeu en máis de 14 puntos, un descenso motivado, sobre todo, polo sector fabricante de bens intermedios. Esta situación parece reconducirse en 2022 cunha recuperación de todos os sectores e, en especial o de bens intermedios, alcanzado a capacidade das plantas o 80,65%.

Unha información subxectiva de interese que recolle esta enquisa é a opinión dos empresarios sobre cales son os factores que limitan a súa produción en cada período. Pola súa escasa significación, exclúense desta estatística as opinións das empresas que xeran bens de investimento. Un factor vense repetindo nas últimas décadas por riba de calquera outro: a debilidade na demanda. Por suposto, no período analizado neste Informe segue a ser, con diferenza, o principal factor limitativo. Nin a insuficiencia de equipos ou materias primas, nin o financiamento, parece ser obstáculos que limiten seriamente a capacidade de produción dos empresarios industriais galegos, o que choca cos problemas nos avituallamentos ou as necesidades de liquidez que xurdiron na pandemia e se comentarán máis polo miúdo nas páxinas seguintes.

En canto aos factores limitativos en 2021, compre destacar que os resultados case unánimes dos empresarios enquisados son que a súa produción non alcanza a normalidade pola existencia dun conxunto de factores exógenos, os cales obviamente están na mente de todos. Lembremos que na enquisa de xullo de 2020 non se fai unha alusión a iso e, polo que indican, é a carencia na demanda seguía a ser o factor máis determinante na limitación da súa produción. Parece existir un certo desfase temporal nos resultados, xa que entenderíanse mellor a táboa de 2020 si fora máis similar ao que se manifestou en 2021.

3.6. A cifra de negocios e o emprego por divisións industriais (CNAE-2009)

Tras esta aproximación máis xeral da traxectoria seguida pola industria galega, a continuación, analizaranse con máis detalle os sectores manufactureiros máis relevantes en Galicia e aportarase a visión cualitativa de representantes de cada unha destas actividades. En canto ás estatísticas oficiais publicadas, a Enquisa estrutural de empresas: sector industrial, ofrece información sobre o estado contable da industria galega xunto con outras variables como o emprego ou o número de locais de negocios. Desafortunadamente o último ano dispoñible é 2020, polo que, nas páxinas seguintes deste Informe, para poder seguir a traxectoria sectorial de 2021 e 2022, esta fonte complementarase co Índice desagregado de Producción Industrial (IPI) e cos resultados do comercio externo.

Con finalidade de obter unha visión de conxunto sobre o ocorrido ao sector industrial ante a Covid-19, previo ao análise particular dos distintos subsectores, preséntase nas gráficas adxuntas a cifra de negocios e o emprego de todas as divisións industriais da industria manufactureira e enerxética galega en 2019 e 2020. O gráfico 37 mostra a cifra de negocios en valores absolutos, para así poder calibrar a dimensión real de cada subsector. Nas reflexións sectoriais xa se presentan os valores relativos. Unha mera visión deste gráfico suxire a elevada concentración da facturación en só cinco divisións, das que destacan a alimentación e a fabricación de vehículos de motor. Entre as dúas absorberon en 2020 o 42,9% da cifra de negocios da industria o que é, practicamente, a metade da facturación do sector manufactureiro. Si a estes dous sectores engádeselle a subministración de enerxía, a metalurxia

e a fabricación de produtos metálicos a porcentaxe elévase ao 64,7%. Ou sexa, dous de cada tres euros facturados corresponden a estas cinco divisións.

Gráfico 37




Fonte: Estatística estrutural de empresas (sector industrial) - INE.

Aínda que un elevado peso relativo amosa obxectivamente a gran relevancia destes sectores, non se debe esquecer a importancia cualitativa en Galicia de actividades cuxa facturación é sensiblemente inferior. Estas tamén son analizadas neste Informe.

En canto a facturación, no gráfico 37 aprécianse con nitidez os sectores máis afectados pola crise sanitaria no seu primeiro ano fronte aqueles que nese período aumentaron a súa facturación. Neste sentido, obsérvase que tanto alimentación como vehículos automóbiles tiveron unha evolución positiva, o que contrasta coa caída da facturación na maior parte das restantes actividades.

En canto ao emprego, é obvio que os resultados non poden ser simétricos aos da facturación, ante as diferentes produtividades e intensidades do traballo ou capital das divisións industriais galegas. Obsérvase como o emprego en alimentación case duplica ao da automoción, o cal é moi similar ao da fabricación de produtos metálicos. Segundo esta estatística, pasouse de 143.792 ocupados totais en 2019 a 144.969 en 2022 (cifras inferiores ás estimadas polo EPA) pero en ambos os casos mostran un crecemento que suxire que a crise sanitaria non incidiu negativamente no emprego como si o fixo a crise financeira de 2008. Como veremos, a evolución do emprego foi moi desigual entre as diferentes divisións.

Gráfico 38



Fonte: Estatística estrutural de empresas (sector industrial) – INE.

3.7. Análise sectorial

3.7.1. O sector enerxético

O último balance enerxético realizado polo Instituto Enerxético de Galicia (Inega) refírese a 2020. Así, antes da aceleración dos prezos de 2021, constatábase unha diminución dun 14,6%, en tan só un ano, da dependencia enerxética en Galicia que se situaba no 61%. Neste período de crise sanitaria a xeración de electricidade en Galicia tan só diminuíu nun 1,1%, debido a baixada do 30,3% da produción das centrais con combustibles convencionais que compensou o incremento en renovábeis nun 14,2%. O consumo final (segundo o IGE) caeu un 13,3%, porcentaxe que cabería agardar ante as restricións as actividades produtivas, coa peculiaridade de que o uso de enerxías renovábeis incrementouse un 3,4%. Inega cuantifica a caída do consumo de enerxía final ante a Covid-19 nun 11,2% e o de electricidade nun 6,2%. Esta traxectoria negativa mellorará en 2021 conforme se vai avanzando cara a unha certa normalidade.

O papel das enerxías renovábeis esta a ser moi importante en Galicia ao contribuír cun 75,7% á xeración eléctrica e experimentar un crecemento nese ano do 14,2%. Ademais da enerxía hidráulica e a eólica, a biomasa está a desempeñar un papel fundamental no sistema galego ao representar o 30,5% da enerxía primaria con usos térmicos e o 48,2% da calor aproveitada nas centrais de coxeración. Ademais, en Galicia xerouse o 41,5% de todo o bioetanol producido en España.

En canto aos combustibles minerais, en 2020 procesáronse un 27,1% menos de cru de petróleo que en 2019, circunstancia moi influída pola crise sanitaria. En canto a gas, as descargas de Reganosa na ría de Ferrol supuxeron un 9,5% do total descargado nos peiraos de España. Pola súa banda, todo o carbón utilizado, 368 ktep, foi de importación.

Estes resultados supoñen un avance na transición enerxética que tras a pandemia é a situación mundial parece ineludible. A dinámica galega na actualidade reflicte unha potencialidade na produción de enerxías verdes vital para a sociedade e para a industria da Comunidade nas vindeiras décadas. Así, os anuncios sobre novas instalacións son constantes. Nos dous concellos onde outrora se utilizaba para a xeración de enerxía o lignito extraído das súas minas, apostan hoxe por senllas plantas de hidróxeno verde. No caso de As Pontes, a iniciativa vai da man de Reganosa e de EDP Renovables, cunha capacidade prevista de até 100 megawatts (Mw) co obxectivo de que esté operativa en 2025. Tamén se pretende que sobre as mesmas datas funcione a planta de hidróxeno líquido de Meirama que conta como socios a Naturgy, Repsol e Reganosa. Ademais, ao longo deste Informe coméntanse outras iniciativas relacionadas coa enerxía verde como a planta de Foresa en Mugardos de metanol ou a que pretende montar a multinacional Maersk probablemente no porto exterior da Coruña. Neste mesmo campo, o Consorcio da Zona Franca de Vigo co seu proxecto Atlantic Hydrogen Logistic Industrial Hub, pretende obter 6 millóns de euros dos fondos europeos para xerar ao redor de 140 toneladas anuais de hidróxeno xerado por enerxía fotovoltaica, que entre outros clientes, servirá para apoiar a loxística de Stellantis.

3.7.2. Sector de alimentos e bebidas

3.7.2.1. A dimensión do sector en Galicia

Segundo o Plan Estratéxico do Clúster Alimentario de Galicia (2021-2025), este sector xeraba en Galicia un VEB de, aproximadamente, 4.070 millóns de euros en 2018, o que supuña o 7,2% do PIB. Contabilizábanse 103.000 ocupados, o 10% do emprego total galego. Estes valores representan o 7,1% do PIB e o 8,6% do emprego do total do sector alimentario de España. A inicios de 2020, o sector configurábase en Galicia cun total de case 2.500 empresas. Delas tan só, 90 contaban con 50 ou máis empregados, 360 entre 10 e 50 empregados e o resto son microempresas que non pasaban de 9 empregados. O conxunto delas, representaba en torno ao 8% do total de España.

Os subsectores claves en Galicia están vinculados á gandería. Son a industria cárnica, a láctea e a alimentación animal. En conxunto, este tres subsectors absorben en torno ao 28% do VEB da industria de alimentación e bebidas e un pouco menos do emprego. A evolución conxunta destes subsectores na segunda década deste século non foi excesivamente positiva e presentou unha elevada volatilidade.

Outro subsector tamén determinante é o de procesado, conservación e fabricación de conservas de peixe, crustáceos e moluscos. Esta actividade, moi tradicional na economía galega, representaba aproximadamente un terzo do VEB e do emprego da industria alimentaria.

Os subsectores restantes achegan a terceira parte do emprego, pero un VEB menor debido ao pequeno tamaño das súas empresas. Neste grupo, polo seu número, destacan as que se dedican á elaboración e distribución de pan.

Ligada á produción agrícola, a industria en Galicia con maior desenvolvemento é a do viño. A súa estrutura é moi diversa e é un sector que se foi consolidando nas últimas décadas.

3.7.2.2. O impacto da pandemia no sector alimentario español segundo os Informes da Federación Española de Industrias de Alimentación y Bebidas (FIAB) de 2020 e 2021

A palabra crave no sector en 2020, nos momentos máis duros da pandemia era a adaptación. Manter a subministración era imprescindible e, neste sentido, o comportamento da alimentación, segundo FIAB, foi exemplar.

Coa pandemia incrementouse o consumo dos fogares, pero a incidencia na canle Horeca (hoteis, restaurantes e cafetarías) foi moi negativa. O resultado agregado é o dunha caída na actividade interna, aínda que lonxe da dimensión alcanzada noutros sectores. Afortunadamente, o mercado internacional tivo un comportamento positivo neste período ante unhas exportacións que creceron un 4,4% en 2020 con respecto a 2019. O principal factor explicativo deste incremento foi o das vendas de produtos cárnicos no mercado chinés. Excluído este efecto, a evolución das exportacións xa non foi tan positiva. Débese lembrar que previamente á Covid-19 xa se estaba observando unha reestruturación no sector polo impacto negativo dos aranceis impostos por Estados Unidos e os efectos do Brexit.

Maila a evolución do sector exterior, a falta de actividade en bares e restaurantes e a drástica redución no número de turistas arrastraron ao sector en 2020 a unha caída no PIB de algo máis do 5% e a un descenso do 1,1% no emprego.

En 2021, o obxectivo básico era o de retornar aos niveis pre-Covid e proseguir a reestruturación iniciada anos atrás. A agardada recuperación económica, ante a crise no consumo de 2020, veuse este ano lastrada por un progresivo aumento dos custos enerxéticos e as dificultades da loxística. Iso empeza a xerar as primeiras tensións inflacionistas que non só se frean senón que proseguen de modo preocupante en 2022.

Ante esta situación nova, a alimentación en 2021 logrou manter unha certa estabilidade, o que xa permitiu alcanzar valores próximos aos de 2019. A pandemia seguiu paralizándoa á canle Horeca e tampouco se recuperou o turismo, pero aínda así, o consumo xeral reactivouse e a produción elevouse ao 5,3%. O VEB creceu un 11,2%, o que non evitou a diminución do número de empresas e que, por tanto, proseguise o proceso de concentración. A este significativo crecemento do VEB axudou o mercado exterior. As exportacións aumentaron, en volume, un 7% e incrementouse o superávit comercial español. O emprego non quedou atrás e na Seguridade Social observouse un incremento do 2% no número de cotizantes.





A conxuntura en 2022 preséntase moi inestable xa que aos problemas inherentes á saída da pandemia únese o conflito da guerra de Ucraína.

3.7.2.3. A evolución do sector transformador en Galicia

O comportamento do sector industrial alimentario en Galicia na Covid-19 foi máis positivo que o observado noutros sectores. Segundo o IPI, a produción en 2020 practicamente mantívose en niveis similares aos de 2019. Rexistrouse unha caída desta variable dun 0,9% e, a pesar dos problemas que foron xurdindo en 2021 e das restricións que se seguiron mantendo por mor da pandemia no segmento Horeca, nese ano rexistrouse un incremento do IPI dun 6,6%, porcentaxe positiva a pesar de ser inferior ao crecemento apreciado no conxunto da industria manufacturera galega. Esta última aínda que medrou un 9,9% en 2021 non chegou a compensar a caída na produción de 2020, que superaba os 10 puntos. Polo contrario, na alimentación o resultado de 2021 superou con fartura a débil caída de 2020. Doutra banda, a información xa dispoñible do primeiro semestre de 2022 só mostra unha lixeira desaceleración na actividade, a pesar do cúmulo de problemas que foron xurdindo durante este ano e cuxos impactos máis pormenorizados trataranse máis adiante.

A asimetría en 2020 entre a traxectoria do sector industrial alimentario e a media da industria supuxo que nese ano a contía da cifra de negocios da alimentación aumentase o seu peso relativo sobre o total. Segundo a Estatística estrutural de empresas (sector industrial) medrou en 2,3 puntos con respecto a 2019. Ao manterse a cifra de ocupación no conxunto dos sectores industriais, o incremento dun 1,3% no emprego do sector alimentario apenas modificou o peso relativo sobre o total, o cal só medrou unha décima ao pasar do 21,5% ao 21,6%. En todo caso, as cifras dos gráficos 39, 40, 41 e 42 denotan a vital importancia deste sector en Galicia tanto en facturación e produción como en emprego. De cada cinco empregados industriais, aproximadamente, un traballaba na alimentación.

Gráficos 39, 40, 41 e 42







Os índices de 2022 corresponden ao primeiro semestre.

Fonte: Estatística estrutural de empresas (sector industrial) e Índice de Producción Industrial (IPI) – INE.

O segmento de bebidas, centrado como xa se indicou na produción de viño e, en menor medida, de cervexa, ten unha dimensión moi inferior ao segmento de alimentación e a súa traxectoria neste tres últimos anos analizados tamén foi diferente. O peche de establecementos no segmento Horeca supuxo unha caída na demanda que non foi compensado polo incremento do consumo de bebidas nos domicilios. Mentres a Estatística estrutural de Empresas (sector industrial) cifraba nun 5,5% o descenso na cifra de negocios en 2020 con respecto a 2019, o IPI nese período, ante o freo na actividade e as restricións na produción, caía un 30,8%. Esta situación de 2020, que en termos máis cualitativos comentárase máis adiante, foi moi conxuntural, xa que os resultados de 2021 reflicten un incremento do 38,8%, porcentaxe que, maila a súa elevada contía, non permite aproximar a produción á da 2019. Tras estas fortes fluctuacións de 2020 e 2021, os resultados dispoñibles do primeiro semestre de 2022 confirman unha estabilización da actividade aínda coa aceleración da inflación. Coa produción neste período si se volveu aos niveis que se alcanzaron en 2019.

En suma e no referente ao sector das bebidas, a pandemia provocou un movemento de ida e volta, sen grandes efectos na produción, nas cifras de negocio e tamén no emprego. Os resultados de 2020 sobre esta última variable mostran que, a pesar dos descensos na cifra de negocios e na produción, o emprego non só se mantivo senón que se incrementou un 3%, o que suxire que no ámbito empresarial interpretouse a situación de pandemia como conxuntural e que, grazas ao uso da figura dos Ertes por forza maior, non incidiu no emprego.

Gráficos 43, 44, 45 e 46



Os índices de 2022 corresponden ao primeiro semestre.

Fonte: Estatística estrutural de empresas (sector industrial) e Índice de Producción Industrial (IPI) – INE.

A industria da alimentación é un sector relativamente internacionalizado, especialmente no segmento mar-industria. Dunha cifra de negocios de 8.925,4 millóns de euros no conxunto da industria en 2020, o valor das exportacións alcanzou os 2.689,69 millóns, dos que o 77,11% corresponden ao procesado e conserva de peixe. Como se observa no cadro 14, esta actividade tivo en 2020 un comportamento asimétrico entre o comercio do segmento de procesados de peixes e as conservas. Estas últimas, nun contexto moi propicio, incrementaron substancialmente as súas vendas ao estranxeiro, expansión que, non se mantivo en 2021, ano no que se observa unha estabilización na contía das exportacións. Pola contra, nos primeiros seis meses de 2022 apréciase un significativo incremento no comercio impulsado pola alza dos prezos.

A traxectoria das exportacións de viños, produto que en 2019 acaparaba o 66,58% do conxunto de exportacións de bebidas, foi un tanto diferente á dos produtos da pesca. Á desaceleración en 2020 (moi motivada polos cambios na política arancelaria de Estados Unidos nos anos da presidencia de Donald Trump) seguiu unha forte expansión do comercio en 2021 e 2022, situación moi similar á observada no sector cervexeiro, cuxas exportacións representaban o 15,51% do total do sector de bebidas en 2019.

Cadro 14

Elemento	EXPORTACIÓN				
	Peso relativo en 2019	2019	2020	2021	1S2022
10 Industria da alimentación	100,00	0,90	1,05	11,11	22,62
101 Procesado e conservación de carne	9,28	7,33	-0,42	6,71	28,73
102 Procesado e conservación de peixe	75,44	-1,28	-1,37	12,43	19,75
1021 Procesado de pescados	40,92	1,35	-10,72	24,79	28,87
1022 Fabricación de conservas de peixe	34,52	-4,22	9,71	0,50	9,65
103 Procesado y conservación de froitas	0,46	-26,95	17,29	20,93	48,40
104 Fabricación de aceites	2,41	7,15	17,45	29,34	30,82
105 Fabricación de produtos lácteos	5,29	7,46	24,57	-2,13	11,44
1052 Elaboración de xeados	0,00	7,57	41,57	-23,47	-7,96
1053 Fabricación de queixos	0,27	-14,99	4,95	28,03	63,17
1054 Preparación de leite e outros	5,01	9,02	25,62	-3,49	8,91
106 Fabricación de produtos de moenda	0,54	25,02	-9,89	11,06	28,75
107 Fabricación de produtos de panadería	0,73	17,04	-20,51	-16,86	23,27
108 Fabricación doutros produtos	4,73	16,85	5,76	7,72	59,69
109 Fabricación de produtos para alimentación animal	1,11	-1,93	23,24	15,78	29,38
11 Fabricación de bebidas	100,00	12,40	1,85	20,00	14,84
1101 Destilación,	1,57	2,46	66,34	-5,72	20,68
1102 Elaboración de viños	66,58	4,59	-4,18	26,12	2,59
1103 Elaboración de sidra	0,49	-4,62	-25,71	88,99	105,19
1104 Elaboración de outras bebidas	1,19	270,31	36,23	-30,79	17,05
1105 Fabricación de cervexa	15,51	31,50	6,91	14,77	68,81
1106 Fabricación de malta	0,01	-24,72	-95,20	-77,56	26.482,94
1107 Fabricación de bebidas non alcohólicas	14,65	31,56	15,14	9,34	20,28

Fonte: Elaboración propia a partir da web Data Comex da Secretaría de Estado de Comercio . Ministerio de Industria, Comercio e Turismo.

Nas importacións recibidas pola industria alimentaria aínda ten un maior peso relativo que nas exportacións a industria de procesado e de conservación de peixe. Esta actividade absorbeu o 82,84% do valor total das importacións da industria alimentaria. En 2020 apreciouse unha significativa caída nas compras galegas, o que se corrixiu en 2021 e, sobre todo en 2022, debido neste caso á evolución dos prezos. Na industria de bebidas, é a cervexa e non o viño a que acapara a contía do importado e os resultados reflicten o que cabería agardar ante as dinámicas económicas xerais de 2020 e 2021, ou sexa, caída nas compras en 2020 e recuperación en 2021. O máis destacado do cadro 15 é o incremento do valor importado de cervexas nun 118,97% no primeiro semestre de 2022, que en volume alcanzou o 200,24%. Ben é certo que este aumento é o resultado de comparar cuns meses de 2021 nos que aínda estaban moi vixentes as fortes restricións da pandemia, as cales se relaxaron significativamente no segundo semestre dese ano.

Cadro 15


Elemento	IMPORTACIÓN				
	Peso relativo en 2019	2019	2020	2021	1S2022
10 Industria da alimentación	100,00	-5,26	-2,39	13,78	44,53
101 Procesado e conservación de carne	1,25	5,57	-10,03	31,19	43,45
102 Procesado e conservación de peixe	82,84	-5,01	-7,33	10,61	34,04
1021 Procesado de pescados	56,05	-0,21	-5,17	6,97	35,40
1022 Fabricación de conservas de peixe	26,79	-13,70	-11,85	18,82	31,74
103 Procesado y conservación de froitas	0,76	7,22	43,89	20,69	83,26
104 Fabricación de aceites	11,34	-8,44	21,16	32,53	79,53
105 Fabricación de produtos lácteos	0,66	-30,77	53,22	7,62	170,33
1052 Elaboración de xeados	0,00	-57,35	12.745,82	2,99	17,20
1053 Fabricación de queixos	0,20	7,89	91,11	-0,89	29,84
1054 Preparación de leite e outros	0,45	-40,30	21,62	14,17	301,81
106 Fabricación de produtos de moenda	0,67	17,72	-7,90	14,89	137,64
107 Fabricación de produtos de panadería	0,15	1,54	143,44	-12,95	1,42
108 Fabricación doutros produtos	2,06	1,39	23,08	2,25	93,88
109 Fabricación de produtos para alimentación animal	0,28	-24,90	33,02	21,04	37,18
11 Fabricación de bebidas	100,00	-12,44	-2,35	24,96	33,84
1101 Destilación,	3,51	7,75	104,93	-67,14	198,84
1102 Elaboración de viños	5,37	95,83	57,84	-35,19	-8,77
1103 Elaboración de sidra	1,26	8,27	132,73	-29,43	77,31
1104 Elaboración de outras bebidas	0,04	-12,80	1.967,00	-34,02	42,87
1105 Fabricación de cervexa	67,23	-23,49	-16,86	18,13	118,97
1106 Fabricación de malta	0,75	-69,66	-63,17	45,44	177,36
1107 Fabricación de bebidas non alcohólicas	21,85	31,03	1,19	104,24	-32,73

Fonte: Elaboración propia a partir da web Data Comex da Secretaría de Estado de Comercio . Ministerio de Industria, Comercio e Turismo.

En 2020, o IPRI da industria da alimentación mantívose estable. Apenas variaron os prezos con respecto aos alcanzados en 2019. Con todo, na escalada xeneralizada dos prezos iniciada en 2021, este sector non quedou á marxe. Ante o incremento dos custos das materias primas, a aceleración dos custos enerxéticos, ao que se debe unir o conflito bélico en Ucraína, os prezos

na industria da alimentación aceleráronse notablemente. Xa a finais de 2021, como se observa no gráfico 47, crecían un 6,7% e alcanzaron a taxa do 15,4% nos oito primeiros meses de 2022. A traxectoria de prezos nesta actividade, crucial na cesta da compra das familias, favoreceu que o IPC alcance unhas taxas de variación descoñecidas nas últimas décadas. Pola contra, o crecemento dos prezos industriais no segmento de bebidas foi máis moderado aínda que, noutro contexto económico diferente, a taxa de variación do IPRI de xaneiro a agosto de 2022, un 5,7%, resultaría moi preocupante.

Gráfico 47



Fonte: Índice de Prezos Industriais - INE

3.7.2.4. Reunión co Clúster Alimentario de Galicia celebrada o 18 de outubro de 2022

Consecuencias da Covid-19 nos subsectores do sector alimentario máis relevantes en Galicia

O comportamento do sector primario e a súa transformación adoita ser anticíclico, sobre todo no seu segmento industrial. Por iso e dun modo xeral, na pandemia foi un dos sectores económicos da economía galega menos afectado. Non houbo un impacto tan negativo como noutras actividades, aínda que é certo que a demanda transcorreu en dentes de serra. Obviamente, as empresas do sector tiveron que ir adaptando á nova situación en períodos moi curtos de tempo. Sen embargo, as actividades centradas na canle Horeca pasárono moi mal tanto en 2020 como en 2021 e só se constata a súa recuperación en 2022. Ante a situación económica xerada pola Covid-19, ao resto de actividades non lle foi tan mal e, de feito, a produción apenas se resentiu.

Débese ter en conta que no sector agroalimentario (conformado polo sector primario e a industria transformadora) ao ser un conglomerado composto por empresas, sectores e demandantes moi diferentes, o impacto da pandemia foi moi heteroxéneo.

Así, cabe indicar que:

- O sector transformador de produtos do mar, no que predominan empresas de mediano e gran tamaño, lograron un balance positivo. É significativo o incremento observado na fabricación de conservas de peixe.
- As cárnicas e os produtos gourmets experimentaron un retroceso na súa actividade ante o efecto Horeca.
- O sector lácteo, en especial a produción de queixos atopouse con dificultades, que se incrementaron unha vez que se foron superando os peores momentos da pandemia, debido ao pequeno tamaño da maioría das empresas e os problemas derivados do subministro das materias primas.
- Unha parte do sector produtor de viño sufriu bastante, xa que existen moitas adegas de pequeno e mediano tamaño que non comercializan os seus produtos nos super e hipermercados. Aínda que nun primeiro momento pasárono moi mal, tamén hai que indicar que a súa recuperación foi moi rápida. Actualmente, moitas adegas non teñen produto para cubrir a demanda existente.

Impacto sobre o emprego, as modalidades de traballo y a distribución

O emprego coa Covid-19 apenas se resentiu no sector (cuestión que reflicten as estatísticas oficiais mostradas anteriormente) e practicamente non houbo Ertes. Mantivéronse as modalidades de traballo tradicionais.

En canto á distribución, nun principio tiñáanse grandes expectativas no comercio electrónico, pero non parece que logre despegar. É máis, nos últimos meses conséntase que a maior parte destes cambios na distribución desfaceróense.

Se veu para quedar a transición dixital. Actualmente estanse promovendo múltiples proxectos neste ámbito que implican unha maior eficiencia ante a automatización e unha redución nos custos. O sector está a realizar un esforzo moi serio.

Situación de cara á superación da Covid-19 e o impacto da guerra en Ucraína

Si nos meses máis duros da pandemia a dinámica do sector era positiva, en 2021 e 2022, ante o proceso de recuperación das economías e as consecuencias da guerra de Ucraína, empezaron a aflorar unha serie de problemas que, seguramente, provocarán cambios estruturais na composición deste sector básico na economía galega. Así, a subida dos prezos das materias primas causou serios problemas lóxicos que tensionaron moito a cadea de valor desde a produción primaria á transformación. Dous sectores que nestes momentos están a pasar un momento complicado son o cárnico e o lácteo. Este último, enfrontábase a unha estrutura de mercado nos que as grandes corporacións compiten cuns prezos que provocan unha perda de competitividade do sector galego, sobre todo ao ter que trasladar o forte incremento dos custos a prezos. Unha crise, que xa viña de 2021, complicouse aínda máis en 2022 ante o tremendo incremento nos custos enerxéticos e a subida do prezo dos cereais e a carencia doutras materias primas. Esta situación no segmento dos queixos agrávase ante a carencia de materias primas e non poder producir o que pide a demanda. Certamente, a percepción de que a inflación sería algo temporal desvanecíase totalmente.

A crise actual debe provocar unha reestruturación do sector xa que se observa unha situación económica moi diferente entre as empresas máis grandes e as máis pequenas. Actualmente, este proceso de adquisicións de sociedades por parte do capital estranxeiro apréciase tanto no

sector vitivinícola, coa compra de adegas, como no sector lácteo. Non hai dúbida de que estas tendencias se están acelerando ante a situación actual.

Sectores que presentan bos resultados como o das conservas de peixe, non están, obviamente, libres de crises temporais, como foi no seu momento a do aceite de xirasol, e doutras, máis permanentes, que cada vez dificultan máis a competitividade das empresas de menor dimensión.

O papel das axudas do sector público

En canto aos fondos Next Generation EU obviamente neste sector é moi relevante o Perte Agroalimentario que se concibe “como un conxunto de medidas para reforzar o desenvolvemento da cadea agroalimentaria e dotala das ferramentas necesarias para afrontar os retos medioambientais, dixitais, sociais e económicos da próxima década”. Foi aprobado en febreiro de 2022. Falouse previamente moito sobre a súa articulación e publicáronse as bases o pasado mes de agosto e, en breve, faranse as convocatorias. O PERTE mostra tres actuacións prioritarias: 1) Apoio á industria agroalimentaria. 2) Apoio ao proceso de dixitalización. 3) Apoio á innovación e a investigación. Para iso dotouse de 1.000 millóns de euros até 2023 aos que adicionalmente se engadiron 800 millóns máis.

Actualmente en Galicia está a tentarse que se consolide algunha proposta para o Perte, en todo caso difícil de armar xa que se trata de proxectos de contía moi elevada e con varios socios. Ademais, a incerteza actual non facilita a realización de grandes investimentos.

En canto ás axudas públicas menos excepcionais que os fondos de recuperación europeos, en Galicia foi e é determinante o labor do Igape. Conta con varias liñas de actuación no sector e tamén, a través dunha oficina técnica, apóiao para abordar proxectos de transformación para poder optar aos fondos europeos. Doutra banda, cabe destacar que para as pemes do sector mobilizáronse 5 millóns de euros dirixidos a proxectos de incorporación de tecnoloxías dixitais.

Desde o Clúster opínase que o apoio á transición dixital é fundamental e o sector está a facer un esforzo moi grande e estanse promovendo proxectos que melloran os procesos e a automatización. Con esta maior eficiencia conséguese unha redución dos custos. É a gran aposta neste momento.

Perspectivas de futuro

Existe a expectativa no sector de que a produción se vai a manter, e mesmo, incrementar, a pesar da inflación. Desde o Clúster estímase que o sector sempre se move cun certo atraso con respecto ao resto. Os incrementos nos custos están aí. Son os últimos afectados pola inflación pero tamén serán os últimos en superar este problema. As perspectivas sobre os prezos non son boas. No mercado empézase a notar o desprazamento do consumo cara aos produtos de liña branca.

Actualmente, non se observan problemas de financiamento, aínda que, algunhas empresas vinculadas ao Perte, non están a apostar por grandes investimentos ante a inestabilidade actual. É probable que se ofrezan máis recursos públicos dos que realmente se vaian a utilizar.


O logro, en maior ou medida, dos eixos do Plan estratéxico do Clúster serán determinantes no futuro do sector:

- Impulso da I+D+i e incorporación das empresas á estratexia de innovación
- Mercados e internacionalización; adaptación aos cambios no consumo e impulso de novos modelos e canles de comercialización
- Impulso da sostenibilidade e incorporación das empresas á economía circular e á bioeconomía
- Transformación dixital, captación e formación de talento e emprendimento

3.7.3. Sector da madeira e do moble

3.7.3.1. O seu comportamento nos últimos anos

Gráficos 48, 49, 50 e 51



Os índices de 2022 corresponden ao primeiro semestre.

Fonte: Estatística estrutural de empresas (sector industrial) e Índice de Producción Industrial (IPI) – INE.


A industria da madeira en Galicia é, en termos relativos, máis relevante polo número de traballadores que emprega que pola súa facturación, a cal rolda tan só o 3% do total da industria. A pesar do efecto hábitat (arranxos domésticos para cubrir tanto tempo de lecer) e das vantaxes que o confinamento podería dotar a algún dos subsectores, as caídas, en termos relativos, na actividade e a ocupación foron en 2020 máis elevadas que no conxunto da industria e tamén que no sector manufactureiro. Os efectos foron moi fortes pero transitorios xa que, tanto en 2021 como no primeiro semestre de 2022, a recuperación na produción foi moi notable. Finalizado 2021 xa era case un 21% superior á alcanzada en 2019, porcentaxe que se elevaba ao 47,3% no primeiro semestre de 2022. Estas espectaculares cifras prodúcense nun contexto de incesante crecemento dos prezos e, máis recentemente, coa incerteza nos prezos enerxéticos e na subministración de materias primas ante a invasión rusa de Ucraína. Sen embargo, os resultados mostran que o sector, tras o shock do confinamento, parece saír, no seu conxunto, reforzado e mostra un especial dinamismo no contexto da industria galega.

Unha situación similar obsérvase na industria do moble galego, actividade cunha dimensión inferior á do conxunto das restantes actividades da madeira. O forte shock da pandemia e do confinamento, co consecuente freo nas canles de distribución, parece ser un fenómeno conxuntural xa que a recuperación tamén foi moi rápida e, como no caso anterior, en 2021 xa superaba o volume de produción xerado en 2019. Particularmente, na industria do moble

obsérvase unha espectacular recuperación en 2021 para, xa en 2022, mostrar un certo retardo na actividade.

Nas gráficas que se achegan, apréciase a intensa caída na facturación do sector do moble en 2020, cun descenso no entorno do 25% con respecto a 2019, a pesar de que, afortunadamente, púidose preservar unha gran parte do emprego. A rápida recuperación, xa en 2021 cunha subida do IPI superior ao 60% parecía despexar as dúbidas sobre a recuperación dunha actividade que, como indicamos, non mostrou un dinamismo similar nos dous primeiros trimestres de 2022. Tras o impulso de 2021, a traxectoria de 2022 aínda que positiva, a pesar dunha demanda minguada dunha economía que está a acusar os impactos das incertezas que xeran os conflitos internacionais, non puido manter o ritmo expansivo de 2021.

Gráficos 52, 53, 54 e 55



Os índices de 2022 corresponden ao primeiro semestre.

Fonte: Estatística estrutural de empresas (sector industrial) e Índice de Producción Industrial (IPI) – INE.

Doutra banda, a contía e evolución dos fluxos comerciais co estranxeiro son indicadores que nos mostran a dinámica dos diferentes subsectores da industria da madeira e do moble así como a súa capacidade de internacionalización. Na primeira, máis das tres cuartas partes do valor do exportado en 2019 correspondía ao segmento das chapas e taboleiros de madeira, o sector con maior dimensión na industria galega nesta actividade. A volatilidade do comercio deste segmento foi moi notable, xa que a unha caída dun 7,54% en 2020 acompañoulle un incremento dun 42,8% en 2021, subida que, evidentemente, nunha boa parte débese a unha forte aceleración nos prezos. Esta evolución viuse freada en 2022. Na serradura obsérvase un comportamento similar, aínda que, a desaceleración en 2022 non foi tan forte.

En canto ás importacións, o peso relativo do serrado é sensiblemente superior ao das exportacións e esta actividade xunto aos taboleiros e chapas absorben case o 86% do valor total importado pola industria da madeira. No cadro 16 obsérvase que en 2021 e no primeiro semestre de 2022 a serradura de madeira mantivo unha traxectoria expansiva, o que contrasta coa desaceleración observada no mercado de chapas e taboleiros no primeiros seis primeiros meses de 2022.

Cadro 16

Elemento	EXPORTACIÓN				
	Peso relativo en 2019	2019	2020	2021	1S2022
16 Industria da madeira e da cortiza	100,00	-0,84	-7,85	41,56	7,21
161 Serrado e cepillado da madeira	11,25	-11,04	-1,99	31,52	16,77
162 Fabricación de produtos de madeira	88,75	0,63	-8,59	42,93	5,93
1621 Fabricación de chapas e taboleiros	76,87	-0,66	-7,54	42,82	5,81
1622 Fabricación de solos de madeira	1,63	22,68	-51,10	98,61	50,68
1623 Fabricación de outras estruturas	2,64	27,73	-16,72	60,76	-87,99
1624 Fabricación de envases e embalaxes	4,68	-7,56	-5,95	22,88	28,99
1629 Fabricación doutros produtos	2,92	24,41	-9,39	47,54	24,65
310 Fabricación de mobles	100,00	-5,57	-39,50	73,19	56,74
3101 Fabricación de mobles de oficina	52,40	-16,30	-59,60	63,40	16,08
3102 Fabricación de mobles de cociña	4,89	42,65	163,69	35,63	47,64
3103 Fabricación de colchóns	3,24	73,54	12,45	-5,85	23,12
3109 Fabricación doutros mobles	39,46	3,87	-42,26	116,19	99,88
319 Asentos 3 de (29.32+30.11+30.)	100,00	16,38	-32,19	17,83	-80,42

Elemento	IMPORTACIÓN				
	Peso relativo en 2019	2019	2020	2021	1S2022
16 Industria da madeira e da cortiza	100,00	-7,31	-8,17	46,70	26,30
161 Serrado e cepillado da madeira	36,86	-9,57	-12,99	51,53	53,92
162 Fabricación de produtos de madeira	63,14	-5,94	-5,35	44,11	12,24
1621 Fabricación de chapas e taboleiros	48,76	-9,29	-7,10	52,97	25,66
1622 Fabricación de solos de madeira	3,38	16,68	-46,44	26,06	35,66
1623 Fabricación de outras estruturas	4,70	11,26	-8,02	56,77	-90,80
1624 Fabricación de envases e embalaxes	1,96	-15,30	-1,37	11,05	-20,16
1629 Fabricación doutros produtos	4,34	10,16	47,32	-12,01	-17,76
310 Fabricación de mobles	100,00	11,04	-9,14	21,54	15,74
3101 Fabricación de mobles de oficina	12,37	82,50	-37,90	64,81	-13,18
3102 Fabricación de mobles de cociña	3,31	-20,32	7,98	10,93	28,85
3103 Fabricación de colchóns	15,16	-4,27	10,76	-6,29	36,94
3109 Fabricación doutros mobles	69,16	9,27	-9,17	24,29	15,88
319 Asentos 3 de (29.32+30.11+30.)	100,00	14,51	34,35	0,23	-90,24


Fuente: Elaboración propia a partir da web Data Comex da Secretaría de Estado de Comercio . Ministerio de Industria, Comercio e Turismo.

A fabricación de mobles de oficina adoita acaparar as vendas no estranxeiro das empresas galegas da industria de mobiliario. No primeiro ano de pandemia as exportacións neste segmento reducíronse drasticamente cunha recuperación posterior significativa nun contexto dunha certa contención nos prezos. Pola contra, as importacións son significativamente distintas ás exportacións e concéntranse na adquisición en Galicia de mobles que non son nin de cociña nin de oficina. Temos que destacar o feito de que as importacións neste segmento caeron en 2020 un 9,2%, cifra elevada pero inferior á que experimentaron outros sectores significativos. Este feito tamén motiva que as cifras de recuperación en 2021 e 2022 non sexan tan elevadas.

Como se indicou anteriormente, e reflíctese con claridade no Índice de Prezos Industriais, a variación dos prezos no segmento da industria da madeira foi moi elevada tanto en 2021 como no primeiro semestre de 2022, o que está a ser un serio problema para a competitividade e para a súa carteira de pedidos. Como se verá máis adiante, son múltiples a conxunción de factores que explican esta aceleración. Caben destacar tres circunstancias. Nun primeiro momento, tras o confinamento, constatouse un empuxe da demanda. Posteriormente, a tendencia alcista viuse agravada por unha menor cantidade de madeira no mercado e pola notable subida en custos propiciada pola enerxía.

Ao contrario que na industria da madeira, no moble a evolución dos prezos foi moito máis moderada aínda que, en consonancia coa maior parte dos sectores da economía, está a acelerarse nos últimos meses ante a traxectoria das materias primas e os custos enerxéticos.

Gráfico 56



Fonte: Índice de Prezos Industriais - INE

3.7.3.2. Reunión co Clúster da Madeira e o Deseño de Galicia celebrada o 5 de outubro de 2022

Impactos da pandemia e situación posterior

É difícil sintetizar a situación do sector tras a Covid-19. Na actualidade obsérvase moita volatilidade e un aumento da complexidade.

O impacto da Covid e a situación posterior foi moi distinta nos diferentes sectores de actividade que conforman o clúster.

- O segmento da serradura veuse beneficiado coa pandemia. Incrementouse notablemente a produción para a embalaxe, actividade que absorbe a maior parte do produto final deste subsector.
- Na actividade de maior facturación, os taboleiros, a pesar do freo na produción que supuxo unha situación de confinamento, apreciouse durante os primeiros meses da pandemia un incremento da demanda, debido ao efecto hábitat. Sen embargo, nos últimos meses, a subida do prezo da enerxía e das materias primas, minguo o desenvolvemento do sector.
- Os sectores especializados en mobiliario contract (empresas como Cándido Hermida ou Ramón García) e no retail foron os que máis sufriron coa crise sanitaria. De feito, gran número de propostas que estaban en curso non se puideron realizar. Aos peches obrigados dos establecementos comerciais uniuse, ante a aposta pola venda a través das canles en liña, a decisión do peche de tendas de grandes comercializadoras, sendo o caso máis emblemático o de Inditex.

- O sector do moble, no seu conxunto, tivo un comportamento similar ao contract e o retail.

Variacións nas modalidades de traballo

Coa pandemia, sen dúbida aceleráronse no sector os procesos de dixitalización. Desde o clúster xunto coa administración promoveuse o cheque dixital e facilitouse a tecnoloxía para facilitar o teletraballo. Sen embargo, a situación non foi a mesma nos segmentos que conforman o clúster. Unha aposta xeneralizada foi o reforzo das vendas en liña, situación que non foi unha novidade coa Covid-19 pero acelerou o seu desenvolvemento. Estas vendas en liña non só se realizan nos bens de consumo. É moi importante nas transaccións que realizan as empresas.

Cambios nas cadeas de valor

A reflexión sobre a estrutura loxística nas cadeas de valor, que xa viña facendo desde anos atrás, acelerouse na pandemia ao comprobar o problema que supón a falta de stocks e subministracións para ir incorporando nos procesos produtivos. A iso sumouse en marzo de 2021 o peche temporal da Canle de Suez, debido ao bloqueo producido polo portacontedores Ever Given durante 6 días, o que puxo en evidencia a fragilidade e o estrangulamento do sistema loxístico vixente. Ao comprobar a excesiva dependencia cara aos mercados asiáticos observouse o inicio de toma de decisións para a produción nas proximidades da fabricación de ben final ou dos consumidores, circunstancia que supuxo un cambio significativo ante o proceso de globalización seguido nas últimas décadas. Nesta cuestión o sector da madeira e tamén os provedores de inputs para este sector, como, por exemplo no sector químico, a produción de colas, caso de Foresa en Caldas de Reis, non se quedou á marxe.

Mercados e comercio exterior

Coa Covid-19, o sector do taboleiro foi o que, en maior grao, tívose que enfrontar aos problemas de distribución xurdidos no comercio internacional, xa que a actividade de serradura non está tan internacionalizada.

A maioría da madeira galega diríxese ao mercado interno, fundamentalmente para a embalaxe e non para a prescrición, segmento cuxas especificacións de calidade son máis exixentes. En todo caso, a certificación forestal xa é un feito e converteuse nunha necesidade. As potencialidades galegas son moi altas e débese conseguir, aínda que soe a tópico, que os propietarios dos montes obteñan a rendibilidade axeitada dun activo con valor na produción dunha madeira que sexa de calidade. Iso debe supor unha reestruturación no conxunto do sector xa que un proceso produtivo deste tipo na embalaxe cunha madeira de maior calidade e sensiblemente máis cara faría que esta actividade deixase de ser competitiva. Ademais, haberá que abordar o feito non menor da crecente aparición de produtos substitutivos da madeira, como pode ser a que podemos denominar como “madeira de plástico”, o que afectará na competitividade, sobre todo, dos sectores que fabrican mercadorías de menor calidade.

No mercado externo, os principais actores son Estados Unidos (tanto como demandante como ofertante) e China, este último cun peso moi relevante das importacións procedentes de Europa do Este debido ao tipo de produto que ofrecen nos mercados. O peso de Rusia non é significativo xa que antes da guerra con Ucraína xa non exportaba demasiada madeira.

Nos diversos mercados, os prezos durante a pandemia experimentaron un significativo incremento ante os problemas de demanda e o xa citado efecto hábitat. Sobre a evolución dos prezos é difícil aventurar a súa traxectoria a longo prazo dada a incerteza e complexidade existente, aínda que, nos últimos tempos obsérvase unha redución nos mesmos.

Agora ben, sen dubidar de que a evolución dos prezos é moi importante, o principal problema do sector da madeira e moble en Galicia non é de mercado. É o enerxético. A subida dos prezos da enerxía levou ao sector a unha crise que se reflicte, por exemplo, no feito de que Finsa teña que facer Ertes ante os altos custos deste input da produción. En todo caso, cabe agardar que esta situación sexa temporal e, que no medio prazo, retórnese á normalidade.

A construción e o sector da madeira

A evolución do sector da construción é un factor básico para o segmento da madeira e do moble. É un dos seus motores ao ser un dos seus principais clientes. Dúas cuestións afectan hoxe ás empresas de construción en Galicia: a substitución xeneracional e a carencia de man de obra especializada. Tras a pandemia as perspectivas eran moi favorables, pero actualmente, as consecuencias da guerra de Ucraína e a subida dos tipos de interese lastran ao sector o que repercute na industria da madeira.

As axudas públicas para a recuperación ante a pandemia

Sobre o impacto dos fondos de Next Generation EU no sector forestal aínda non se pode facer unha valoración precisa. Quizais o máis significativo para este sector en Galicia sexa a proposta do grupo portugués Altri, en Palas de Rei - Lugo, para a fabricación de fibras téxtiles partir da celulosa do eucalipto. É un proxecto factible pero moi vinculado aos fondos europeos, xa que no caso de non recibilos dificilmente a empresa lusa realizarao.

A entrada de Altri produciríase nun contexto dos prezos da madeira en alza, como xa se comentou anteriormente. Ante a importancia deste investimento, de levarse a cabo, afectará a evolución dos prezos do mercado galego.

A incerteza actual existente nesta actividade leva a que o Clúster vexa a necesidade de que o sector se dote dun Plan Estratéxico, documento no que deberían participar todos os actores e no que, obviamente, se ten que involucrar a Consellería do Medio Rural. Iso, tras dispor do Inventario Forestal e do Plan Forestal.

As consecuencias da actual guerra en Ucraína

Sen dúbida, o principal problema causado no sector ante esta inesperada situación é o enerxético. En canto ás importacións que se recibían de Rusia non parece que resulte difícil substituílas, mentres que o fluxo de madeira procedente de Europa do leste sé que se resente, polo que se produce esa tendencia alcista nos prezos.

É obvio que o sector máis importante é o do taboleiro e tamén dos máis prexudicados. Estamos ante unha cadea de valor e si falla un prodúcese un efecto dominou no resto. Sen embargo, débese lembrar que a industria da madeira en Galicia está moi consolidada e trátase dunha actividade moi tradicional.

No futuro, cabe agardar un notable desenvolvemento en todo aquilo relacionado coa bioeconomía. As fibras téxtiles son un primeiro paso, pero hai moitas posibilidades. Un exemplo son os cristais confeccionados en base de madeira. Son moitos os elementos que xa actualmente se están desenvolvendo.

3.7.4. Sector das Industrias do Metal e Tecnoloxías Asociadas

3.7.4.1. O sector da automoción





A dimensión do sector na Galicia e a súa evolución

Tras a industria da alimentación, o sector de automoción en Galicia é a segunda división industrial con maior peso relativo en canto á contía da cifra de negocio e, no 2020, tamén o foi no emprego ao superar a produtos metálicos, sector no que en Galicia se acumulan pequenas empresas, moi dispersas por toda a súa xeografía.

Nun gráfico anterior xa se observaba que a súa traxectoria no período analizado foi diferente a calquer outra división industrial galega. De feito, a súa produción medrou en 2020 para descender en 2021 e, caer aínda máis en 2022.

Esta evolución supuso que o peso relativo da cuantía da facturación do sector medrase en 2020 en 3,4 puntos, de tal xeito que nese ano un de cada cinco euros facturados no sector industrial correspondían a esta actividade. Evidentemente esta situación, nun momento de dificultades para a produción, contrasta co acontecido nos outros sectores, no que ocorreu todo o contrario. Por outra banda, tamén mellorou o peso relativo do emprego no contexto galego se ben o valor desta variable ven sendo habitualmente a metade do da facturación debido a que non é un sector tan intensivo en traballo como poden ser outros.

Gráficos 57, 58, 59 e 60



Os índices de 2022 corresponden ao primeiro semestre.

Fonte: Estatística estrutural de empresas (sector industrial) e Índice de Producción Industrial (IPI) – INE.

Nos gráficos 57 a 60 obsérvase como, tras 2020, a traxectoria de 2021 e no primeiro semestre de 2022 reflectida no IPI mostra unha desaceleración nun período no que xorden varios problemas que afectan a demanda e a loxística que fan que o sector non teña o pulo de momentos anteriores. Estes factores que inciden na produción coméntanse máis adiante.

Esta traxectoria tamén se mostra nos resultados de comercio externo nun sector moi aberto cara aos mercados internacionais. Máis do valor do 80% das exportacións corresponde a vehículos terminados é neste caso os resultados tornan a negativos no primeiro semestre de 2022. En 2021 aínda se mantivo un incremento moderado nas vendas a pesar da caída na produción. As exportacións de compoñentes tivo un comportamento máis irregular descendendo moito en 2021 para xa recuperarse en 2022.

Cadro 17


Elemento	EXPORTACIÓN				
	Peso relativo en 2019	2019	2020	2021	1S2022
29 Fabricación de vehículos de motor	100,00	2,88	32,81	4,53	-13,64
291 Fabricación de vehículos de motor	80,41	1,82	39,86	10,71	-19,15
292 Fabricación de carrocerías	0,12	-18,90	36,82	-37,88	-84,19
293 Fabricación de compoñentes	19,47	7,69	3,63	-29,53	37,21

Elemento	IMPORTACIÓN				
	Peso relativo en 2019	2019	2020	2021	1S2022
29 Fabricación de vehículos de motor	100,00	7,80	-11,70	7,81	-16,44
291 Fabricación de vehículos de motor	39,74	0,62	-26,58	-9,89	-19,41
292 Fabricación de carrocerías	0,21	-31,01	-3,76	0,44	-17,73
293 Fabricación de compoñentes	60,05	13,38	-1,88	16,60	-15,28

Fonte: Elaboración propia a partir da web Data Comex da Secretaría de Estado de Comercio . Ministerio de Industria, Comercio e Turismo.

Pola súa banda, as importacións, neste caso dominadas pola fabricación de compoñentes, manifestan nestes últimos bens un comportamento máis parecido ao da maioría das actividades. Cae o subministro en 2020, recupérase en 2021 e volven a descender en 2022 en medio da crisis dos subministros de chips e semicondutores e os problemas na loxística. Ao marxe do sector industrial galego, os resultados do comercio tamén nos mostran a evolución negativa das importacións de vehículos ante unha caída nas vendas. Entre xaneiro e agosto de 2022 matricularonse en España 533.042 vehículos. Trátase dunha cifra baixa e que se sitúa, obviando 2020, entre os peores resultados deste século.

Gráfico 61



Fonte: Índice de Prezos Industriais - INE

Finalmente, o comportamento dos prezos industriais nesta actividade reflicte unha moderación xa que quedan moi por baixo dos valores medios da industria galega. A tendencia é dun paulatino incremento nos prezos a no ser que se consigan cortar bruscamente as actuais tensións inflacionistas.

A situación do sector da automoción segundo a Fundación Clúster de Empresas de Automoción de Galicia (Ceaga)

A pesar da pandemia e da caída nos investimentos, segundo Ceaga, a automoción en Galicia en 2020 bateu a marca de facturación, 10.450 millóns de euros. Creceu un 7,3% con respecto a 2019. Esta tendencia ascendente mantívose en 2021, ano no que a facturación alcanzou os 11.200 millóns de euros grazas a outra subida de tamén o 7,3%. Nese ano, consoante coa facturación, alcanzouse un novo récord no valor do exportado.

A industria de compoñentes non se quedou á zaga, aínda que o seu crecemento non foi tan notable. En 2021 as súas exportacións aumentaron un 1,8%.

O comportamento do emprego en 2021 non estivo acompasado coa evolución da facturación. A finais de 2021 no sector contabilizábanse 23.450 empregados un 6,1% menos que en 2020. Ceaga achaca este negativo comportamento á crise na provisión de semicondutores o que motivo a saída temporal de traballadores en empresas do sector. Nese ano tampouco foi positiva a evolución dos investimentos, que sufriron unha redución do un 9,5%.

En todo caso, o peso de Stellantis no contexto español segue sendo moi alto xa que en 2021 fabricou o 23,6% da produción de vehículos española, o que lle supón manter o liderado neste sector. Sen embargo, os resultados de Stellantis en Vigo poderían ser mellores xa que, segundo a propia empresa, se deixaron de fabricar sobre 100.000 vehículos pola carencia de aprovisionamentos.

Ademais da necesaria adaptación do sistema produtivo ao novo tipo de produto que se pide no sector, a crise sanitaria, a pesar de que os resultados galegos parecen indicar o contrario, xerou problemas na fabricación debido aos peches obrigatorios temporais, na distribución e tamén se observou un freo na demanda. Coa saída da crise sanitaria foron xurdindo outros problemas que abocan ao sector a unha certa incerteza. A crise dos semicondutores, a alza dos combustibles, a inestabilidade do sector do transporte e, finalmente, a guerra en Ucraína, xeraron no sector unha subida nos seus custos e unha crise de desabastecemento.





A pesar de todo iso, no sector apréciase un certo optimismo. De feito, Stellantis manifestou que “prevé investir 30.000 millóns de euros en transformación de software e electrificación até 2025, desenvolvendo 4 plataformas de vehículo eléctrico e, por tanto, adaptando as súas fábricas para producir máis de 75 novos modelos de vehículos eléctricos para as 14 icónicas marcas do grupo”. Estas transformacións, que afectarán á factoría viguesa, obriga tamén á industria de compoñentes a realizar cambios moi serios nas súas instalacións para o que se requiren investimentos de gran contía.

Dúas cuestións, a maiores, preocupan aos xestores da factoría de Vigo. Por unha banda, o resultado da primeira resolución do Perte do vehículo eléctrico e conectado cun investimento público de 877,2 millóns de euros e, pola outra, o revés na planificación da Rede Eléctrica 2026 ao non posibilitar a conexión de Stellantis Vigo á Rede de Moi Alta Tensión.

3.7.4.2. O sector metalúrxico

Estamos diante dun sector industrial moi potente en Galicia, en termos de súa facturación, pero que xera pouco emprego. Os resultados mostran un comportamento negativo en 2020, peor que o da industria galega no seu conxunto, polo que o seu peso relativo descendeu, aínda que segue representando ao redor do 10% da facturación total galega. Nos gráficos 62 a 65, recolleemos a evolución dalgúns indicadores básicos. O IPI caeu en 15 puntos no primeiro semestre de 2022. Este brusca desaceleración na produción, seguramente motivada polos altos prezos das tarifas eléctricas e dos combustibles e, tamén, por unha menor demanda ante a carestía destes produtos. O impacto do consumo eléctrico neste sector é moi elevado. Así, a principal factoría metalúrxica, a naronesa Megasa, que tamén conta con plantas en Portugal e Zaragoza, declarou que “o prezo do megawatt está fóra dos parámetros de produción” o que lles obriga a limitar a súa actividade flexibilizándoa cara aos períodos de menor custo enerxético sen, polo de agora, afectar en exceso ao emprego desta factoría.

Gráficos 62, 63, 64 e 65



Os índices de 2022 corresponden ao primeiro semestre.

Fonte: Estatística estrutural de empresas (sector industrial) e Índice de Prezos Industriais (IPI) – INE.

Como adoita ocorrer cos sectores máis relevantes da industria galega, o grao de internacionalización desta actividade é moi elevado. As exportacións concéntranse en dous tipos de mercadorías, unha delas é a fabricación de produtos básicos, que até agora eran moi competitivos en prezos e no que o valor das exportacións aumentou un 67,12% en 2021 precisamente ante a elevada taxa de crecemento dos prezos. Estes resultados apuntan a que o volume de comercio se mantivo en 2021, aínda que se resentiu en 2022.

A outra actividade, que representaba en 2019 o 59,85% do total exportado por este grupo atópase na rúbrica “Producción de metais preciosos e doutros metais non férreos” que, no caso galego, concéntrase na produción de aluminio. Esta actividade, que xa antes da pandemia

estaba a pasar por situacións moi convulsas debido ao intento da multinacional estadounidense Alcoa do peche das factorías da Mariña de Lugo, tivo unha sensible caída nas exportacións en 2020 para se recuperar posteriormente debido, sobre todo, á crecente evolución dos prezos.

Sen embargo, o acordo alcanzado a finais de 2021 de parar as cubas para a electrólises en 2022 e reiniciar a actividade, tras un investimento na factoría ao redor de 90 millóns de euros, o 1 de xaneiro de 2024, non permite a fabricación de aluminio primario nestes dous anos, aínda que se mantén o emprego, que se ocupará de realizar actividades formativas.

Doutra banda, a produción de alumina na factoría de Alcoa viuse moi afectada en 2022 polos incrementos no custo do gas, de que fai un uso intensivo. Desde o sector apúntase que é básico alcanzar un acordo definitivo sobre a provisión de enerxía eólica para garantir a viabilidade da factoría.

Cadro 18

Elemento	EXPORTACIÓN				
	Peso relativo en 2019	2019	2020	2021	1S2022
24 Metalurxia; fabricación de produtos de ferro, aceiro e ferroalixas	100,00	-9,12	-14,10	58,17	32,86
241 Fabricación de produtos básicos de ferro, aceiro e ferroalixas	34,49	-19,49	-5,21	67,12	2,58
242 Fabricación de tubos, tubaxes, perfís ocos e os seus accesorios, de aceiro	1,64	5,55	-0,49	2,62	-5,75
243 Fabricación doutros produtos de primeira transformación do aceiro	2,83	1,23	-16,85	18,60	26,07
244 Produción de metais preciosos e doutros metais non férreos	59,85	-3,17	-19,32	55,63	52,82
245 Fundición de metais	1,18	15,07	-20,88	73,20	61,77


Elemento	IMPORTACIÓN				
	Peso relativo en 2019	2019	2020	2021	1S2022
24 Metalurxia; fabricación de produtos de ferro, aceiro e ferroalixas	100,00	-0,78	-1,70	23,38	72,39
241 Fabricación de produtos básicos de ferro, aceiro e ferroalixas	53,80	-8,56	-9,81	50,73	50,19
242 Fabricación de tubos, tubaxes, perfís ocos e os seus accesorios, de aceiro	4,35	-15,90	-24,87	42,91	14,59
243 Fabricación doutros produtos de primeira transformación do aceiro	3,10	103,73	-23,33	17,31	-6,15
244 Produción de metais preciosos e doutros metais non férreos	38,29	9,51	14,13	-8,99	143,88
245 Fundición de metais	0,46	57,85	-5,83	113,44	-11,05

Fonte: Elaboración propia a partir da web Data Comex da Secretaría de Estado de Comercio . Ministerio de Industria, Comercio e Turismo.

En canto ás importacións, o peso en 2019 dos mesmos dous sectores, que seguen sendo os máis relevantes, invértese con respecto ás exportacións. A fabricación de produtos básicos é a que ten o maior peso no mercado, debido ao papel importador de Megasa, sobre todo das súas empresas en Portugal. A adquisición de aluminio caía en valor en 2021 e aumentaba espectacularmente en 2022, seguramente pola carencia deste produto en Galicia.

A variación de prezos que reflicte o IPRI dun 46% en 2021 ilustra a translación dos custos a un conxunto de produtos que se estudan neste apartado e que son materias primas básicas nos procesos produtivos de múltiples sectores. Esta espiral de prezos parece deterse en 2022, aínda que o valor acumulado en agosto, un 9%, reflicte que os problemas persisten.

Gráfico 66




Fonte: Índice de Prezos Industriais - INE

3.7.4.3. O sector de produtos metálicos

É o sector industrial galego con un maior número de empresas (1.986 a 1 de xaneiro de 2021), concentradas case todas na actividade de fabricación de elementos metálicos para a construción. En torno ao 80% destas sociedades contan con menos de 6 traballadores. A súa estrutura é a de pequenos talleres cunha cifra de negocios non moi elevada, se ben son xeradores de emprego. Nos gráficos que se achegan apréciase como foi un sector moi afectado pola pandemia, até o extremo de que entre 2019 e 2020 o seu IPI descendeu un 23,6% e a súa cifra de negocios un 9,6%. Estes malos resultados non supuxeron peches empresariais xa que o número de empresas nese ano segundo o Directorio Central de Empresas tan só descendeu en 28.

Gráficos 67, 68, 69 e 70



Os índices de 2022 corresponden ao primeiro semestre.

Fonte: Estatística estrutural de empresas (sector industrial) e Índice de Prezos Industriais (IPI) – INE.

Tras a brusca caída na actividade en 2020, o sector apenas se recuperou en 2021 e no primeiro semestre de 2022. É lóxico supoñer que os factores que incidiron negativamente noutras actividades tamén afectaron a esta. O aumento nos custos da enerxía, os combustibles e nas materias primas básicas, xunto coas restricións da crise sanitaria, incidiron no normal funcionamento desta actividade, moi vinculada, por outra banda, ao sector da construción. Por iso, a evolución da licitación pública, que en 2020 caeu en España pero case se duplicou en Galicia con 559 millóns de euros, proporcionará unha certa actividade nos anos seguintes.

Os resultados de comercio exterior mostran que estamos ante un pouco internacionalizado. A súa cifra de negocio en 2020, ao redor dos dous mil millóns de euros, contrasta cun valor do exportado de 323,47 millóns. Estas exportacións, que están a rexistrar un forte impulso en 2022 ao que non son alleos os prezos, concéntranse no segmento da fabricación doutros produtos metálicos, con 92 empresas en Galicia en 2020, e cun peso na xeración de envases.

Cadro 19

Elemento	EXPORTACIÓN				
	Peso relativo en 2019	2019	2020	2021	1S2022
25 Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipamento	100,00	0,52	-5,24	10,01	63,30
251 Fabricación de elementos metálicos para a construción	18,72	-25,69	17,96	-20,15	151,52
252 Fabricación de cisternas, grandes depósitos e colectores de metal	1,61	17,08	12,41	90,45	4,78
253 Fabricación de xeradores de vapor, agás caldeiras para calefacción central	0,57	212,89	-8,12	-12,20	54,74
254 Fabricación de armas e munições	0,06	7,07	93,63	-56,23	422,37
257 Fabricación de artigos de coitelaría e cubertos, ferramentas e ferraxaría	17,45	6,30	-3,02	20,76	26,33
259 Fabricación doutros produtos metálicos	61,59	9,47	-13,45	16,73	48,20


Elemento	IMPORTACIÓN				
	Peso relativo en 2019	2019	2020	2021	1S2022
25 Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipamento	100,00	15,66	-16,04	14,52	31,12
251 Fabricación de elementos metálicos para a construción	10,74	42,66	-29,36	66,28	67,77
252 Fabricación de cisternas, grandes depósitos e colectores de metal	1,61	-15,34	-7,11	39,07	9,56
253 Fabricación de xeradores de vapor, agás caldeiras para calefacción central	1,38	-43,10	-53,06	62,30	-33,35
254 Fabricación de armas e munições	1,54	67,23	-94,35	166,71	76,77
257 Fabricación de artigos de coitelaría e cubertos, ferramentas e ferraxaría	25,73	18,84	-14,04	25,74	13,46
259 Fabricación doutros produtos metálicos	58,99	13,39	-11,81	0,64	29,93

Fonte: Elaboración propia a partir da web Data Comex da Secretaría de Estado de Comercio . Ministerio de Industria, Comercio e Turismo.

As importacións adoitan habitualmente alcanzar, coa excepción de 2020, un valor similar ás exportacións. No cadro 19 obsérvase a caída das compras ao estranxeiro en 2020, situación que, nun contexto internacional diferente, recupérase en 2021 e 2022 cos prezos en alza.

Tras a contención de 2019 e 2020, os prezos dos bens deste sector que se fabrican en Galicia comezaron a crecer en 2021 (5,7%), pero realmente a aceleración produciuse en 2022 alcanzándose en agosto un crecemento do 14,5%.

Gráfico 71



Fonte: Índice de Prezos Industriais - INE

3.7.4.4. O sector doutro material de transporte (naval, aeronáutico e ferroviario)





Estamos, por un lado, ante un dos sectores máis tradicionais da industria galega xa que neste apartado inclúese o sector naval e, por outro, un dos sectores que se poden considerar como emerxentes nas últimas décadas, o sector aeronáutico. En canto a este último o Directorio Central de Empresas tan só rexistraba 5 sociedades a principios de 2021, se ben como se sinala máis adiante, hai un grupo significativo de empresas cunha produción diversificada entre a aeronáutica e outras actividades de transporte, en especial, a automoción.

En canto ao sector naval, no Directorio Central de Empresas contabilizábanse 135 sociedades a inicios de 2021, unha menos que no 2020. No deseño da Estratexia Naval 2022-2026, elaborada pola Xunta de Galicia, indicábase que o sector absorbía o 3,5% do PIB galego nunha industria integrada por 290 empresas que xeran, de maneira directa, 12.500 postos de traballo. A explicación destas diferenzas pode estar en que moitas empresas do auxiliar non se encadran no naval senón en sectores como o metalmecánico entre outros.

En todo caso, estamos ante un sector relativamente intensivo en traballo, xa que fronte a un peso da cifra de negocios do 1,6% sobre o total da industria o emprego representaba en 2020 o 3%.

A evolución do IPI nos últimos anos amosa un dos peores resultados xa que, segundo este indicador, a produción no primeiro semestre de 2022 era case a metade da rexistrada en 2019. Isto reflicte un sector moi volátil e cunha demanda moi oscilante ante a evolución das carteiras de pedidos e a situación económico financeira que estaban a atravesar algúns dos estaleiros máis importantes da ría de Vigo.

Gráficos 72, 73, 74 e 75



Os índices de 2022 corresponden ao primeiro semestre.

Fonte: Estatística estrutural de empresas (sector industrial) e Índice de Prezos Industriais (IPI) – INE.

Se ben máis adiante descríbense os efectos da Covid-19 no sector, de xeito tanto cualitativo como cuantitativo, hase de indicar que os problemas que tivo o sector na ría de Vigo parece que van en vías de solución, mentres a interminable espera do inicio das fragatas F-110 en Navantia - Ferrol chegou ao seu fin a finais de marzo de 2022 co inicio do corte da chapa para a primeira das cinco previstas. Nesta espera o estaleiro ferrolá xa levaba un certo tempo sen carga de traballo. Pola outra parte, o shock dos últimos anos coa liquidación de Vulcano e de Hijos de Barreras seguramente corríxase coa adquisición da primeira por San Enrique e da segunda polo grupo Armón. A sociedade Pymar, na que se agrupan os estaleiros privados españois indicaba que en 2022 a carteira de pedidos mellora claramente a mantida no período de crise sanitaria, xa que no mes de setembro tiña 12 pedidos por un valor de 570 millóns de euros.

A carencia de entregas lastrou os resultados de comercio exterior do sector no ámbito das exportacións, case todas elas correspondentes ao sector naval. O peso relativo sobre o total exportado nestes últimos anos non superou o 2,5%, o que ven a indicar a case inexistencia de comercio externo no tempo da crise sanitaria.

As achegas relativas das importacións do sector aeronáutico no conxunto da industria de material de transporte eran en 2019 máis elevadas cas exportacións, se ben foron perdendo peso no período de pandemia ante o freo das compras ao estranxeiro e a volatilidade exhibida polo sector naval.

No comercio co estranxeiro o dato conxuntural máis relevante é o da forte caída en ambos fluxos no primeiro semestre de 2022 en todos os sectores de esta división industrial. Os cambios na conxuntura internacional destes últimos meses está, por tanto, impactando máis negativamente que a situación creada tras o confinamento do mes de marzo de 2020. En todo caso, a carteira

de pedidos existente no segundo semestre de 2020 parece indicar que a actividade recuperárase nos vindeiros anos.

Cadro 20


Elemento	EXPORTACIÓN				
	Peso relativo en 2019	2019	2020	2021	1S2022
30 Fabricación doutro material de transporte	100,00	119,39	31,87	66,94	-33,57
301 Construción naval	95,00	126,26	33,92	66,35	-33,92
302 Fabricación de locomotoras	0,35	31,58	-73,32	121,11	-76,10
303 Construción aeronáutica	3,28	70,48	15,93	83,13	-19,42
304 Fabricación de vehículos militares	0,40	-40,72	-100,00		-1,31
309 Fabricación doutro material de transporte	0,96	33,59	-22,90	33,85	-59,88

Elemento	IMPORTACIÓN				
	Peso relativo en 2019	2019	2020	2021	1S2022
30 Fabricación doutro material de transporte	100,00	-38,41	-45,25	6,78	-52,46
301 Construción naval	50,34	138,19	-69,99	49,88	-55,21
302 Fabricación de locomotoras	0,76	-34,66	75,90	157,06	-28,63
303 Construción aeronáutica	20,96	-82,35	-26,13	-53,10	-46,73
304 Fabricación de vehículos militares	8,47	220,40	-19,88	-65,03	-67,85
309 Fabricación doutro material de transporte	19,47	4,33	-17,63	41,90	-53,51

Fonte: Elaboración propia a partir da web Data Comex da Secretaría de Estado de Comercio . Ministerio de Industria, Comercio e Turismo.

Por outra banda, e a diferenza doutras división industriais, este sector mantivo unha estabilidade de prezos que dificilmente poderá manter, a vista dos incrementos observados nos costes.

Gráfico 76



Fonte: Índice de Prezos Industriais - INE

O Perte do sector naval, que aínda foi presentado a finais de outubro de 2022, subliña que o obxectivo é o de investir un total de 1.460 millóns de euros que contribúan a crear 3.200 postos de traballo. O obxectivo é o de impulsar proxectos transformadores da cadea de valor do sector. Dispón de varias liñas de axudas como unha actuación integral para a modernización e diversificación del sector naval, dotada con 200 millóns de euros. Tamén hai unha segunda liña na que se incide en eslavóns concretos da cadea de valor, para o que se presentaron en España

15 proxectos. Ademais, se favorece o crédito para construción de barcos (aprobáronse 31 operacións) é, finalmente, se conceden avais e apoios a través do Fondo de Garantías Navais.

Para un mellor aproveitamento deste Perte a Xunta de Galicia elaborou o Plan de Estratexia Naval, 2022-2026, articulado en tres eixos (internacionalización; mellora da competitividade; búsqueda dun naval 4.0) e oito ámbitos de actuación. A finalidade última é a de “situar Galicia en el lugar que le corresponde ante el Perte del sector naval”. Neste Plan a Xunta comprométese en dar axudas a maiores ao sector e a industria auxiliar na eólica mariña.

3.7.4.5. Reunión mantida coa Asociación de Industrias do Metal e Tecnoloxías Asociadas de Galicia (Asime) o 10 de novembro de 2022

As actividades que se agrupan en Asime

En Asime están representados os seguintes sectores galegos: automoción; metalmecánica e transporte; naval, marítima e enerxías mariñas; construcións e estruturas metálicas; aeronáutica; aluminio, extrusión; carpintaría e cerramentos; ascensores e elevadores; servizos complementarios; loxística, sistemas de información e comunicación.

Agrúpanse un conxunto de actividades que, segundo Asime, xeran en torno ao 20% do PIB galego e conta con 57.000 ocupados. Ante esta dimensión, a súa traxectoria económica e relevante a hora de analizar o comportamento da economía galega no seu conxunto neste período.

Reflexións sobre os efectos da Covid-19 que incidiron en todos os subsectores

Efectos sobre o emprego

Unha das consecuencias máis evidentes xurdidas coa pandemia foi o fomento do teletraballo. Na totalidade das industrias representadas en Asime, o teletraballo só se pode realizar nas actividades de oficina xa sexan de xestión ou administrativas. Non foi fácil xestionalo e tivo impacto en todos os sectores. Pasada a Covid-19 e xa coa progresiva volta á normalidade, esta modalidade se reduciu de maneira importante. Pódese dicir que actualmente, como máximo, queda consolidado aproximadamente un 10% do teletraballo que se realizou nos momentos máis complexos da crise sanitaria.

Os efectos sobre a actividade

É obvio que, a nivel de actividade, todas as empresas víronse afectadas no período do confinamento. Moitas sociedades víronse obrigadas a frear a súa produción. Pero, certamente, este período durou pouco e as empresas volveron rapidamente a unha actividade normal. Entre o momento inicial e os posteriores brotes, case a metade dos persoais estiveron nalgún momento sen traballar. Así, mentres no naval e na automoción, a pesar de ser momentos puntuais, tivo un certo impacto, noutros sectores como no aluminio non tivo un gran efecto. En conxunto houbo inicialmente unha caída na produción total. Poren, o efecto na actividade foi transitorio, pero a recuperación produciuse no contexto de maior flexibilidade

Neste tres últimos anos o impacto máis forte produciuse nas cadeas de subministracións. A falta de material e o seu custo creou problemas a múltiples empresas. Así, no sector da automoción hai empresas que operan con traballadores en Erte e hoxe aínda non se recuperaron. É unha herdanza desa época.

Hai que lembrar que aínda moitos países asiáticos están nun proceso de recuperación da produción e a economía de China aínda está moi bloqueada, xurdindo de novo en 2022 confinamentos. Constátase que non chegan materias primas esenciais. Este problema antes da Covid non existía.

Outra herdanza negativa da Covid foi o parón no transporte de mercadorías. Aínda se segue arrastrando o freo no transporte nos peores momentos da crise sanitaria. Recentemente volveu a haber un pico moi alto na crise do transporte, pero afortunadamente, nos últimos meses empezou a declinar.

A inestabilidade que xerou a carencia de subministracións incidiu en que se freasen proxectos de investimento que estaban planeados. Na automoción e no naval foi grave a falta de compoñentes. Iso xerou problemas cos contratos que se asinaron.

Na segunda parte de 2021 pero, xa sobre todo en 2022, o novo e grave problema para os sectores está sendo a inflación.

A automoción

En automoción o futuro é o vehículo eléctrico. O cambio climático e, consecuentemente, a redución das emisións de CO₂ obrigan á substitución dos coches diésel e de gasolina que teñen data de caducidade. A factoría de Vigo de Stellantis xa se está preparando para este novo escenario, como tamén o están a facer os fabricantes de compoñentes. Varias empresas da área metropolitana de Vigo xa se foron adaptando a esta nova etapa.

A planta de automoción de Stellantis en Vigo non parece que vaia a ter riscos na súa viabilidade. É unha das máis punteiras da compañía e hai programadas investimentos millonarios para adaptarse á nova situación. O ideal sería que se aprobase un segundo Perte do vehículo eléctrico para que coa axuda de fondos europeos se poidan realizar os investimentos necesarios.

Os cambios nas estruturas do sector afectaron seriamente ao emprego e á súa distribución. Stellantis, entón Grupo PSA, chegou a dispor en Vigo de 11.500 empregos directos. Hoxe esta cifra non alcanza os 5.500. Moitos empregos amortizáronse e son varios os factores que influíron niso. É posible que a robotización diminúa nun 25% a ocupación..

Paralelamente, a industria auxiliar diversificouse e incrementou a ocupación. En concreto, a fabricación de compoñentes, tras a crise sanitaria mantivo unha traxectoria moi positiva en todos os niveis. Cada vez son menos dependentes de Stellantis. Aproximadamente, neste momento, a cifra de negocio coa factoría viguesa pode representar o 30% da facturación total. Así, das dúas empresas da zona con maior facturación, GKN atende en maior grao a Opel e o peso da facturación a Stellantis de Borgwarner é moi baixo.

O sector naval

Coa crise sanitaria houbo un golpe á confianza nos estaleiros do sur de Galicia. Freáronse os investimentos xa que os armadores deixaron de encargar buques. Xa en 2022, o sector comeza a dinamizarse e pódese dicir que xa está mellor do que estaba fai dous ou tres anos. É posible que o nivel de utilización alcance o 70% do total nos estaleiros e a súa industria auxiliar.

Débase indicar que, durante a pandemia, o sector sufriu dous golpes graves. O primeiro foi o peche de Vulcano e, a pesar da súa adquisición por Astillero San Enrique, na práctica continua pechado, aínda que hai uns meses anunciouse o seu primeiro contrato para a construción dun pesqueiro para Chile. O segundo golpe foi o de Barreras. Trátase do estaleiro de maior dimensión da ría de Vigo e recentemente foi adquirido polo maior grupo naval de España, Armón. Con Barreiras este grupo asturiano conta xa con seis grandes estaleiros en España. Por outra banda, temos que mencionar a situación do Metalships, á venda tras acumular unhas perdas nos últimos dous anos de 11 millóns de euros.

Tras a pandemia e a pesar da evolución da economía mundial hai posibilidades de que os estaleiros do sur de Galicia activen, en breve, a totalidade da súa capacidade produtiva.

En canto aos estaleiros do norte de Galicia, a situación actual de Navantia, tanto na súa factoría de Ferrol como na de Fene, é a mellor dos últimos tempos. Co inicio o pasado mes de abril do corte da chapa da primeira das cinco fragatas F-110 que se prevén fabricar nos próximos 10 anos e xunto con outros pedidos supón que a carga de traballo nesta década da histórica factoría ferrolá sexa moi elevada. Doutra banda, en Navantia-Fene conseguiuase unha especialización na eólica mariña e na factoría estase a traballar con éxito.

Unha preocupación recorrente no sector naval é o papel das industrias auxiliares tradicionais. A adaptación cara aos novos produtos é inevitable e neste novo proceso desapareceron auxiliares importantes. Desde Asime observan un esforzo de adaptación ás novas estruturas.

O sector aeronáutico

Do grupo de empresas existente en Galicia neste sector, son moi poucas as que atenden en exclusividade ao sector aeronáutico. A facturación media do resto poida que rode o 30% na aeronáutica xa que a maior parte da súa fabricación destínase a outras actividades tales como a automoción ou o naval. Por exemplo, unha empresa emblemática no sector, Delta Vigo, destina aproximadamente o 60% da súa produción á aeronáutica e o resto á automoción. Neste sentido, a evolución das actividades destas sociedades está moi condicionada pola traxectoria que se segue nos diferentes sectores aos que provén.

Os sectores de produtos metálicos e as carpintarías de aluminio

En Galicia o sector de produtos metálicos está formado por un gran número de pemes, que, tras a pandemia, teñen unha altísima carga de traballo. As perspectivas son boas e hai confianza en que xurdan novos proxectos. Entre as dificultades que lastran o desenvolvemento deste sector destacan catro: falta de persoal cualificado; carestía das materias primas; a non chegada de fondos europeos que cofinancien investimentos; e un maior desenvolvemento da loxística.

Doutra banda, en canto ao aluminio, en Galicia localízanse grupos industriais de importancia. Céntranse no mundo da construción privada e da obra civil cara ao que, aproximadamente, destinan o 70% da súa produción. Tamén foron penetrado na industria, en xeral, cun peso importante en sectores como o naval.

As perspectivas actuais, tras a pandemia, son esperanzadoras a pesar de que os custos enerxéticos, input determinante nesta industria, multiplicáronse por catro.

As carpintarías do aluminio, no que traballan en Galicia ao redor de 1.700 empresas, tamén teñen boas perspectivas ante a carga de traballo existente. Igoalmente o consumo de enerxía é

determinante e de seguir esta escalada hai riscos de peches. Pérdese competitividade e pódense perder contratos pola diferenza de custos cos países europeos da nosa contorna. As achegas das administracións ás empresas para o pago de esta importante factura en Alemaña ou Francia non teñen nada que ver coa posición española.

Fabricantes de maquinaria

A industria máis afectaba ante a crise sanitaria é a que se dedica á fabricación de maquinaria para a alimentación (conservas, lácteos, procesados, etc.). Hai polos relevantes en Vigo e na península do Barbanza. A localización do conserveira Calvo incide no alto peso da provincia da Coruña. Na actualidade o principais estrangulamentos son a falta de compoñentes e a loxística. Estamos ante un sector que importa tecnoloxía e que tamén a vende nos mercados internacionais.

Os apoios das administracións públicas

Coa pandemia articuláronse un conxunto de programas que se consideran positivos para o desenvolvemento do sector. Desde Asime destacan por riba de calquera outra medida a importancia dos créditos ICO.

A situación actual en canto aos dos fondos Next Generation EU é que non chegou ás pemes ningún tipo de financiamento. Está a ser moi lenta a elaboración dos programas. Do total de PERTES aprobados varios inciden nestes sectores. O do sector naval aínda non dispón da Orde. No de automoción, por agora a Galicia adxudicáronselle unhas cifras residuais e sobre os da enerxía e o aeronáutico sábese moi pouco. Ante os períodos programados para a execución destas políticas os prazos apertan, os Perte non son permeables ás pemes e precísase unha maior participación e implicación das comunidades autónomas

Doutra banda, as empresas galegas benefíciense das axudas que proporcionan as diferentes administracións ao amparo do Programa Marco vixente entre 2014 e 2020 (na práctica, até 2023), como tamén se beneficiasen das axudas previstas para o período 2021-2027. Valoran positivamente a incorporación dos fondos de resiliencia no programa React para favorecer situacións ocasionadas pola crise sanitaria.





3.7.5. O sector da confección de pezas de vestir

3.7.5.1. O sector en cifras

Segundo a Enquisa estrutural de Empresas (sector industrial), no sector de confección de pezas de vestir tan só traballaban 7.012 persoas en 2020 (ao que habería que engadir 2.610 persoas que traballan no téxtil de cabeceira) cunha facturación de 1.346 millóns de euros (154,3 millóns no téxtil). Tendo en conta que en Galicia ten a súa sede unha das multinacionais máis importantes do mundo neste sector, estas cifras convidan a crer que o negocio non está no sector industrial si non en todo o referente á loxística e a distribución dun produto que procede de lugares moi dispersos no mundo. De feito, o valor do importado nese ano de inicio da pandemia alcanzou os 5.442,68 millóns de euros, catro veces máis que a facturación do sector.

Como cabería agardar dada a natureza dos bens que se producen e comercializan, a confección de pezas de vestir en 2020 tivo un peor comportamento que o que se observou no conxunto da industria. Nesta Enquisa se recolle unha perda de emprego de 817 persoas, o que supón un 10,3% e unha caída no valor monetario da cifra de negocios dun 17,0%. Isto leva a un descenso no peso relativo que este sector ten no conxunto da industria galega. Parece evidente que as restricións que implicaron o peche de comercios e as dificultades de acceso aos mesmos incidiron moi negativamente na produción.

Gráficos 77, 78, 79 e 80



Os índices de 2022 corresponden ao primeiro semestre.

Fonte: Estatística estrutural de empresas (sector industrial) e Índice de Prezos Industriais (IPI) – INE.

Ademais da información da Enquisa estrutural a empresas, a evolución do IPI tamén mostra a sensible caída observada en 2020, un 15,1%. Sen embargo, se brusca foi a desaceleración máis forte se cabe foi a recuperación. O crecemento do IPI en 2021 mostra unha recuperación do

48,9% o que supón que nese ano a produción xa foi un 26,5% superior á de 2019. A paulatina relaxación nas restricións supuxo un incremento substancial dunha demanda, española e internacional, non realizada en 2020 que impulsou á recuperación da actividade. Esta situación mantense en 2022 de tal modo que os resultados do primeiro semestre mostran unha produción un 50,1% máis elevada que a de 2019. Obsérvase, por tanto, que a caída de actividade no primeiro ano de crise sanitaria foi meramente conxuntural e os resultados de 2021 e 2022 parecen indicar que o sector galego, a espera dos efectos da guerra de Ucraína e a subida nos custos, saíu reforzado da pandemia.

Cadro 21


Elemento	EXPORTACIONES				
	Peso relativo en 2019	2019	2020	2021	1S2022
13 Industria textil	100,00	-0,44	-12,08	18,42	15,51
131 Preparación e hilado de fibras	6,40	-4,63	-12,34	23,57	11,31
132 Fabricación de tejidos textile	36,38	1,48	-20,03	26,87	23,26
133 Acabado de textiles					
139 Fabricación de otros productos	57,22	-1,19	-6,86	13,15	11,21
14 Confección de prendas de vestir	100,00	6,95	-20,45	28,11	17,91
141 Confección de prendas de vestir	88,16	6,41	-21,68	28,33	16,87
142 Fabricación de artículos de peletería	0,10	14,49	-49,66	40,34	38,81
143 Confección de prendas de vestir de punto	11,74	10,88	-11,33	26,59	28,73

Elemento	IMPORTACIONES				
	Peso relativo en 2019	2019	2020	2021	1S2022
13 Industria textil	100,00	1,84	35,20	-22,62	29,01
131 Preparación e hilado de fibras	8,00	-6,22	-15,90	41,65	19,90
132 Fabricación de tejidos textile	28,54	3,60	-22,87	24,05	51,07
133 Acabado de textiles					
139 Fabricación de otros productos	63,46	2,06	67,62	-36,16	21,73
14 Confección de prendas de vestir	100,00	6,90	-18,71	10,32	30,06
141 Confección de prendas de vestir	87,43	6,29	-19,22	9,56	28,33
142 Fabricación de artículos de peletería	0,10	-9,58	-52,53	5,32	373,83
143 Confección de prendas de vestir de punto	12,47	11,31	-15,07	15,19	45,75

Fonte: Elaboración propia a partir da web Data Comex da Secretaría de Estado de Comercio . Ministerio de Industria, Comercio e Turismo.

Esta situación tamén se observa coa información de Aduanas sobre a evolución do comercio co estranxeiro. As caídas son notables en todas as actividades que configuran o sector, tanto en exportacións como en importacións en 2020, pero tamén o é a recuperación posterior. Nas estatísticas do comercio externo apréciase que a actividade determinante é a confección de pezas de vestir que non son de punto. A procedencia dos produtos, maioritariamente bens acabados, é moi diversa pero, moi por encima doutros están Turquía, Bangladesh, Marrocos, China, Portugal e Paquistán. Pola contra, as exportacións diríxense, sobre todo, aos países con centros loxísticos de Inditex. En 2021 concentráronse en Polonia, Francia, Italia e Portugal.

Gráfico 81



Fonte: Índice de Prezos Industriais - INE

Doutra banda, é interesante subliñar que o crecemento dos prezos no sector da confección de pezas de vestir non foi tan elevado como no doutros sectores craves na economía de Galicia. Pola contra, no sector téxtil de cabeceira, cun peso menor que a confección, a subida dos prezos, como se observa no gráfico 81 foi notable. A relativa moderación nos prezos na rama de pezas de vestir dificilmente poderase manter ante as subidas que se están dando nos custos de produción. En todo caso, a situación actual mellora a súa posición competitiva.

3.7.5.2. Reunión mantida co Clúster Gallego Téxtil-Moda (Cointega) o 10 de novembro de 2022

O sector

Este clúster sectorial integra a 85 empresas. Están representados todos os ámbitos da cadea de valor: téxtil, xénero de punto, industria auxiliar, téxtiles técnicos, retail e servizos especializados. Os datos de facturación que proporciona son de 14.884 millóns de euros con 12.000 empregos directos, cifras obviamente moi afastadas da información sobre as empresas produtoras facilitados anteriormente. Indícase que o sector está moi mal encadrado na CNAE-2009. Os resultados das divisións industriais 13 e 14 son escasos e buscar as empresas nas divisións comerciais polo xunto e polo miúdo 46 e 47 é complicado. O sector no seu conxunto pode representar un 6,7% do PIB galego.

A industria manufactureira ten moi pouca relevancia no conxunto do sector industrial galego e se analizamos os resultados provinciais, a información na Coruña queda moi distorsionada pola presenza de Inditex. Agora ben, cada provincia ten as súas singularidades xa que a tipoloxía é moi variada. Así, Ourense conta con tres empresas importantes: Textil Lonia, Adolfo Domínguez e Roberto Verino, mentres que os resultados de Pontevedra quedan nesgados por estar no Parque Tecnolóxico e Loxístico de Vigo a sede social de Bimba y Lola.

En todo caso, estas grandes empresas de deseño e comercializadoras case non contan cunha estrutura produtiva en Galicia. Hai anos apoiábanse moito nas cooperativas, pero este tecido produtivo aos poucos foi desaparecendo e hoxe o volume de produción galego, como se comprobou anteriormente, é moi escaso. As sociedades son máis comerciais que manufactureiras e subcontratan, na súa maior parte, a produción noutros países. Doutra banda, a estrutura de tendas é moi diversa. Comercialízase desde unha ampla rede de tendas propias a tendas multimarcas. A aposta por tendas propias é cada vez maior.

O emprego

É un dos estrangulamentos do sector produtivo. Como sucede noutros sectores cada vez é menor o número de traballadores cunha mínima cualificación en Galicia nun sector que, en principio, é intensivo en man de obra. Doutra banda, os peches dos últimos anos, un exemplo pode ser a empresa de Ordes, Viriato, levou aos traballadores dunha certa idade a unha situación que lles dificulta volver incorporarse ao mercado de traballo.

Por tanto, cada vez é máis difícil conseguir traballadores no sector tanto nas empresas produtivas como no comercio. Actualmente, hai problemas de reposición cando un traballador ten unha baixa.

A internacionalización

Portugal segue sendo para Galicia un produtor moi importante aínda que non é alleo aos problemas de man de obra que se observan en Galicia. O resto dos principais países provedores pódense situar en dous niveis. Por unha banda, estarían Marrocos, Turquía e Túnez e polo outro, o conxunto de países de Asia no que o prezo é o factor competitivo determinante. Débese ter en conta que nos últimos anos a posición de China cambiou. Está a situarse nos mercados dun modo moi distinto a como o facía até agora e os seus prezos aumentaron con respecto á súa contorna.

Os cambios nas estruturas organizativas que non se frearon coa pandemia

Pódese dicir que, na actualidade, as empresas galegas dominan bastante ben a xestión do problema de aprovisionamento. A relación cos provedores experimentou un cambio radical nos últimos anos e esta situación non se viu alterada coa pandemia. Hoxe en día a interacción das fábricas é continua. Así as empresas do Norte de Portugal especializáronse no desenvolvemento dos produtos e hoxe chegan, por exemplo, a Inditex co produto totalmente feito. Desde o clúster recoñécese que nisto o sector está a facelo moi ben, de tal modo que as empresas se funden en toda a cadea de valor do sector.

Aínda que poda resultar estraño, neste momento, o papel do xigante do sector, Inditex, é o de ser unha empresa tecnolóxica. Antes, sobre todo na década do oitenta e noventa do século pasado, era unha empresa comercializadora. Un caso rechamante é a revolución que xerou o contract (do que tamén se fai referencia neste Informe no sector da industria do moble e a madeira). Iso suxire que en contra do que podería suxerir o auxe da venda en liña, a tenda física non se perdeu. Agora é un elemento máis á hora de facer pedidos pola web. Tamén é interesante observar que a difícil situación creada pola crise sanitaria non free a diversificación dos provedores tradicionais, antes dedicados en exclusiva ao sector téxtil, cara a outros sectores. As empresas de contract atenden agora ao segmento de hoteis, cafetaría, etc.

No presente, as empresas TIC traballan profusamente con Inditex, sociedade que nos últimos anos incorporou ao seu persoal a moitos enxeñeiros. Con modelos de proba e erro, con big data, entre outros, xérase un crecemento importante tanto nas tendas físicas como on line. Aprendeuse moito nestes campos para apoiar a expansión internacional e cada vez hai mais empresas potentes neste eido especializadas no sector da moda. Iso vai desde o apoio á venda en liña, ao deseño de páxinas, atención á web ou a aspectos da xestión nos que se tenta optimizar o transporte, a entrega, o almacén. O armazón TIC cada vez é máis relevante.

Situacións ás que actualmente chegou Inditex outras empresas non foron capaces de alcanzar. É fundamental o transvasamento dos coñecementos a través dos consultores. É preciso contar cunha estrutura organizativa que moitas veces, pola súa complexidade, non é a axeitada.

Débese ter en conta que a venda en liña funciona mellor cando se poden combinar canles (poder facer comodamente as devolucións ou ir á tenda física). Sen esta combinación é máis difícil alcanzar o éxito. Non se debe esquecer que o custo da tenda en liña adoita ser máis caro que o da tenda física.

Na estrutura organizativa, a loxística complicouse co comercio en liña e a utilización de varias canles. Así, por exemplo, nos envíos a domicilio é habitual a devolución de pezas. Xa hai empresas especializadas na xestión destas situacións no que o percorrido do produto é complexo e ten que ser soportado cunha tecnoloxía moi potente. Actualmente, as empresas máis grandes parecen apostar pola implantación das etiquetas RFID. Trátase de etiquetas

intelixentes de identificación por radio frecuencia que permite identificar facilmente o produto e garantir a súa trazabilidade, ou sexa, ir seguindo a evolución do produto en cada unha das súas etapas. Trabállase co blockchain que debe permitir a trazabilidade da peza con toda a información. Iso vai permitir ter un control loxístico de cada tenda.

No uso das anteriores tecnoloxías as empresas de maior tamaño contan con moitas máis vantaxes que as pequenas. Poden, por exemplo, controlar as unidades en stock á marxe de onde estean, cuestión difícil de facer nunha peme.

O sector ante a Covid-19

É dabondo coñecido que ante o confinamento e os varios estados de alarma pecháronse as tendas e logo houbo que adecualas ás necesidades sanitarias. En suma, o sector paralizouse e os establecementos reabríronse con moita precaución por parte dos consumidores para acudir a eles. Non houbo máis remedio que dixerir esta situación e tentar colocar os abundantes stocks xerados. Todo iso mesturouse cos problemas de loxística. Os gastos disparáronse nun contexto no que os produtos que se compraban fóra escaseaban. Actualmente, estes custos van baixando, pero xa nunca serán os que eran. En tempos, os custos loxísticos foron extraordinariamente baixos. Esta situación favorece a diversificación.

Xa a finais de 2021 e 2022, a situación volveu á normalidade. Sen embargo, ante as moitas noticias negativas, os clientes volvéronse máis precavidos.

A pesares diso, o desabastecemento nos tecidos non foi moi acusado tanto en 2020 como en 2021. Nos últimos anos avanzouse moito no deseño dos tecidos técnicos (por exemplo, para facer deporte ou como roupa de abrigo). Produciuse un problema de escaseza e, consecuentemente, de subida de prezos.

Un problema moi actual e que se intensificou tras a pandemia é o da sustentabilidade. Socialmente, cada vez vese peor o usar e tirar. Cada vez a sensibilidade social é maior, aínda que o prezo segue sendo a variable máis relevante na demanda no sector. As normativas son máis exixentes e as novidades lexislativas suporán un incremento de custo para as empresas. Desde o clúster estímase de que é necesario darlle tempo ao sector para que se poida adecuar a esta nova situación. Niso entra a recollida de roupa, a etiquetaxe, a preocupación polo tipo de fibra que levan as pezas, etc. Neste contexto, agárdase a instalación dunha planta de reciclaxe no noroeste de España.

Hai que adaptar a produción ás propostas novas e menos agresivas co medio ambiente como poida ser a fabricación proposta polo grupo Altri sobre novas fibras téxtiles.

Afrontar a sustentabilidade estratexicamente non resulta sinxelo, sobre todo, nas medianas e pequenas empresas. Hai actualmente a percepción de que son as grandes empresas as que se puxeron de abandeiradas nesta cuestión mentres que a preocupación nas pequenas parece que sexa menor. Hai que ter en conta, que esta suposta menor predisposición está condicionada ante o feito de que a competencia vía prezos segue sendo moi forte, polo que os aumentos nos custos que implica a sustentabilidade son moitas veces difíciles de asumir.

En canto ao emprego, os traballos de oficina na pandemia pódense realizar con teletraballo. Non así os de fábrica. En todo caso, salvo as reunións, produciuse un retorno á presencialidade. En canto ás reunións déronse saltos de xigante. Son máis selectivas e eficaces.

No referente ás vendas e á dixitalización xurdida nos últimos anos, un feito significativo para o sector é o desenvolvemento do metaverso. Descubrir como pode quedar un produto suporá un

gran avance na venda en liña e un significativo aforro de custo polas devolucións. Como se ve un cliente coa roupa posta supón un incentivo para un maior gasto.

As axudas das administracións públicas

Non se deseñou un Perte específico para o sector téxtil e o sector pódese beneficiar do Perte de economía circular que depende do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico. Os fondos son escasos, polo que se recibirá moi pouco diñeiro. Hai poucas ideas para xerar proxectos e, neste eido, a cooperación é relevante.

Para a concesión de apoios desde o Clúster vese relevante a recente creación do Observatorio do téxtil e da moda. Os principais activos están en Madrid, Cataluña e Galicia, e están implicadas as grandes empresas. Deberían, neste contexto, ser capaces de promover proxectos para un Perte comercial como unha punta de lanza na sustentabilidade. Houbo unha manifestación de interese e contratouse a unha gran consultora. Os estudos do observatorio convértense en canalizadores deste proxecto e parece que hai moito interese en que saia adiante.

Doutra banda, apréciase que as medidas de apoio á internacionalización do sector van moi ben e existe unha coordinación entre a administración central e autonómica.

En canto ao emprego, a política de Ertes foi moi efectiva como tamén os préstamos das diferentes administracións, en particular, os préstamos ICO que permitiron sobrevivir a múltiples empresas. Este financiamento tamén foi moi beneficiosa para os bancos ao contar como avalista ao ICO ou, noutros casos, ao Igape.

A situación actual – Guerra de Ucraína

En primeiro lugar, conséntase que o mercado ruso desapareceu. O que máis está a afectar a este sector coa actual guerra en Ucraína é o custo das materias primas e o transporte. O aumento do custo de enerxía incidirá pouco na estrutura de custos do sector.

En canto aos efectos da inflación nos custos, indícase que o convenio colectivo asinouse en 2020 e fixébase unha subida salarial do 0,5% en 2021 e do 2% en 2022. Polo que neste período os salarios mantéñense relativamente estable. Neste convenio non se inclúe ao comercio polo miúdo.

Finalmente, a concreción do Brexit produciu un encarecemento dos produtos no Reino Unido.

3.7.6. Sector de Artes Gráficas


3.7.6.1. A traxectoria do sector

Segundo o Directorio de Empresas do INE o sector no seu conxunto (epígrafe 18 da Cnae-2009) contaba en Galicia con un total de 719 empresas antes do inicio da Covid-19 e un ano despois tiña 701, ou sexa 18 menos. A súa traxectoria, a tenor da información oficial publicada, resentíuse moito no primeiro ano da Covid-19. A cifra de negocios caeu un 20,7%, se ben, como se verá máis adiante, o impacto foi moi distinto nos diferentes subsectores. Grazas a política dos Ertes, a pesar desta intensa caída na facturación, o emprego só descendeu un 1,9%.

Non se dispoñen de cifras oficiais sobre a evolución deste sector en 2021 e 2022 debido a carencia de significación estadística do IPI por non dispor en Galicia dunha mostra adecuada nesta actividade. En todo caso, en 2021 produciuse unha sensible recuperación e a situación de 2022 xa era millor que a de 2019.

Nos gráficos 82 e 83, que se adxuntan cos resultados da Enquisa de Estructura Industrial, apréciase que a contía da cifra de negocios oscilaba entre o 0,5% e 0,6% do total da industria galega mentres o emprego roldaba o 2%. Polo tanto, o sector ten unha dimensión moi pequena tendo en conta o conxunto da industria.

Gráficos 82 e 83



Fonte: Estatística estrutural de empresas (sector industrial) – INE.

Os resultados das exportacións e importacións amosan uns valores moi baixos polo que compre indicar que o sector non está internacionalizado. En 2021 as exportacións e importacións tiñan un valor irrelevante sobre o total galego (0,001% de lo exportado y 0,005% de lo importado).

Cadro 22


Elemento	EXPORTACIÓN				
	Peso relativo en 2019	2019	2020	2021	1S2022
18 Artes gráficas e reprodución	100,00	-8,05	-14,01	32,27	24,92
181 Artes gráficas e servizos relacionados	100,00	-8,05	-14,01	32,27	24,92
182 Reprodución de soportes gravados	0,00				

Elemento	IMPORTACIÓN				
	Peso relativo en 2019	2019	2020	2021	1S2022
18 Artes gráficas e reprodución	100,00	-53,91	-1,05	62,62	-3,68
181 Artes gráficas e servizos relacionados	100,00	-53,91	-1,05	62,62	-3,68
182 Reprodución de soportes gravados	0,00				

Fonte: Elaboración propia a partir da web Data Comex da Secretaría de Estado de Comercio . Ministerio de Industria, Comercio e Turismo.

Finalmente, non parece que este sector contribuíse á traxectoria de escalada dos prezos da industria galega xa que tras un descenso dos prezos no 5,3% en 2020. En 2021 apenas variaron e o incremento ata agosto de 2022 fora dun 3,4%, cifra moi por baixo da observada noutros sectores. En todo caso, estes resultados non se confirman coas percepcións dos representantes do sector que indican que 2021 e 2022 están sendo moi inflacionistas xa que as subidas nos custes de produción foron repercutidas aos prezos.

Gráfico 84



Fonte: Índice de Prezos Industriais - INE

3.7.6.2. Reunión mantida co responsable da empresa Tórculo e membro da Asociación de la Comunicación Gráfica (Neobis) o 9 de decembro de 2022

O sector ante a Covid-19

O sector estrutúrase en tres segmentos: 1.- *Packaging*. 2.- Etiquetaxe. 3.- Comercial.

O *packaging*, que debe entenderse como a actividade de embalaxe, viuse beneficiado pola situación creada pola crise sanitaria debido, sobre todo, ao incremento do comercio electrónico. A etiquetaxe é un segmento en crecemento e veuse favorecido pola evolución das grandes marcas. Finalmente, o sector comercial no que se engloba a xeración de libros, revistas ou pósteres, viuse moi prexudicado coa Covid-19 ante a caída na súa demanda.

Nesta última actividade, a comercial, a crise da pandemia non se pode comprender senón se observa a traxectoria do sector a partir do sucedido na crise de 2008. Baste indicar que desde 2008 a inicios de 2020, ante as paulatinas perdas na demanda, a súa dimensión en España descendeu en torno ao 80%. Si en 2008 había en España ao redor de 11.000 empresas de artes gráficas na actualidade non se superan as 5.600. Coa crise financeira pecháronse múltiples empresas totalmente viables xa que ante os problemas de liquidez e débeda non puideron continuar. Por tanto, a caída no número de empresas debeuse, sobre todo, aos peches xa que

houbo moi poucas fusións. É un sector cun predominio absoluto, en Galicia e España, das pemes, até o punto de que das 5.600 empresas existentes na actualidade en España, apenas 300 facturan máis de 3 millóns de euros.

Na actualidade, e a pesar dunha certa recuperación trala pandemia, estímase que no sector segue existindo sobrecapacidade, na que está a influír a redución xeral do uso do papel .

Desde 2008 a traxectoria do sector foi a seguinte. Desde o primeiro momento houbo unha caída xeneralizada na cifra de negocio que perdurou durante un longo período. Iso supuxo unha sensible redución no emprego e unha caída na marxe de beneficios. Tras o impacto máis forte da Covid-19 observouse unha recuperación destas marxes, pero ante a crise dos aprovisionamentos, que fixo modificar toda a estratexia de almacenamento, o sector volveuse a resentir. As tensións inflacionistas nas materias primas e aprovisionamentos enerxéticos afectaron a estrutura de custes e enténdese que esta situación se ben non será permanente, os prezos xa nunca volverán aos niveis de 2020 ou do inicio de 2021.

En canto ás subministracións do papel, produciuse a tormenta perfecta a partir de 2021. Hai que lembrar que as industrias papeleiras son electrointensivas. En pouco tempo, o prezo desta materia prima incrementouse nun 160%. Ademais, a partir de finais de 2021 caeu espectacularmente a súa subministración, a pesares deses elevados prezos. Así, mentres ata hai pouco un pedido de papel prima atendíase case ao momento, agora os pedidos tardan 5 meses, e mesmo máis, en ser entregados.

Coa subida nos custos da enerxía e, en xeral, das subministracións, non houbo máis remedio para manter a viabilidade de moitas empresas que subir os prezos dos produtos. Fixérono ao redor dun 30%, se ben se indica que se partía duns prezos moi baixos. É un sector que flutúa moito no curto prazo e os prezos son moi volátiles.

Neste contexto, no que se pode denominar período post-Covid, seguen pechando as empresas xa que a demanda é moi inferior á oferta existente. Ben é certo que algunhas sociedades recíclanse e cámbianse ao negocio do *packaging* ou cartón, debido a que estes mercados son máis dinámicos.

Perspectivas

O libro de papel lonxe de desaparecer é un produto que, desde a perspectiva do sector, mantense e foise transformando grazas á flexibilidade na súa produción. Sublíñase que o mercado do libro electrónico esta por baixo do 20% do total e as vendas en papel vólvense a consolidar, se ben con cambios substanciais ao que se demandaba e producía nas décadas anteriores.

O emprego

Varias ameazas inciden nun menor emprego. Compre destacar dous factores, a comercialización en liña, un mercado en expansión pero cada vez máis dominado por multinacionais, e a dificultade para incorporar novas tecnoloxías ante o pequeno tamaño das empresas. Todo iso esixe un incremento da concentración empresarial, polo que as pequenas empresas veranse abocadas a pechar ou a diminuír o nivel de emprego. Todo o armazón galego de empresas neste sector configúrase, como xa se indicou, por sociedades de moi pequeno tamaño e maioritariamente familiares. Moitas adoitan desaparecer cando se xubila o seu propietario. Ante esta situación as perspectivas sobre o emprego non son optimistas.

A política de Ertes na pandemia foi extraordinariamente beneficiosa para o sector. Acudiuse masivamente a eles aínda que xa en 2020, realmente a partir de xuño, non foron tan necesarios. A demanda foise recuperando a partir dos meses de verán.

O teletraballo utilizouse moderadamente e só durou uns meses. Isto non ocorreu noutros sectores da cadea de valor. Así, nas axencias de publicidade mantiveron o teletraballo ata hoxe e xa se converteu nunha modalidade moi habitual. En artes gráficas se ben o teletraballo foi transitorio, trátase realmente dun fenómeno moi pendular.

O que si veu para quedar é o uso das videoconferencias na organización do traballo. Actualmente son habituais e xeran un aforro considerable de custos e tempo.

Uso das novas tecnoloxías

Coa Covid-19 intensificouse a aposta pola impresión dixital, a pesar do uso moi maioritario do offset. Con iso atopáronse novos nichos no traballo coas editoriais. Tamén, desenvolvéronse plataformas que permiten facer pedidos de moi poucos exemplares. Cada tipo de plataforma supón un avance do sector.

Con todo, a maior parte da actividade segue moi ancorada nas tecnoloxías tradicionais nun mercado que se vai reducindo e cunha gama de produtos cada vez máis pequena. Iso provoca guerras de prezos á baixa ante a sobreoferta existente.

O papel das administracións públicas

Na Covid-19, a política estrela a xuízo do sector foi, xunto cos Ertes, a levada a cabo polo ICO coas súas medidas relativas aos préstamos. A situación financeira tras o estado de alarma foi, polo xeral, moi difícil. As empresas atopáronse con atrasos e falta de pagamentos e si non se chega a articular esta política financeira confrontarían serios problemas de viabilidade.

Tamén se utilizaron as axudas do Igape. Doutra banda, en canto ás políticas de resiliencia financiadas con fondos comunitarios, o sector non está incorporado aos Pertes actuais, aínda que se agarda a creación dun específico para a cadea do papel e, con iso, espérase que existan recursos dirixidos basicamente a lograr unha mellora tecnolóxica. A agrupación Neobis está a traballar niso co apoio doutras asociacións europeas.

A internacionalización

O grao de internacionalización do sector galego é case inexistente. A situación xeográfica diminúe a posibilidade de participar en mercados estranxeiros, xa que a loxística é moi custosa e actualmente impide a internacionalización das máis importantes compañías. Situación distinta é a de comunidades autónomas como Cataluña, País Vasco ou Navarra que teñen un mercado importante en Francia.

Actualmente o mercado das sociedades galegas é o nacional aínda que moitas pequenas empresas atenden exclusivamente ao mercado rexional e, mesmo, local.

Doutra banda, a entrada de capital estranxeiro en Galicia neste sector foi importante. Hai moitos exemplos. Así, empresas de etiquetas de capital galego que naceron ao amparo de Inditex xa foron vendidas a multinacionais que contaban con esa cobertura. O efecto do capital estranxeiro no sector comercial foi inferior ao das etiquetas. Tamén na industria galega, obsérvase a entrada de capital español, non galego, se ben non é un fenómeno importante.

Actualmente, o sector enfróntase a un novo actor. Trátase da entrada de empresas multinacionais moi coñecidas, cunha elevada especialización e un control dos custos. Aos

poucos están a penetrar no mercado. Son os casos de Amazon que está a construír unha enorme planta de importación en Francia ou de Cimpress que en poucos meses comprou varias plantas e está moi especializada.

Resumo

En síntese, trátase dun sector tradicional en reconfiguración de xeito que o número de empresas verase significativamente reducido nun curto prazo. Constátase que a crisis da Covid-19 pouco tivo que ver coa de 2008. O seu efecto foi conxuntural e, nas artes gráficas, pode decirse que a súa duración non superou un ano. Ao marxe do que indica o IPI, desde o sector entenden que na actualidade xa se recuperou dabondo a actividade de 2019.


Capítulo 4. Os servizos en Galicia ante a crise da Covid-19

4.1. Evolución do sector nos últimos anos

Entre os diferentes sectores macroeconómicos, a actividade terciaria non foi onde máis caeu o VEB no peor ano da crise sanitaria, 2020. Sen embargo, un descenso dun 7,5% en termos constantes é un impacto serio para a economía galega, dado o gran peso relativo dos servizos no conxunto da actividade, a cal aínda que se recuperou en 2021, non o fixo co suficiente empuxe como para alcanzar a actividade de 2019. Nas gráficas que se achegan obsérvase que a caída en 2020 en termos monetarios foi máis suave que se tomamos o VEB a prezos constantes. Iso debeuse á desaceleración dos prezos. En 2021 ocorreu exactamente o contrario debido ás tensións inflacionistas que acompañaron á recuperación na economía mundial e das que tanto a economía española como a galega non foron alleas. Sen embargo, a variación nos prezos non foi tan forte como a comentada anteriormente no sector industrial.

Un elemento determinante no mellor comportamento dos servizos galegos foi a posición dos servizos non destinados ao mercado, ou sexa, aqueles facilitados polas administracións públicas. Observando a súa traxectoria xeral, non parece que existise unha situación de emerxencia sanitaria que freou a actividade, xa que en todo o período mostrou un incremento no seu VEB real, máis elevado en 2021 (3,7%) que en 2020 (1,4%). Nos restantes subsectores a traxectoria non foi homoxénea. A volatilidade foi moi elevada, de tal modo que fronte aos descensos en 2020 dun 19,4% do VEB xerado polo comercio, hostalaría e transporte ou dun 16,1% de actividades artísticas, recreativas e outros servizos, en información e comunicación ou en actividades financeiras e seguros rexistráronse variacións positivas. Mesmo dentro de cada un destes subsectores a evolución das actividades foi diferente.

Gráficos 85 e 86



Fonte: IGE

Este mellor comportamento relativo dos servizos fixo que en 2020 e tamén en 2021 aumentase participación do VEB deste sector na xeración do PIB total. A importancia do mesmo maniféstase no feito de que 2 de cada 3 euros do VEB galego son xerados polos servizos. En 2020 ese peso relativo incrementouse en 1,8 puntos a pesar de que unha das maiores caídas no

conxunto de actividades produciuse no segmento de comercio, transporte e hostalaría. A brusca contracción da produción nese subsector compensole co dinamismo das actividades promovidas polo sector público e tamén pola dinámica dos restantes subsectores coa excepción das actividades artísticas e recreativas. Neste contexto, temos que que subliñar o incremento de 1,2 puntos nas actividades inmobiliarias.

É importante recordar que tres grupos do sector terciario absorben ao redor da metade do VEB galego. No cadro 23 obsérvase como este elevado peso relativo mantívose moi estable no tres últimos anos.

Cadro 23


Evolución do peso relativos dos servizos e os seus compoñentes no VEB galego

	2019	2020	2021
VEB. Servizos	63,7	65,5	65,3
VEB. Comercio, transporte e hostalaría	20,6	18,4	20,0
VEB. Información e comunicacións	2,8	3,1	2,9
VEB. Actividades financeiras e de seguros	3,2	3,6	3,3
VEB. Actividades inmobiliarias	10,1	11,3	10,6
VEB. Actividades profesionais	6,1	6,4	6,4
VEB. Administración pública, sanidade e educación	17,0	19,0	18,3
VEB. Actividades artísticas, recreativas e outros servizos	3,9	3,6	3,7

Fonte: IGE

Nos gráficos 87 e 88 móstrase a evolución trimestral do VEB do terciario, a prezos correntes e constantes, por subsectores. Neles apréciase con nitidez o espectacular freo na actividade no segundo trimestre de 2020 no comercio, transporte, hostalaría e en actividades artísticas e recreativas. En menor medida, pero tamén relevante foi o impacto neste período nas actividades profesionais. Nos restantes subsectores practicamente mantívose a actividade aínda que todas as taxas de variación real foron negativas coa única excepción das actividades financeiras e de seguros que creceron, en termos reais, un 5,4%.

Gráficos 87 e 88



Fonte: IGE


Pola súa banda, a traxectoria das actividades artísticas e recreativas non foi similar á do comercio xa que, tras a recuperación de gran parte do VEB perdido no segundo trimestre de 2021, a evolución posterior confírmanos unha situación de estancamento que se perpetúa en 2022. Unha traxectoria similar tamén se observa no grupo das actividades profesionais no que tras os vaivéns de 2020 e a recuperación en 2021, a liña de evolución do VEB é moi plana.

Doutra banda, dous sectores nos que o inicio da pandemia non ocasionou un impacto negativo na súa actividade mostran unha evolución diferente. As actividades financeiras e de seguros que melloraran o seu VEB en 2020 empezaron a mostrar taxas de crecemento negativas a partir do terceiro trimestre de 2021 e esta caída parece que comeza a frearse a finais de 2022. No lado contrario atópase o sector de información e comunicación. É o máis dinámico nos servizos galegos e cunha gran puxanza nos últimos trimestres.

Máis adiante, neste mesmo epígrafe, estudaranse en detalle a evolución dos sectores do terciario máis significativos e a súa situación tras a pandemia.

Previamente, nesta visión comparada dos diferentes subsectores preséntanse, de modo paralelo ao que xa se realizou co sector industrial, os resultados da Enquisa estrutural de empresas: Sector Servizos que, no momento da redacción deste Informe, proporciona información ata 2020. Nos gráficos 89 e 90 recóllense os resultados de dúas variables, a cifra de negocios e o emprego, de varias actividades. En canto á primeira, nunha primeira ollada apréciase o impacto da Covid-19 na hostalaría cunha facturación un 59% inferior á de 2019 o que repercutiu na ocupación a pesar da incidencia dos Ertes. Nos outros sectores, as variacións non foron desa intensidade e cunha cifra de negocios que aumentou nas actividades inmobiliarias, as profesionais, científicas e técnicas e, sobre todo, en información e comunicacións, único sector na que esta Enquisa mostra un incremento do emprego.

Gráficos 89 e 90



Fonte: IGE - INE

O INE trata de forma diferenciada a análise do comercio. Así, conta cunha operación estadística propia para este subsector denominada Enquisa estrutural de empresas: Sector Comercio, no que cuantifica en 2020 a caída na facturación dun 9,5% e no emprego dun 3,2%. A contía da cifra de negocio deste sector, 44.500 millóns de euros, supera claramente á suma dos restantes sectores cuxa facturación, segundo a enquisa, foi de 17.117 millóns de euros. Polo contrario, a cifra de ocupados non só non mostra unha fenda tan elevada no comercio, senón que é menor,

xa que fronte aos 169.707 contabilizados nos restantes sectores estudados dos servizos o emprego era de 267.927.

Un indicador alternativo é o índice da cifra de negocios dos servizos que con carácter mensual publica o INE. Esta información conxuntural permite observar a evolución até momentos moi recentes. No cadro 24 ofrécese o resultado comparativo con respecto a España.

Como non podía ser doutra forma, a traxectoria que segue esta variable é similar ao que se publica noutras fontes estadísticas. Cabe apuntar a diferenza existente con respecto a España tanto nos impactos de 2020 como na posterior recuperación. Mentres a hostalaría viuse máis afectada no conxunto de España que en Galicia, no comercio aprecíase unha caída na actividade máis intensa en Galicia. Dos resultados galegos sorprende o índice de transporte e almacenamento que destaca por un dinamismo que non existía na Enquisa comentada anteriormente. Chama a atención un incremento en 2020 do 12% cando o dato no conxunto de España foi do -19,2%. Tamén neste cadro obsérvase o bo comportamento da actividade de información e comunicacións, moito máis dinámica en Galicia que no resto de España.

Cadro 24

Índice de cifra de negocios nos servizos. Base 2015
Taxa de variación da media do que vai de ano

	España				Galicia			
	2019/Decembro	2020/Decembro	2021/Decembro	2022/Agosto	2019/Decembro	2020/Decembro	2021/Decembro	2022/Agosto
Xeral	3,9	-15,6	15,8	22,7	4,2	-13,6	17,8	27,7
Comercio	3,3	-11,9	15,8	21,7	3,0	-15,6	15,2	25,1
Transporte e almacenamento	5,7	-19,2	18,9	27,8	15,4	12,0	36,8	44,4
Hostalería	3,6	-51,4	41,6	62,2	5,5	-47,9	29,6	63,9
Información e comunicacións	2,7	-8,6	5,7	9,4	0,5	1,0	4,1	17,3
Actividades profesionais, científicas e técnicas	7,0	-10,7	11,3	10,4	4,2	-0,4	20,7	4,8
Actividades administrativas e servizos auxiliares	6,1	-30,6	15,1	36,7	4,5	-30,3	1,6	19,8

Fonte: INE

Á marxe da subida nos prezos, o crecemento na facturación mostra que a crise sanitaria impactou con forza, pero de modo conxuntural no terciario galego e os síntomas de recuperación en 2022 son evidentes.

Finalmente, nesta análise xeral, recóllese a información que contén o Directorio Central de Empresas para o caso de Galicia nos dous últimos anos dispoñibles. No cadro 25 débese ter en conta que os datos se refiren ao 1 de xaneiro de cada ano, polo cal en lugar de 2020 sería máis lóxico por 2019 e en 2021, 2020. O cadro, ordenado por sectores de maior a menor número de empresas, mostra os cambios que se produciron nesta variable nese período, á marxe da dimensión das sociedades. Como cabería agardar, as empresas concéntranse no comercio e a hostalaría e resulta evidente que en 2020 houbo máis peches que aperturas na maior parte dos subsectores dos servizos. O INE cuantifica que nese ano pecháronse 672 comercios polo miúdo, 474 almacéns e 777 bares, cafetarías ou restaurantes. En valor absoluto, son os sectores cun maior impacto negativo. Tamén se viu como os peches superaban ás aperturas nas actividades profesionais (servizos xurídicos e contables contaban con 202 empresas menos e arquitectura e enxeñaría con 134 sociedades). En sentido contrario, nese exercicio incrementáronse significativamente as empresas de almacenamento e actividades anexas ao transporte (286) e de actividades inmobiliarias (261), o que apunta a unha recuperación nas transaccións de

vivendas, e en actividades de mensaxeiría e correos que pasou a contar con 286 sociedades máis.

No seu conxunto, en 2020 perdéronse en termos netos nos servizos sobre 2.300 sociedades de tamaño moi diverso, o que obviamente freou o progresivo incremento dos últimos anos nos que non se alcanzaran os valores de antes da crise financeira de 2008.

En termos relativos, por encima de calquera outro, destaca a caída no número de sociedades de axencias de viaxes e operadores turísticos, sector moi prexudicado polas restricións á mobilidade que pasou de contar con 557 empresas en 2019 a 518 en 2020, o que supón un descenso do 7%.

Cadro 25

Número de empresas nos servizos en Galicia e España

	Empresas				TVI	
	España		Galicia		España	Galicia
	2020	2021	2020	2021		
47 Comercio a retalho, salvo de vehículos de motor e motocicletas	435.836	427.637	26.933	26.261	-1,9	-2,5
56 Servizos de comidas e bebidas	253.554	245.103	16.876	16.099	-3,3	-4,6
46 Comercio por xunto e intermediarios do comercio, salvo de vehículos de motor e motocicletas	216.258	211.653	13.229	12.755	-2,1	-3,6
49 Transporte terrestre e por tubaxe	165.575	164.512	9.543	9.445	-0,6	-1,0
69 Actividades xurídicas e de contabilidade	161.892	159.083	8.807	8.605	-1,7	-2,3
96 Outros servizos persoais	137.801	139.333	8.331	8.385	1,1	0,6
68 Actividades inmobiliarias	186.023	188.456	7.660	7.921	1,3	3,4
86 Actividades sanitarias	160.849	157.958	7.653	7.555	-1,8	-1,3
85 Educación	112.749	109.999	7.165	7.054	-2,4	-1,5
71 Servizos técnicos de arquitectura e enxeñaría; ensaios e análises técnicas	109.957	106.866	5.930	5.796	-2,8	-2,3
45 Venta e reparación de vehículos de motor e motocicletas	74.479	74.015	5.087	5.075	-0,6	-0,2
66 Actividades auxiliares aos servizos financeiros e aos seguros	74.788	73.588	4.802	4.693	-1,6	-2,3
82 Actividades administrativas de oficina e outras actividades auxiliares ás empresas	105.659	103.196	4.663	4.506	-2,3	-3,4
81 Servizos a edificios e actividades de xardinería	52.218	53.306	3.321	3.332	2,1	0,3
74 Outras actividades profesionais, científicas e técnicas	67.460	65.221	2.911	2.906	-3,3	-0,2
93 Actividades deportivas, recreativas e de entretemento	45.754	44.729	2.910	2.874	-2,2	-1,2
94 Actividades asociativas	48.664	48.191	2.767	2.747	-1,0	-0,7
90 Actividades de creación, artísticas e espectáculos	45.477	44.007	2.657	2.611	-3,2	-1,7
95 Reparación de ordenadores, efectos persoais e artigos de uso doméstico	29.044	28.621	1.977	1.875	-1,5	-5,2
55 Servizos de aloxamento	29.075	28.982	1.771	1.825	-0,3	3,0
73 Publicidade e estudos de mercado	46.658	47.952	1.697	1.743	2,8	2,7
62 Programación, consultaría e outras actividades relacionadas coa informática	35.033	35.603	1.374	1.391	1,6	1,2
52 Almacenamento e actividades anexas ao transporte	18.263	17.787	1.262	1.249	-2,6	-1,0
53 Actividades postais e de correos	20.068	27.121	878	1.164	35,1	32,6
77 Actividades de aluguer	22.690	22.022	1.127	1.126	-2,9	-0,1
70 Actividades das sedes centrais; actividades de consultoría de xestión empresarial	23.521	23.784	1.035	1.046	1,1	1,1
75 Actividades veterinarias	10.596	10.603	906	907	0,1	0,1
92 Actividades de xogos de azar e apostas	11.068	10.965	776	775	-0,9	-0,1
79 Actividades de axencias de viaxes, operadores turísticos, servizos de reservas e actividades relacionadas con estes	14.913	13.496	557	518	-9,5	-7,0
58 Edición	11.628	11.324	472	477	-2,6	1,1
88 Actividades de servizos sociais sen aloxamento	6.103	6.059	422	418	-0,7	-0,9
72 Investigación e desenvolvemento	8.222	8.206	389	379	-0,2	-2,6
59 Actividades cinematográficas, de vídeo e de programas de televisión, gravación de son e edición musical	8.111	8.428	311	339	3,9	9,0
87 Asistencia en establecementos residenciais	4.801	4.789	251	257	-0,2	2,4
63 Servizos de información	6.556	6.510	227	238	-0,7	4,8
91 Actividades de bibliotecas, arquivos, museos e outras actividades culturais	4.950	4.927	237	238	-0,5	0,4
78 Actividades relacionadas co emprego	5.946	5.917	200	226	-0,5	13,0
61 Telecomunicacións	6.457	6.516	176	165	0,9	-6,3
80 Actividades de seguranza e investigación	3.337	3.312	135	138	-0,7	2,2
64 Servizos financeiros, agás seguros e fondos de pensións	3.042	3.644	84	101	19,8	20,2
60 Actividades de programación e emisión de radio e televisión	1.584	1.500	66	55	-5,3	-16,7
50 Transporte marítimo e por vías navegables interiores	770	833	53	51	8,2	-3,8
65 Seguros, reaseguros e fondos de pensións, agás seguranza social obrigatoria	1.021	995	49	48	-2,5	-2,0
51 Transporte aéreo	245	249	6	10	1,6	66,7

Fonte: Dirce. INE.

4.2. Análise sectorial


4.2.1. Sector TIC

4.2.1.1. A dimensión do sector en Galicia

O sector TIC é difícil de cuantificar coas estatísticas dispoñibles. Agrupa a un conglomerado de actividades que coa CNAE-2009, vixente na actualidade, é imposible determinar a súa composición. O Observatorio da Sociedade de Información e a Modernización de Galicia (Osimga) indica que estamos ante un megasector que en 2019 agrupaba en Galicia a un total de 3.665 empresas e 24.338 traballadores. Esta última cifra é menor si tomamos as afiliacións á Seguridade Social (18.984 persoas).

Unha segmentación habitual das empresas que configuran este sector é a seguinte: Informática, Telecomunicacións, Industrias Comerciais TIC, Reparación TIC, Manufacturas TIC, Servizos Web e Publicacións TIC. Cada unha destas áreas mostra características propias e a problemática que xorde en cada unha é diferente. Na gráfica adxunta móstrase a evolución do emprego, segundo as afiliacións á Seguridade Social, facilitada por Osimga. O segmento que absorbe a maior parte da ocupación é o de Informática, a bastante distancia sitúanse as restantes actividades. Nesta mesma gráfica xa se observa que en 2020 o sector reactivouse (o emprego creceu un 1,9%) grazas ao aumento na ocupación nas dúas áreas de maior tamaño: a informática e as telecomunicacións. No resto, apréciase ou unha estabilización na ocupación ou diminucións, sendo a máis significativa a dos servizos web (-14,9%).

Gráfico 91



Fonte: Osimga

Trátase dun sector no que entre os ocupados predominan o colectivo masculino (en 2020, o 69,6% eran homes) e os traballadores por conta allea (85% fronte a un 15% de autónomos).

4.2.1.2. O impacto da pandemia no TIC segundo o Informe elaborado polo Observatorio da Sociedade de Información e a Modernización de Galicia (Osimga) - Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega)

Demanda de solucións e produtos TIC

Coa pandemia incrementáronse as necesidades dixitais das empresas e familias. Moitas empresas tiveron que modificar a súa relación con provedores e clientes obrigados a interaccionar a distancia, polo que resulta esencial para conseguir esta interacción o emprego de ferramentas telemáticas. Este aumento na demanda motivou un aumento na produción do sector TIC galego. Ademais, nas necesidades inherentes á situación sanitaria destacan as do sector de telecomunicacións debido ao auxo do teletraballo e á necesidade de mellorar a calidade das comunicacións. Así, calcúlase un incremento dun 31% na demanda de produtos de software e de servizos web e dun 16% de equipamentos de móbiles e de comunicacións. Avanzouse moito no acceso integral ás aplicacións corporativas, no teletraballo e na dixitalización global das empresas.

Cadro 26

Produtos e servizos que aumentaron a súa demanda en 2020

	Empresas de 0 a 9 asalariados	Empresas de máis de 9 asalariados
Comunicacións	15,30%	15,60%
Equipamentos móbiles	14,40%	34,20%
Software	29,30%	54,50%
Subministrados consumibles	8%	0,00%
Outros servizos	24,30%	8,80%
Equipamentos fixos, hardware	12,00%	17,50%
Formación	9%	0,00%
Servizos web	32,90%	14,70%
Outros	7,00%	4,40%

Fonte: Osimga

Ao redor dun 46,2% do segmento de empresas TIC de máis de 10 traballadores viron incrementada a súa produción e un 33,9% as microempresas, e coa crises sanitaria apareceron novos nichos de negocios para as empresas galegas.

Comercio electrónico

Un efecto da pandemia foi tamén o incremento no uso do comercio electrónico como medio de venda das empresas TIC galegas. Segundo Osimga, en 2020, o 31,7% das empresas realizaron vendas por internet, un 7,1% máis que en 2019 e destas empresas un 31,4% tiveron un incremento na súa facturación motivado pola situación sanitaria. Os dous sectores TIC que máis incrementaron as súas vendas en liña foron as industrias manufactureiras e o denominado Outros

servizos TIC. Doutra banda, tres de cada catro empresas realizaron compras a provedores por internet.

Puxéronse en práctica novas fórmulas para conseguir manter a actividade. Nos períodos de estado de alarma e de confinamento substituíronse as reunións presenciais e fíxose un uso intensivo das ferramentas en liña co fin de manter unha relación fluída entre provedores e clientes. Osimga calcula que un 38,2% das empresas TIC de Galicia utilizaron máis intensivamente as ferramentas en liña e que un 22,5% empregou, no ámbito do comercio electrónico, novas ferramentas dixitais. No estado de alarma calcúlase que sete de cada dez empresas evitaron reunións presenciais cos seus clientes e que unha de cada tres implantou ou modificou as súas ferramentas dixitais ou plataformas para facilitar as compras en liña.

No conxunto do sector TIC obsérvase que foron as empresas manufactureiras as que en maior grao incrementaron o seu nivel de dixitalización na relación cos provedores.

As relacións do sector TIC coas administracións públicas

O 82,9% das empresas TIC interactuaban a finais de 2020 en liña coas administracións públicas cun incremento nese ano do 5,9%. O 69,6% das empresas utiliza certificados de firma dixital e para o 92,9% destas sociedades úsanno para relacionarse coa administración.

Novas maneiras de traballo

Resulta evidente que coa crise sanitaria intensificouse o teletraballo que alcanzou ao 92% das empresas con máis de 10 asalariados e ao 61% das microempresas. O incremento desta fórmula foi particularmente intenso nas industrias comerciais TIC e nas informáticas. O 63,4% das empresas contan con empregados que teletraballan aumentando un 91,5% no último ano. Ademais, o 65,5% das empresas TIC utilizaron as plataformas de videoconferencia en 2020, un 26,4% máis que en 2019.

4.2.1.3. Reunión mantida co Clúster TIC o 11 de novembro de 2022

O Clúster

O Clúster intégrano 140 empresas pertencentes ao conglomerado de actividades que conforman o sector TIC. Son unha mostra moi representativa da heteroxeneidade dun sector moi difícil de catalogar nas clasificacións de actividades económicas. No clúster inclúense tamén a sociedades do sector audiovisual. Pola contra, empresas de equipamento ou de reposición non se atopan entre as asociadas e algunha delas encádrase na rama do moble. O gran grupo de sociedades achámolo no desenvolvemento de software, telecomunicacións e mercadotecnia dixital. Enténdese que quizais o máis relevante sexa o desenvolvemento de software.

O emprego

Non cabe dúbida de que a Covid-19 foi un acelerador de todo o relacionado coas TIC. Desde o primeiro momento houbo unha inxección de traballo. Antes practicamente non se teletraballaba e a inercia existente non fomentaba esta modalidade. No entanto, o modelo implantado en 2020 e 2021 que parecía viña para quedarse non está agora moi claro que vaia ser así.

O teletraballo provoca que o traballador perda a súa vinculación coa empresa. Os salarios son unha variable moi determinante no mercado de traballo e agora nótase máis unha menor implicación coa empresa o que permite unha máis fácil desvinculación, coa conseguinte perda que iso supón. Por iso, non é de estrañar que se tente recuperar a situación anterior apostando polos modelos mixtos, un tempo en casa e outro na empresa.

o sector actualmente en Galicia ten carencias nos perfís laborais. Non se atopan traballadores en moitos ámbitos e iso cortocircuita o crecemento e a creación de emprego. Enténdese que a formación regrada aínda non está aliñada coas necesidades das empresas. Hai que ter en conta que as linguaxes de programación cambian con rapidez. Hai iniciativas educativas privadas enfocadas a cuestións concretas e, nos últimos tempos, están a aumentar moito.

Ante a necesidade de traballadores chégase ao extremo de que moitos estudantes non acaban a súa formación regrada e xa se incorporan ao mercado de traballo.

Nestes últimos anos percíbese un aumento da competencia xa que esta se produce a nivel mundial. No conxunto dos traballadores do sector hai perfís de moi alto nivel que teletraballan cos lugares máis diversos do mundo.

O impacto da Covid-19

Coa crise sanitaria o sector atopou un nicho de negocio importante. Como se comentou antes, a demanda aumentou e podería facelo máis se se contase cos perfís de traballadores axeitados. A xuízo do clúster, os incrementos máis significativos apreciáronse nos acondicionamentos necesarios para o teletraballo (solucións na nube) e para o comercio electrónico que non só consiste en crear tendas en liña. Certamente, fixéronse moitos portais novos de venda.

Sen embargo, coa Covid-19 tamén houbo aspectos negativos que convén subliñar. Así, ante o freo na produción houbo demandas que decaeron. En 2019 había proxectos a piques de lanzar que se suspenderon e tamén, nalgúns casos e ante ao temor a unha caída longa da demanda, retardáronse ou anuláron as accións para a automatización de certos procesos.

O efecto conxunto é que neste período o sector aumentou a facturación e o emprego, aínda que neste último caso houbo altibaixos. Vimos anteriormente que agrupaba ao redor de 19.000 traballadores que xeraban, aproximadamente, en torno ao 2% do PIB galego.

Cabe indicar que na pandemia o sector practicamente non tivo a necesidade de acudir aos Ertes por forza maior. Son moi poucas as empresas que o fixeron.

As empresas ante a Covid-19

En contra do que puidese parecer, o sector é bastante colaborativo. A iso axuda a elevada carga de traballo e, para a empresa, o importante é sacar o produto. As externalizacións son moi habituais xa que o importante é atender adecuadamente aos clientes independentemente de quen colabore na elaboración dese produto.

En 2021, tras o inicio do fin da crise sanitaria determinadas empresas do clúster enfrontáronse a problemas novos e de difícil solución. É o caso da crise dos microchips nas empresas que fabrican hardware. Non son moitas en Galicia, pero algunha compite a nivel mundial. É o caso de Televés. Tamén se viron afectadas empresas de fabricación de móbiles e de equipos de telefonía como Intelsis ou Egatel.

Parece que a crise de subministracións era inevitable ante a masiva venda de ordenadores coa Covid e o esgotamento dos stocks para os fabricantes. Agora cos problemas encima da mesa é

difícil atopar unha solución xa que crear plantas de microchips non é sinxelo e necesítanse cinco anos como mínimo para a súa posta a punto.

As empresas TIC teñen como clientes todos os sectores económicos, pero aquí en Galicia desde o clúster constátase que máis do 50% das sociedades realizan algún proxecto para Inditex. Pódese considerar que a multinacional de Arteixo é un auténtico motor de actividade nesta área e promove a realización de múltiples iniciativas. O peso do TIC no proceso de comercialización e aprovisionamento de pezas de vestir é moi forte.

Outras empresas emblemáticas en Galicia non teñen un efecto de arrastre tan forte como o de Inditex. É o caso de Stellantis. O TIC na automoción adóitanse canalizar a través do CTAG e son bastante autosuficientes. Como máximo contrátanse a pequenas startup para buscar, en cada momento, unha solución moi concreta.

As liñas de negocio son moi diversas. Hoxe, por exemplo, un gran problema é a ciberseguridade. É un camiño no que queda moito por desenvolver. Hai moitas empresas que traballan nunha correcta identificación, ante as suplantacións da identidade. Non vai ver solucións definitivas no curto prazo.

A internacionalización

Estamos nun sector que ten moi fácil exportar e manter relacións internacionais. Sen embargo, obsérvase que a maior atención préstase ao mercado local, no que hai moita carga de traballo e queda moito por facer a nivel tecnolóxico. Hai que buscar solucións a grandes proxectos. Certamente, en Galicia tamén están presentes moitos grupos multinacionais.

É obvio que unha boa parte de solucións proporcionanas as multinacionais máis coñecidas a través de aplicacións e equipamentos que a súa creación só está ao alcance delas. Obviamente en Galicia, como en todo o mundo, adquirese este tipo de produto. Sen embargo, hai moitos nichos no mercado local e, actualmente, Galicia atópase moi ben situada no contexto español. De entre as comunidades autónomas ocupa a quinta posición.

As axudas públicas

En canto aos fondos europeos, sobre todo os Next Generation EU, desde o clúster entenden que é un importante caudal de diñeiro que as administracións non están a canalizar adecuadamente ao non dirixir os fondos onde realmente se deben. O sector está bastante alleo aos Perte.

Sen embargo, hai proxectos que coas axudas públicas conséguense revitalizar. Non hai dúbida de que hai fondos e débense investir mellor. Un caso especial é o do Kit Dixital programa destinado á dixitalización de pemes e autónomos deseñado polo Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital e que conta cun orzamento de 3.067 millóns de euros para o período 2021-2023. Por este programa, as empresas poderán acceder a axudas de 12.000 euros, no caso de ter entre 10 e 50 empregados; 6.000 euros, para aquelas de entre 9 e 3 empregados; e 2.000 euros, para as de menos de 3 e ningún empregado. Desde o Clúster entenden que este programa xera un gran volume de negocio, aínda que non saca proxectos rendibles. Homológanse provedores e actuacións e as empresas tecnolóxicas xeran necesidades na demanda. O problema que ven é que con estes programas facilítase a entrada de produtos das grandes multinacionais moi estandarizados á marxe das características de cada negocio.

Un problema evitable é que a administración ten unha serie de requisitos e burocracia que dificultan a realización de actividades. Un caso claro dase nos proxectos de formación.

Doutra banda, non hai dúbida de que a administración é un bo cliente para as multinacionais do sector. Ao ser o prezo a clave para a adxudicación dos proxectos, moitas empresas enfróntanse ás ofertas á baixa que dificultan a realización dos traballos. Dificilmente poden concursar nesas condicións.

O momento económico actual - A Guerra de Ucraína

A inflación e o aumento nos custos, por agora, non se contemplan como un gran problema no sector. Tampouco a evolución dos custos enerxéticos. Aínda que o saldo de variación no número de empresas é positivo, houbo peches importantes.

Non se dubida de que un cambio que quedará é o do uso das videoconferencias. Antes da Covid non era habitual, aínda que xa todas as ferramentas estaban desenvolvidas. Houbo un incremento moi elevado de usuarios. No entanto, nos últimos meses obsérvase un retorno aos eventos presenciais. Hai moitas cuestións que só permiten a presencialidade.

Un reto de futuro é lograr a integridade do provedor xa que ao vender solucións tecnolóxicas o cliente non sabe ben o que realmente está a comprar.

Un fito importante para o sector é a creación da Cidade das TIC na antiga fábrica de armas da Coruña da que se remodelaron varias das súas naves cuxa misión é a de “contribuír á especialización de Galicia en tecnoloxías emerxentes” e para iso conta co apoio das administracións, cun peso especial da Universidade da Coruña. En base a iso solicitouse a Axencia de Intelixencia Artificial e xa redactado este Informe confírmase A Coruña como a sé desta Axencia, hito importantísimo para o desenvolvemento desta actividade. O Igape e Gain están moi implicados co proxecto da Cidade das TIC. O investimento será de aproximadamente 60 millóns de euros dos que o 60% financiarase con fondos públicos, maioritariamente europeos (Feder), e o 40% restante corresponderá ao financiamento privado. Coa demanda actual xa se poden cubrir de 4 a 5 naves. A Cidade das TIC é un dos 108 proxectos inicialmente seleccionados polo Goberno galego para acceder aos fondos Next Generation EU.

Finalmente, tense que resaltar a importancia do Hub de transformación digital (DIHGIGAL) impulsado xunto co Cluster Alimentario e o Cluster Naval. Conseguiuse aglutinar a máis de 450 empresas para conseguir a transformación dixital do tecido empoesarial galego. Participan empresas de grande dimensión na economía galega como Abanca, Vegalsa, Navantia, Pescanova, Stellantis, entre outras.

4.2.2. Comercio polo miúdo

4.2.2.1. Trazos xerais

Cadro 27

Taxa de variación anual do índice da cifra de negocio do comercio polo miúdo

Xeral sen estacións de servizo

	Prezos correntes		Prezos constantes	
	España	Galicia	España	Galicia
2019/Abril	2,9	2,4	2,1	1,8
2019/Agosto	2,9	2,1	3,5	3,1
2019/Decembro	2,1	2,6	2,9	3,6
2020/Abril	-29,2	-20,2	-28,9	-19,9
2020/Agosto	-4,1	1,2	-4,3	0,7
2020/Decembro	0,5	2,7	0,1	2,2
2021/Abril	38,5	34,0	34,6	30,0
2021/Agosto	3,8	2,4	-0,4	-2,1
2021/Decembro	4,4	3,8	-3,8	-4,2
2022/Abril	11,4	6,0	0,9	-4,3
2022/Agosto	13,6	12,2	-0,8	-1,8

Índice sen alimentación

	Prezos correntes		Prezos constantes	
	España	Galicia	España	Galicia
2019/Abril	1,5	2,2	0,7	1,4
2019/Agosto	2,9	2,1	4,8	4,1
2019/Decembro	3,4	4,8	6,3	7,5
2020/Abril	-55,0	-40,1	-53,3	-37,9
2020/Agosto	-4,7	2,8	-3,4	4,0
2020/Decembro	-3,1	-0,9	-2,9	-0,6
2021/Abril	113,4	79,3	102,7	70,4
2021/Agosto	5,0	3,0	-1,3	-3,3
2021/Decembro	6,0	5,8	-5,7	-5,7
2022/Abril	14,5	9,8	2,7	-2,5
2022/Agosto	13,2	13,9	-2,7	-2,2

Índices de ocupación do comercio polo miúdo

Xeral sen estacións de servizo

	España	Galicia
2019/Abril	1,0	0,8
2019/Agosto	1,0	1,1
2019/Decembro	0,9	0,9
2020/Abril	-2,5	-1,1
2020/Agosto	-3,3	-2,3
2020/Decembro	-3,6	-2,5
2021/Abril	0,1	-0,5
2021/Agosto	1,9	1,1
2021/Decembro	2,6	3,5
2022/Abril	2,2	3,0
2022/Agosto	2,7	3,6

Fonte: IGE – INE.

Segundo mostra a evolución da cifra de negocio do comercio polo miúdo, tras o forte impacto da pandemia nesta actividade nos meses de confinamento, non se produciu unha recuperación nos períodos posteriores. Así, os crecementos observados nos valores monetarios, nalgúns

meses elevados, foron o froito duns prezos á alza. En termos reais, a facturación foise desacelerando até o extremo de que os resultados obtidos desde o verán de 2021 móstrannos unha sistemática caída na facturación, situación contraria á observado noutras actividades do sector terciario. No cadro 27 obsérvase, por exemplo, como o crecemento en agosto de 2022 do índice monetario do 12,2% con respecto a 2021 é froito das variacións en prezos xa que, en termos físicos, as transaccións caeron realmente un 1,8%.

Pola súa natureza, nas vendas de alimentación obtivéronse, salvo nalgún período, mellores resultados que nas das restantes actividades comerciais polo miúdo. Por tanto, se excluímos a ese sector, os valores dos índices alcanzados son, salvo na primavera deste ano, nada favorables. No cadro 27 tamén se observa un certo paralelismo na traxectoria do sector en Galicia cos resultados do conxunto de España.

Afortunadamente, esta evolución nas transaccións non tivo un comportamento simétrico no emprego. Sen embargo, a pesar dos Ertes, a elevada temporalidade no comercio motivou unha caída na ocupación do 6,4% no tres primeiros trimestres de 2020. Tamén neste período descendeu significativamente o número de contratos iniciais asinados, un 26,6%. No cadro 27 obsérvase como a partir do inicio da crise sanitaria, en todo 2020 e no inicio de 2021 os índices de ocupación do comercio polo miúdo foron negativos. Xa na parte final dese ano e, sobre todo, en 2022 o índice de ocupación acelerouse nun contexto dunha menor facturación en termos reais.

4.2.2.2. O comercio polo miúdo na pandemia segundo o Observatorio de Abanca

Unha forma indirecta de analizar a perda na actividade do comercio polo miúdo no período de confinamento e de seguir a traxectoria mantida ao longo da crise sanitaria é a través dos pagos efectuados polos clientes de Abanca coas tarxetas nas terminais dos establecementos comerciais. Trátase, sen dúbida, dun bo indicador para avaliar esta evolución. Como se aprecia no gráfico 92, depúranse os posibles efectos calendarios e a maior propensión, en determinados períodos, do pago con tarxeta sobre o efectivo.


Os resultados do período de confinamento e de peche dos establecementos mostran o total descenso na actividade. Segundo esta fonte, as transaccións redúcense en máis dun 80%, de tal modo que na segunda quincena de marzo de 2020, todo o mes de abril e inicios de maio a actividade paralizouse. Non é até a segunda semana de maio co inicio da desescalada cando comeza a recuperarse a actividade que aproximadamente é o 77% da existente antes da crise. Sen embargo, en torno ao 40% dos establecementos permanecen pechados. Na terceira e cuarta semana de maio, con menos restricións e a necesidade de realizar compras ante o parón de varios meses, a actividade sitúase no 93% do nivel alcanzado nos primeiros meses de 2020 e xa realizan operacións un 82% dos establecementos.

Coa chegada do verán e ante a nova normalidade o comercio polo miúdo recupérase, tamén debido ao período de rebaixas e, dese modo, os resultados de agosto mostran un retorno ao período pre-crise. De feito, o gasto coas tarxetas crece un 2% con respecto ao mesmo mes do ano anterior.

En setembro e outubro, estabilízase a actividade comercial, influída polo efecto da volta aos colexios, aínda que o valor das transaccións cae un 3% con respecto a 2019. Neste período prodúcese unha gran disparidade entre os diferentes sectores e, así, por exemplo, os peores resultados rexístranse nas vendas de moda e confección que caen un 21% con respecto ás de

2019. Iso supuxo que esa actividade perdese o tradicional liderado que até entón mantivera en Galicia. O seu peso relativo pasou do 30 ao 23%.

Gráfico 92



(Color rosado -comercio polo miúdo; Color azul – gasto en ocio)

Fonte: Observatorio Abanca. Datos procedentes do Informe 13.

Coa campaña de Nadal volven as restricións o que fai que gañen peso as transaccións dentro dos municipios. Sen embargo, o gasto total en decembro nas tendas físicas caeu un 13% con respecto a ese mesmo mes de 2019. Si a isto engádense as compras en liña, o descenso rolda o 7%.

Chegados a 2021, aínda con restricións, segue sen medrar a actividade comercial o que contrasta co empuxe doutros sectores como, por exemplo, o lecer, cuxa traxectoria tamén se representa no gráfico 92. Sen embargo, en marzo obsérvase un reponte do 10% nos pagos con cartón debido a unha demanda que tivera que limitar o seu consumo nos meses anteriores.

A situación que se observa ao comezo do verán de 2021 é o dun comercio polo miúdo cun nivel de actividade inferior ao de 2019 pero superior ao de 2020. O gasto no comercio crece en xuño un 3% respecto dese último ano, pero cae un 7% con respecto a 2019. A evolución segue sendo moi desigual de tal modo que en modas e complementos o valor das compras é un 9% inferior a 2019. Sen embargo, a actividade consegue resistir nese mes e o seguinte os efectos da quinta onda.

Como se aprecia na gráfica, a parte final de ano e, en especial, a tempada de Nadal mostra unha dinámica de crecemento xa superior á de 2019, pero esta situación frústase a partir de febreiro de 2022, momento en que se intensifica a inflación e xorden conflitos internacionais que inciden nas perspectivas de consumo.

O último observatorio dispoñible refírese ao pasado mes de xullo de 2022. Na gráfica contrasta a evolución do turismo-lecer co comercio polo miúdo. Mentres o primeiro xerou un gasto superior nun 40% ao observado en 2021 ante o retorno dunha total normalidade, o comercio polo miúdo permaneceu moi estancado sen apenas cambiar o gasto alcanzado en 2021. Moda e complementos non conseguen alcanzar os niveis de 2019, coa peculiaridade do incesante crecemento das compras en liña, que xa alcanzaban o 28% das transaccións totais cunha facturación que case duplica á de 2019. Nese ano apréciase unha sensible asimetría entre a compra en liña e a presencial. Esta última mantense a un nivel inferior ao de 2019. En canto aos outros segmentos, en fogar e bricolaxe descendieron a facturación con respecto a 2020 pero superou á de 2019, mentres que caeron as compras de produtos multimedia, sector xa cun peso determinante das vendas na web.

En suma, esta traxectoria permítenos describir a evolución desta importante actividade para a economía de Galicia no período analizado. Os sectores que o conforman mantiveron unha traxectoria moi desigual, aínda que tras o forte impacto de marzo, abril e maio de 2020, no seu conxunto non foi capaz de manter unha traxectoria claramente ascendente.

4.2.2.3. Reunión mantida coa Federación Galega de Comercio o 22 de novembro de 2022

O sector na pandemia e os cambios ante a saída da crise

A situación do comercio polo miúdo antes da pandemia xa era bastante crítica, en especial o dedicado á moda e os complementos. Baste observar o número de locais que se estaban pechando. A venda en liña estáballe facendo moito dano. Estaba a pasar exactamente o mesmo que xa ocorrera coas axencias de viaxe. Operadores como Booking ou outros se fixeron cun nicho enorme de mercado. Xa entón existía a certeza de que sen páxinas web e vendas en liña dificilmente poderíase sobrevivir.

Neste escenario, o momento do inicio da pandemia veu, para moitos sectores, no peor momento. Así, en moda e complementos o confinamento do 14 de marzo supuña o inicio da tempada primavera-verán. Toda a mercadoría xa estaba comprada e, desgraciadamente, non se podía vender. As restricións foron moi fortes e as perdas moi elevadas. Ante a acumulación de stocks non quedaba máis remedio que tentar desfacerse da mercadoría a prezos moi baixos. Nesta situación tan dramática houbo dous factores que aliviaron algo este problema. Por unha banda, as axudas públicas a través dos créditos ICO avalados polo goberno central e os créditos con apoio do Igape. Isto permitiu momentaneamente afrontar os pagos destas mercadorías, pero se necesitaba unha recuperación para poder devolver estes préstamos. O segundo factor foron os Ertes por forza maior que contribuíron a aliviar os custos laborais.

A situación de peche da actividade reforzou a tendencia que xa se viña observando anos atrás. Non fai moito, unha das principais estratexias de expansión das empresas era a de ter abertas varias tendas nunha mesma cidade. O obxectivo que se pretendía con iso era o de ter ao conxunto da cidade perfectamente atendida. A maiores e coa apertura dos centros comerciais, a política consistía en integrarse nos mesmos. De feito, pódese observar que ademais de emblemas de tendas multinacionais hai nos diferentes centros comerciais galegos unha ampla representación do comercio local. Era un investimento necesario ante este formato que modificaba o sistema de distribución tradicional.

A situación actual para o comerciante local é sensiblemente diferente. A aposta parece ser que é a de ter un, ou como máximo, dous comercios na cidade de orixe e expandirse polas poboacións próximas. Isto tampouco resulta rendible si non se enfoca adecuadamente a cuestión da venda en liña. Hoxe xa parece evidente que quen renuncia á dixitalización non ten posibilidade algunha de sobrevivir no mercado.

O pequeno comercio ten que tentar aproveitar as plataformas para así poder crear unha boa rede de vendas en liña. A situación actual tende, por tanto, a unha tenda física en cada cidade e participar na web en todo o mercado global. Débese ter en conta que as grandes plataformas de vendas actualmente non deixan de ser uns meros comisionistas. Reciben as mercadorías dos provedores, moitas veces pequenas tendas, e eles cobran unha marxe comercial. As plataformas carecen de locais físicos e un cliente realmente non sabe en que tenda está comprando un determinado produto. Tendas grandes e pequenas poñen os seus produtos en mans dunhas plataformas que arriscan moi pouco.

Desgraciadamente, moitos comercios polo miúdo hoxe en día non son conscientes do reto que supón a dixitalización e, ante isto, están abocados a desaparecer. Desde a Federación indícase que é lamentable que non se asuma adecuadamente este reto. Un exemplo pode ser o da recente campaña para que os comercios usasen o billete dixital. Cun investimento mínimo non só suporía un aforro en papel ou tinta, senón que tería bastantes máis vantaxes. Fixéronse visitas para comprobar como respiraba o comercio e notaron bastante reticencias. Doutra banda, é evidente que desde a Dirección Xeral de Comercio da Xunta de Galicia está a potenciarse a posibilidade de que os comercios accedan á venda en liña que, polo xeral, é válida para todos os segmentos do comercio. É un proceso caro e no que costa lograr rendibilidade. Un tema complexo son as devolucións. As grandes comercializadoras como Inditex están a abrir camiño e xa anuncian que van cobrarlle aos clientes. É un tema complexo.

As limitacións de desprazamentos nas sucesivas ondas da pandemia, ademais do comercio en liña, tamén favoreceron e foron unha oportunidade para o comercio local, en especial o de pobos e vilas que nos últimos anos afrontaba unha perda de clientes non só pola caída demográfica senón tamén pola posibilidade de acudir aos centros comerciais próximos ou aos grandes núcleos de poboación de Galicia. Os peches perimetrais impediron a mobilidade e obrigou á poboación a utilizar os servizos do comercio local. Foi unha boa oportunidade para a fidelización dos clientes, pero a realidade foi que, coa volta á normalidade, volveuse á situación existente antes da Covid-19.

O apoio das administracións públicas

En xeral, o papel das administracións no desenvolvemento do comercio polo miúdo galego é moi importante. Antes xa se indicou a relevancia dos préstamos para facer fronte á crise no confinamento. Ademais, neste período tomáronse medidas de axuda aos investimentos que había que realizar para acomodar os establecementos ás restricións esixidas (cristais, biombos, xeles, etc.). É importante subliñar que os fondos públicos dirixidos a negocios ou actividades que carecen de viabilidade económica é un malgasto de recursos que conviría evitar.

Ademais da importancia que teñen as axudas á dixitalización, valóranse moi positivamente, as iniciativas das administracións na compra de bonos polos que se asume unha parte dos gastos en determinados sectores do comercio polo miúdo. Son especialmente significativas as campañas de apoio da Xunta ou dos concellos. Un exemplo son os Bonos Activa Comercio ou os Bonos Corazón Compostela. Recoñécese que están a funcionar moi ben. Benefíciase ao pequeno

comercio e desvíanse compras que moitas veces se farían en liña. As persoas compran no seu propio concello e iso axuda a fidelizalos. O aforro para o cliente é considerable.

Os cambios no emprego

Os Ertes foron decisivos para evitar unha maior crise en sector. Actualmente é certo que hai problemas para atopar persoal nas tendas. Son varios os factores que inflúen niso. Os salarios vixentes están por baixo da media.

O futuro dos centros comerciais

Tiveron un crecemento espectacular desde a década do oitenta en Galicia. Co tempo houbo unha saturación e a competencia entre eles creou a algúns problemas sobre a súa viabilidade (a modo de exemplo, a apertura de As Cancelas en Santiago de Compostela ocasionou o afundimento da Área Central e agora tenta recuperarse buscando a súa especialización en tendas outlet). Actualmente, tras a apertura de Vialia en Vigo, o percorrido para seguir crescendo parece finalizar e, en liñas xerais e con reestruturacións, manterase o que actualmente hai.

Enténdese que nos centros comerciais ten máis protagonismo a poboación que vive nas proximidades das cidades que as que habitan nos núcleos urbanos, que conta na súa contorna co comercio local. A combinación entre lecer e comercio que proporcionan os centros comerciais facilita que familias das proximidades poidan pasar o día enteiro neles.

Problemas actuais que prexudican o desenvolvemento do sector

Desde o inicio da globalización produciuse un cambio enorme na procedencia dos provedores. Gran parte da industria española tradicional viuse moi prexudicada coa competencia externa baseada nos baixos custos da man de obra. Un exemplo pode ser a comercialización do calzado. Os provedores habituais eran fábricas localizadas no Levante español ou nas Illas Baleares. Coa globalización, produciuse un primeiro desprazamento cara a Portugal, logo ampliouse a Marrocos e finalmente a Asia. Moitas fábricas españolas desapareceron e creouse un estrangulamento co transporte.

Doutra banda, a subida dos prezos nos últimos meses das materias primas supuxo un problema que se repercute no consumidor e afecta as compras. Normalmente, nas tendas de modas e complementos o prezo do produto vén xa determinado polo fabricante e o comerciante polo miúdo só o pode alterar nos períodos de rebaixas.

O aforro enerxético e a normativa obrigatoria que deben seguir os establecementos tamén está a crear problemas. O apagado de luces en determinado horario xa se estaba empezando a realizar antes de que saíse a normativa. En liñas xerais está a cumprirse o preceptuado. Outra cuestión é co peche das portas para manter a temperatura no interior. Neste caso, hai bastante incumprimento debido, sobre todo, á configuración dos establecementos (con reixas e sen portas, aberto plenamente á rúa, etc.).

4.2.3. O turismo en Galicia

4.2.3.1. A evolución do sector

Cadro 28

Turismo - Viaxeiros (hoteles e turismo rural)

Galicia						España					
	1T	2T	3T	4T	ANO		1T	2T	3T	4T	ANO
2018	636.088	1.169.037	1.736.977	883.862	4.425.964	2018	19.147.783	30.475.476	36.731.120	23.217.755	109.572.134
2019	602.847	1.315.840	1.830.116	932.518	4.681.321	2019	19.419.923	32.209.893	37.782.396	23.722.956	113.135.168
2020	487.624	65.788	927.754	257.577	1.738.743	2020	15.134.130	1.167.986	15.070.057	5.299.806	36.671.979
2021	178.138	546.922	1.704.313	868.694	3.298.067	2021	4.241.589	11.556.766	28.794.780	19.316.278	63.909.413
2022 (1,2 T)	533.405	1.366.643				2022 (1,2 T)	15.533.153	30.722.949			
Taxa de variación interanual											
	1T	2T	3T	4T	ANO		1T	2T	3T	4T	ANO
2019	-5,2	12,6	5,4	5,5	5,8	2019	1,4	5,7	2,9	2,2	3,3
2020	-19,1	-95,0	-49,3	-72,4	-62,9	2020	-22,1	-96,4	-60,1	-77,7	-67,6
2021	-63,5	731,3	83,7	237,3	89,7	2021	-72,0	889,5	91,1	264,5	74,3
2022 (1,2 T)	199,4	149,9				2022 (1,2 T)	266,2	165,8			

Fonte: IGE

O indicador básico utilizado para observar a evolución do sector turístico en Galicia no período de pandemia foi o número de viaxeiros que chegaron a Galicia e se hospedaron en hoteis ou casas de turismo rural.


Os resultados alcanzados mostran como o turismo foi unha das actividades máis afectadas pola crise da Covid. En marzo de 2020 paralizouse de forma radical e só se volveu a alcanzar unha certa normalidade no terceiro trimestre de 2021. As restricións á mobilidade vixentes desde o inicio da crise (confinamento, peches municipais, etc.) impediron o normal funcionamento deste servizo. O progresivo retorno á normalidade, favorecido en Galicia pola ampliación do período Xacobeo, produciuse nunha contorna económica diferente e no que os cambios en variables determinantes para o sector están a incidir negativamente na súa conta de resultados.

Nas gráficas que se achegan obsérvanse que esta recuperación se conseguiu grazas aos turistas residentes en España. O fin das restricións á mobilidade e a necesidade de viaxar, xunto cos incentivos para o uso dos establecementos hoteleiros por parte das administracións públicas, motivou un impulso que se amplificou en 2022, ano en que os resultados en canto ao número de viaxeiros residentes en España xa superan claramente aos de 2019. Nestas gráficas tamén se observa a asimetría existente na evolución das visitas do turismo español fronte ao turismo estranxeiro. As restricións nos lugares de orixe e destino dos posibles pasaxeiros xunto coa situación económica internacional foron factores que, entre outros, permiten explicar esta ausencia de turistas en 2021. Sen embargo, esta tendencia modifícase drasticamente en 2022, no que a presenza de viaxeiros non residentes en España xa alcanzaba os niveis de 2019 no primeiro semestre do ano e os resultados xa dispoñibles de xullo e agosto mostran un crecemento no número destes turistas nun 5,6% con respecto a 2019.

A pesar da positiva evolución en 2022 da actividade, o emprego non se recuperou. Se en agosto de 2019 o número de traballadores en establecementos hostaleiros era de 9.318 persoas, nese mesmo mes de 2022 reducíase a 8.840. Máis adiante explícanse os factores que inciden neste resultado.

As gráficas tamén suxiren que tras os peores momentos de pandemia e coa recuperación, a situación estrutural do sector mantívose practicamente inalterada. A estacionalidade, co retorno á normalidade, volve ser moi alta e o tempo de estancia media segue sendo baixo. Ademais, desde o sector indican que o gasto do turista é menor ao que se realizaba antes da pandemia, nun contexto dun sensible incremento dos custos. De feito coas estatísticas actualmente dispoñibles referidas ao turismo non residente en España apréciase que o gasto medio diario por persoa caeu un 21,1% en 2020. En 2021 cuantificábase en 93 euros cando o gasto en 2019 era de 111 euros. En todo caso, a evolución que vén observando en 2022 confirma a recuperación dun sector que mantén os problemas estruturais xa existentes antes da crise.


Gráficos 93, 94, 95, 96, 97 e 98



Fonte: IGE

Estancia media

Gráficos 99, 100 e 101



Fonte: IGE

A evolución negativa do sector motivada pola pandemia afectou a todo tipo de establecementos hoteleiros. Nos hoteis de cinco e catro estrelas era onde tradicionalmente se conseguía un maior grao de ocupación e esta posición tamén se mantivo en 2020 e 2021, aínda que, como é obvio, cunhas cifras máis baixas que nos anos precedentes. Realmente, os establecementos peor parados en Galicia en canto á súa ocupación adoitan ser os aloxamentos de hospedaxe de máis baixa categoría e as casas de turismo rural. Estas últimas alcanzaron tan só un 19,7% de ocupación en 2019, porcentaxe co que dificilmente se pode lograr un limiar mínimo de rendibilidade en moitos establecementos. En 2021 esta ocupación só alcanzaba o 17,9%. Tampouco son moi alentadores, antes e despois da crise, os resultados dos establecementos dunha estrela de prata que en 2021 unicamente alcanzaban o 20,9% de ocupación e en 2019 era do 26,4%.

Cadro 29


Grao de ocupación en Galicia

	2019	2020	2021
Estrelas de ouro	50,1	26,3	37,6
5 Estrelas	64,5	31,8	43,1
4 Estrelas	62,6	30,8	43,1
3 Estrelas	52,4	28,2	41,2
2 Estrelas	40,9	22,2	32,4
1 Estrela	34,8	19,9	27,1
Estrelas de prata	32,6	16,9	24,7
3 e 2 Estrelas	38,8	20,3	28,8
1 Estrela	26,4	13,7	20,9
Turismo rural	19,7	13,7	17,9

Fonte: IGE.

Unha cuestión de vital importancia para o desenvolvemento do sector é a evolución dos prezos.. A evolución das tarifas medias diarias non estivo acorde cos bruscos cambios observados na demanda. Deste xeito, os prezos en agosto de 2020 (a pesar da caída na actividade) foron similares aos de 2019 (só caeron un 1,1%), mentres que no mesmo mes de 2021, momento no que xa había unha certa relaxación coas restricións, o incremento foi dun 12,7%, cifra que en parte se debe a un maior uso dos establecementos con maior categoría. En agosto de 2022, os prezos incrementáronse un 5,7% (case a metade que a taxa de variación interanual do IPC en Galicia nese mes), nun contexto de significativos aumentos dos custos enerxéticos.

Gráfico 102



Fonte: IGE

4.2.3.2. Reunión mantida co Clúster de Turismo de Galicia

Impacto inicial

O sector non estaba preparado para afrontar un impacto desa dimensión. Foi, sen dúbida, o que máis sufriu coa pandemia xa que a parálise na actividade foi total. Xa antes, había negocios que non ían ben e ao chegar a pandemia non puideron sobrevivir. Doutra banda, moitos negocios mantivéronse grazas á axuda das administracións (central, autonómica, deputacións e municipal), pero aínda así, desde o Clúster considérase que os esforzos foron insuficientes. A Xunta achegou ao sector sobre 190 millóns de euros mentres que a administración central prestou apoio por unha contía de 234 millóns de euros dos que houbo que devolver sobre 70 millóns xa que as condicións que se puxeron para poder acceder a eles non eran alcanzables para o sector. As axudas destináronse principalmente a soste os préstamos existentes, en especial, os procedentes do ICO e tamén houbo subvencións a fondo perdido. Para moitas empresas esas axudas foron imprescindibles para poder sobrevivir.

Sen embargo, o nivel de resistencia do sector en Galicia foi superior ao doutras comunidades autónomas españolas. Débese ter en conta que en torno ao 90% das empresas turísticas están en mans de familias, polo xeral, galegas. É un sector con predominio dos autónomos que fixo un esforzo singular para poder seguir na actividade nunhas circunstancias moi adversas. Pola contra, a experiencia dos grandes grupos empresariais foi distinta xa que se atopaban con máis recursos para afrontar esta situación.

Un dos principais problemas foi a xestión da man de obra, moi numerosa neste sector. Unha boa parte tivo que estar nos Ertes por forza maior, pero o abandono e a carencia de traballo no sector turístico, motivou que un gran número de traballadores buscasen emprego noutros sectores. Moitos dos traballos que ofrece o turismo non tiñan nin as condicións nin os horarios

que si hai noutras actividades. Sen esaxeración pódese dicir que as saídas foron masivas, en especial, nas persoas que traballaban de camareiros na restauración e o persoal de habitación dos hoteis. Estes traballadores consolidaron a súa ocupación noutros sectores de tal modo que unha vez recuperada a actividade houbo unha seria carencia de man de obra.

O sector está moi atomizado e adáptase con certa facilidade ás novas situacións. Esta rápida aceptación produciuse cando, nalgunhas situacións, houbo que acudir á fórmula do teletraballo.

Outro problema é o das infraestruturas de telecomunicación e a dixitalización. Durante os peores meses da pandemia víronse con claridade as carencias das infraestruturas existentes e, en especial, o funcionamento da rede nas casas de turismo rural. En canto á dixitalización, nos últimos anos acelerouse a pasos axigantados. Revolucionou ao sector e hoxe en día os negocios non son rendibles senón contan coas vantaxes da dixitalización. Un exemplo é o channel manager nos hoteis que proporciona unha mellora notable na xestión. Actualmente pódense ter conectados á vez 30 ou 40 programas e automaticamente vanse dando de baixa as habitacións, proporcionando información en tempo real. Cada empresa ten o seu channel manager pero podería ser razoable que desde a Xunta se puidese harmonizar este tipo de actuacións.

No momento actual de dixitalización do sector bótase de menos que non haxa máis información (ás veces carécese dela) sobre os clientes desde o momento no que entran a unha páxina, tales como o seu lugar de procedencia, canto tardan en facer unha reserva, a estancia media, etc.

A situación do sector conforme se van relaxando as restricións

As expectativas conforme se foron abrindo os establecementos foron positivas. Unha posible saída do aforro forzado no confinamento proporcionou un maior consumo nos diferentes segmentos que configuran o sector do turismo.

Unha parte desas expectativas se cumpriron xa que en 2022 en Galicia xa había máis turistas que en 2019. Con todo, esa maior actividade non veu acompañada por un incremento no gasto. A capacidade adquisitiva do turista é menor e tamén se observa unha vontade de consumir menos que antes da pandemia. No cumprimento destas expectativas axudou moito o contar con dous anos xacobeos consecutivos. Realmente, a actividade no seis primeiros meses de 2021 foi moi escasa e esa ampliación era necesaria para lograr a recuperación do sector. Tamén, a pesar de xa non ser un ano xacobeo, as perspectivas de 2023, en canto ao número de clientes, son boas.

Agora ben, nos últimos meses a evolución dos prezos das subministracións e dos produtos que compra a restauración afectou excesivamente ao sector. A factura da electricidade subiu de tal modo que a estrutura de custos modificouse substancialmente. Este incremento non se trasladou, por agora, aos prezos polo que a conta de resultados das empresas en 2022 vai ser peor que a de 2019 a pesar de ter nunha maior actividade.

Existe a esperanza razoable no sector de que no curto prazo se estabilicen os prezos, aínda que, ante as incertezas actuais, o temor a unha inflación prolongada está latente. O que parecen ter claro desde o clúster é que os prezos das subministracións enerxéticas xa non van volver aos valores de 2020.

Dende unha perspectiva territorial, a concentración da actividade nas Rías Baixas e en Santiago de Compostela mantense, aínda que outros territorios están a alcanzar unha boa posición. Nestes últimos anos cabe destacar á Ribeira Sacra e á Costa da Morte, en especial neste último

territorio, Fisterra. O camiño de Santiago desde Compostela a Fisterra tivo un forte tirón que se debe aproveitar. Para a Costa da Morte foi moi positiva a apertura do Parador de Muxía, despois de que axudou notablemente a pór en valor esa zona foi tractor dos demais sectores.

Tamén se detecta un maior dinamismo na Mariña Lucense, mentres outros territorios galegos contan cun potencial que xa se aproveitaba, pero no que cabe incidir. É o caso, por exemplo, do turismo termal na provincia de Ourense ou do turismo industrial en Ferrol.

O papel das administracións públicas

Segundo o Clúster, o sector pode xerar en torno ao 12% do PIB e conta con máis de 150.000 postos de traballo en Galicia. Con estas cifras, a administración autonómica non ten unha Consellería de Turismo e as súas competencias están diseminadas en varios organismos. Así, reclámase unha maior atención da administración xa que un bo funcionamento das estruturas políticas axudaría moito e para o sector esta cuestión é da máxima preocupación.

Como se indicou, varias administracións, Xunta (Consellerías), Deputacións, Concellos, Ministerios, teñen competencias neste sector, polos que os problemas burocráticos multiplícanse e as xestións se eternizan e encarecen. Habería que ir cara a un portal único.

Xa que o capital estranxeiro no sector é baixo, os negocios familiares para poder sobrevivir tras a pandemia neste mercado precisan realizar ampliacións. A administración debería dar facilidades para a modernización e a mellora dos establecementos xa que con iso lograríase atraer a máis turistas.

Outro conflito habitual prodúcese nas casas de turismo rural. Ás veces non teñen unha rede de saneamento e desde determinados concellos non se mostra un celo especial para manter as contornas coidadas, situación que prexudica a actividade.

Unha cuestión candente na actualidade é a implantación dunha taxa turística en cidades como Santiago de Compostela. Desde o Clúster entenden que actualmente, tras a pandemia, non parece o momento axeitado. A ocupación media hoteleira de Santiago, segundo o Clúster, non é tan alta e a saturación do casco máis que aos turistas débese aos excursionistas, os cales nos momentos de maior auxe poden rozar 10.000 persoas ao día. O seu gasto medio é considerablemente máis baixo que o dos turistas.

Sobre o apoio dos fondos Next Generation EU, non parece que chegaran na contía que cabería esperar. O Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia do Goberno de España reservaba 1.900 millóns de euros para a sustentabilidade do sector turístico español. Sen dúbida, unha oportunidade para a reactivación do sector foi a participación de Galicia nos Plans de Sustentabilidade Turística, responsabilidade da administración central e xestionada por Setur (Secretaría de Estado de Turismo) para poder optar a fondos europeos de recuperación. En 2021 estaban abertas as convocatorias ademais do Plan Nacional Xacobeo dun Plan Territorial de Sustentabilidade Turística en Destinos de Galicia que nese ano atendía ao litoral. Estes fondos destinaranse a tres actuacións de cohesión en destino (ACD), que serán promovidas directamente pola Xunta, e dez plans de sustentabilidade turística en destino (PSTD), que serán impulsados polos concellos e outras entidades en ámbitos moi diversos. No Plan de Sustentabilidade, en 2022 artículanse apoios á enogastronomía, mentres que en 2023 incidirase nas vilas termais e os centros históricos.

Perspectivas

Actualmente e tras a pandemia e a pesar das consecuencias da guerra de Ucraína o turismo en Galicia é un negocio rendible. Ao se tratar no seu maior parte de empresas familiares, a substitución xeracional está a converterse nun problema e ante o desapego das novas xeracións varios establecementos hoteleiros xa foron adquiridos por fondos voires a un prezo moi baixo.

O sector melloraría si conséguese unha mellor coordinación aeroportuaria e unha mellora nas frecuencias da AVE. En canto á primeira, os destinos internacionais de Santiago en comparación con aeroportos próximos como o do Porto son poucos e non axudan a vencer a temporalidade, sobre todo, cando o número de destinos redúcese considerablemente no outono e inverno.

Importante tamén son os horarios dos voos de cara aos enlaces con outros aeroportos, circunstancia que xera ineficiencias no sector xa que perder moitas horas nos enlaces é un factor disuasorio. En canto a este medio de transporte, desde o Clúster sinálase a dependencia existente con determinadas compañías aéreas que se financian con diñeiro público. Doutra banda, as taxas aeroportuarias de Galicia son moi altas en relación, por exemplo, ás existentes no aeroporto do Porto.

Un gran reto de futuro para vencer a temporalidade é apostar polo turismo de eventos e de congresos. Xa existen infraestruturas diseminadas por Galicia, máis aló dos principais núcleos urbanos. Un exemplo é o centro de convencións de Eurostars na Illa da Toxa. Inclusive Sanxenxo, que excede nos meses de verán os 100.000 habitantes, ten que apostar por este tipo de turismo.

Outra modalidade de interese é o turismo deportivo, no que destaca cun certo éxito a cidade de Pontevedra, na que recentemente se desenvolveron campionatos de loita libre. Tamén se organizan carreiras (tipo heroican) que atraen a moitos participantes.

Tamén cabe potenciar o turismo vinculado coa celebración de concertos. Son altamente rendibles nos lugares nos que se realicen. Baste lembrar os resultados para o sector turístico de Ou Son do Camiño celebrado o pasado mes de xuño no Monte do Gozo en Santiago ou o Resurrection Fest de Viveiro.

Finalmente, a implantación do bono turístico por parte da Xunta de Galicia tamén foi unha acción altamente positiva para o sector como un apoio desde a administración autonómica para saír da crise provocada pola pandemia.

4.2.4. Sector Audiovisual

4.2.4.1. Trazos xerais

Segundo a información facilitada polo Clúster Audiovisual Galego, a traxectoria do sector antes da pandemia era positiva, aínda que aínda non se alcanzaron os resultados previos á crise de 2008.

A comezos de 2019 contabilizábanse en Galicia un total de 512 empresas con actividade. Estas sociedades eran de moi distinto tamaño e, delas, 15 declaraban que realizaban transaccións no estranxeiro. A facturación total roldaba os 730 millóns de euros cun emprego de 4.400 persoas.

Iniciada a pandemia, desde o Clúster sublíñase que os primeiros efectos da crise foron demoledores. Entre febreiro e marzo de 2020 pecharon ao redor de 50 empresas en Galicia. En España, a cifra de negocios en maio de 2020 caera un 61% con respecto ao mesmo mes do ano anterior, porcentaxe que seguramente sexa superado en Galicia. As exportacións galegas descendieron de xaneiro a abril de 2020 algo máis do 75%. Todos estes resultados negativos suxiren un atraso nunha boa parte dos proxectos que xa se estaban realizando e un freo para o inicio doutros novos. Afortunadamente, os empresarios do sector indicaban que non se estaban producindo perdas significativas de clientes, nin tampouco se estaba observando un especial incremento na morosidade.

Neste contexto e pola natureza do sector, a afiliación á Seguridade Social en 2020 experimentou unha caída, en termos interanuais, do 9,8% sendo as actividades cinematográficas, de vídeo e de programas de televisión, gravación de son e edición musical as que máis sufriron. Pola contra, na programación e emisión de radio e televisión o emprego apenas se viu afectado.

Co inicio da pandemia cambiaron os modos de traballo. Desde o Clúster constátase que tres de cada catro empresas recorreron ao teletraballo. No 29% reestruturáronse as xornadas laborais flexibilizando os horarios. Unha de cada catro empresas presentou un Erte.

No momento de realizar a procura desta información, antes dos cambios económicos motivados pola guerra de Ucraína, as expectativas con respecto ao final da pandemia eran moi positivas, xa que unha boa parte dos empresarios esperaban que os proxectos suspendidos non se cancelasen definitivamente e que fosen xurdindo novas iniciativas. A opinión maioritaria cando se efectuou esta enquisa era que os resultados de 2021 serían notablemente superiores aos de 2020. Pensábase que a facturación crecería ao redor dun 36,8% e o emprego un 13,1%; non se chegaría ás cifras de 2019, pero estarían moi próximas. Ademais, a pandemia foi un acicate para buscar novos modelos de negocio, no sentido de que, maioritariamente, búscase a diversificación a outros ámbitos do audiovisual, mentres que unha minoría, que non supera o 13%, aposta polos procesos de dixitalización e pola procura de novos mercados.

4.2.4.2 Reunión mantida co Clúster do Audiovisual Galego o 13 de outubro de 2022

Cambios permanentes e transitorios provocados pola pandemia

En 2019 había a expectativa no sector de que 2020 sería un fito de produción de contidos a nivel mundial. Os investimentos eran fortes.

Coa chegada da pandemia, o sector audiovisual viuse moi afectado. Tivo que modificarse ou anularse a produción prevista xa que nin se podían realizar viaxes nin rodar en exteriores. Só quedaba sacar proxectos do “caixón” que fosen viables e buscar proxectos factibles coas limitacións existentes. Afortunadamente, a situación foi transitoria e o sector retornou pronto a unha normalidade nun contexto dunha demanda cada vez máis intensa.

Tras a pandemia, proseguíu o cambio de negocio cada vez máis vinculado ás plataformas. Estas mesmas están na actualidade reconsiderando o contido do seu negocio (está o recente exemplo de Netflix coa introdución de publicidade).

As pautas no trinomio: Produción - Distribución - Emisión cambiaron radicalmente ante o desenvolvemento das plataformas e o seu papel no mercado. Así, actualmente, as distribuidoras xa non son o que eran e os circuítos de emisión tampouco. Aínda así, aquí en Galicia, a TVG segue sendo un dos motores do sector, tanto nos contidos de series, películas ou nos programas de entretemento. Ademais, o feito de contar cunha lingua propia abriu un importante nicho de negocio como o caso dos servizos de dobraxe ou de tradución. Inclusive, algunha gran produtora internalizou a realización destas actividades.

As axudas do sector público

Evidentemente, polos retornos que se xeran, as administracións públicas apoian a realización de rodaxes no seu territorio, así, como hai unha promoción do sector en canto o fomento e divulgación da cultura. En Galicia, desempeña un papel moi relevante a Axencia Galega das Industrias Culturais, a través da cal se canalizan diversas axudas de apoio aos proxectos do audiovisual galego. As súas actuacións adoitan estar coordinadas cos axentes do sector e son paquetes moi completos, con apoios mediante axudas directas e reembolsables. Por exemplo, na realización dunha rodaxe hai que combinar múltiples elementos e empresas, localizacións, técnicos, empresas de soporte especializadas, etc. Entre todos eles adoita haber moi boas conexións.

Existe unha gran competencia en comunidades autónomas nos sistemas de axudas, incentivos fiscais e mesmo, en Canarias, con diferenzas substantivas na Lei de Sociedades. Un exemplo desta competencia foi a produción da serie Hierro, que inicialmente estaba pensada como Fisterra, pero os maiores incentivos canarios motivaron un cambio na súa rodaxe. Sen embargo, en moitas ocasións adoita existir unha certa coordinación entre as axencias españolas de apoio ao sector.

Coa Covid incrementouse o apoio público ao audiovisual ao incluír dentro do financiamento nun novo eixo os fondos React, procedentes dos fondos europeos para a recuperación. Dentro destes fondos cabe destacar en Galicia o deseño do Hub Audiovisual da Industria Cultural que se traduce nun investimento de 9,6 millóns de euros no período 2021-2023. O financiamento por esta vía abarca múltiples aspectos como, entre outros, a prestación de incentivos para rodar en Galicia, renovación do equipamento, etc. Por exemplo, para o obxectivo de paquetizar Galicia como un plató de rodaxe realizouse unha primeira achega de 2 millóns de euros. Sen embargo, as medidas non tiveron a dimensión como as prestadas a outros sectores como, por exemplo, a hostalaría.

Doutra banda, aínda que non se deseñou un Perte, cabe destacar a recente creación da Cidade das TIC (localizada na antiga fábrica de armas da Coruña) para a que se utilizaron fondos europeos. Trátase dun proxecto, do que xa se fixo unha referencia máis detallada cando se analizou o sector das TIC, promovido polo Clúster e a Universidade da Coruña co que se pretende

crear un polo de innovación con cabida para grandes e pequenas empresas. Tentarase que o seu centro de I+D+i convértase nunha referencia en intelixencia artificial.

Dentro do impulso ao sector audiovisual tamén cabe destacar unha iniciativa da administración central, o actual Plan España, Hub Audiovisual de Europa (Plan Spain AVs Hub), dotado con 1.603 millóns de euros e cun período de vixencia de 2021 a 2025. Xenericamente, trátase de “un plan de actuación global que quere transformar o actual ecosistema audiovisual español no seu conxunto, considerando o sector nun sentido amplo”. Desde o Clúster galego agardan que o impacto deste Plan en Galicia sexa moi importante.

Os cambios no emprego

Anteriormente facilitouse a información sobre a evolución do emprego. Coa pandemia as caídas no emprego foron notables e creouse moito traballo en liña. Houbo Ertes. Coa recuperación, o emprego foi retornando á normalidade.

Cambios no modelo de negocio

Nos últimos anos foi cambiando a estrutura do modelo de negocio. Así, por exemplo as coproducións que realizaban empresas galegas con outras comunidades autónomas españolas practicamente desapareceron. As grandes empresas do sector realizan actualmente proxectos (cofinanciados en moitas ocasións con fondos públicos) con produtoras, canles de televisión e plataformas de fóra de Galicia. Realmente as grandes empresas do sector, por exemplo, Bambú ou Portocano, xa deron o salto e operan moito máis alá de Galicia.

Doutra banda, en Galicia séguese facendo todo tipo de contidos. Con todo, algúns decaeron, como é o caso da animación, que no seu día foi moi importante. Debeuse a que os seus custos de produción son moi altos, hai problemas de colocación nas salas e, por tanto, os riscos son elevados. Unha empresa emblemática deste segmento, Filmax, que entrou en concurso de acredores en 2010, faino desde Barcelona. Sobre animación en Galicia fanse algunhas cousas para a canle Clan.

Unha cuestión importante foi o cambio continuo dos formatos e da distribución. O exemplo crave é o DVD. Foi unha aposta moi forte hai uns anos pero o seu período de vida foi moi efémero.

No Clúster hai actividades moi diversas e cunha relevancia e casuística moi diferente. Así, por exemplo, o mundo da publicidade en Galicia é menos relevante que os sectores citados anteriormente.

Momento actual

O conflito de Ucraína non provocou cambios significativos no sector. Como xa se puxo de manifesto, actualmente a situación deste sector mellorou sensiblemente con respecto aos períodos máis duros da pandemia. A aceleración da inflación dos últimos meses orixinará subidas salariais e incrementos nos custos de produción, pero aínda así, as expectativas seguen sendo optimistas.

Capítulo 5 . O comercio externo galego na pandemia

5.1. Que variou nos trazos xerais do comercio?

Como cabería agardar ante as restricións impostas, as relacións das empresas galegas co estranxeiro resentíronse notablemente en 2020. Segundo os datos achegados pola Dirección Xeral de Comercio, as exportacións nese ano caeron, en termos monetarios, un 5,9 %, mentres que as importacións o fixeron nun 15,8%. Nun contexto de estabilidade de prezos, esta evolución suxire que a pesar dunha situación mundial de emerxencia, o fluxo exportador galego logrou manterse e os seus resultados foron mellores aos alcanzados polo conxunto do Estado. Ao resentirse máis o fluxo importador, cuxa traxectoria foi moi similar á de España, o saldo comercial incrementouse notablemente, un 78,8%. Este saldo tradicionalmente é positivo, o que contrasta co habitual elevado déficit do comercio español.

Nun escenario diferente, ante unha economía mundial que esperta tras o shock de marzo de 2020, os resultados galegos en 2021 son os mellores dos últimos anos, xa que non só recuperan o perdido en 2020, senón que superan en termos monetarios, en especial nas exportacións, os alcanzados en 2019. Neste ano a evolución de ambos fluxos foi similar cun crecemento no valor do comercializado en torno ao 20% e cun incremento dos prezos do 7% nas exportacións e dun 4,3% nas importacións. Esta evolución fai que o saldo comercial presente un maior superávit. A recuperación do comercio galego en 2021 está na mesma liña que a que se observa na do conxunto do Estado.

A intensa aceleración dos prezos elevou sensiblemente o valor monetario do comercio galego no primeiro semestre de 2022, aínda que os resultados en termos reais seguen mostrando a vitalidade do mesmo, se ben dado que as importacións crecen máis que as exportacións, produciuse unha deterioración no saldo da balanza comercial. Esta traxectoria segue sendo similar á de España, aínda que neste caso o déficit comercial alcanzado neste semestre xa supera ao de 2021 e inclusive ao de 2019.

Os índices que permiten analizar a traxectoria do comercio externo suxírennos as transformacións observadas na pandemia e aquelas que xurdiron tras os primeiros meses de crise sanitaria. Así, ante o maior descenso das importacións, en 2020 a taxa de cobertura, como cabería agardar, aumentou sensiblemente nunha economía galega non tan aberta ao estranxeiro como en 2019. O freo no comercio internacional supuxo que na economía galega tivera un maior peso o mercado español. Esta menor apertura explicábase polo lado das importacións xa que o peso das exportacións no PIB galego aumentou con respecto a 2019.

Os indicadores dispoñibles móstrannos que os cambios que experimentou o comercio en 2020 foron transitorios en canto resentíase a distribución na economía mundial. Sen embargo, a información dispoñible de 2021 e 2022 mostra unha traxectoria que, de manterse, implicarían modificacións de calado na estrutura económica de Galicia. Así, a saída da crise sanitaria e ante a situación provocada na economía mundial polo conflito bélico no leste de Europa, a posición de Galicia é a dunha comunidade autónoma máis aberta ao exterior. En 2021, o grao de apertura (o peso da suma das exportacións máis as importacións no PIB), era do 72%, seis puntos máis que en 2019. As exportacións xa representaban o 40% do PIB galego, cifra obxectivo nos plans estratéxicos da administración autonómica para 2020 e que antes da pandemia parecía inalcanzable.

O maior crecemento do comercio estranxeiro galego con respecto ao español consolídase cos resultados do primeiro semestre de 2022, período no que, aínda que o valor das exportacións e importacións aproxímanse e, de feito, a taxa de cobertura deste semestre é case a mesma que a de 2019, o valor do grao de apertura sobe e o peso das exportacións sobre o PIB chega ao 42,8%, cifra impensable en 2019. Esta mesma traxectoria obsérvase no conxunto da economía española, aínda que, ante a diferente dimensión de ambas, os valores do grao de apertura son sensiblemente máis baixos. Cabe subliñar como unha importante diferenza que, mentres no caso español, foi o crecemento observado no valor do importado o que condiciona esa maior apertura, no caso galego son tanto as exportacións como as importacións.

O cadro 30 resume a traxectoria do comercio externo galego e os valores dos índices máis habituais para a súa análise. Hase de indicar que en todos os cadros deste apartado os datos de 2021 e 2022 son provisionais.

Cadro 30

Valores e indicadores xerais do comercio externo galego e español

Millóns de euros

	2018	2019	2020	2021	2021 IS	2022 IS
Galicia						
Total Exportacións	22.195,6	22.258,1	20.953,5	25.269,6	11.333,0	14.406,2
Total Importacións	19.201,8	19.919,5	16.771,7	20.115,6	9.434,7	12.885,2
Saldo comercial	2.993,8	2.338,7	4.181,8	5.154,0	1.898,3	1.521,0
Taxa de cobertura (%)	115,6	111,7	124,9	125,6	120,1	111,8
Grado de apertura	0,67	0,66	0,64	0,72	0,67	0,81
% Exportacións no PIB	35,72	34,96	35,77	40,03	36,78	42,75
España						
Total Exportacións	285.260,5	290.892,8	263.628,3	316.609,2	152.961,0	190.919,0
Total Importacións	319.647,3	322.436,9	276.925,1	342.787,1	158.358,3	222.882,2
Saldo comercial	-34.386,8	-31.544,1	-13.296,9	-26.177,9	-5.397,3	-31.963,2
Taxa de cobertura (%)	89,2	90,2	95,2	92,4	96,6	85,7
Grado de apertura	0,50	0,49	0,48	0,55	0,54	0,65
% Exportacións no PIB	23,71	23,38	23,50	26,27	26,35	29,91

Fonte: DataComex. Ministerio de Industria, Comercio y Turismo e Contabilidad Regional de España. Base 2015. INE.

En suma, tras a pandemia a economía galega está máis aberta o exterior cunha evolución do comercio no que, a pesar da diferente e intensa evolución dos prezos, mantén o superávit comercial.

Un trazo estrutural do comercio externo galego é o seu elevado grao de concentración en determinados sectores e capítulos arancelarios. Aínda que, cos resultados do período 2020-2022 está situación persiste, é posible que se xere, sobre todo no fluxo importador, unha alteración nos valores tradicionais. A utilización no cadro 31 dun índice habitual nas medicións do grao de concentración e, por tanto, do poder de mercado, de empresas oligopolistas, permítenos concluír que polo lado das exportacións produciuse unha maior concentración en 2020 con respecto a 2019, seguramente debido ao sector da automoción, pero a tendencia nos dous anos seguintes é a dunha maior diversificación dos mercados, o cal é significativo nunha estrutura de comercio concentrada en moi poucos sectores. Sen embargo, está evolución podería non consolidarse nos resultados dos próximos exercicios xa que os do primeiro semestre de 2020 non se afastan moito dos alcanzados en 2019.

Con todo, nas importacións este proceso de diversificación acentuouse, mesmo en 2020. A pesar do espectacular incremento dos prezos dos combustibles (partida importante no fluxo

importador) os valores dos índices móstrannos unha estrutura máis diversificada froito, seguramente, da evolución da automoción e da confección de pezas de vestir.

Cadros 31 e 32

Valores de dous índices que caracterizan trazos estruturais do comercio

Concentración

	Exportacións	Importacións
2019	31,03	35,92
2020	36,44	35,24
2021	33,38	33,98
2022 1S	30,07	31,21

10,1 - comercio totalmente desconcentrado; 100 - comercio totalmente concentrado

Peso do comercio intraindustrial

	(en %)
2019	71,62
2020	70,96
2021	69,80
2022 1S	72,95

Fonte: Elaboración propia

Outro trazo característico do comercio externo galego é o seu carácter intraindustrial, entendido este como que nos dous lados o comercio adóitanse concentrar nos mesmos sectores ou capítulos arancelarios. Realizando un exercicio con estes últimos, os resultados non mostran cambios significativos. Mentres en 2020 e 2021 o peso do comercio intraindustrial caeu lixeiramente (o que significa un aumento no comercio interindustrial), cos datos dispoñibles de 2022 obsérvase un incremento que podería obedecer a factores conxunturais.

5.2. Que pasou coa estrutura de prezos?

Tras un longo período de estabilidade nos prezos, as tensións inflacionistas existentes a partir de 2021 alteraron significativamente calquera estudo que se realice en termos monetarios. Os resultados en volume móstrannos, en todo caso, unha traxectoria similar á que se obtén cos valores monetarios, pero coa particularidade de que, utilizando o variable volume, as variacións das mercadorías de maior peso condicionan as taxas de variación alcanzadas. En suma, o comercio en termos físicos aumentou en 2021 e aínda máis o fixo no primeiro semestre de 2022.

Cadros 33 e 34

Taxa de variación

	VOLUME		
	2020	2021	2022 IS
Exportación	-4,3	4,9	12,7
Importación	-22,7	5,9	19,2

	VALOR MONETARIO		
	2020	2021	2022 IS
Exportación	-5,9	20,6	27,1
Importación	-15,8	19,9	36,6

Fonte: Elaboración propia

Os índices de valor unitario elaborados polo IGE permítenos observar a diferente variación nos prezos dos produtos que se intercambian. A apatía no comercio mundial observada en 2020 levou a un descenso nos índices de prezos de ambos fluxos e no referente a Galicia no valor do importado. Por tanto, en 2020 apréciase que mentres desde Galicia vendíase a prezos similares aos de 2019, as compras abaratarónse. Esta afirmación, que obviamente se desprende do índice

total, cabe matizala se se observa o comportamento do índice de valor unitario nos diferentes sectores. En exportacións son as vendas de madeira e mobles e a fabricación de material eléctrico onde máis caeron os prezos e, pola contra, xa en 2020 os prezos aceleráronse no sector de bebidas e nos produtos de caucho e plástico. Nas importacións a caída foi máis intensa e afectou a un gran número de sectores. Tanto en 2021, como sobre todo en 2022, a escalada dos prezos foi bastante xeneralizada aínda que as excepcións son en Galicia relevantes. Así, no cadro 35 apréciase a estabilización dos prezos nun dos sectores do comercio máis importante, a automoción. Pola contra, a subida no prezo dos combustibles minerais, tanto no petróleo en bruto (predominante en importacións) como no refino son, como se aprecia no cadro 35, espectaculares. Así, en xuño de 2022 o prezo unitario do exportado de produto refinado era case o dobre que 12 meses antes. Os aumentos de dous díxitos producíronse en todos os sectores na súa exportación sendo tamén moi intensa a variación dos prezos na metalurxia e na industria do papel. Os sectores máis inflacionistas en exportacións tamén o son nas importacións. Cabe subliñar neste último punto a diferenza entre os produtos do sector primario exportados e importados, xa que mentres os prezos, sobre todo en 2020, descendieron nas exportacións, o seu crecemento acelerouse nas importacións.

Cadro 35

Taxas de variación dos prezos por actividades do comercio externo galego (índices de valor unitario)

	EXPORTACIÓNS				IMPORTACIÓNS			
	2019	2020	2021	Xuño 2022/2021	2019	2020	2021	Xuño 2022/2021
Índice total	1,6	-0,2	7,0	18,7	-2,3	-4,7	4,3	20,8
Agricultura, gandería, caza e servizos relacionados con elas	-1,4	-1,6	-2,7	-28,3	-8,4	-6,1	-0,5	13,9
Silvicultura e explotación forestal					15,0	-9,3	-23,7	-16,9
Extracción de antracita, hulla e lignito					-13,4	-4,9	17,2	47,1
Extracción de cru de petróleo e gas natural					-6,2	-15,2	27,8	79,0
Extracción de minerais metálicos					10,2	-6,0	-2,8	43,3
Outras industrias extractivas	6,7	-4,5	-0,5	-3,4	-2,8	6,4	4,3	23,7
Industria da alimentación	0,9	0,3	6,3	17,4	-0,3	-1,3	10,8	20,1
Fabricación de bebidas	3,9	8,8	3,0	12,3				
Industria téxtil	-9,9	0,7	-3,3	10,8	-2,6	4,1	-6,2	8,0
Confección de roupa de vestir	2,5	-1,9	5,4	22,9	-3,0	-5,6	3,1	13,8
Industria do coiro e do calzado	2,3	1,6	15,7	10,5	-13,2	-3,5	-1,8	21,6
Industria da madeira e da cortiza, agás mobles; cestería e espartaría	-8,6	-11,8	15,5	20,7	-1,3	-7,0	43,3	0,4
Industria do papel	-8,8	-7,1	12,9	36,4	-0,1	-3,5	5,4	3,7
Coquerías e refinación de petróleo	1,5	-8,0	27,4	97,6	-3,4	-17,5	-24,1	45,8
Industria química	-2,3	1,2	12,6	25,9	-5,9	-15,2	10,6	28,0
Fabricación de produtos farmacéuticos					-23,6	-25,5	-15,3	-16,1
Fabricación de produtos de caucho e plásticos	-13,4	6,1	-3,6	9,8	-19,9	6,0	6,3	14,7
Fabricación doutros produtos minerais non metálicos	-2,3	1,9	8,8	24,6	-7,6	4,0	13,2	-14,5
Metalurxia; fabricación de produtos de ferro, aceiro e ferroalixes	2,1	-3,9	32,2	45,8	-4,2	-8,7	37,7	40,6
Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipamento	8,3	3,0	2,8	21,7	11,2	12,8	1,2	12,1
Fabricación de material e equipamento eléctrico	10,5	-21,0	-7,6	29,2	-0,3	1,8	1,5	14,4
Fabricación de maquinaria e equipamento n.c.n.					-1,3	-3,2	0,7	4,1
Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques	7,2	6,9	2,8	-4,8	0,0	0,0	-5,1	-1,3
Fabricación de mobles	3,5	-21,0	8,7	10,8	8,2	3,5	4,8	19,8

Fonte: DataComex. Ministerio de Industria, Comercio e Turismo

Este cambio na estrutura de prezos con variacións desiguais nos diferentes sectores modifica, obviamente, a estrutura de prezos relativos e complica as relacións comerciais ante unha inflación moi xeneralizada e que expórtase dun territorio a outro. Por tanto, tras a pandemia e ante un cambio nos prezos relativos intúese unha reconfiguración do comercio ante a carestía duns produtos básicos moi difíciles de substituír

5.3. Como se modificou a estrutura do comercio por sectores?

Na clasificación da estrutura do comercio seguindo as divisións da CNAE-2009 obsérvase con nitidez tanto a concentración existente como o elevado grao intraindustrial. En canto ao valor

do exportado, en 2019 tan só tres divisións (alimentación, confección de pezas de vestir e fabricación de vehículos de motor) superaban o 10% do peso total. A seguinte, coquerías e refino de petróleo, xa só alcanzaba o 5,8%.

No primeiro ano de pandemia, os dous cambios máis relevantes prodúcense na confección de pezas de vestir e na venda de automóviles. En canto a este último, certamente e a pesar dos problemas que puidesen ocasionar a falta de subministracións e os peches puntuais da factoría de Stellantis en Vigo, apréciase un incremento do 32,2% no valor do comercializado. Estes resultados son moi diferentes aos do conxunto de España. Obsérvase unha elevada saída de vehículos destinados, sobre todo, ás plataformas loxísticas francesas. Pola contra, a traxectoria da división de confección de pezas de vestir foi a contraria. O freo no comercio apréciase nas operacións realizadas en Galicia (o groso son as de Inditex) que nese ano dirixíronse maioritariamente a Polonia. No cadro 36 obsérvase que a subida en case 10 puntos do peso relativo da automoción reduce o peso dos outros sectores máis relevantes, salvo a alimentación, actividade na que tamén se aprecia unha estabilización do comercio no seu sector máis significativo, o procesado e conservación de peixe. A pandemia non freou este comercio.

En 2021, xa nunha dinámica diferente dos prezos, a estrutura das exportacións por divisións aseméllase máis á de 2019. Tras o brusco incremento das vendas en automoción, o sector estabilízase nos valores de 2020 mentres que se recuperou o comercio na confección de pezas de vestir. A evolución dos prezos en combustibles e materias primas, ao elevar o peso relativo do refino de petróleo e da metalurxia, motiva unha redución no doutros sectores relevantes como é o caso da alimentación, que crescendo un 11,1% reduce nun punto o seu peso relativo. No cadro 36 obsérvase que coa recuperación do comercio e os cambios de prezos as variacións son moi bruscas con respecto a 2020, aínda que iso non impide que a estrutura se manteña en liña á seguida nos últimos anos.

Finalmente, o máis significativo do fluxo exportador no primeiro semestre de 2022 foi, por unha banda, a evolución de refino de petróleo que ante o espectacular crecemento do seu valor xa duplica o peso relativo alcanzado en 2021. Por outro, constátase un notable descenso na venda de automóviles ante os problemas observados no seu transporte. Con cifras récords de produción, a pesar das carencias nas subministracións de microchips, os automóviles amontóanse nos almacéns de Vigo e a súa área metropolitana pola saturación dos portos de destino, a caída do tráfico marítimo internacional e os problemas de loxística.

Os cambios observados no inicio da pandemia na estrutura das importacións non foron tan marcados como nas exportacións. Nun contexto de descensos xeneralizados (a taxa de variación interanual en case todos os sectores é negativa), o máis significativo foi o freo nas compras de petróleo e no sector da confección. Iso motivou que o liderado de vehículos de motor e alimentación sexa aínda máis significativo. De feito, son as dúas únicas divisións nas que o seu peso relativo excede nese ano o 10%.

Cadro 36

Distribución porcentual do valor do comercializado

	EXPORTACIÓNS				IMPORTACIÓNS			
	2019	2020	2021	2022 1S	2019	2020	2021	2022 1S
Total	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0
01 Agricultura, gandería, caza e servizos relacionados con elas	1,0	1,0	0,8	0,7	1,6	1,6	1,7	2,0
02 Silvicultura e explotación forestal	0,4	0,4	0,3	0,4	0,1	0,1	0,1	0,1
03 Pesca e acuicultura	0,8	0,7	0,8	0,8	1,3	1,4	1,4	0,9
B Industrias extractivas	0,6	0,6	0,5	0,7	14,6	7,6	11,0	15,9
10 Industria da alimentación	12,0	12,8	11,8	11,9	15,3	17,7	16,8	16,2
11 Fabricación de bebidas	0,3	0,3	0,3	0,4	0,1	0,1	0,1	0,2
12 Industria do tabaco	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0
13 Industria téxtil	2,6	2,2	2,6	2,9	2,7	3,1	2,9	3,2
14 Confección de roupa de vestir	24,0	18,9	20,1	17,9	7,6	7,1	6,7	8,2
15 Industria do coiro e do calzado	2,6	2,1	1,9	1,8	1,1	0,9	0,8	0,8
16 Industria da madeira e da cortiza, agás mobles; cestería e espartaría	1,8	1,8	2,1	1,8	0,6	0,6	0,7	0,6
17 Industria do papel	1,4	1,2	1,3	1,4	1,1	1,3	1,1	1,0
18 Artes gráficas e reprodución de soportes gravados	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0
19 Coquerías e refinación de petróleo	5,8	3,5	5,1	10,1	2,3	1,8	2,9	3,3
20 Industria química	3,7	3,4	3,5	3,9	3,6	3,7	4,0	5,3
21 Fabricación de produtos farmacéuticos	0,2	0,2	0,2	0,3	0,2	0,4	0,3	0,2
22 Fabricación de produtos de caucho e plásticos	1,3	1,5	1,4	1,3	1,4	1,6	1,4	1,2
23 Fabricación doutros produtos minerais non metálicos	2,1	2,2	2,0	1,9	0,5	0,5	0,5	0,5
24 Metalurxia; fabricación de produtos de ferro, aceiro e ferroalixes	4,9	4,4	5,8	6,5	5,8	6,8	7,0	8,0
25 Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipamento	1,5	1,5	1,4	2,0	1,9	1,9	1,8	1,8
26 Fabricación de produtos informáticos, electrónicos e ópticos	0,6	0,5	0,6	0,5	1,0	1,5	1,5	0,8
27 Fabricación de material e equipamento eléctrico	2,9	1,7	1,6	1,4	1,7	3,3	3,1	2,5
28 Fabricación de maquinaria e equipamento n.c.n	2,7	2,6	2,2	2,5	3,9	3,7	3,6	3,5
29 Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques	22,8	32,2	27,9	22,3	29,5	30,9	27,8	20,2
30 Fabricación doutro material de transporte	1,2	1,6	2,3	0,2	0,3	0,2	0,2	0,2
31 Fabricación de mobles	0,9	0,6	0,7	0,6	0,8	1,1	0,9	0,3
32 Outras industrias manufactureiras	0,4	0,4	0,5	0,5	0,4	0,6	0,5	0,5
Resto	1,7	1,7	2,1	5,3	0,9	0,8	1,1	2,8

Taxas de variación do valor do comercializado

	EXPORTACIÓNS				IMPORTACIÓNS			
	2019	2020	2021	2022 1S	2019	2020	2021	2022 1S
Total	0,3	-5,9	20,6	21,3	3,7	-15,8	19,9	36,6
01 Agricultura, gandería, caza e servizos relacionados con elas	19,3	-6,2	-0,5	4,6	17,7	-11,0	23,3	74,8
02 Silvicultura e explotación forestal	13,5	3,8	-6,5	17,0	35,8	-14,5	22,2	9,9
03 Pesca e acuicultura	-6,8	-17,0	50,1	31,2	2,6	-6,9	13,2	6,5
B Industrias extractivas	-37,9	-4,7	14,8	47,8	-5,0	-56,3	74,0	129,4
10 Industria da alimentación	0,9	1,0	11,1	18,4	-5,3	-2,4	13,8	44,5
11 Fabricación de bebidas	12,4	1,8	20,0	12,9	-12,4	-2,4	25,0	33,8
12 Industria do tabaco	-8,4	-5,6	1,8	1,2	3773,2	-97,5	1560,8	-70,1
13 Industria téxtil	10,4	-19,8	44,4	32,5	19,6	-3,8	14,7	72,4
14 Confección de roupa de vestir	4,0	-25,6	28,3	35,1	12,5	-20,7	12,5	97,0
15 Industria do coiro e do calzado	3,6	-26,2	9,3	27,3	48,4	-31,3	12,2	37,5
16 Industria da madeira e da cortiza, agás mobles; cestería e espartaría	-0,8	-7,8	41,6	6,7	-7,3	-8,2	46,7	26,3
17 Industria do papel	-11,4	-22,7	30,5	30,1	7,9	-3,9	7,0	10,5
18 Artes gráficas e reprodución de soportes gravados	-8,0	-14,0	32,3	19,9	-53,9	-1,0	62,6	-3,7
19 Coquerías e refinación de petróleo	-17,3	-42,8	75,4	71,8	-3,3	-33,5	91,6	90,7
20 Industria química	2,9	-14,9	27,3	37,3	12,0	-13,6	30,8	89,3
21 Fabricación de produtos farmacéuticos	14,3	-11,0	31,0	45,7	-15,1	56,9	17,4	-31,6
22 Fabricación de produtos de caucho e plásticos	2,8	9,5	13,3	11,5	-16,4	-8,1	10,6	9,9
23 Fabricación doutros produtos minerais non metálicos	-4,5	-4,3	12,0	8,9	19,5	-15,5	24,8	28,5
24 Metalurxia; fabricación de produtos de ferro, aceiro e ferroalixes	-9,1	-14,1	58,2	24,7	-0,8	-1,7	23,4	72,4
25 Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipamento	0,5	-5,2	10,0	38,8	15,7	-16,0	14,5	31,1
26 Fabricación de produtos informáticos, electrónicos e ópticos	-11,0	-9,1	23,8	17,9	4,6	21,7	22,5	-23,9
27 Fabricación de material e equipamento eléctrico	-18,0	-45,7	16,4	-4,1	15,9	63,5	13,0	2,5
28 Fabricación de maquinaria e equipamento n.c.n	10,8	-8,7	2,2	26,8	21,3	-20,4	15,6	22,6
29 Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques	2,9	32,8	4,5	-15,8	7,8	-11,7	7,8	-16,4
30 Fabricación doutro material de transporte	119,4	31,9	66,9	-1.577,5	-38,4	-45,3	6,8	64,4
31 Fabricación de mobles	1,4	-36,9	51,7	7,9	13,4	20,9	5,2	-63,3
32 Outras industrias manufactureiras	24,1	-15,7	36,1	36,3	14,7	11,4	13,3	27,6
Resto	-2,4	-2,2	46,2	69,2	-7,3	-24,5	69,2	227,8

Fonte: Elaboración propia a partir de DataComex. Ministerio de Industria, Comercio e Turismo.

En 2021, a estrutura das importacións cambia significativamente con respecto a 2020, situación que se fai máis patente nos resultados do primeiro semestre de 2022 ante o brusco incremento do valor dos combustibles motivado pola variación nos prezos (as importacións de industrias extractivas crecen un 74% en 2021 e, tras ese incremento, a taxa de 2022 sitúase en nada menos que no 129,4%), dos produtos de metalurxia e da confección de pezas de vestir, división cuxo peso relativo no primeiro semestre de 2022 xa superaba ao de 2019 debido ao inusual

incremento dun 97%. De entre os sectores significativos tamén foi moi inflacionista a importación de alimentos.

Se comparamos a estrutura das importacións no seis primeiros meses de 2020 con respecto á de 2019, o gran cambio prodúcese no peso relativo do sector da automoción. Ese peso foi 9,3 puntos inferior debido a unha menor provisión de compoñentes. Ante esa perda beneficianse os restantes sectores máis significativos, os cales adquiren en 2022 maior importancia que en 2019. O maior incremento obsérvase na metalurxia.

Cadro 37

Distribución porcentual do valor do comercializado

	EXPORTACIÓNS					IMPORTACIÓNS			
	2019	2020	2021	2022 1S		2019	2020	2021	2022 1S
87 VEHÍCULOS AUTOMÓVILES; TRACTOR	22,7	32,2	27,9	22,4	87 VEHÍCULOS AUTOMÓVILES; TRACTOR	28,8	30,2	27,2	19,7
62 PEZAS DE VESTIR, NON DE PUNTO	14,6	10,6	11,4	11,6	27 COMBUSTIBLES, ACEITES MINERAIS	15,7	8,3	13,1	18,9
61 PEZAS DE VESTIR, DE PUNTO	9,0	8,1	8,6	7,2	03 PEIXE, CRUSTÁCEOS E MOLUSCOS	10,8	11,8	11,3	9,8
03 PEIXES, CRUSTÁCEOS, MOLUSCOS	6,5	5,9	6,3	6,2	72 FUNDICIÓN, FERRO E ACEIRO	3,7	3,9	4,8	4,9
27 COMBUSTIBLES, ACEITES MINERAIS	6,6	3,7	5,4	10,4	85 APARATOS E MATERIAL ELÉCTRICO	2,9	4,6	4,3	3,6
16 CONSERVAS DE CARNE OU PESCADO	3,3	4,2	3,3	3,1	84 MÁQUINAS E APARATOS MECÁNICOS	4,2	4,0	3,9	3,8
76 ALUMINIO AS SUAS MANUFACTURAS	2,6	2,4	3,1	3,9	61 PEZAS DE VESTIR, DE PUNTO	3,0	4,1	3,4	4,0
72 FUNDICIÓN, FERRO E ACEIRO	2,0	2,0	2,8	2,1	62 PEZAS DE VESTIR, NON DE PUNTO	4,5	3,0	3,2	4,7
84 MÁQUINAS E APARATOS MECÁNICOS	2,9	2,8	2,4	2,7	16 CONSERVAS DE CARNE OU PEIXE	3,1	3,4	2,8	2,9
44 MADEIRA E AS SUAS MANUFACTURAS	2,1	2,1	2,3	2,6	76 ALUMINIO E AS SUAS MANUFACTURAS	2,4	3,2	2,6	3,3
TOTAL10 CAPÍTULOS	72,3	74,0	73,4	72,2	TOTAL10 CAPÍTULOS	79,0	76,6	76,8	75,6
TOTAL	100,0	100,0	100,0	100,0	TOTAL	100,0	100,0	100,0	100,0

Taxas de variación do valor do comercializado

	EXPORTACIÓNS					IMPORTACIÓNS			
	2019	2020	2021	2022 1S		2019	2020	2021	2022 1S
87 VEHÍCULOS AUTOMÓVILES; TRACTOR	2,4	33,5	4,4	-13,5	87 VEHÍCULOS AUTOMÓVILES; TRACTOR	6,6	-11,6	8,0	-16,8
62 PEZAS DE VESTIR, NON DE PUNTO	1,5	-31,9	29,5	70,6	27 COMBUSTIBLES, ACEITES MINERAIS	-6,2	-55,3	89,5	130,8
61 PEZAS DE VESTIR, DE PUNTO	8,4	-15,3	27,5	51,0	03 PEIXES, CRUSTÁCEOS, MOLUSCOS	-5,5	-7,8	14,6	35,1
03 PEIXES, CRUSTÁCEOS, MOLUSCOS	-1,6	-14,3	29,2	29,2	72 FUNDICIÓN, FERRO E ACEIRO	-5,8	-12,7	50,6	40,0
27 COMBUSTIBLES, ACEITES MINERAIS	-19,0	-47,1	75,6	237,2	85 APARATOS E MATERIAL ELÉCTRICO	22,9	35,5	11,2	5,9
16 CONSERVAS DE CARNE OU PEIXE	-1,9	20,5	-5,7	8,8	84 MÁQUINAS E APARATOS MECÁNICOS	20,8	-19,4	18,6	21,5
76 ALUMINIO E AS SUAS MANUFACTURAS	-6,8	-12,3	56,8	41,0	61 PEZAS DE VESTIR, DE PUNTO	26,9	14,4	-0,2	80,2
72 FUNDICIÓN, FERRO E ACEIRO	-18,0	-7,3	68,0	-1,8	62 PEZAS DE VESTIR, NON DE PUNTO	5,3	-44,4	30,4	142,2
84 MÁQUINAS E APARELLOS MECÁNICOS	9,7	-8,4	0,8	40,2	16 CONSERVAS DE CARNE OU PEIXE	-0,8	-5,9	-1,7	23,9
44 MADEIRA E AS SUAS MANUFACTURAS	1,1	-5,7	32,2	38,1	76 ALUMINIO E AS SUAS MANUFACTURAS	6,6	13,3	-2,8	125,3
TOTAL10 CAPÍTULOS	-0,9	-3,7	19,6	26,9	TOTAL10 CAPÍTULOS	2,8	-18,4	20,3	32,4
TOTAL	0,3	-5,9	20,6	27,1	TOTAL	3,7	-15,8	19,9	36,6

Fonte: Elaboración propia a partir de DataComex. Ministerio de Industria, Comercio e Turismo.

Os resultados publicados do comercio por capítulos arancelarios nos permite unha visión alternativa, pero máis concreta en canto o tipo de produto comercializado, que a clasificación que xorde da CNAE-2009. Nos cadros que se presentan obsérvase que 10 capítulos arancelarios absorben, antes e despois da pandemia, máis do 70% do total do comercio tanto en exportacións como importacións. Ademais, destes 10 capítulos, 9 son os mesmos en ambos os fluxos de comercio. Iso dá unha visión descritiva do que indicaban os dous índices analizados anteriormente, a concentración e o alto grao de comercio intraindustrial.

No primeiro ano de crise sanitaria obsérvase como aumenta, en exportacións, o peso relativo dos produtos da automoción en case 10 puntos grazas ao forte incremento do seu comercio e á conta da parálise da confección de pezas de vestir, a pesca e os combustibles minerais. Esta estrutura, que se vai diluíndo en 2021 tras un parón nas vendas de automoción (tamén en conservas de peixe) e a recuperación do comercio de confección e de combustibles, preséntase diferente no primeiro semestre de 2022, ante a subida na factura dos combustibles e un novo incremento na confección. Iso á conta dun sector da automoción no que as exportacións, polos motivos antes indicados, caen un 13,5% e aínda así mantén o liderado, nun contexto de incremento de máis de dous díxitos nos outros sectores cunha maior importancia no comercio galego.

A traxectoria das importacións é moi similar, sube en 2020 o peso relativo da automoción, a pesar dunha caída na facturación, debido ao descenso nun 55,3% do valor das importacións de combustible, situación que se altera en 2021 e, sobre todo, no primeiro semestre 2022 ante o crecemento dun 130,8% do valor monetario dos combustibles que se contrapón a unha caída do 16,8% na factura da automoción, sendo este grupo de bens, que a pesar diso manteñen o liderado no ranking galego, o único que presenta taxas negativas neste período no que a práctica totalidade experimenta crecementsos de dous ou tres díxitos. O menor incremento obsérvase en aparellos e material eléctricos cun 5,9%.

5.4. Variou a distribución territorial?

Cadro 38

Evolución do comercio exterior en Galicia e España. Totais (millóns de euros)

	Exportacións					Importacións				
	2018	2019	2020	2021	2022IS	2018	2019	2020	2021	2022IS
Galicia										
Zona Euro	13.905,7	13.789,3	13.193,0	15.596,8	9.065,6	9.420,9	9.796,9	8.643,4	9.773,3	5.712,6
Resto UE-27	1.681,8	1.851,0	1.838,5	2.252,4	1.230,9	554,1	555,1	512,8	644,4	458,0
Resto de Europa	2.387,3	2.340,6	2.344,9	2.528,3	1.356,2	1.343,2	1.640,7	1.327,0	1.455,4	811,0
África	1.084,5	1.183,6	998,8	1.486,6	839,7	2.653,9	2.758,5	1.802,4	2.218,1	1.438,9
América	1.827,8	1.735,6	1.226,3	1.764,5	1.015,4	2.712,7	2.639,0	2.112,4	3.279,0	2.451,3
Asia	1.045,8	1.120,7	882,6	1.077,2	718,5	2.369,5	2.384,0	2.243,3	2.581,8	1.871,2
Oceanía	39,1	32,4	273,5	330,5	24,3	115,4	103,9	93,0	97,4	59,0
Sen determinar	223,6	204,8	195,8	233,1	155,6	32,1	41,3	37,5	66,1	83,4
Total	22.195,6	22.258,1	20.953,5	25.269,6	14.406,2	19.201,8	19.919,5	16.771,7	20.115,6	12.885,2
España										
Zona Euro	147.759,3	150.358,5	140.821,2	172.557,5	104.547,9	139.094,8	137.906,2	121.937,2	145.387,9	84.368,8
Resto UE-27	17.899,9	18.803,2	17.500,5	20.726,8	12.198,7	19.819,7	20.472,3	19.056,7	21.669,2	13.560,3
Resto de Europa	34.556,0	36.319,9	32.872,8	37.321,5	21.896,6	30.116,0	31.184,6	25.741,9	35.498,9	21.343,7
África	18.554,4	18.571,5	15.613,6	18.501,8	11.036,0	27.724,1	27.297,1	19.037,9	27.845,3	21.693,6
América	30.405,3	31.273,2	25.996,3	31.827,5	19.609,6	33.636,8	33.725,4	29.280,8	36.785,4	31.020,7
Asia	26.114,4	26.676,9	24.954,6	28.334,8	15.423,8	66.140,0	67.240,1	58.058,0	70.726,2	47.906,8
Oceanía	1.915,2	1.863,9	1.789,4	1.960,9	949,4	1.036,0	783,7	633,8	958,8	708,9
Sen determinar	8.056,0	7.025,6	4.079,8	5.378,3	5.257,0	2.079,9	3.827,6	3.178,9	3.915,4	2.279,4
Total	285.260,5	290.892,8	263.628,3	316.609,2	190.919,0	319.647,3	322.436,9	276.925,1	342.787,1	222.882,2
%Galicia/España										
Zona Euro	9,4	9,2	9,4	9,0	8,7	6,8	7,1	7,1	6,7	6,8
Resto UE-27	9,4	9,8	10,5	10,9	10,1	2,8	2,7	2,7	3,0	3,4
Resto de Europa	6,9	6,4	7,1	6,8	6,2	4,5	5,3	5,2	4,1	3,8
África	5,8	6,4	6,4	8,0	7,6	9,6	10,1	9,5	8,0	6,6
América	6,0	5,5	4,7	5,5	5,2	8,1	7,8	7,2	8,9	7,9
Asia	4,0	4,2	3,5	3,8	4,7	3,6	3,5	3,9	3,7	3,9
Oceanía	2,0	1,7	15,3	16,9	2,6	11,1	13,3	14,7	10,2	8,3
Sen determinar	2,8	2,9	4,8	4,3	3,0	1,5	1,1	1,2	1,7	3,7
Total	7,8	7,7	7,9	8,0	7,5	6,0	6,2	6,1	5,9	5,8
%Galicia sobre el total										
Zona Euro	62,7	62,0	63,0	61,7	62,9	49,1	49,2	51,5	48,6	44,3
Resto UE-27	7,6	8,3	8,8	8,9	8,5	2,9	2,8	3,1	3,2	3,6
Resto de Europa	10,8	10,5	11,2	10,0	9,4	7,0	8,2	7,9	7,2	6,3
África	4,9	5,3	4,8	5,9	5,8	13,8	13,8	10,7	11,0	11,2
América	8,2	7,8	5,9	7,0	7,0	14,1	13,2	12,6	16,3	19,0
Asia	4,7	5,0	4,2	4,3	5,0	12,3	12,0	13,4	12,8	14,5
Oceanía	0,2	0,1	1,3	1,3	0,2	0,6	0,5	0,6	0,5	0,5
Sen determinar	1,0	0,9	0,9	0,9	1,1	0,2	0,2	0,2	0,3	0,6
Total	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0

Os datos de 2018 a 2020 son definitivos e os de 2021 e de xaneiro a xuño de 2022 son provisionais.

Fonte: DataComex. Ministerio de Industria, Comercio y Turismo

Acabamos de comprobar que, no tráfico de mercadorías, antes e despois da pandemia, non se detectaron cambios excesivamente significativos na estrutura exportadora galega, xa que non xurdiron novos capítulos arancelarios que substituísen aos xa existentes e estes manteñen, en liñas xerais, a súa posición. As novidades xéranas os vaivéns no sector da automoción e a recuperación en 2021 e 2022, máis debido ás tensións inflacionistas que a incrementos na contía dos bens, de dous sectores craves, confección e combustibles minerais. Por iso, aumentan o seu peso relativo sobre o total exportado. Como se pode observar nos cadros adxuntos, tampouco se aprecian cambios significativos no destino desas mercadorías. Dous de cada tres euros exportados diríxense á zona euro e iso permaneceu practicamente inalterado nos últimos anos. O comercio galego segue concentrado na súa contorna máis próxima, no que grazas á moeda común e á libre circulación de mercadorías non existen trabas burocráticas nin barreiras no seu desenvolvemento. Nese cadro 38 obsérvase que a única novidade importante foi a recuperación do comercio cos continentes non europeos en 2021 e 2022 en niveis similares aos de 2019 aínda que o seu peso relativo é moi baixo si se compara co comercio que se mantén con Europa. Doutra banda, cabe destacar que as exportacións galegas á Europa e África no contexto español teñen un peso superior ao doutras variables económicas como o PIB ou VEB. Esta situación persiste no tempo.

Doutra banda, desde hai décadas o peso da Unión Europea nas importacións galegas é moi inferior ao das exportacións. Esta asimetría suxire que mentres os nosos clientes localízanse na contorna máis próxima e iso ocorría tanto en 2019 como en 2021, os nosos provedores están máis dispersos polo cinco continentes. O peso das importacións procedentes da Zona Euro non alcanza o 50% e caeu notablemente no primeiro semestre de 2022. Pola contra, tras a pandemia apréciase un substancial aumento de provisións provenientes do continente americano, debido sobre todo a un maior comercio cos Estados Unidos (agora gran provedor de combustibles e aceites minerais) e de Arxentina, pola pesca e a industria alimentaria.

Cadro 39

Estrutura espacial do comercio exterior de Galicia. Principais países de procedencia e destino dos intercambios

Exportacións	2019		2020		2021		Xaneiro-xuño 2022		Importacións	2019		2020		2021		Xaneiro-xuño 2022	
	Millóns de euros	%	Millóns de euros	%	Millóns de euros	%	Millóns de euros	%		Millóns de euros	%	Millóns de euros	%	Millóns de euros	%	Millóns de euros	%
001 Francia	4.257,8	19,1	5.104,2	24,4	5.206,0	20,6	2.528,5	17,6	001 Francia	5.317,8	26,7	4.541,0	27,1	5.276,2	26,2	2.596,6	20,2
010 Portugal	3.261,0	14,7	2.802,0	13,4	3.249,6	12,9	1.938,7	13,5	010 Portugal	1.825,2	9,2	1.705,6	10,2	1.998,4	9,9	1.341,6	10,4
005 Italia	1.969,7	8,8	1.757,3	8,4	2.437,7	9,6	1.236,7	8,6	720 China	981,2	4,9	1.190,5	7,1	1.323,6	6,6	899,6	7,0
004 Alemaña	1.218,4	5,5	1.068,9	5,1	1.341,4	5,3	782,9	5,4	400 Estados Unidos	403,9	2,0	461,9	2,8	1.272,4	6,3	1.128,4	8,8
006 Reino Unido	1.509,5	6,8	1.347,5	6,4	1.308,0	5,2	840,8	5,8	204 Marrocos	677,8	3,4	734,5	4,4	971,0	4,8	514,6	4,0
060 Polonia	795,8	3,6	922,5	4,4	1.220,2	4,8	668,6	4,6	005 Italia	792,9	4,0	708,5	4,2	744,6	3,7	436,2	3,4
003 Países Baixos	1.108,1	5,0	765,6	3,7	1.046,8	4,1	1.065,7	7,4	004 Alemaña	745,4	3,7	713,6	4,3	668,5	3,3	376,4	2,9
204 Marrocos	745,7	3,4	622,2	3,0	1.033,5	4,1	639,2	4,4	052 Turquía	600,6	3,0	389,0	2,3	586,5	2,9	337,3	2,6
017 Bélxica	746,7	3,4	738,8	3,5	988,3	3,9	654,2	4,5	528 Arxentina	302,4	1,5	323,3	1,9	536,8	2,7	244,1	1,9
400 Estados Unidos	581,6	2,6	415,0	2,0	680,0	2,7	404,7	2,8	003 Países Baixos	322,4	1,6	319,0	1,9	447,4	2,2	407,9	3,2
052 Turquía	328,3	1,5	468,7	2,2	543,7	2,2	218,0	1,5	412 México	709,6	3,6	405,6	2,4	375,3	1,9	323,9	2,5
009 Grecia	372,5	1,7	276,6	1,3	438,3	1,7	352,7	2,4	216 Libia	843,6	4,2	123,9	0,7	340,7	1,7	220,3	1,7
800 Australia	26,6	0,1	268,0	1,3	299,8	1,2	21,2	0,1	075 Rusia	264,8	1,3	154,6	0,9	300,7	1,5	104,7	0,8
007 Irlanda	205,6	0,9	167,2	0,8	252,0	1,0	151,7	1,1	500 Ecuador	278,9	1,4	214,0	1,3	261,0	1,3	153,9	1,2
066 Rumania	284,9	1,3	204,1	1,0	250,4	1,0	129,7	0,9	006 Reino Unido	483,8	2,4	535,8	3,2	248,2	1,2	185,5	1,4
Resto de países	4.846,1	21,8	4.025,1	19,2	4.973,9	19,7	2.773,0	19,2	Resto de países	5.369,2	27,0	4.250,9	25,3	4.764,1	23,7	3.614,3	28,0
Total	22.258,1	100,0	20.953,5	100,0	25.269,6	100,0	14.406,2	100,0	Total	19.919,5	100,0	16.771,7	100,0	20.115,6	100,0	12.885,2	100,0

Fonte: DataComex. Ministerio de Industria, Comercio y Turismo

Se descendemos ao comercio polos países máis importantes, Francia e Portugal seguen manténdose, do mesmo xeito que na década anterior, como os principais lugares de orixe e destino das exportacións e importacións, aínda que no cadro 39 reflíctense varios cambios relevantes en canto aos nosos provedores. O freo na automoción reduciu o comercio co mercado francés, mentres que a partir de 2020 intensificouse con China, pero sobre todo cos Estados Unidos. Este país pasa a ocupar o terceiro lugar no primeiro semestre de 2022 no ranking galego desprazando ao país asiático. Sen embargo, a dependencia das importacións galegas co mercado chinés segue sendo importante como tamén o é o comercio con Marrocos, país co que, a diferenza de China, mantense tamén un intenso fluxo exportador.

Nas importacións, México e Libia ocupaban un lugar preeminente no ranking galego en 2019 e a contía do comercio cae espectacularmente a partir de 2020. O continuo cambio nos provedores de combustibles minerais explica esta variación tan elevada.

Dous países tradicionalmente provedores de Galicia foron Reino Unido e Rusia. A saída do primeiro da Unión Europea non parece que minguase demasiado as súas compras con Galicia. En 2021 mantíñase no quinto lugar do ranking galego, situación na que permanecía no primeiro semestre de 2022. O fluxo exportador, basicamente automóbiles, non pareceu modificarse ante a nova situación provocada polo Brexit. Pola contra, as importacións son, conforme transcorre esta década, cada vez máis escasas, de tal modo que en 2021 ocupaba o lugar 15 no ranking galego, lonxe das posicións habituais na década anterior. Débese destacar que o valor do importado en 2021 era aproximadamente a metade do de 2020. Existe unha gran asimetría nos dous fluxos de comercio cun saldo comercial moi favorable a Galicia. En canto a Rusia, a provisión de combustibles minerais acaparaba tradicionalmente as importacións con cifras importantes até 2013 para logo decaer ao contar con outros provedores. Este comercio de combustible mantíñase en 2021 nos niveis de 2019 e esta tendencia non cambiou en 2022. Pola contra, as exportacións dirixidas a Rusia, xa moi escasas en 2019 apenas existiron en 2022 e só destaca a venda de fungicidas e insecticidas.

5.5. En que provincias observáronse os cambios máis significativos no comercio exterior?

O comercio externo galego concéntrase nas dúas provincias atlánticas e, como se comproba no cadro 40, os resultados de Lugo e Ourense quedan moi lonxe dos da Coruña e Pontevedra.

Cadro 40

Distribución do comercio exterior por provincias

	Exportacións								Importacións							
	2019		2020		2021		2022 1S		2019		2020		2021		2022 1S	
	Milións de euros	%	Milións de euros	%	Milións de euros	%	Milións de euros	%	Milións de euros	%	Milións de euros	%	Milións de euros	%	Milións de euros	%
A Coruña	10.989,1	49,3	8.709,4	41,6	11.457,4	45,3	7.165,1	49,7	7.992,6	40,1	5.584,8	33,3	7.858,3	39,1	6.296,3	48,9
Lugo	664,4	3,0	586,4	2,8	723,2	2,9	391,8	2,7	748,6	3,8	782,6	4,7	597,7	3,0	347,8	2,7
Ourense	884,8	4,0	769,0	3,7	1.016,4	4,0	604,7	4,2	594,6	3,0	489,5	2,9	663,9	3,3	420,1	3,3
Pontevedra	9.739,8	43,8	10.888,7	52,0	12.072,6	47,8	6.244,6	43,3	10.583,7	53,1	9.914,7	59,1	10.995,7	54,7	5.821,1	45,2
Galicia	22.258,1	100,0	20.953,5	100,0	25.269,6	100,0	14.406,2	100,0	19.919,5	100,0	16.771,7	100,0	20.115,6	100,0	12.885,2	100,0

Fonte: DataComex. Ministerio de Industria, Comercio e Turismo.

No fluxo exportador apréciase unha traxectoria diferente entre A Coruña e Pontevedra en 2020. Pontevedra recupera o liderado en Galicia cun 52% do valor total exportado. Iso debeuse aos incrementos en dous dos capítulos de maior peso nesta provincia, vehículos automóbiles e

conservas de peixe. O dinamismo destes sectores motiva que esta provincia sexa unha das poucas de España en que as exportacións no peor ano da pandemia superen ás cifras alcanzadas en 2019. Pola contra, os dous sectores nos que está especializada a provincia da Coruña, confección de pezas de vestir e combustibles minerais, tiveron un significativo retroceso debido a unha demanda mundial moi débil en ambos. A desaceleración foi moi elevada na confección de pezas de vestir que non son de punto, máis de 1.000 millóns de euros menos, motivada, sobre todo, por un freo nos envíos ao estranxeiro desde as cadeas loxísticas de Inditex. Pola súa banda, as vendas dos produtos refinados de petróleo reducíronse á metade nese exercicio. Todo iso motivou que o valor das exportacións nesta provincia sexa o máis baixo desde 2015.

Sen chegar ao extremo da Coruña, o fluxo exportador de Lugo e Ourense en 2020 tamén se viu afectado pola crise sanitaria, especialmente en Lugo no sector do aluminio e os seus produtos químicos, sector tamén afectado polos anuncios de Alcoa sobre o peche da factoría e as dificultades na venda cara un novo propietario. Os resultados de Ourense, sendo negativos, melloran aos de Lugo, debido a que non se produciu un retroceso nas exportacións de lousa, principal produto da exportación nesa provincia.

A recuperación do fluxo comercial en 2021 tamén foi asimétrica nas dúas provincias da fachada atlántica. Mentres en Coruña se recuperou o comercio de confección nas súas dúas vertentes, de punto e non de punto, e acelerouse a venda de combustibles minerais ante a reactivación da demanda, en Pontevedra mantívose no sector do automóbil unha dinámica similar á de 2020, aumentou a venda de produtos da pesca, pero descendieron as compras das conservas de peixe. Iso motivou un certo crecemento na exportación total da provincia, pero inferior ao que se observou na provincia da Coruña. Dese modo as cifras de comercio iguálanse en ambos os territorios sendo a diferenza, a favor de Pontevedra, de tan só 2,5 puntos, case oito puntos menos que en 2020.

Pola súa banda en Lugo aumentou con forza o valor monetario das vendas aluminio, no que tamén influíu o seu prezo. En todo caso, a contía do exportado aínda está moi lonxe das cifras de 2018. En Ourense, as vendas de lousa en 2021 manteñen o ritmo expansivo que xa se detectaba en 2020 de tal modo que a súa facturación é a máis elevada das últimas décadas. Esta marca tamén se alcanzou en 2020 e seguramente se repetirá en 2022, xa nun contexto moi expansivo dos prezos que non parece que freen en exceso a súa demanda.

En canto ao fluxo importador, o tradicional predominio de Pontevedra faise máis patente en 2020 debido a que as importacións de compoñentes da automoción manteñen, en liñas xerais, o seu ritmo habitual a pesar das restricións na produción e no comercio ante a crise sanitaria. Pola contra, na Coruña o valor das importacións reduciuse considerablemente, debido, sobre todo, ao freo no comercio de combustibles minerais (o principal produto). En 2020 o valor da importación deste produto foi inferior á metade da realizada en 2019. A iso ademais hai que engadirlle o menor aprovisionamento en fundición, ferro e aceiro e na confección de vestir que non é de punto. Por todo iso, o valor do importado desde A Coruña só representaba o 33,3% do total galego en 2020 cando esa porcentaxe era do 40,1% en 2019.

En 2020 en Lugo tamén diminuíu o valor do importado aínda que a compra de minerais relacionados coa industria de aluminio foi moi similar á do ano precedente. Esta caída débese ás importacións de peixe (produto que non se recuperou o seu mercado nin en 2021 nin en 2022) e á compra de máquinas e aparellos mecánicos. Pola contra, en Ourense tamén se observou unha caída no valor das compras dos produtos que predominan nas súas importacións coa excepción da provisión de graxas e aceites animais ou vexetais.

Cadro 41

Os principais capítulos do comercio externo galego por provincias

A CORUÑA

Exportacións

Capítulos Taric	2018	2019	2020	2021	2022IS
62 PEZAS DE VESTIR, NON DE PUNTO	3.110.630,6	3.158.709,5	2.160.565,9	2.797.320,2	1.623.745,7
61 PREZAS DE VESTIR, DE PUNTO	1.813.107,1	1.964.573,1	1.671.074,5	2.123.423,4	1.008.229,0
27 COMBUSTIBLES, ACEITES MINERAIS	1.684.033,4	1.295.396,1	638.993,7	1.076.916,8	1.259.813,1
72 FUNDICIÓN, FERRO E ACEIRO	416.492,1	328.174,4	309.970,2	553.524,7	224.342,0
16 CONSERVAS DE CARNE OU PEIXE	481.522,3	467.737,0	569.548,1	540.586,5	300.569,6

Importacións

Capítulos Taric	2018	2019	2020	2021	2022IS
27 COMBUSTIBLES, ACEITES MINERAIS	3.272.754,5	3.074.717,9	1.354.960,2	2.534.235,5	2.344.530,6
72 FUNDICIÓN, HIERRO E ACEIRO	570.472,3	501.354,3	426.726,4	677.269,5	399.796,2
61 PEZAS DE VESTIR, DE PUNTO	400.615,5	513.862,6	634.935,9	611.745,6	471.953,4
62 PEZAS DE VESTIR, NON DE PUNTO	741.394,5	779.193,5	418.446,6	561.635,7	561.948,0
03 PEIXES, CRUSTÁCEOS, MOLUSCOS	462.689,0	387.103,6	362.885,2	479.568,1	251.722,4

LUGO

Exportacións

Capítulos Taric	2018	2019	2020	2021	2022IS
28 PRODUCTOS QUÍMICOS INORGÁNICOS	167.158,0	201.299,4	137.191,4	149.989,9	145.562,3
76 ALUMINIO E AS SÚAS MANUFACTURAS	141.226,0	76.731,6	50.370,0	116.089,2	23.901,3
04 LEITE, PRODUCTOS LÁCTEOS; OVOS	74.153,8	83.118,6	111.116,8	99.361,0	47.421,2
44 MADEIRA E AS SÚAS MANUFACTURAS	77.393,9	73.832,4	75.291,7	78.907,2	53.749,7
03 PEIXES, CRUSTÁCEOS, MOLUSCOS	36.289,9	35.717,0	39.997,5	37.795,7	20.460,3

Importacións

Capítulos Taric	2018	2019	2020	2021	2022IS
26 MINERAIS, ESCORIAS E CINZAS	146.181,6	177.091,5	173.106,6	157.680,6	96.029,8
48 PAPEL, CARTÓN; AS SÚAS MANUFACTURAS	41.705,3	51.254,5	55.784,6	57.292,9	27.949,7
03 PEIXES, CRUSTÁCEOS, MOLUSCOS	103.909,2	75.777,7	46.266,8	45.553,6	16.839,3
84 MÁQUINAS E APARELLOS MECÁNICOS	49.026,4	72.292,5	44.228,0	43.977,1	20.943,1
28 PRODUCTOS QUÍMICOS INORGÁNICOS	66.170,4	46.763,4	38.455,8	39.094,1	34.532,1

OURENSE

Exportacións

Capítulos Taric	2018	2019	2020	2021	2022IS
68 MANUFACTURAS DE PEDRA	201.704,3	202.403,4	205.130,4	222.051,0	130.697,5
84 MÁQUINAS E APARELLOS MECÁNICOS	108.009,8	100.026,9	78.048,3	87.221,3	51.407,6
15 GRASAS, ACEITE ANIMAL O VEXETAL	38.540,9	45.025,5	50.801,3	66.126,0	60.931,8
87 VEHÍCULOS AUTOMÓBILES	84.286,5	87.707,7	60.350,8	64.467,4	33.059,6
44 MADEIRA E AS SÚAS MANUFACTURAS	41.912,1	39.359,8	38.256,4	57.025,0	40.196,8

Importacións

Capítulos Taric	2018	2019	2020	2021	2022IS
15 GRASAS, ACEITE ANIMAL O VEXETAL	62.475,3	68.184,7	74.721,8	134.124,2	96.949,9
72 FUNDICIÓN, FERRO E ACEIRO	57.161,7	63.379,4	47.566,0	60.080,6	42.575,8
39 MAT. PLÁSTICAS; AS SÚAS MANUFACTURAS	48.600,3	44.515,5	38.806,3	44.123,4	29.151,9
62 PEZAS DE VESTIR, NON DE PUNTO	52.996,6	61.413,2	35.669,7	37.385,6	25.090,8
87 VEHÍCULOS AUTOMÓBILES	40.665,3	32.996,4	30.695,1	36.734,9	13.035,7

PONTEVEDRA

Exportacións

Capítulos Taric	2018	2019	2020	2021	2022IS
87 VEHÍCULOS AUTOMÓBILES	4.777.204,4	4.930.064,7	6.652.315,9	6.928.695,2	3.153.499,1
03 PEIXES, CRUSTÁCEOS, MOLUSCOS	1.160.100,0	1.169.072,5	995.312,8	1.303.801,9	731.643,4
84 MÁQUINAS E APARATOS MECÁNICOS	371.046,6	430.084,8	376.012,5	383.207,5	273.551,5
16 CONSERVAS DE CARNE OU PEIXE	252.269,9	251.484,9	299.162,3	277.323,6	134.972,9
27 COMBUSTIBLES, ACEITES MINERAIS	131.087,4	171.263,7	131.290,9	259.247,5	233.012,7

Importacións

Capítulos Taric	2018	2019	2020	2021	2022IS
87 VEHÍCULOS AUTOMÓBILES	5.252.300,9	5.607.710,6	4.964.521,1	5.351.967,2	2.476.038,2
03 PEIXES, CRUSTÁCEOS, MOLUSCOS	1.692.921,0	1.669.682,4	1.556.037,5	1.719.502,6	972.429,1
85 APARATOS E MATERIAL ELÉCTRICO	273.945,9	348.306,3	627.304,5	678.020,2	333.829,8
84 MÁQUINAS E APARATOS MECÁNICOS	423.778,0	435.505,1	382.152,4	441.413,7	242.040,7
76 ALUMINIO E AS SÚAS MANUFACTURAS	284.049,2	290.461,8	239.217,1	382.944,2	314.253,8

Fonte: DataComex. Ministerio de Industria, Comercio y Turismo

En 2021 recuperábase o comercio da maior parte dos produtos máis relevantes comercializados desde a provincia da Coruña e, en especial, das importacións de combustibles minerais (que, sen embargo, non alcanzan o valor de 2019). No caso de Pontevedra, o comercio aumenta en menor grao debido ao leve ascenso no valor dos compoñentes de automoción cuxas cifras quedan lonxe das de 2019. Esta situación débese á caída na produción debida á escaseza dos microchips, unha mostra das debilidades do mercado europeo que só fabrica en torno ao 10% dos semicondutores que se producen no mundo. Salvo esta circunstancia, no cadro 41 apréciase que todos os produtos importantes mostráronse moi dinámicos de tal modo que os resultados alcanzados superaron aos de 2019. En contraste, as cifras de Lugo non son positivas ante a evolución negativa das materias primas do sector do aluminio. Pola contra, o incremento observado en Ourense explícase pola duplicación do valor das compras do principal produto, a adquisición de aceites de xirasol procedente na súa maior parte, curiosamente, de Ucraína. En 2022, as compras a ese país substituíronse por Países Baixos e Bulgaria.

A aceleración dos prezos dos combustibles, materias primas e alimentos reflíctense nos resultados provinciais de 2022. Cos resultados do primeiro semestre obsérvase que a importación de combustibles desde A Coruña xa é moi similar á realizada en todo 2021. Iso eleva o peso relativo desta provincia que pasa a ocupar o primeiro lugar no ranking galego superando a Pontevedra. Esta provincia mantén un fluxo importador similar ao de 2021, coa circunstancia de que persisten os problemas na automoción. Tamén en liña con esta provincia, en Lugo e Ourense mantéñense as pautas de 2021 e ante a carestía dos produtos, o valor das importacións, en ambos os casos, superará ás do ano anterior.

5.6. Que pasou co número de empresas galegas internacionalizadas?

Non é esaxerado indicar que o empresariado galego nos tempos de pandemia optou por abrirse máis aos mercados estranxeiros. En 2020, a pesar dunha menor facturación no exportado, mantívose relativamente estable o número de sociedades que comercializaban no estranxeiro. Pola contra, en 2021, rexístrase un inusitado aumento no número de empresas na práctica totalidade de sectores, destacando as manufacturas do consumo. Este empuxe non se freou no primeiro semestre de 2022. A crise da demanda interna parece que arrastrou ao empresariado galego a vender na estranxeiro situación que parece haberse consolidado.

Máis sorprendente aínda é a evolución das empresas importadoras. A pesar do lóxico freo no comercio, en 2020 aumentou o número de sociedades que adquirían produtos ao estranxeiro dos sectores fabricantes de bens de equipo e de manufacturas de consumo. Pero en 2021 o salto de 13.696 empresas a 19.482, con crecementos espectaculares en todos os sectores, reflicte un aprovisionamento externo inusitado á conta dos provedores españois. Con estas cifras pódese dicir sen ambaxes que coa pandemia aumentou á internacionalización do tecido produtivo galego. As circunstancias de 2022 parecen suxerir un retroceso neste impulso de buscar mercadorías de todo tipo nos mercados internacionais.

Cadro 42

Empresas galegas que participan nos mercados estranxeiros

Empresas exportadoras

	2019		2020		2021		2021 IS		2022 IS	
	Empresas	Miles Euros	Empresas	Miles Euros	Empresas	Miles Euros	Empresas	Miles Euros	Empresas	Miles Euros
1 ALIMENTACIÓN, BEBIDAS E TABACO	1.459	2.969.989,1	1.393	2.958.427,9	1.610	3.318.387,8	1.241	1.535.120,2	1.271	1.888.210,5
2 PRODUCTOS ENERXÉTICOS	126	1.546.820,7	166	839.788,5	152	1.418.370,7	115	467.988,6	114	1.543.305,0
3 MATERIAS PRIMAS	348	797.274,4	324	678.099,8	385	835.694,8	301	401.306,6	349	563.853,5
4 SEMIMANUFACTURAS	1.442	2.831.184,9	1.487	2.710.934,9	1.713	3.687.053,6	1.265	1.679.261,8	1.328	2.286.271,0
5 BENS DE EQUIPO	2.189	3.367.023,7	2.200	2.712.110,8	2.529	3.161.020,1	1.675	1.725.512,7	1.701	1.506.738,6
6 SECTOR AUTOMÓBIL	562	3.614.835,7	575	5.658.204,9	746	5.837.880,6	450	3.054.414,2	489	2.669.519,6
7 BENS DE CONSUMO DURADEIRO	448	244.072,3	457	167.797,1	484	252.753,3	323	107.131,7	380	157.962,5
8 MANUFACTURAS DE CONSUMO	1.193	6.702.862,4	1.272	5.023.135,3	2.000	6.439.241,1	1.285	2.228.469,2	1.190	3.530.821,3
9 OUTRAS MERCANCÍAS	3.340	184.074,2	3.145	204.964,2	4.161	319.196,4	2.837	133.840,0	2.598	259.562,6
Total Sectores Económicos	7.167	22.258.137,6	7.121	20.953.463,6	9.360	25.269.598,3	6.375	11.333.045,1	6.112	14.406.244,5

Empresas importadoras


	2019		2020		2021		2021 IS		2022 IS	
	Empresas	Miles Euros	Empresas	Miles Euros	Empresas	Miles Euros	Empresas	Miles Euros	Empresas	Miles Euros
1 ALIMENTACIÓN, BEBIDAS E TABACO	897	3.547.965,9	901	3.425.676,4	1.037	3.926.667,1	789	1.675.455,4	789	2.475.465,5
2 PRODUCTOS ENERXÉTICOS	142	3.122.686,4	153	1.394.289,1	166	2.642.026,7	121	1.055.959,7	137	2.437.054,9
3 MATERIAS PRIMAS	434	588.621,6	429	486.762,6	447	584.995,2	343	255.915,7	368	349.115,1
4 SEMIMANUFACTURAS	2.533	2.457.797,8	2.602	2.300.991,7	3.235	2.834.798,1	2.344	1.262.203,4	2.424	1.959.959,6
5 BENS DE EQUIPO	4.595	2.042.219,7	5.324	2.097.803,2	6.439	2.360.417,1	4.454	1.188.871,9	4.032	1.373.212,2
6 SECTOR AUTOMÓBIL	1.515	5.499.669,4	1.395	4.784.238,2	2.340	5.169.781,6	1.422	2.898.667,1	1.198	2.401.627,8
7 BENS DE CONSUMO DURADEIRO	981	221.234,2	1.039	255.067,8	1.450	286.408,6	917	147.498,2	896	120.603,9
8 MANUFACTURAS DE CONSUMO	4.463	2.419.757,8	5.074	2.011.890,0	7.875	2.291.607,1	5.122	939.073,7	3.889	1.757.421,8
9 OUTRAS MERCANCÍAS	3.451	19.508,4	4.000	14.948,7	5.316	18.888,7	3.489	11.085,8	2.598	10.787,8
Total Sectores Económicos	12.359	19.919.461,2	13.696	16.771.667,7	19.482	20.115.590,1	12.834	9.434.730,9	10.325	12.885.248,7

Fonte: DataComex. Ministerio de Industria, Comercio y Turismo

5.7. Descrición do comercio de Ucraína e Rusia con Galicia

O peso relativo das exportacións galegas con Ucraína e Rusia roldaron en 2019 o 0,35% e o 0,53% respectivamente do total, mentres que as importacións o fixeron nun 0,61% e un 1,33%. Estas porcentaxes, que variaron pouco en 2021, suxiren que o impacto directo do brusco freo no comercio en 2022, como se aprecia no gráfico 103, debe ser moi baixo. Outra cuestión é o efecto que poida ter a chegada de produtos rusos ou ucráinos a Galicia comercializados inicialmente desde outros lugares. En todo caso, o efecto seguirá sendo débil.

Gráfico 103



Fonte: DataComex. Ministerio de Industria, Comercio e Turismo.

As transaccións de maior contía son as importacións procedentes de Rusia debido, sobre todo, ás compras de combustibles minerais. Estas alcanzaron o seu máximo en 2011 e 2012 e logo estabilizouse o comercio en cifras sensiblemente máis baixas debido a que se acudiu máis a outros lugares de aprovisionamento. Coa pandemia, en 2020, o freo deste comercio foi moi alto (importouse por un valor de 91,60 millóns de euros), pero a compra de combustible revitalizouse en 2021 (212,53 millóns de euros) e non se freou en exceso en 2022 a pesar das sancións impostas a este país como consecuencia da guerra debido, sobre todo, á recepción de gas. Outros produtos importados desde Rusia nestes últimos anos son abonos e aluminio. En canto a Ucraína, o saldo comercial galego é negativo e as súas importacións, sen alcanzar a contía de Rusia, fundaméntanse en produtos destinados ao sector alimentario como o aceite de xirasol e os cereais. En xaneiro de 2022 importouse máis destes últimos produtos que todo o comercio do ano anterior e, a partir de febreiro, este fluxo de comercio desapareceu.

As exportacións galegas a ambos os países son en valor, salvo no caso de Ucraína en 2020, menores que as importacións e están menos concentradas. Este fluxo de comercio tamén desapareceu practicamente a partir de febreiro de 2022 e, no caso de Ucraína, centrábase en vehículos automóbiles, pesca e produtos químicos, mentres que desde Rusia se adquiría insecticidas e funxicidas, pezas de vestir de punto e máquinas e aparellos eléctricos. En todo caso, cabe reiterar o escaso peso relativo deste comercio no conxunto do comercio exterior galego.

Capítulo 6. Inversión Estranxeiro Directo (IED) recibido e emitido na pandemia

6.1. IED recibido

6.1.2. A súa evolución

Xunto ao freo no comercio mundial, as decisións de realizar investimentos no estranxeiro víronse moi mediatizadas pola pandemia ante a caída da actividade mundial e a incerteza que foron xerando as sucesivas ondas do virus. En 2022, as expectativas optimistas que se albiscaban en 2021 volvéronse a ensombrecer ante a invasión rusa a Ucraína e a traxectoria dos principais indicadores económicos na maioría dos países, que apuntan a unha desaceleración na actividade.

A UNCTAD (Conferencia das Nacións Unidas sobre Comercio e Desenvolvemento) informa que en 2021 se recuperaron os niveis de IED anteriores á pandemia (un aumento do 64% con respecto a 2020 o que supón un investimento de 1,58 billóns de dólares), pero entende que coa guerra de Ucraína esta traxectoria positiva freouse drasticamente ante a inflación nos combustibles e os bens alimentarios, así como un financiamento máis difícil ante a subida dos tipos de interese nos principais países e a situación negativa que vén observando nos mercados financeiros.

Ante iso, no primeiro trimestre de 2022 a UNCTAD indica que “os anuncios de proxectos en novas instalacións diminuíron un 21% globalmente, a actividade de fusións e adquisicións transfronteirizas un 13% e as operacións de financiamento de proxectos internacionais un 4%”.


Débese indicar que en 2021 as tres cuartas partes do crecemento do IED produciuse nas economías desenvolvidas e o seu principal destino foron as fusións e adquisicións. Os fondos destas operacións procedían da reinvestimento de beneficios do IED retidos polas filiais estranxeiras das empresas multinacionais.

Este contexto internacional non obedece ao seguido pola economía española na cal o investimento xa caera en 2019 á metade do valor rexistrado en 2018. Os resultados de 2020 foron moi similares aos de 2019, pero en 2021 produciuse un aumento do 20,6%. No novo contexto de 2022, o IED en España aumentou no primeiro semestre en nada menos cun 87,7% respecto ao mesmo período 2021 cun peso predominante dos investimentos provenientes de Estados Unidos e do Reino Unido, e, en menor grao, de Australia, Francia e de Hong Kong. Hai, sen embargo, que considerar que estes datos facilitados polo Rexistro de Inversións Estranxeiras son provisionais e nas actualizacións adoita haber modificacións significativas. Ademais, en 2020, días antes do confinamento en España, desde a Unión Europea publicouse un novo Regulamento co fin de lograr un maior control dos investimentos que se realicen. Enténdese que os investimentos entre os países socios e os do Acordo de Libre Comercio non deberían ter a consideración de IED e vixiarase en cada país se o investidor estranxeiro está controlado polo goberno dalgún país, se participou en actividades que afectan á orde pública ou á seguridade ou si existe o risco de exercer actividades delituosas ou ilegais. De feito, no Real Decreto-lei 11/2020, de 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte ao Covid-19, introduciuse o contemplado neste Regulamento.

Os resultados analizados a continuación do conxunto de España e de Galicia, refírense aos investimentos que non son operacións de ETVE (Entidades Tenedoras de Valores Estranxeiros), xa que estas apenas afectan as economías nas que se realizan, pois se trata de empresas instrumentais que dispoñen dun réxime fiscal especial e realizan investimentos en sociedades estranxeiras cuxo efecto habitual adoita ser unha entrada e saída pola mesma contía de capital.

No caso galego, a pesar da pandemia e a incerteza xerada, non parece que se modificara en exceso a traxectoria seguida por esta variable desde a posta en marcha do Rexistro de Investimentos Estranxeiros na década do noventa do século pasado. En todo este tempo, a evolución desta variable foi moi irregular e marcada por operacións puntuais de certa envergadura que elevaban considerablemente a cifra de IED no ano que se realizaban fronte os outros exercicios. Así foi o caso de 2019 fronte a 2018 e 2020 debido a unha operación realizada desde Brasil no sector do cemento (a través dun holding galego), máis propia de ETVE que dun investimento produtivo directo. A pesar diso, a cifra de 2020 non supuxo unha caída descoñecida nesta variable xa que resultados menores se obtiveron en 2014, 2015 ou 2018. En todo caso, a cifra de 89,9 millóns de IED non reflicte un excesivo tirón do noso territorio, do mesmo xeito que o doutras comunidades autónomas, ante o atractivo de Madrid que en 2020 alcanzou un IED de 18.496,5 millóns de euros, ou sexa, multiplica por 206 a que recibiu Galicia.

Gráfico 104



Datos provisionais.

Fonte: Registro de Inversiones Exteriores.

Esta cifra tan raquítica de 2020 é o froito dun conxunto de pequenas operacións das que, en conxunto, só dous países achegaron máis de 30 millóns de euros, Reino Unido e México. A escaseza das operacións reflíctese na distribución do IED por sectores. Sobresae a inxección de capital no sector de edición de libros procedente de Reino Unido, investimento que tivo continuidade en 2021. É unha actividade non moi habitual en canto á recepción de capital estranxeiro polo que o fluxo de capital destes dous anos obedece a operacións puntuais. Os

outros dous sectores con investimentos dun certo interese son os provenientes de México e corresponden ás actividades inmobiliarias e aos servizos de comidas e bebidas.

Ao igual co sucedido no conxunto da economía española, en 2021 o IED recibido por Galicia máis que duplicou o logrado en 2020. Persistiu a tradicional volatilidade motivada por investimentos puntuais. Neste caso a orixe está en multinacionais xa instaladas en España que reinvesten os seus beneficios no propio país. Así, aproximadamente a metade do IED recibido en 2021 procede do territorio español do sector do comercio e da intermediación do peixe, actividade económica moi tradicional e que xera unha elevada facturación sobre todo nos establecementos localizados na Ría de Vigo. Cabe destacar neste contexto o investimento da multinacional española Profand que acaba de inaugurar unhas novas instalacións en Cambre (A Coruña). Das operacións restantes, son significativas as procedentes de Alemaña e Bélxica no sector de artes gráficas que entre as dúas exceden os 65 millóns de euros.

Cadro 43

IED recibido por país último

	2018	2019	2020	2021	Xaneiro - Xuño 2022
BRASIL	5.162,86	500.031,06	5,67		370,00
REINO UNIDO	12.543,27	100.145,17	39.250,80	16.640,36	14.685,58
ESPAÑA	593,00	409,06	3,00	102.041,23	276
FRANCIA	1.233,40	43.263,28	8.188,64	7.833,90	303,00
IRLANDA	51,25	50.941,03	0,00		
MÉXICO	2.168,70	6.028,39	31.528,14	4.529,85	1.366,81
ALEMAÑA	2,76	120,73	54,37	37.572,09	21,14
BÉLXICA	0,00	15,00	1,00	28.231,37	
PORTUGAL	12.242,29	4.751,71	1.032,49	5.016,81	1.687,62
ILLAS VIRXES DOS ESTADOS UNIDOS	0,00	0,00	0,00	15.153,74	
PAÍSES BAIXOS	13.687,15	0,00	3,00	92,72	8,87
SUÍZA	8.534,22	118,15	237,29	1.409,19	6,02
Resto países	9.233,69	17.219,95	9.625,68	4.452,09	1.119,37
Total	65.452,59	723.043,53	89.930,08	222.973,35	19.844,41

Fonte: Registro de Inversiones Exteriores.

Cadro 44

IED recibido por sectores

Elemento	2018	2019	2020	2021	XANEIRO-XUÑO 2022
23 FABRICACIÓN DE OUTROS PRODUTOS MINERAIS NON METÁLICOS	0,00	500.000,00	0,00		
46 COMER. MAIORISTA EXCEP. VEHÍCULOS MOTOR	14.512,84	2.846,39	766,49	96.916,08	1.001,36
29 FABRICACIÓN DE VEHÍCULOS DE MOTOR, REMOLQUES	3,01	99.932,76	0,00		7,00
18 ARTES GRÁFICAS E REPRODUCCIÓN DE SOPORTES GRAVADOS	0,00	0,00	0,00	65.788,46	
65 SEGUROS, REASEGURO. FONDOS PENSION, EXCEPTO S. SOCIAL	0,00	42.505,31	7.730,64	7.833,00	
25 FABRICACIÓN DE PRODUTOS METÁLICOS, EXCEPTO MAQUINARIA	0,46	50.951,27	10,70	0,00	
58 EDICIÓN	0,00	0,00	29.019,17	16.423,18	
68 ACTIVIDADES INMOBILIARIAS	3.341,56	2.847,22	12.171,54	6.632,75	566,67
71 SERVICIOS TÉCNICOS DE ARQUITECTURA E ENXEÑARÍA	3.155,59	246,98	738,60	16.516,45	
90 ACTIVIDADES DE CREACIÓN, ARTÍSTICAS E ESPECTÁCULOS					14.028,58
28 FABRICACIÓN DE MAQUINARIA Y EQUIPO N.C.O.P.	13.609,28	0,00	3,00		
55 SERVICIOS DE ALOXAMENTO	9.750,00	2.777,50	4,50	436,50	409,00
56 SERVICIOS DE COMIDAS E BEBIDAS	49,25	228,00	11.149,95	550,00	151,35
72 INVESTIGACIÓN E DESENVOLVEMENTO	8.527,46	1.917,52	500,00	10,00	
53 ACTIVIDADES POSTAIS E DE CORREOS	0,00	0,00	10.916,00		
52 ALMACENAMENTO E ACTIVIDADES ANEXAS AO TRANSPORTE	352,90	6,00	10.232,63		
Resto sectores	12.150,24	18.784,58	6.686,86	11.866,93	3.680,45
Total	65.452,59	723.043,53	89.930,08	222.973,35	19.844,41

Datos provisionais.

Fonte: Registro de Inversiones Exteriores.

En canto a 2022, os datos do primeiro semestre apuntan a unha forte desaceleración no fluxo investidor, o que podería cambiar si frutifican algunhas das operacións anunciadas ao amparo dos recursos achegados polas administracións públicas e, en particular, os fluxos procedentes dos fondos de resiliencia da Unión Europea. Certamente, de materializarse o total de investimentos anunciados o impacto na economía galega sería moi forte e a recuperación tras a pandemia sería máis fácil. Moitas, como xa se indicou nos apartados anteriores, están vinculadas ás enerxías verdes e delas cabería destacar o recente anuncio, aínda sen concretar, da potente multinacional danesa Maersk, destinada á fabricación de metanol verde para o aprovisionamento de combustible para as embarcacións. Neste mesmo ámbito tamén esta previsto un investimento conxunto da portuguesa EDP e Reganosa para a constución dunha planta de hidróxeno verde nas Pontes, localidade na que Ence está interesada en instalar unha nova planta para a fabricación de fibras. En Meirama, tamén con Reganosa entre os socios, está programada a construción dunha planta de biogás na que se utilizará como input os residuos orgánicos. Tamén Foresa, amplía a súa actividade cunha planta de metanol renovable en Mugardos.

A todas elas hai que engadir o proxecto de Altri, xa comentado noutros apartados deste Informe, o do grupo chinés Sentury na fabricación de pneumáticos, o de Lonza de produtos biofarmaceúticos en Salvaterra de Miño ou o de Zendal en Porriño cunha nova planta de envasado, que ademais disporá dunha nova factoría para a produción de vacinas no Norte de Portugal, potenciando así o polo biotecnolóxico Galicia-Norte de Portugal.


Unha parte destes investimentos esta moi vinculada, por unha banda, ao desenvolvemento da enerxía eólica para a súa subministración e aos apoios que proporcionan os fondos Next Generation EU, particularmente as actuacións a partir dos Perte que se presentan noutro apartado deste traballo. Neste sentido cabe agardar que frutifiquen as expectativas de Stellantis para conseguir nun segundo Perte da automoción o financiamento europeo destinado á fabricación do coche eléctrico.

6.2. IED emitido

6.2.1. A súa evolución

Desde a creación do Rexistro de Investimentos Exteriores e a publicación da información obsérvase sistematicamente ano tras ano unha sensible diferenza entre a contía do IDE recibido e do emitido. A elevada contía de IED emitido desde Galicia débese á confluencia de dúas accións moi relacionadas entre si. Por unha banda, a expansión internacional do grupo Inditex incide nestes resultados. Pola outra, o maior accionista de Inditex adoita reinvestir sistematicamente os seus beneficios en activos inmobiliarios, na súa maioría, no estranxeiro, a través do Grupo Pontegadea, o que en parte tamén se recolle nesta información. De non ser por estes dous movementos, a contía do IED emitido sería escasa e situaríase nos niveis do IED recibido.

Gráfico 105



Datos provisionais.

Fonte: Registro de Inversiones Exteriores.

Os resultados publicados procedentes do Rexistro de Investimentos reflicten un volume de investimento en 2020 non moi diferente ao dos anos precedentes debido a un investimento singular no sector do comercio polo miúdo de pezas de vestir, mentres que en 2021 hai un descenso espectacular (os peores resultados dos últimos anos) debido máis a factores conxunturais sobre os investimentos inmobiliarios e comercio polo miúdo nun momento de pandemia, fluxo que se recupera plenamente tras coñecer os resultados do primeiro semestre de 2022.

Cadro 45

IED emitido por país inmediato en miles de euros

	2018	2019	2020	2021	XANEIRO-XUÑO 2022
ESTADOS UNIDOS	977.288,16	698.306,03	18.566,75	100.527,64	187,69
PAISES BAIXOS	0,00	0,00	1.600.000,00		
REINO UNIDO	507.162,29	239.478,05	83.226,89		53.546,87
ARXENTINA	3.691,28	845.954,78	11.843,59	1.825,18	
CANADÁ	0,00	0,00	0,00	55.221,92	526.092,79
LUXEMBURGO	1.415,41	211.776,68	47.240,37	65,00	
TURQUÍA	17.051,30	121.325,79	0,00		32.393,57
MARROCOS	66.746,24	44.725,06	0,00	0,00	0,00
ALEMAÑA	109.600,00	0,00	0,00	1.000,00	
PORTUGAL	8.430,22	30.155,28	49.932,44	2.868,00	2.220,23
NICARAGUA	17.193,02	0,00	25.568,83		27.152,94
BRASIL	9.612,01	28.280,12	11.116,28	15.791,71	
FRANCIA	10.339,70	3.411,21	31.401,50	157,00	108,50
MÉXICO	1.895,37	28.784,13	146,17	145,13	
PERÚ	5.338,79	5.919,32	13.514,61		
CHILE	1.897,50	5.891,89	0,46	9.014,41	0,00
PANAMÁ	0,00	13.579,61	13,53	821,55	
AUSTRIA	6.500,00	1.800,00	4.900,00		
POLONIA	811,77	7.985,79	2.798,88	2,16	4,50
Resto países	26.970,27	26.096,42	3.991,61	1.869,79	6.352,02
Total	1.771.943,33	2.313.470,16	1.904.261,91	189.309,49	648.059,11

Datos provisionais.
 Fonte: Registro de Inversiones Exteriores.

Cadro 46

IED emitido por sectores de destino

Elemento	2018	2019	2020	2021	XANEIRO-XUÑO 2022
68 ACTIVIDADES INMOBILIARIAS	703.939,36	471.739,73	181.784,62	55.716,92	579.639,66
47 COMERCIO POLO MIÚDO, EXCEPTO DE VEHÍCULOS DE MOTOR	215.648,34	125.007,20	1.600.000,00	1.000,00	35.256,75
41 CONSTRUCCIÓN DE EDIFICIOS	644.660,84	740.592,78	24.768,12	112.546,14	3.489,26
29 FABRICACIÓN DE VEHÍCULOS DE MOTOR, REMOLQUES	108.812,60	455.980,59	0,00		
23 FABRICACIÓN DE OUTROS PRODUCTOS MINERAIS NON METÁLICOS	18.542,18	412.699,04	1.038,17		
03 PESCA E ACUICULTURA	41.795,55	16.567,80	41.844,16	851,36	27.152,94
46 COMER. MAIORISTA, EXCEP. VEHÍCULOS MOTOR	6.815,72	33.051,37	14.310,50	17.252,29	
62 PROGRAMACIÓN, CONSULTORÍA, OUTRAS ACTIVIDADES RELAC.	0,00	2.259,46	22.873,64		4,08
35 SUBMINISTRO DE ENERXÍA ELÉCTRICA, GAS, VAPOR E AIRE	7.473,52	13.570,01	0,00	0,00	1.492,50
64 SERVIZOS FINANCIEROS, EXCEP. SEGUROS E FONDOS PENSIÓN	5426,54	9154,38	1749,62	23,87	727,74
10 INDUSTRIA DA ALIMENTACIÓN	0,00	15.739,04	691,40		
52 ALMACENAMENTO E ACTIVIDADES ANEXAS AO TRANSPORTE	7.009,61	1.782,03	6.832,20		
55 SERVICIOS DE ALOXAMENTO	5.430,87	1.872,43	5.335,00	0,00	
70 ACTV. SEDES CENTRAIS; ACTIV. CONSULTORÍA DE XESTIÓN	707,85	7.985,79	2.798,88	2,16	
Resto sectores	5.680,35	5.468,51	235,60	1.916,75	296,18
Total	1.771.943,33	2.313.470,16	1.904.261,91	189.309,49	648.059,11

Datos provisionais.
 Fonte: Registro de Inversiones Exteriores.

No cadro 45 apréciase o país inmediato onde diríxese o IED emitido desde Galicia. En 2020 o investimento estrela correspondente ao sector do comercio polo miúdo canalizouse a través dun clásico intermediario, os Países Baixos. De non existir esa operación a cifra de IED reduciríase a algo máis de 300.000 euros, correspondendo a actividades inmobiliarias (aluguer de edificios) a maioría dos investimentos dirixidos a Reino Unido e a Luxemburgo (neste caso como país intermediario).

Os poucos resultados de 2021 susténtanse en operacións dirixidas cara a América do Norte, en concreto cara a Estados Unidos e Canadá na construción de edificios e actividades inmobiliarias. A posición de Canadá refórzase tras coñecer os resultados de 2021 debido a que o IED concéntrase nas actividades inmobiliarias realizadas nese país. Estamos ante as operacións de maior volume realizadas desde Pontegadea consistente na compra do complexo Royal Bank Praza de Toronto adquirido a dous fondos de pensións canadenses. O principal inquilino deste enorme complexo con varias torres é o Royal Bank, o maior banco de Canadá.

En 2021, Pontegadea ampliou a súa carteira e as súas liñas de negocio ao entrar no sector das enerxías renovables en sociedade con Repsol.

Unha cuestión de interese para indagar sobre o impacto da pandemia no IED emitido por Galicia é si, ante a crise, producíronse desinvestimentos, ou sexa, se se abandonaron proxectos empresariais que se mantiñan no estranxeiro. A resposta é negativa. O fluxo desinvestidor nestes últimos anos en Galicia foi relativamente baixo comparándoo co investimento realizado. Sen embargo, os resultados dos desinvestimentos en 2020 son máis elevados que os do IED

recibido por Galicia, sendo amplo o número de países nos que se realizaron estos desinvestimentos.

Cadro 47

Desinvestimentos galegos por países en miles de euros

2020		2021		Xaneiro-xuño 2022	
BRASIL	43.720,33	CANADÁ	67.990,21	TURQUÍA	23.849,84
REPUBLICA DOMINICANA	41.859,41	PORTUGAL	19.950,00	PORTUGAL	7.195,04
NICARAGUA	22.776,77	ILLAS MALVINAS	4.476,81	CHILE	128,74
MALTA	5.843,70	MARROCOS	2.689,72	MARROCOS	15,00
CANADÁ	5.714,48	BÉLXICA	2.458,64		
SUIZA	5.250,61	URUGUAI	605,00		
IRLANDA	4.725,17	POLONIA	195,97		
ARXENTINA	1.927,38	BRASIL	105,88		
BÉLXICA	514,93	CHINA	19,68		
REINO UNIDO	188,08	ESTADOS UNIDOS	1,00		
POLONIA	122,98				
PORTUGAL	60,02				
PERÚ	11,39				
GROENLANDIA	11,20				
TOTAL	132.726,45	TOTAL	98.492,91	TOTAL	31.188,62

Datos provisionais.

Fonte: Registro de Inversiones Exteriores.

Capítulo 7. As actuacións da administración central e autonómica ante a pandemia

7.1. As medidas adoptadas pola administración central ante a crise sanitaria

No Boletín 13 dos Revista Estudos sobre a Economía Española de Fedea, Ángel de la Fuente realiza unha compilación das principais medidas económicas e sociais adoptadas en 2020 e 2021 por parte da administración central para paliar os efectos da crise sanitaria.

Dentro do amplo abano de actuacións a compilación agrúpase en seis grandes apartados:

- No primeiro inclúense as medidas de flexibilización no emprego e a substitución das rendas salariais. A acción máis importante é a flexibilización e mellora das condicións dos Ertes. A partir de aí fóronse tomando as seguintes decisións:
 - Desvinculación dos Erte do estado de alarma
 - Extensión dos Erte ligados á Covid até o 30 de setembro de 2020
 - Extensión dos Erte ligados á Covid até o 31 de xaneiro de 2021
 - Medidas complementarias ligadas á anterior extensión dos Ertes
 - Extensión dos Erte ligados á Covid até o 31 de maio de 2021
 - Extensión dos Erte ligados á Covid até o 30 de setembro de 2021
 - Nova extensión dos Erte ligados á Covid até o 28 de febreiro de 2022

Tras a publicación desta compilación, os Ertes prorrogáronse até o 31 de marzo de 2022. A partir de entón, entrou en vigor a Reforma Laboral na que se manteñen os Ertes por forza maior e modifícanse as condicións administrativas para solicitalos. Ademais coa Reforma, créanse novos tipos de Ertes.

A actuación anterior complementábase co compromiso de mantemento do emprego tras a finalización dos Ertes por forza maior. Establécese a obrigaón de manter o emprego durante seis meses desde a continuación da actividade.

En canto aos novos subsidios e a protección por desemprego:

- Particularmente, créase un subsidio extraordinario para empregadas do fogar que perdan o seu traballo ou teñan vista reducida a súa xornada ou deixen de prestar servizo temporalmente por mor da crise sanitaria. Establécese un subsidio de desemprego excepcional por fin de contrato temporal. Tamén se crea un subsidio especial de desemprego por un período de 90 días e unha prestación extraordinaria para ocupados fixos discontinuos ou traballos periódicos que finalicen o Erte e finalicen o seu período habitual de actividade.
- Ampliase a protección por desemprego a dous novos colectivos de traballadores.

O segundo apartado comprende o conxunto de apoios prestados ao tecido empresarial e aos autónomos.

As actuacións financeiras foron determinantes para evitar un peche masivo de empresas. Neste ámbito articuláronse as seguintes medidas:

- Créase unha liña de avais e garantías públicas para préstamos a empresas e autónomos.
- Amplíase o límite de endebedamento neto do ICO en 10.000 millóns de euros (anteriormente na análise sectorial indicouse o gran valor que as empresas lle deron a esta medida ante a crise financeira provocada pola crise sanitaria).
- Créase unha liña de avais para empresas exportadoras de 2.000 millóns de euros.
- Créase unha segunda liña de avais e garantías públicas para préstamos a empresas e autónomos por un valor de até 40.000 millóns de euros orientada a investimentos produtivos relacionadas coa dixitalización e a sustentabilidade medioambiental.
- Créase unha liña de axudas directas non reembolsables a autónomos e empresas non financeiras cunha dotación de 7.000 millóns de euros.
- Créase un fondo de apoio ás empresas estratéxicas dotado con 10.000 millóns de euros.
- Créase unha liña orzamentaria dotada inicialmente con 3.000 millóns de euros para a reestruturación de débeda financeira a través do ICO.
- Establécese un Código de Boas Prácticas para a extensión e reestruturación dos créditos garantidos do ICO
- Créase un Fondo de recapitalización de empresas afectadas por Covid, dotado con 1.000 millóns de euros xestionado por Cofides.

Ademais, deséñanse un conxunto de liñas de apoio ás empresas e autónomos para poder superar os efectos da crise sanitaria:

- Suspendense temporalmente os contratos das empresas que traballan para a Administración Pública cuxa execución debeña imposible como consecuencia da Covid.
- Créase unha prestación extraordinaria por cesamento involuntario de actividade para os autónomos afectados pola declaración do estado de alarma.
- Establécese unha moratoria hipotecaria aos inmobles afectos á actividade económica de empresarios e profesionais vulnerables ante a crise sanitaria.
- Autorízase á Tesouraría Xeral da Seguridade Social a conceder moratorias de seis meses sen intereses no pago das cotizacións sociais e tamén se establecen moratorias de seis meses sen intereses ao pago das cotizacións sociais ás empresas e autónomos que cumpran certos requisitos.
- Autónomos e pemes poderán, baixo determinadas condicións, suspender o pago das subministracións de enerxía e tamén poden aprazar o pago de alugueres dos inmobles afectos á actividade económica.
- Procédese a un adiamento de impostos para autónomos e pemes.
- Adecúanse as bases impositivas dos impostos á situación económica actual.

Nun terceiro apartado agrúpanse as medidas tomadas a favor das familias vulnerables. Estas inciden en evitar a suspensión de subministracións básicas, ampliando o bono social eléctrico aos autónomos. Establécese unha moratoria no pago de cotas de hipotecas que posteriormente se estende a outros créditos. Doutra banda, aos inquilinos vulnerables suspéndense os desafiuzamentos si non hai alternativa habitacional. Estes inquilinos poderán aprazar un adiamento no pago da renda por un período máximo de catro meses.

Tal vez a medida estrela foi a creación do Ingreso Mínimo Vital como prestación non contributiva da Seguridade Social.

Nun cuarto apartado recóllense as medidas sectoriais dirixidas aos sectores máis afectados pola pandemia: Turismo; Comercio; Hostalaría; Cultura; Automoción; Transporte.

Neste paquete de medidas sectoriais articulouse un programa de apoio á transformación dixital na educación e outro de mobilidade vinculado ao impulso da automoción.

As medidas complétanse nun quinto onde se recollen as transferencias realizadas ás comunidades autónomas e entidades locais dirixidas a fins moi diversos (gastos sanitarios, colectivos vulnerables, centros educativos, etc.). Ademais, transferíronse fondos adicionais para poder amortizar os efectos da Covid-19 nas finanzas autonómicas e autorizacións ás entidades locais para poder utilizar os seus superávits.

Nun último apartado inclúense medidas diversas que van desde a concesión do Estado de préstamos á Seguridade Social (13.830 millóns de euros), a fixación do teito de gasto non financeiro do Estado, á suspensión de regras fiscais en 2020 e 2021. Tamén figuran medidas de apoio ás persoas tales como o permitir o reembolso parcial dos plans de pensións ou a concesión de permisos retribuídos recuperables.

Este amplo abanico de medidas complétase coas actuacións específicas da administración autonómica que se comentan a continuación.

7.2. As actuacións da administración autonómica

7.2.1. O Igape

7.2.1.1. As actuacións específicas do Igape ante a Covid-19 en cifras

Cadro 48

Igape. Liñas de apoio loita COVID-19

Liña de axuda	Núm. Solic	Investimento apoiado	Subvención concedida	Préstamo incentivable	Aval concedido	Días resol.
Totais	9.300	178.610.499,0	42.971.352,4	133.997.164,8	31.257.081,0	99
Subvención	6.670	44.613.334,2	34.735.722,4	0,0	0,0	97
OUTRAS AXUDAS	6.670	44.613.334,2	34.735.722,4	0,0	0,0	97
PROXECTOS LOITA COVID-19	6.670	44.613.334,2	34.735.722,4	0,0	0,0	97
IG276 Axudas a proxectos reorganizacion produtiva para a fabricacion de equipamento sanitario	47	4.130.542,4	2.495.333,2	0,0	0,0	51
IG277 Inviste-COVID	16	6.666.666,6	5.000.000,0	0,0	0,0	155
IG278 Cheques Dixitalizacion COVID-19	3.289	16.676.500,2	13.369.604,7	0,0	0,0	89
IG279 Reactiva Comercio seguro	461	347.806,8	347.986,6	0,0	0,0	124
IG280 Reactiva Turismo seguro	396	344.108,7	344.080,7	0,0	0,0	122
IG281 Reactiva Servizos seguro	920	2.550.642,1	2.040.656,7	0,0	0,0	119
IG283 Axudas hostalaría terrazas/envasado	1.541	13.897.067,4	11.138.060,5	0,0	0,0	85
Avais e préstamos	2.630	133.997.164,8	8.235.630,0	133.997.164,8	31.257.081,0	104
AVAIS E PRESTAMOS	2.630	133.997.164,8	8.235.630,0	133.997.164,8	31.257.081,0	104
AVAIS	2.513	125.148.323,0	8.235.630,0	125.148.323,0	31.257.081,0	102
IG257 Marco de apoio ao acceso ao credito das pemes	2.513	125.148.323,0	8.235.630,0	125.148.323,0	31.257.081,0	102
PRESTAMOS	117	8.848.841,8	0,0	8.848.841,8	0,0	156
IG282 Prestamos IFI COVID-19	117	8.848.841,8	0,0	8.848.841,8	0,0	156

Fonte: Igape

Cadro 49

Igape. Liñas de apoio loita COVID-19

Liña de axuda	Núm. Solic	Investimento apoiado	Subvención concedida	Préstamo incentivable	Aval concedido	Días resol.
Totais	9.300	178.610.499,0	42.971.352,4	133.997.164,8	31.257.081,0	99
2020	6.635	144.680.258,0	27.230.374,0	118.963.823,0	29.710.956,0	100
IG276 Axudas a proxectos reorganizacion produtiva para a fabricacion de equipamento sanitario	47	4.130.542,4	2.495.333,2	0,0	0,0	51
IG277 Inviste-COVID	16	6.666.666,6	5.000.000,0	0,0	0,0	155
IG278 Cheques Dixitalizacion COVID-19	2.391	11.687.431,0	9.370.558,6	0,0	0,0	85
IG279 Reactiva Comercio seguro	460	347.473,4	347.653,3	0,0	0,0	123
IG280 Reactiva Turismo seguro	396	344.108,7	344.080,7	0,0	0,0	122
IG281 Reactiva Servizos seguro	916	2.540.212,9	2.032.313,3	0,0	0,0	116
IG257 Marco de apoio ao acceso ao credito das pemes	2.409	118.963.823,0	7.640.435,0	118.963.823,0	29.710.956,0	101
2021	2.642	33.779.114,6	15.617.846,3	15.033.341,8	1.546.125,0	95
IG278 Cheques Dixitalizacion COVID-19	890	4.931.450,1	3.950.786,6	0,0	0,0	99
IG283 Axudas hostalaría terrazas/envasado	1.531	13.814.322,7	11.071.864,7	0,0	0,0	82
IG257 Marco de apoio ao acceso ao credito das pemes	104	6.184.500,0	595.195,0	6.184.500,0	1.546.125,0	131
IG282 Prestamos IFI COVID-19	117	8.848.841,8	0,0	8.848.841,8	0,0	156
2022	23	151.126,5	123.132,1	0,0	0,0	105
IG278 Cheques Dixitalizacion COVID-19	8	57.619,2	48.259,5	0,0	0,0	335
IG279 Reactiva Comercio seguro	1	333,3	333,3	0,0	0,0	814
IG281 Reactiva Servizos seguro	4	10.429,2	8.343,4	0,0	0,0	752
IG283 Axudas hostalaría terrazas/envasado	10	82.744,7	66.195,8	0,0	0,0	487

Fonte: Igape

7.2.2. Reunións mantidas coa Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos da Consellería de Facenda e Administración Pública da Xunta de Galicia e co Igape.

7.2.2.1. Os principais problemas detectados e a actuación do Igape

O problema fundamental ao comezo da Covid foi a liquidez empresarial. Por iso incidiuse nas políticas de financiamento dirixidas cara á carteira de préstamos das sociedades galegas. Inicialmente puxéronse en marcha unha serie de accións consistentes, entre outras, en novacións para o refinanciamento de débedas, préstamos avalados para axudas a pemes e autónomos, unha ampliación da condonación dos pagos de intereses e moratorias na devolución do principal nas cotas liquidables nos primeiros momentos da pandemia. Este conxunto de medidas funcionou moi ben, sendo elevado o número de sociedades que se adheriron a elas.

Para lograr unha maior inxección de liquidez, as pemes podían acudir á liña de financiamento do ICO, non exenta de dificultades pero, ademais, o Igape, en colaboración coas entidades financeiras e coas Sociedades de Garantía Recíproca (Sogarpo e Afigal) estableceu unha liña de préstamos que proporcionaban unha subvención ao tipo de interese e un reaval. Nos cadros anteriores apréciase como foi a medida de maior impacto en canto ao volume de investimento apoiado (case 119 millóns de euros en 2020, cifra que se reduciu a 6,2 millóns de 2021). Tamén se deseñaron liñas específicas con préstamos a un tipo de interese cero a sectores que en 2020 non tiñan a posibilidade de retornar á actividade durante algún tempo. É o caso, por exemplo, da venda ambulante (mercadillos). Iso encaixa coa liña de IFI extraordinario Covid-19, que no cadro 49 figura referido a 2021 xa que a liña se abriu a finais de 2020. Apoiáronse 117 proxectos cun investimento próximo aos 8,9 millóns de euros.

Sendo a política de préstamos e avais a que mobilizou o maior apoio ao investimento, o Igape tamén realizou no primeiro momento da pandemia unha serie de actuacións específicas para que, dentro das posibilidades de cada empresa, se puidera reestruturar a actividade produtiva para conseguir en Galicia a fabricación do equipamento tan necesario nese momento (equipos de protección individual, EPI, máscaras, etc.). Con este obxectivo atendéronse 47 solicitudes (maioritariamente do sector téxtil) con axudas totais a fondo perdido por unha contía de 2,5 millóns de euros para un investimento de 4,13 millóns de euros, a cal se podía financiar até un 80%.

Este apoio ao investimento empresarial motivado pola pandemia estendeuse a dous sectores específicos, comercio e turismo (máis en concreto a hostalaría e a restauración), debido á urxente necesidade de ter que realizar un gasto extraordinario para a adaptación dos locais de negocio ás esixencias sanitarias coa finalidade de evitar contaxios e para levar a cabo novas formas na distribución. Ou sexa, financiábase a instalación de tornos, mobiliarios, envases para venda a domicilio, etc. Inicialmente estas liñas dotáronse con 7 millóns de euros que posteriormente foron ampliados até alcanzar os 12 millóns.

A maiores, a Administración Xeral do Estado articulaba no conxunto do territorio e, por tanto, con incidencia en Galicia, as súas actuacións de urxencia para conseguir obxectivos similares.

Nos cadros 48 e 49 obsérvase que a segunda medida que cuantitativamente obtivo maiores resultados, tras o apoio ao acceso ao crédito das pemes, foron as axudas a proxectos de dixitalización para facer fronte á situación creada pola Covid-19. Así en 2020 para os denominados *cheques dixitalización* atendéronse 2.391 solicitudes, cifra que excede as 3.000

tras as presentadas en 2021. O programa dispuña dun orzamento que roldaba os 13 millóns de euros.

Estes últimos apoios dirixíanse á adquisición de equipos informáticos e outros equipamentos electrónicos, licenzas de software e os dispositivos de conectividade necesarios si se traballaba en zonas rurais. A casuística das categorías dixitais que poderían alcanzar unha subvención do 80% do investimento realizado era moi ampla e ía desde a conectividade e incorporación do teletraballo, até as notificacións a móbil ou os sistemas de xestión de menús e cartas na hostalaría, sistemas de control de presenza, control de aforamentos, control de estados sanitarios e de normas de calidade, etc. A contía máxima da axuda por empresa era de 9.600 euros por empresa.

O comentado até agora son as medidas extraordinarias adoptadas ante a pandemia en 2020, algunhas das cales perduraron en 2021. O caso dos préstamos IFI Covid, como se indicou, corresponden coas solicitudes de finais de 2020. En 2021, a medida excepcional de maior contía, ante a prolongación das restricións, dirixiuse ao sector da hostalaría, iniciándose o prazo de presentación de solicitudes en decembro de 2020. Habilitáronse liñas de subvención a fondo perdido de até un 80% do investimento para a reforma de espazos ante o incremento do uso das terrazas. A finalidade era a de “crear espazos seguros e atractivos de calidade e confort ao longo de todo o ano”. Tamén se facilitou a entrega de produtos a domicilio ou de recollida nos locais co apoio á compra de material envasado e embalaxes. Con este programa axudouse en 2021 a 1.531 establecementos cun investimento subvencionable de 13,8 millóns de euros. A efectividade desta medida pódese comprobar nos cambios que en toda Galicia experimentou o exterior dos locais de hostalaría.

Evidentemente, o Igape neste período de pandemia mantivo o conxunto de liñas programadas e vixentes en exercicios anteriores ao amparo do marco de financiamento comunitario para 2014-2020, período que en realidade pode prolongarse até o 31 de decembro de 2023.

Dunha forma moi simplificada, os resultados en euros relativos ao ano 2020 das diferentes liñas de axudas recóllense no cadro 50.

Cadro 50

Liña de axuda	Núm. solíc.	Investimento apoiado	Subvención concedida	Préstamo incentivable	Aval concedido
Totais	8.354	369.914.592,16	84.477.634,93	212.968.294,24	42.453.205,95
Subvención	5.778	157.055.686,58	72.649.998,01	17.760.307,67	0
GRANDES INVERSIÓNES EMPRESARIAIS	100	37.156.931,95	9.404.845,16	0	0
FINANCEIRO / FINANCIAMENTO SUBSIDIADO	184	23.641.597,92	1.028.888,82	17.760.307,67	0
MELLORA COMPETITIVA / PRODUCTIVIDADE	845	54.006.636,68	31.745.904,27	0	0
EMPRENDEDORES	49	5.074.992,50	1.553.778,28	0	0
INTERNACIONALIZACION	367	11.438.696,50	9.329.980,36	0	0
OUTRAS AXUDAS	4.233	25.736.831,03	19.586.601,12	0	0
Avais e préstamos	2.575	207.310.986,58	10.939.969,86	195.207.986,58	42.453.205,95
AVAIS E PRESTAMOS	2.575	207.310.986,58	10.939.969,86	195.207.986,58	42.453.205,95
Incentivos Económicos Rexionais	1	5.547.919,00	887.667,06	0	0
INCENTIVOS ECONOMICOS REXIONAIS	1	5.547.919,00	887.667,06	0	0

Fonte: Igape

A excepcionalidade na pandemia, en canto á disposición de fondos europeos, foi a creación dos fondos Next Generation EU, efectivos no período 2021-2024 pero que en realidade perdurarán até 2026. Foron deseñados para conseguir, sobre todo, os obxectivos do Mecanismo Europeo de Recuperación e Resiliencia (aprobado polo Parlamento Europeo ou 12 de febreiro de 2021)

para o que España presentou o seu Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, aprobado pola Comisión o 16 de xuño de 2021.

Neste contexto, a Xunta creou unha oficina especial a través do Igape para a tramitación destes fondos e presentou un conxunto de 354 proxectos de cooperación público-privada, por unha contía de 19.698 millóns de euros, susceptibles de conseguir este financiamento. Actualmente, a totalidade destes fondos está xestionada pola administración central aínda que o Igape asesora ao tecido produtivo sobre que tipo de proxectos encaixa mellor coas condicións de financiamento. A carteira existente de proxectos é elevada e o risco existente é que non se atope para moitos deles un acordo axeitado.

No Plan de Recuperación español deseñouse un Plan Industrial no que se definían 20 programas tractores e un conxunto de liñas de actuación para investimentos das pemes. Na articulación dos proxectos teñen unha especial relevancia os denominados Perte (Proxectos Estratéxicos para a Recuperación e Transformación Económica), actuacións de gran calado e cun especial arrastre. Os PErtes aprobados en España até finais de maio de 2022, un total de 11, son, por orde de aprobación, os seguintes: Perte para o desenvolvemento do vehículo eléctrico e conectado; Perte para a saúde de vangarda; Perte de enerxías renovables, hidróxeno renovable e almacenamento; Perte agroalimentario; Perte nova economía da lingua; Perte economía circular; Perte para a industria naval; Perte aeroespacial; Perte de dixitalización do ciclo da auga; Perte de microelectrónica e semicondutores; Perte de economía social e dos coidados.

No momento de redactar este Informe, a percepción xeral que se ten sobre os resultados dos Perte é dunha certa frustración, xa que o alcanzado até agora dista moito das expectativas anunciadas. A participación é moi baixa. Un exemplo claro é o Perte para o desenvolvemento do vehículo eléctrico e conectado. Dos 2.975 millóns de euros dispoñibles, apenas se concedeu inicialmente o 20% (ao redor dos 600 millóns) na adxudicación provisional que se ampliou ao 29,5% (877,2 millóns de euros) na adxudicación definitiva. Iso pon en perigo a execución dun proxecto estrela como é a construción dunha xigafactoría para a fabricación de baterías por parte de Volkswagen en Sagunto. A asignación de axudas públicas está liderada por Seat. No referente a Galicia, en canto ao apoio que recibe Stellantis para a súa factoría de Vigo, na adxudicación definitiva constátase a incorporación da proposta denominada Aries cunha subvención de 15,19 millóns de euros. Con esta proposta (Automoción Reciclable, Intelixente, Eléctrica e Sostible) se intentará aumentar á eficiencia e sustentabilidade da planta, implantar un taller de baterías e optimizar a produción de vehículos eléctricos. Trátase dun proxecto de mínimos. O principal problema son os prazos e o tempo de vixencia das axudas. Agárdase que o Ministerio de Industria lance unha nova convocatoria para poder encaixar plenamente o proxecto.

Unha crítica que se pode formular aos Perte é que o seu deseño non se corresponde coa realidade do tecido produtivo dende unha óptica territorial. Un caso especial é o da importante proposta da portuguesa Altri para desenvolver o seu proxecto na localidade de Palas de Rei na provincia de Lugo, actividade promocionada pola sociedade Impulsa Galicia e que corre o risco de non poder contar cos 800 millóns necesarios para a realización do investimento se non se conseguen modificar os límites das axudas e o seu destino.

A portuguesa Altri prevé construír unha fábrica de lyocell, un tipo de fibra sostible que se comercializará para fío, corte e confección. Este produto obteríase coa madeira dos eucaliptos galegos como materia prima principal e, tamén, en menor medida, con produtos da reciclaxe téxtil.

Precisamente, a sociedade Impulsa Galicia foi creada en 2021 pola administración autonómica, na que tamén participan Abanca, Reganosa e Sogama, coa finalidade, como xa se indicou anteriormente, de canalizar os investimentos que se poderían realizar cos fondos europeos de recuperación.

En canto as actuacións da administración autonómica, xestionadas a través do Igape, son moi relevantes as iniciativas empresariais prioritarias declaradas ata mediados de decembro de 2022 polo Consello da Xunta de Galicia. Trátase de proxectos que teñen que cumprir, como mínimo, dous dos seguintes requisitos: a) Investimento superior a un millón de euros, incluídos aqueles proxectos de xeración de renovables cuxo destino final sexa o abastecemento da industria galega. b) Que supoña unha creación de emprego mínimo de vinte e cinco postos de traballo directos. c) Instrumentos de mobilización, recuperación, posta en produción e aproveitamento sostible de terras agrarias e forestais, así como plans ou actuacións integrais de desenvolvemento rural. d) Que complementen cadeas de valor ou que pertencen a sectores considerados estratéxicos ou que se integren no financiamento do instrumento temporal de recuperación europea Next Generation EU.

Ata mediados de decembro de 2020 aprobáronse as 17 iniciativas seguintes: Cortizo (Padrón), Albo (Salvaterra de Miño), Oviganic (Monforte de Lemos), Sogama (Vilanova de Arousa), Ignacio González Montes (Ribeira), Bionerxías de Lugo e Sarreaus (Ourense), Novafriga (Lugo), Agroamb Prodalt (Castro de Rei), Hornos de Lamastelle (Carballo), Armonía Green Galicia (A Coruña), Cafés Candelas (Lugo), Bioenergía A Coruña (A Laracha), Valogreene Recinor (As Somozas), Green Umia (Caldas de Reis), Green Meiga (Begonte) e Naturgy Nuevas Energías (Cerceda). Son un indicativo de cara a onde se dirixe a industria galega tras a crise do Covid 19.

Os prazos e a escasa execución actual son un lastre moi forte para que as actuacións cofinanciadas cos fondos Next Generation EU alcancen os seus obxectivos. Ademais, podería haber PErtes novos cunha gran potencialidade como, por exemplo, é o caso da bioeconomía.

O outro instrumento nos fondos Next Generation EU, xunto co Mecanismo para a Recuperación e a Resiliencia, é o React-EU. Estaba dotado na súa totalidade con 50.600 millóns de euros cos que se pretende dar continuidade ás respostas iniciais adoptadas polos diferentes países ante a crise motivada pola pandemia. Desta contía de fondos, a asignación a España superaba os 12.400 millóns e a finais de 2020 fíxose un anuncio por parte da administración central sobre a repartición nas anualidades de 2021 e 2022 dos mesmos por comunidades autónomas. Estes fondos engádense ás axudas tradicionais dos Programas Operativos do Feder, FSE e ao Fondo de axuda para as persoas desfavorecidas (Fead). Así, en canto ao Programa operativo do Feder-Galicia, na anualidade de 2021 incluíanse 430 millóns adicionais procedentes de React-EU cuxo destino era o de prestar un maior apoio ao sistema de atención sanitaria, pero tamén ás pemeas galegas.

Doutra banda, en canto ás actuacións máis tradicionais do Igape, obsérvase que a pesar da pandemia e da situación creada pola guerra de Ucraína, segue habendo apetito investidor. Na liña de apoio ao investimento produtivo, Inviste, nótase un gran dinamismo tanto no que é investimento en equipamento como en intanxibles. A actual carteira de investimentos en Galicia é importante destacando, ademais da compra de bens de equipo, obsérvase os proxectos de transformación dixital e loxística. Esta nova demanda levou ao Igape a modificar o deseño das axudas mantidas nos últimos anos na liña da Industria 4.0.

Doutra banda, xa se comprobou noutro capítulo deste Informe que, tras os peores momentos da pandemia, o comercio externo galego mantivo o seu tradicional dinamismo, circunstancia

que tamén observa o Igape nos resultados das axudas á internacionalización. Apréciase un significativo incremento nas mesmas ante o feito evidente de que nunca houbo tantas empresas importadoras e exportadoras en Galicia como neste último exercicio.

En canto á distinción sobre os cambios permanentes e transitorios debido á pandemia, o fundamental para o Igape é que a transformación dixital veu para quedarse. Desde 2020 déronse pasos de xigante en Galicia. Doutra banda, tamén se aprecian cambios na xestión, sobre todo, na organización do traballo. Obsérvase un cambio de mentalidade nas persoas cunhas preferencias ou prioridades diferentes.

Tras a pandemia as pautas de consumo non parece que varíen moito. Agora o gran problema é a inflación, sobre todo a subxacente. Obsérvase unha concentración de stocks e un certo colapso nas cadeas loxísticas.

Sobre o conflito Rusia-Ucráina, ademais das consecuencias políticas para Europa, non se sabe de certo que ocorrerá co comercio de alimentos, materias primas ou produtos enerxéticos. Agora ben, a elevada inflación xa era previa á existencia da guerra e vén motivada por outros factores, talles como a política monetaria seguida até agora, así como o crecemento do consumo mundial tras a pandemia e as dificultades nos mercados de subministracións. Unha etapa de recesión case é inevitable, pero a situación dista moito da observada en 2008. A recuperación dependerá da evolución do conxunto de problemas aos que agora se enfronta o mundo e, na actualidade, o grao de incerteza é tan grande que case imposibilita prever a evolución que seguirá a economía mundial a partir de 2024.

7.2.3. As medidas excepcionais tomadas desde Gain ante a pandemia

Se o Igape é o instrumento básico da política de apoio ao sector produtivo da Xunta de Galicia, a Axencia Galega de Innovación (Gain) é o organismo que executa a política tecnolóxica da administración autonómica. Así, mentres o obxectivo do Igape, segundo o artigo 3 da Lei 5/1992, é o de “impulsar o desenvolvemento competitivo do sistema produtivo galego, promovendo actividades que contribúan á creación de emprego en Galicia e a un desenvolvemento económico harmónico, equilibrado e xusto, baseado nun tecido industrial moderno e competitivo”, a finalidade de Gain é a de fomentar e vertebrar as políticas de innovación nas administracións públicas galegas.

En 2020 Gain contaba cunhas liñas de axuda programadas previamente que se dirixían, por unha banda, ao apoio á investigación tanto de base como aplicada dirixida á captación de talentos, aos grupos de investigación das universidades galegas ou aos centros de coñecemento tanto públicos como privados e, pola outra, a facilitar a innovación tecnolóxica do tecido produtivo. Ante a pandemia, e sobre a marcha, deseñáronse un conxunto de actuacións tendentes a tentar axudar a resolver as novas situacións xurdidas coa crise sanitaria. Unha delas foi o apoio aos proxectos de investigación galegos que se presentaron á convocatoria do Instituto de Saúde Carlos III (ISCIII) e que aínda non recibiran o financiamento a pesar de ser avaliados favorablemente. Cunha segunda liña (Programa Connect-19) pretendeuse acelerar a comercialización de solucións innovadoras para reducir o impacto da pandemia. Nela atendéronse 20 proxectos cun gasto público de 600.000 euros. Unha terceira liña consistiu en involucrar a empresas tecnolóxicas, universidades e a innovadores nun “hackathon para atopar solucións aos problemas derivados da crise da Covid-19”. Das 23 ideas presentadas seleccionáronse 3 proxectos. Unha cuarta liña abriuse nada máis comezar a pandemia (do 20 ao

27 de marzo de 2020) para tentar transferir proxectos de innovación ao sistema de saúde, á industria, ao comercio ou ás forzas de seguridade. Presentáronse 160 propostas e seleccionáronse oito, seis de pemes e dúas das universidades.

Ademais en 2020, se proporcionaron axudas para poder participar nas diversas convocatorias abertas por outras entidades públicas ou privadas, se modificaron as condicións dos programas vixentes e se interromperon os prazos de presentación.

En 2021, xa con máis tempo para planificar as medidas necesarias para abordar a situación sanitaria, prestouse unha especial atención aos proxectos de I+D+i relacionados coa Covid e que contribuísen á transición dixital do sector produtivo galego. Para iso articulouse o programa Conecta Covid con fondos procedentes do Feder da parte que se engadiu para combater a situación creada (React-EU). A intensidade da axuda podía alcanzar até o 80% do investimento nas pemes e o orzamento até 2023 era de 4 millóns de euros. En 2021 apoiáronse 9 proxectos coa participación de múltiples entidades sociais.

Nos programas de 2022, o Gain presenta un amplo abano de axudas nun contexto no que se valora a I+D+i doutro xeito ao que se fixo na crise financeira de 2008, cando á hora de buscar onde se podía recortar o gasto público, a política tecnolóxica foi unha das principais candidatas. A investigación e a innovación parece que se mostraron como imprescindibles en situacións como as vividas a partir de marzo de 2020 e agora parece que lle comeza a outorgar a importancia que realmente ten.

Bibliografía

- Alberto Meixide (Director). A economía galega. Informe 2020-2021. Idega, Ieside e //AFundación. ISSN: 2171-8849. 2021.
- Ángel de la Fuente (Fedea e IAE), 2022. Compilación de las principales medidas económicas y sociales adoptadas en 2020-21 para paliar los efectos de la crisis. Boletín N°. 13 de seguimiento de los aspectos económicos de las crisis del covid. Estudios sobre la Economía Española 2022/01. Xaneiro de 2022.
- Ángel de la Fuente (Coordinador) Benito Arruñada, Miguel Ángel García Díaz, Marcel Jansen, Diego Rodríguez, Alfonso R. Sánchez, 2022. Seguimiento de la crisis del coronavirus y del Plan de Recuperación.. Boletín No. 14. Estudios sobre la Economía Española 2022/02. Xaneiro de 2022.
- Ardan Galicia. El Impacto de la pandemia sobre la economía gallega: Un Balance Provisional (2020-2021). 2021.
- EAPN (European Anti Poverty Network). El estado de la pobreza. Seguimiento de los indicadores de la Agenda UE 2030. 2022.
- Fundación Galicia Europa. Guía de Financiación Comunitaria, 2021-2027.
- Instituto Galego de Estatística. Enquisa estrutural a fogares. Módulo sobre o impacto provocado pola pandemia da COVID-19 na situación económica, no traballo e nas relacións familiares. 2022.
- Instituto Enerxético de Galicia. Balance Enerxético de Galicia 2020. Revisión de marzo de 2022.
- Juan C. Palomino, Juan G. Rodríguez and Raquel Sebastian. The COVID-19 shock on the labour market: Poverty and inequality effects across Spanish regions, INET Oxford Working Paper N° 6. 2021.
- M.G. Garcia, L. Hospido, C. Sanz. El impacto diferencial por sexos de la crisis del Covid-19 en el mercado de trabajo español, BDE, Boletín Económico, 3/2021.
- M. Izquierdo, S. Puente, A. Regil. Los ERTES en la crisis del Covid-19: un primer análisis de la reincorporación al empleo de los trabajadores afectados, BDE. 2021.
- Miguel Ángel Malo. El empleo en España durante la pandemia de la COVID-19,. Panorama Social, nº 33. 2021.
- Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación. Informe Económico 2020. Industria de Alimentación e Bebidas. Federación Española de Industrias de Alimentación y Bebidas (FIAB). 2021.
- Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación. Informe Económico 2021. Industria de Alimentación e Bebidas. Federación Española de Industrias de Alimentación y Bebidas (FIAB). 2022.
- Observatorio da Sociedade de Información e a Modernización de Galicia (Osimga) - Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega). O Impacto da pandemia provocada pola Covid-19 no sector TIC de Galicia. Xunta de Galicia (Presidencia) e Amtega. 2021.
- R. Blanco, M. García. La evolución de la solvencia y de la demografía empresarial en España desde el inicio de la pandemia. BDE, Boletín Económico 3/2022.
- Universidade de Santiago de Compostela e Unitec. Plan Estratéxico do Clúster Alimentario de Galicia (2021-2025). 2021.

URLs:

<https://www.ine.es/index.htm>
<https://www.ige.gal/web/index.jsp?paxina=001&idioma=gl>
<https://www.sepe.es/HomeSepe/>
<https://www.mites.gob.es/>
<https://www.inclusion.gob.es/web/guest/home>
<https://www.igape.gal/es/>
http://gain.xunta.gal/?locale=es_ES
<https://www.conselleriadeconomia.gal/es/areas-tematicas/planificacion-e-fondos/planificacion-e-fondos>
<https://datacomex.comercio.es/>
<https://comercio.gob.es/InversionesExteriores/Estadisticas/Paginas/datainvex.aspx>
<https://unctad.org/>
<https://www.osimga.gal/gl/informes/impacto-da-covid-no-sector-tic>
<https://clustersgalicia.com/>
<https://clustersgalicia.com/team/ceaga-3/>
<https://clustersgalicia.com/team/cma/>
<https://clustersgalicia.com/team/cluster-tic-galicia/>
<https://clustersgalicia.com/team/clag-2/>
<https://clustersgalicia.com/team/aclunaga/>
<https://fiab.es/producto/informe-economico-2021/>
<https://clustersgalicia.com/team/clusaga/>
<https://clustersgalicia.com/team/cointega/>
<https://clustersgalicia.com/team/cpgec/>
<https://clustersgalicia.com/team/salud/>
<https://clustersgalicia.com/team/turismo/>
<https://www.comerciogalicia.org/>
<https://asime.es/>
<https://www.inega.gal/?idioma=gl>
<https://www.abanca.com/rrii/observatorio/historico/>
<https://realtimeeconomics.caixabankresearch.com/#/home>
<https://www.zfv.es/ardan/index.html>